



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Memoria 2014





Elaboración e edición

Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, 2015

Coordinación

Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa.
Sección de Publicacións e Estatísticas

Revisión

Pepa Dabán Royo

Maquetación

Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2173-3228



Índice

	11	Presentación
CÁPITULO 1	12	Contorno e recursos
	13	1.1 Contorno
	13	1.1.1 Información demográfica
	17	1.1.2 Información socioeconómica
	24	1.2 Recursos
	24	1.2.1 Estrutura orgánica
	28	1.2.2 Recursos humanos
	29	1.2.3 Recursos económicos
	31	1.2.4 Rede de centros
	37	1.3 Normativa
	38	1.4 Publicacións e estatísticas
	38	1.4.1 Área de Publicacións
	42	1.4.2 Área de Estatísticas
	44	1.5 Autorización e inspección de servizos sociais
	44	1.5.1 Área de rexistro e autorización
	46	1.5.2 Área de inspección
	49	1.6 Igualdade laboral
CÁPITULO 2	54	Traballo e economía social
	55	2.1 Relacións laborais
	55	2.1.1 Actuacións relativas á xestión administrativa
	70	2.1.2 Liñas de axudas e subvencións.
	72	2.1.3 Actuacións no eido das relación laborais.
	73	2.1.4 Actuacións no eido da RSE
	78	2.1.5 Seguridade e saúde laboral

100	2.2 Cooperativas e economía social
100	2.2.1 Actuacións relativas á xestión administrativa
104	2.2.2 Liña de axudas e subvencións
107	2.2.3 Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social
109	2.2.4. Outras actuacións encamiñadas á promoción e divulgación
110	2.2.5 Consello Galego de Cooperativas
113	2.3 Promoción do emprego
113	2.3.1 Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral
116	2.3.2 Apoio ao emprendemento, ao autoemprego e ao traballo autónomo
118	2.3.3 Integración laboral das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social
121	2.3.4 Fomento do asociacionismo
CÁPITULO 3	Emprego e formación
122	3.1 Programas de cooperación
123	3.1.1 Programas de promoción do desenvolvemento local
124	3.2 Programas mixtos de formación e emprego
126	3.2.1 Obradorios de emprego
128	3.3 Colocación: o Servizo Público de Emprego
137	3.3.1 Programas
147	3.4 Formación para o emprego
148	3.4.1 Cursos de AFD de programación ordinaria.
150	3.4.2 Cursos de AFD de programación de convenios de colaboración 2014
152	3.4.3 Cursos de AFD de programación con compromiso de contratación 2014
152	3.4.4 Programación en centros propios
153	3.4.5 Contrato de formación e aprendizaxe
154	3.4.6 Iniciativa privada

Índice

	155	3.4.7 Persoas desempregadas menores de 30 anos
	156	3.4.8 Prácticas non laborais en empresas
	156	3.4.9 Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas
	158	3.4.10 Inscripción/Acreditación de centros.
	158	3.4.11 Seguimento e control dos cursos
	159	3.4.12 Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego
	159	3.4.13 O informe de inserción laboral dos cursos
	160	3.5 Instituto Galego das Cualificacións
	160	3.5.1 Área de observación do mercado laboral
	165	3.5.2 Área de cualificacións profesionais
	165	3.5.3. Área de formación profesional
	157	3.5.4. Área de acreditación de competencias
	170	3.5.5 Área de profesións e actividades reguladas
	170	3.5.6 Área informática
	171	3.5.7 Actividades formativas e informativas
	172	3.6 Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)
	175	3.7 Fundación Galega de Formación para o Traballo (FGFT)
CÁPITULO 4	179	Política social
	179	4.1 Dependencia
	179	4.1.1 Descrición da área de actuación
	183	4.1.2 Proxectos normativos
	185	4.1.3 Implementación do sistema de información
	186	4.1.4 Implementación de instrumentos de xestión da calidade
	186	4.1.5 Planificación
	186	4.1.6 Balance de xestión
	188	4.1.7 Programa de formación non formal e de apoio ao/á coidador/a non profesional
	190	4.2 Recursos residenciais e de atención diúrna
	190	4.2.1 Recursos comúns e de atención ao alzhéimer

	194	4.2.2 Recursos especializados para a discapacidade
	197	4.2.3 Proxectos normativos e estudos
	200	4.3 Programas, axudas e subvencións
	200	4.3.1 Programas de ocio e tempo libre
	202	4.3.2 Programas de apoio a familias con persoas maiores persoas con discapacidade e/ ou en situación de dependencia
	208	4.3.3 Outros programas
	209	4.4 Liñas de colaboración
	209	4.4.1 Convenios na área de maiores
	214	4.4.2 Convenios na área de persoas con discapacidade
	221	4.4.3 Participación e representación
	224	4.5 Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)
	226	4.6 Actividades formativas e informativas
	226	4.6.1 Actividades formativas
	227	4.6.2 Actividades informativas
	227	4.6.3 Información ao cidadán
CÁPITULO 5	230	Familia e inclusión
	230	5.1 Familia
	232	5.1.1 Rede Galega de Escolas Infantís 0-3
	241	5.1.2 Programas e servizos
	255	5.1.3 Residencias de tempo libre
	255	5.1.4 Proxectos
	258	5.2 Menores
	259	5.2.1 Atención a menores en situación de desprotección social
	271	5.2.2 Xustiza Penal Xuvenil
	276	5.3 Inclusión, inmigración e acción social
	276	5.3.1 Prestacións

Índice

	280	5.3.2 Inclusión social e acción social
	287	5.3.3 Inmigración
	290	5.4 Servizos sociais e xestión económica
	290	5.4.1 Coordinación de servizos sociais comunitarios
	296	5.4.2 Rede galega de centros sociocomunitarios de benestar
	297	5.4.3. Accións en materia de desafiuzamentos
CÁPITULO 6	300	Xuventude e voluntariado
	304	6.1 Programas e actuacións no ámbito da xuventude
	304	6.1.1 Plan de formación
	305	6.1.2 Tipos de carnés
	306	6.1.3 Actividades programadas
	311	6.1.4 Emancipación xuvenil
	314	6.1.5 Difusión cultural
	316	6.1.6 Programas europeos
	324	6.1.7 Programas de mobilidade
	325	6.1.8 Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
	329	6.1.9 Ordes de subvencións no ámbito da xuventude
	331	6.2 Voluntariado e participación
	331	6.2.1 Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria
	331	6.2.2 Subvencións no ámbito do voluntariado (voluntariado xuvenil)
	332	6.2.3 O Pasaporte solidario do voluntario
	333	6.2.4 Portal do Voluntariado
	334	6.2.5 Caixón solidario
	334	6.2.6 Programas de voluntariado 2014





PRESENTACIÓN

Un ano máis, presentamos a memoria institucional da Consellería de Traballo e Benestar co fin de dar a coñecer as principais liñas de actuación, proxectos e iniciativas desenvolvidas por este departamento ao longo de 2014.

Dando continuidade ao compromiso de transparencia do actual Goberno galego, desexamos compartir con toda a sociedade a nosa xestión, centrada no benestar das persoas. Con esta premisa, os esforzos da Consellería orientáronse en dúas direccións: garantir a maior calidade de vida posible aos galegos e galegas, con especial atención a aqueles máis vulnerables, e crear novas oportunidades laborais para todas as persoas en situación de desemprego.

A memoria que teñen agora nas súas mans, dividida en seis capítulos, fai un percorrido detallado polas actuacións levadas adiante en 2014 en cada unha das grandes áreas da consellería.

No ámbito laboral, os esforzos centráronse na aposta por unha formación de calidade para mellorar as oportunidades de acceso ao mercado laboral e o apoio ao emprendemento e ao traballo autónomo, facendo fincapé nas medidas dirixidas aos mozos e mozas a través do Plan de emprego xuvenil.

No tocante á área de benestar, as actuacións máis salientables orientáronse ao eido da inclusión, coa aprobación da nova Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, a protección á infancia e a conciliación familiar e laboral dentro dos esforzos realizados tamén para impulsar a natalidade. De feito, a revitalización demográfica de Galicia é un dos maiores retos a que nos enfrontamos como sociedade a medio prazo.

Pero a memoria que agora lles presento non só constitúe un exercicio de transparencia e responsabilidade pública, senón tamén unha radiografía da situación dos servizos sociais e do emprego na Comunidade, unha área que, por primeira vez en anos, amosa indicadores positivos.

Evidentemente, non nos conformamos con iso. O compromiso do equipo humano que compón esta consellería é o de seguir mellorando todos os indicadores incluídos no presente documento. Por iso, ademais de deixar constancia do traballo realizado en 2014, tamén supón un punto de partida para seguir traballando, no presente e no futuro, a prol do benestar da sociedade galega.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

01

Contorno e recursos


1.1 CONTORNO

1.1.1 Información demográfica

Segundo o *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2014* do Instituto Nacional de Estadística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.748.695, coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.132.735 habitantes; Lugo, 342.748; Ourense, 322.293; e Pontevedra, 950.919. As cidades con máis poboación son Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ferrol.

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	544.075	588.660	1.132.735
Lugo	166.325	176.423	342.748
Ourense	155.090	167.203	322.293
Pontevedra	460.167	490.752	950.919
Galicia	1.325.657	1.423.038	2.748.695
España	22.985.676	23.785.665	46.771.341

Fonte: *Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014* do INE



O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos respectivos concellos e da súa actualización obtense a revisión do Padrón municipal con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano

Cidades con máis poboación a 1 de xaneiro de 2014

	Homes	Mulleres	Total
Vigo	140.326	154.671	294.997
A Coruña	113.616	131.194	244.810
Ourense	48.972	57.933	106.905
Lugo	45.948	52.612	98.560
Santiago de Compostela	44.486	51.314	95.800
Pontevedra	39.345	43.601	82.946
Ferrol	33.124	37.265	70.389

Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2014


España	46.771.341	
Andalucía	8.402.305	17,96%
Aragón	1.325.385	2,83%
Principado de Asturias	1.061.756	2,27%
Illas Baleares	1.103.442	2,36%
Canarias	2.104.815	4,50%
Cantabria	588.656	1,26%
Castela e León	2.494.790	5,33%
Castela - A Mancha	2.078.611	4,44%
Cataluña	7.518.903	16,08%
Comunidade Valenciana	5.004.844	10,70%
Extremadura	1.099.632	2,35%
Galicia	2.748.695	5,88%
Comunidade de Madrid	6.454.440	13,80%
Rexión de Murcia	1.466.818	3,14%
Comunidade Foral de Navarra	640.790	1,37%
País Vasco	2.188.985	4,68%
A Rioxa	319.002	0,68%
Ceuta	84.963	0,18%
Melilla	84.509	0,18%

A poboación por grupos de idade


En Galicia e España a distribución por tramos de idade da poboación residente é a seguinte:

	Total	0-15	16-64	> 64
A Coruña	1.132.735	145.227	727.962	259.546
Lugo	342.748	35.779	209.791	97.178
Ourense	322.293	33.528	192.232	96.533
Pontevedra	950.919	133.166	622.965	194.788
Galicia	2.748.695	347.700	1.752.950	648.045
España	46.771.341	7.473.995	30.854.919	8.442.427

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014 do INE



Pirámide de poboación galega 1996-2001-2014



Evolución da poboación


A poboación de Galicia diminuíu un 0,08% en 2014 con respecto ao Padrón de 2004 e a participación no total nacional diminuíu en 0,49 puntos (5,88% en 2014). Ademais, nas provincias de Lugo e Ourense producíronse perdas de poboación do 4,38% e o 5,28% respectivamente con respecto ao padrón de 2004.

A evolución da poboación de Galicia dende 2004 é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2004	1.324.987	1.425.998	2.750.985
2005	1.330.703	1.431.495	2.762.198
2006	1.333.797	1.433.727	2.767.524
2007	1.337.159	1.435.374	2.772.533
2008	1.344.268	1.439.901	2.784.169
2009	1.349.603	1.446.489	2.796.089
2010	1.350.547	1.447.106	2.797.653
2011	1.349.591	1.445.831	2.795.422

2012	1.343.328	1.438.170	2.781.498
2013	1.335.122	1.430.818	2.765.940
2014	1.325.657	1.423.038	2.748.695

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014 do INE




Envellecemento da poboación

Galicia é, sen dúbida, unha comunidade moi envellecida, que presenta unha proporción de maiores de 65 anos do 23,58% (a española, sendo das máis vellas do mundo, sitúase no 18,05%). As provincias de Lugo e Ourense presentan unha situación preocupante, con taxas do 28,35% e 29,95% respectivamente.

	Total	> 64		
		Homes	Mulleres	Total > 64
A Coruña	1.132.735	108.857	150.689	259.546
Lugo	342.748	41.833	55.345	97.178
Ourense	322.293	41.436	55.097	96.533
Pontevedra	950.919	80.876	113.912	194.788
Galicia	2.748.695	273.002	375.043	648.045
España	46.771.341	3.613.455	4.828.972	8.442.427


Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014 do INE



Estas porcentaxes foron en aumento ao longo dos anos, así, desde 2004 a evolución en Galicia e en España é a seguinte:

Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2004	7.301.009	16,90%	586.458	21,32%
2005	7.332.267	16,62%	587.137	21,26%
2006	7.484.392	16,74%	594.496	21,48%
2007	7.531.826	16,66%	598.283	21,58%
2008	7.632.925	16,54%	602.862	21,65%
2009	7.782.904	16,65%	611.821	21,88%
2010	7.931.164	16,87%	619.708	22,15%
2011	8.093.557	17,15%	629.477	22,52%
2012	8.222.196	17,40%	635.879	22,86%
2013	8.335.861	17,69%	640.263	23,15%
2014	8.442.427	18,05%	648.045	23,58%

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014 do INE



Proxeccións de poboación 2014-2029

Segundo as proxeccións de poboación, 2014-2029 do INE, a poboación maior de 65 anos en Galicia superará as 750 mil persoas no ano 2029, cun crecemento global do 19%.

Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2014	8.442.887	18,15%	646.872	23,55%
2015	8.589.038	18,50%	654.154	23,92%

2016	8.711.627	18,79%	659.624	24,23%
2017	8.839.906	19,09%	663.839	24,50%
2018	8.995.930	19,46%	670.521	24,87%
2019	9.149.324	19,82%	676.869	25,23%
2020	9.298.024	20,17%	683.167	25,59%
2021	9.466.481	20,56%	689.709	25,97%
2022	9.647.006	20,99%	697.677	26,42%
2023	9.861.695	21,49%	706.411	26,89%
2024	10.086.667	22,01%	715.762	27,40%
2025	10.320.729	22,55%	725.569	27,93%
2026	10.567.129	23,13%	736.426	28,51%
2027	10.807.724	23,69%	746.659	29,07%
2028	11.058.249	24,28%	756.644	29,62%
2029	11.325.807	24,90%	766.845	30,19%

Fonte: Proxeccións de poboación a curto prazo, 2013-2023 do INE

Dispersión da poboación

Entre as peculiaridades que caracterizan a nosa comunidade autónoma destaca a desigualdade na densidade de poboación, que é de 92'94 habitantes/km² de media. Esta concéntrase principalmente na costa e, especialmente, ao longo do eixo A Coruña-Santiago-Vigo.

Outra das peculiaridades que caracterizan a nosa comunidade autónoma é o elevado número de entidades singulares de poboación situadas no seu territorio cun total de 30.212 en 2014 (61.688 en España). Consecuencia directa desta atomización é a baixa densidade de poboación por núcleo poboacional, que na comunidade autónoma galega supón unha media de 91,0 habitantes. O total nacional é de 758,2 habitantes.

A esta dispersión únese unha orografía que dificulta o acceso e as comunicacións e que, polo tanto, incide na ordenación, planificación e desenvolvemento das políticas sociais dun xeito moi importante.

Poboación estranxeira

Segundo o *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2014* do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas estranxeiras empadroadas en Galicia é de 98.245 (un **68,27%** de incremento con respecto aos **58.387** empadroados en 2004 e un decremento de **-10,66%** con respecto aos **109.962** empadroados en 2013) o que representa unha porcentaxe do 3,57%, a segunda máis baixa do Estado.

Poboación estranxeira a 1 de xaneiro de 2014

España	5.023.487	10,74%
Andalucía	661.520	7,87%
Aragón	149.231	11,26%
Principado de Asturias	45.124	4,25%
Illas Baleares	203.112	18,41%
Canarias	267.138	12,69%
Cantabria	34.762	5,91%
Castela e León	146.818	5,88%
Castela - A Mancha	196.033	9,43%
Cataluña	1.089.214	14,49%
Comunidade Valenciana	739.630	14,78%
Estremadura	37.716	3,43%
Galicia	98.245	3,57%
A Coruña	35.259	3,11%
Lugo	13.604	3,97%
Ourense	14.586	4,53%
Pontevedra	34.796	3,66%
Comunidade de Madrid	879.953	13,63%
Rexión de Murcia	215.869	14,72%
Comunidade Foral de Navarra	59.550	9,29%
País Vasco	141.316	6,46%
A Rioxa	40.018	12,54%
Ceuta	5.536	6,52%
Melilla	12.702	15,03%

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2014 do INE

1.1.2 Información socioeconómica

Enquisa de poboación activa (EPA)

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é de 65.000 familias ao trimestre, quedando reducida na práctica a aproximadamente 60.000 familias entrevistadas de xeito efectivo que equivalen a unhas 180.000 persoas.

A metodoloxía da enquisa modificouse no primeiro trimestre de 2005 por varias causas: a necesidade de adecuarse á nova realidade demográfica e laboral do noso país, debida especialmente ao aumento do número de estranxeiros residentes; a incorporación da nova normativa europea seguindo as normas da Oficina Estatística da Unión Europea (EUROSTAT); e por último, a introdución de melloras no método de recollida.

A base poboacional utilizada a partir do primeiro trimestre de 2005 (base poboacional censo 2001) é a mesma coa que se calculou a serie 1996-2004 (revisada o 30 de marzo de 2005), existindo, polo tanto, continuidade na serie.

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	975,9	532,2	434,3	98,0
Lugo	299,8	151,1	126,6	24,5
Ourense	280,8	135,2	107,4	27,8
Pontevedra	808,0	445,7	332,2	113,5
Galicia	2.364,5	1.264,3	1.000,4	263,8
España	38.523,4	23.026,8	17.569,1	5.457,7

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE

Termos empregados:

Activos = ocupados + parados

Ocupados: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia traballaron a cambio dunha retribución, ou tendo traballado estiveron ausentes temporalmente del por enfermidade, vacacións, etc.


Parados: persoas de 16 ou máis anos que na semana de referencia non tiñan traballo, estaban dispoñibles para traballar e buscaban activamente un emprego.

Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 4º trimestre 2014 con respecto á EPA 4º trimestre 2013 (miles de persoas).

	Total	Activos	Ocupados	Parados
Ambos os dous sexos				
2014T4	2.364,50	1.264,30	1.000,40	263,8
2013T4	2.377,20	1.283,50	1.002,60	280,9
Homes				
2014T4	1.132,10	663,7	525,7	138
2013T4	1.138,50	675,6	523,6	152
Mulleres				
2014T4	1.232,40	600,6	474,7	125,9
2013T4	1.238,80	608	479	128,9

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE



Actividade

A poboación activa en Galicia sitúase no IV trimestre de 2014 en 1.264,3 miles de persoas, o que representa unha taxa xeral de actividade do 53,5%.

A evolución ascendente asóciase ao crecemento experimentado polo colectivo de mulleres activas, cun incremento do 7,73% dende 2004.

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2004	710,3	557,5	1.267,7
2005	693,8	557,8	1.251,7
2006	701,4	570,7	1.272,1
2007	720,8	571,6	1.292,4
2008	722,8	601,2	1.324,1
2009	709,5	600,3	1.309,8
2010	701,2	598,8	1.300,1
2011	700,7	619,4	1.320,2
2012	693,9	616,9	1.310,7
2013	675,6	608	1.283,5
2014	663,7	600,6	1.264,3

En miles de persoas


Poboación ocupada en Galicia

A poboación ocupada en Galicia, segundo a EPA do IV trimestre de 2014 é de 1.000,4 miles de persoas, o que representa unha taxa xeral de emprego (porcentaxe de ocupados respecto á poboación total do 42,31% (46,44% homes e do 38,52% en mulleres), cun incremento de mulleres ocupadas do 2,37% dende 2004.


Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2004	645,9	463,7	1.109,6
2005	648,9	488,4	1.137,3
2006	664,2	507,6	1.171,8
2007	679,7	516,3	1.196,0
2008	659,5	536,8	1.196,4
2009	625,8	516,4	1.142,2
2010	594,8	502,2	1.097,0
2011	577,8	502,6	1.080,4
2012	545,6	488,2	1.033,8
2013	523,6	479	1.002,6
2014	525,7	474,7	1.000,4

En miles de persoas

Evolución da poboación activa
Galicia 2004-2014



Evolución da poboación ocupada
Galicia 2004-2014




Poboación ocupada por sectores económicos

En canto á poboación ocupada por sectores, a distribución nacional, galega e por provincias reflíctese nos seguintes cadros.

	Agricultura	Industria	Construcción	Servizos	Total
A Coruña	22,3	56,1	30,5	325,4	434,3
Lugo	18,7	13,0	7,4	87,5	126,6
Ourense	5,1	19,5	8,2	74,6	107,4
Pontevedra	17,3	66,8	21,5	226,6	332,2
Galicia	63,3	155,4	67,6	714,1	1.000,4
España	728,9	2.438,8	1.030,4	13.371,0	17.569,1

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE/IGE

Poboación ocupada por sectores económicos Galicia-España



Taxas de emprego

En canto ás taxas de emprego por sexo, a distribución nacional, galega e por provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	48,7	40,7	44,5
Lugo	46,6	38,2	42,2
Ourense	40,4	36,3	38,2
Pontevedra	45,8	36,8	41,1
Galicia	46,4	38,5	42,3
España	50,9	40,6	45,6


Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE/IGE

Taxas de emprego por idade

A distribución das taxas de paro por tramos de idade en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	2,8	4,8
De 20 a 24 anos	24,4	29,2
De 25 a 54 anos	68,2	68,3
De 55 e máis anos	17,3	19,0
Total	42,3	45,6

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE/IGE



Poboación parada en Galicia


A poboación parada en Galicia, segundo a Enquisa de poboación activa do 4º trimestre de 2014 do INE, é de 263,8 miles de persoas, o que representa unha taxa do 21,28%.

A evolución da poboación parada por sexos é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2004	64,4	93,8	158,1
2005	44,9	69,5	114,4
2006	37,2	63,1	100,3
2007	41,1	55,3	96,4
2008	63,3	64,4	127,7
2009	83,7	84	167,6
2010	106,4	96,6	203,0
2011	123	116,8	239,8
2012	148,2	128,7	276,9
2013	152	128,9	280,9
2014	138	125,9	263,8

En miles de persoas

**Evolución da poboación parada
Galicia 2004-2014**



A distribución da poboación parada por sexos é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	52,4	45,6	98,0
Lugo	12,0	12,6	24,5
Ourense	14,8	13,0	27,8
Pontevedra	58,8	54,7	113,5
Galicia	138,0	125,9	263,8
España	2.823,7	2.634,0	5.457,7

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE-IGE


Poboación parada por idade

A poboación parada por idade, a distribución por tramos de idade en miles de persoas en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	5,2	168,2
De 20 a 24 anos	26,2	645,5
De 25 a 34 anos	70,8	1.380,5
De 35 a 44 anos	74,2	1.445,8
De 45 a 54 anos	59,3	1.203,7
De 55 y más anos	28,2	614,0
Total	263,8	5.457,7

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE-IGE

Porcentaxes da poboación parada por tramos de idade




Taxas de paro

En Galicia hai 263,8 mil parados, o que representa unha taxa de paro de 20,87 cunha taxa do 20,79 para os homes e 20,96 para mulleres. As taxas de paro por provincias son as seguintes:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	18,80	18,00	18,40
Lugo	15,10	17,50	16,20
Ourense	21,40	19,70	20,60
Pontevedra	24,90	26,10	25,50
Galicia	20,79	20,96	20,87
España	22,80	24,74	23,70

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE-IGE

Taxas de poboación parada 2014






Taxas de paro por idade

A distribución das taxas de paro por tramos de idade en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	69,24	67,28
De 20 a 24 anos	47,39	48,88
De 25 a 54 anos	20,38	22,10
De 55 e máis anos	14,15	19,07
Total	20,87	23,70

Fonte: EPA 4º trimestre 2014 do INE

taxas de paro por tramos de idade



Seguridade Social



Que é o Sistema da Seguridade Social?

O Sistema da Seguridade Social é un conxunto de réximes a través dos cales o Estado garante ás persoas comprendidas no seu campo de aplicación, por realizar unha actividade profesional, ou por cumprir os requisitos esixidos na modalidade non contributiva, así como aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección adecuada nas contingencias e situacións que a lei define.

Poboación afiliada por comunidades autónomas. Decembro de 2013

España	16.651.884	100,00%
Andalucía	2.739.133	16,45%
Aragón	502.200	3,02%
Principado de Asturias	342.064	2,05%
Illas Baleares	354.702	2,13%
Canarias	691.727	4,15%
Cantabria	195.226	1,17%
Castela e León	841.796	5,06%
Castela - A Mancha	605.181	3,63%
Cataluña	2.944.870	17,68%
Comunidade Valenciana	1.629.591	9,79%
Estremadura	359.843	2,16%
Galicia	915.656	5,50%
Comunidade de Madrid	2.749.942	16,51%
Rexión de Murcia	492.554	2,96%
Comunidade Foral de Navarra	249.211	1,50%
País Vasco	881.577	5,29%
A Rioxa	115.175	0,69%
Ceuta	20.716	0,12%
Melilla	20.720	0,12%

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

O Sistema de Seguridade Social está composto polo réxime xeral e réximes especiais. Dentro do réxime xeral tamén se inclúen os sistemas especiais, entre outros, agrario e de empregados do fogar.


Os réximes especiais son o réxime especial de traballadores autónomos, o réxime especial de minaría do carbón e o Réxime especial de traballadores do mar.

En Galicia e España, o número de traballadores afiliados á Seguridade Social, segundo réximes, en decembro de 2014 foi o seguinte:

	Galicia	España
Réxime Xeral		
R. xeral ⁽¹⁾	644.987	12.262.304
S. especial agrario	4.377	772.846
S. especial empregados fogar	27.533	428.905
Réximes especiais		
R. especial de autónomos	217.576	3.126.593
R. especial do mar	21.183	57.236
R. especial da minaría do carbón	0	4.000
Total	915.656	16.651.884

⁽¹⁾ Incluídos no r.xeral os datos de cuidadores non profesionais, excluídos datos dos sistemas especiais agrario e de empregados do fogar

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social



Pensionistas

Pensións contributivas

Son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, cuxa concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos.

- ▶ Dentro da acción protectora do réxime xeral e dos réximes especiais da Seguridade Social, coas excepcións que, en cada caso e para cada modalidade, se indican no respectivo réxime especial, inclúense as pensións seguintes:
 - Por xubilación.
 - Por incapacidade permanente: total, absoluta e grande invalidez.
 - Por falecemento: viuvez, orfandade e en favor de familiares.
- ▶ Dentro da acción protectora do seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI), inclúense as pensións de: velez, invalidez e viuvez.

Pensións non contributivas

Son prestacións económicas que se recoñecen a aqueles cidadáns que, atopándose en situación de necesidade protexible, carezan de recursos suficientes para a súa subsistencia nos termos legalmente establecidos, aínda cando non cotizasen nunca ou o tempo suficiente para alcanzar as prestacións do nivel contributivo. Dentro desta modalidade, atópanse as pensións de invalidez e xubilación.

Destas prestacións dáse conta no apartado 5.2 do capítulo 5 Familia e Inclusión.

Pensións en vigor a 1 de xaneiro de 2015

Total sistema

	Número	P.media
España	9.282.732	879,52
Andalucía	1.483.256	795,34
Aragón	294.289	919,65
Principado de Asturias	300.703	1.039,22
Illas Baleares	180.200	808,40
Canarias	288.554	817,34
Cantabria	136.151	919,02
Castela e León	603.703	861,45
Castela - A Mancha	360.298	816,15
Cataluña	1.665.407	910,31
Comunidade Valenciana	945.742	810,38
Extremadura	218.255	737,98
Galicia	750.817	741,49
Comunidade de Madrid	1.076.695	1.040,76
Rexión de Murcia	238.571	775,02
Comunidade Foral de Navarra	128.830	1.003,09
País Vasco	528.518	1.088,29
A Rioxa	66.993	849,62
Ceuta	8.151	903,72
Melilla	7.599	830,30

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

A distribución por clases e a seguinte:

	Galicia		España	
	Número	P.media	Número	P.media
Incapacidade permanente	68.543	812,00	928.967	920,85
Xubilación	465.392	838,75	5.621.781	1.011,28
Viuvez	187.287	530,42	2.356.966	627,82
Orfandade	23.743	363,63	336.331	368,87
Favor de familiares	5.852	469,04	38.687	513,17
Total pensións	750.817	741,49	9.282.732	879,52

1.2 RECURSOS

1.2.1 Estrutura orgánica

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Administración autonómica ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laborais e do benestar. Engloban, xa que logo, as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación, así como as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia; tamén atende as políticas de xuventude e voluntariado, na forma establecida no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 46 do 06.03.2013) e nos decretos que a modifican: Decreto 32/2014, do 6 de marzo (DOG nº 52, do 17.03.2014) e Decreto 128/2014, do 25 de setembro (DOG nº 194 do 10.10.2014).

O Decreto 32/2014, do 6 de marzo afecta as funcións da Secretaría Xeral Técnica coa creación dun novo órgano directivo co rango de subdirección xeral e o Decreto 128/2014, do 25 de setembro afecta a atribución de

competencias na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e na Secretaría Xeral de Política social co obxecto de conseguir unha xestión administrativa máis áxil e eficaz dos asuntos que teñen atribuídos.


Tamén neste ano 2014 publicáronse disposicións normativas que afectan a estrutura da Consellería. Estas disposicións son: Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos (DOG nº 66, do 04.04.2014 modificado polo Decreto 140/2014, do 23 de outubro do DOG nº 217 do 12.11.2014), Orde do 26 de xuño de 2014 pola que se ditan actos dirixidos á constitución e posta en funcionamento da Axencia Galega de Servizos Sociais (DOG nº 121, do 27.06.2014) e a Resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se publica a data de posta en funcionamento desta axencia (DOG nº 247, do 26.12.2014).

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, no seu artigo 2 establece que para o exercicio das súas funcións, a Consellería de Traballo e Benestar se estrutura nos seguintes órganos: O/a Conselleiro/a, Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Traballo e Economía social, Dirección Xeral de Emprego e Formación, Secretaría Xeral de Política Social, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e xefaturas territoriais. No seu art. 3 establece que quedan adscritos a esta consellería: O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio.



► O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Lboaral

Correspóndelle ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro (DOG nº 221 do 15.11.2007), a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral de Relacións Laborais neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.




► O Consello Galego de Relacións Laborais

O Consello Galego de Relacións Laborais foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, como un órgano de diálogo institucional entre os axentes sociais galegos, así como un órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia en materias relativas á súa política laboral.

A nova Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais (DOG nº 112, do 11.06.2008) dota o Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

A regulación do organismo complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 112, do 13.11.2008), pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.



► Axencia Galega de Servizos Sociais

A Axencia Galega de Servizos Sociais, como entidade instrumental de dereito público, asume as competencias en materia de servizos sociais e está dotada de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión.

► Outros órganos

Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería os órganos colexiados en que así o determine a súa normativa reguladora:

Consello Galego de Cooperativas

O Consello Galego de Cooperativas é o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndose, ademais, como órgano consultivo e asesor das administracións públicas galegas naqueles temas que afecten o cooperativismo.

É un órgano colexiado no que participan as diferentes administracións, institucións e organizacións cooperativistas, interesadas, no fomento global do cooperativismo. Converteuse nun nexo de unión entre as propias cooperativas e os organismos públicos, logrando, deste xeito, unha comunicación permanente e fluída entre ambas as dúas partes.

A súa actividade rexeráse polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas (DOG nº27 do 07.02.2001).

<http://www.cooperativasdegalicia.com/>



Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas - FUNGA

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas é unha entidade pública constituída pola Xunta de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e co seu patrimonio afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se conteñen no artigo 6 dos seus estatutos. Ten carácter permanente, duración indefinida e o seu ámbito territorial principal de actuación é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

<http://www.funga.org/index.php/es>



Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia, 272 concellos galegos e 4 mancomunidades, é a fórmula xurídica escollida para unha xestión moderna e innovadora dos servizos sociais.

Acordo fundacional: Resolución do 4 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral e de Relacións Insitucionais, pola que se lle dá publicidade ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos de Portas, Taboadela, Vilamarín, Boimorto, Carnota, As Neves, Outes, Xove, Cerdedo, Allariz, A Illa de Arousa, Laza, Ribadeo e Carballeda de Avia, para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. (DOG nº 131 do 7.07.2006).



Fundación Galega da Formación para o Traballo

A Fundación Galega da Formación para o Traballo, fundación do sector público de Galicia, de carácter tripartito e paritario sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia é o instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores e traballadoras mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores e traballadoras os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades das empresas.



1.2.2 Recursos humanos




Para a xestión das competencias en 2014, a consellería contou con 5.079 postos; 1.090 na Área de traballo (21,46%) e 3.989 na Área de benestar (78,54%). A distribución por área territorial é a seguinte:

	Total	Área de traballo	Área de benestar
A Coruña	1.633	311	1.322
Lugo	828	150	678
Ourense	641	150	491
Pontevedra	1.472	279	1.193
Servizos centrais	505	200	305
Total	5.079	1.090	3.989

Distribución por áreas de actuación

En canto a distribución por áreas de actuación pódese subliñar que máis do 67% da relación de postos de traballo está destinado nos centros dos que é titular a Consellería de Traballo e Benestar:

	Total	Administración	Centros propios
A Coruña	1.633	395	1.238
Lugo	828	201	627
Ourense	641	202	439
Pontevedra	1.472	329	1.143
Servizos centrais	505	505	0
Total	5.079	1.632	3.447




Outro persoal

Ademais dos 5.079 postos de traballo, a Consellería de Traballo e Benestar contou en 2014 con 158 persoas non incluídas nas RPT (Acumulación de tarefas, persoal eventual, gabinete, indefinidos e persoal á disposición do conselleiro).

1.2.3 Recursos económicos


O orzamento da consellería ascendeu no ano 2014 a 727.001.265 euros. A distribución por capítulos do orzamento de 2014 é a seguinte:

Capítulo I	Gastos de persoal	157.954.084
Capítulo II	Gastos correntes bens e servizos	190.190.073
Capítulo III	Gastos financeiros	0
Capítulo IV	Transferencias correntes	360.815.859
Capítulo VI	Investimentos reais	9.924.245
Capítulo VII	Transferencias de capital	8.117.004
Total		727.001.265



A distribución por áreas é a seguinte: 182.087.473 euros corresponden á Área de traballo e 544.913.792 á de benestar.

	Área de traballo	Área de benestar
Capítulo I	34.197.293	123.756.791
Capítulo II	18.372.738	171.817.335
Capítulo III	0	0
Capítulo IV	127.430.989	233.384.870
Capítulo VI	1.061.461	8.862.784
Capítulo VII	1.024.992	7.092.012
Total	182.087.473	544.913.792




Contratación

Os contratos (agás contratos menores) iniciados no ámbito desta consellería no ano 2014, a través de procedementos de contratación administrativa son os seguintes:

► Contratos que xeraron gasto para a consellería

	Nº	Importe de licitación	Importe de adjudicación
Aberto	71	17.488.346,66	14.793.921,53
Negociado	30	1.838.755,86	1.622.236,97
Total	101	19.327.102,52	16.416.158,50



A porcentaxe por procedemento de tramitación do importe de adjudicación é dun 9,88% para o negociado e 90,12% para o aberto. A porcentaxe do importe de adjudicación sobre o licitado é do 84,94%.

Adicionalmente, licitáronse os seguintes contratos que quedaron desertos:

	Nº	Importe de licitación
Aberto	5	2.792.988,68
Negociado	2	155.400,00
Total	7	2.948.388,68

E os seguintes contratos, nos que non se compara o importe de licitación co de adjudicación ao non ser magnitudes comparables (a adjudicación realizouse en función de prezos unitarios):

	Nº	Importe de licitación
Aberto	15	18.946.625,65
Negociado	11	6.635.031,13
Total	26	25.581.656,78

Finalmente, o total das prórrogas incorpóranse por separado:

	Nº	Importe prórrogas
Aberto	117	88.900.264,73
Negociado	72	21.354.421,76
Total	189	110.254.686,49

► Contratos que xeraron ingresos para a consellería

	Nº	Importe de licitación	Importe de adjudicación
Aberto	5	1.500,00	2.560,00
Negociado	13	6.050,00	7.975,00
Total	18	7.550,00	10.535,00

E o total das prórrogas incorpóranse por separado:

	Nº	Importe prórrogas
Aberto	2	8.406,00
Negociado	16	13.089,74
Total	18	21.495,74

1.2.4 Rede de centros

Ademais dos recursos humanos e económicos, a Consellería de Traballo e Benestar dispón dunha rede de centros coas seguintes tipoloxías.

No eido laboral dispón de 52 oficinas de emprego, 9 centros de formación e 4 centros provinciais de seguridade e saúde laboral.

► **Oficinas de emprego**

Son dependencias do Servizo Público de Emprego de Galicia nas que se xestiona a intermediación laboral na comunidade autónoma e nas que os demandantes de emprego obterán os servizos de: inscrición e rexistro como demandantes de emprego; oferta de colocación axeitada; información sobre medidas de fomento do emprego, formación profesional ocupacional, prestacións e subsidios por desemprego e da renda activa de inserción e orientación profesional.

► **Centros de formación ocupacional**

Grandes instalacións, situadas xeralmente en importantes núcleos urbanos, nas que se imparten cursos de formación profesional ocupacional.

► **Unidades de acción formativa**

Pequenos centros localizados en comarcas nas que, polo seu volume de poboación, non resultaba rendible a construción de centros propiamente ditos, pero nas que no momento da súa construción existían determinadas necesidades formativas.

► **Centros provinciais de seguridade e saúde laboral**

Son os órganos técnicos na materia que proporcionan ás empresas e traballadores, servizos especializados nas disciplinas preventivas.

En canto aos centros no eido do benestar, a Consellería de Traballo e Benestar, dispón dunha rede de 45 centros sociais, 41 centros para maiores, 4 centros para persoas con discapacidade, 14 centros de menores, 27 centros para a infancia, 2 residencias de tempo libre e 23 centros para a xuventude. A descrición das distintas tipoloxías é a seguinte:

► **Centros sociais**

Terán a consideración de centros de servizos sociais todos aqueles equipamentos regulamentariamente tipificados nos que se desenvolvan dun modo estable e continuado servizos, programas e actividades de servizos sociais nas distintas áreas sociais

► **Centros de atención ás persoas maiores**

Son centros de atención ás persoas maiores todos aqueles equipamentos, establecementos ou instalacións nos que se preste, dun xeito estable e continuado, atención directa a un mínimo de 6 persoas con idade igual ou superior a 65 anos, ou, excepcionalmente, maiores de 60 que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

► **Centros para persoas con discapacidade**

Son centros destinados á atención de persoas con discapacidade, nos que se lles presta unha atención integral, especializada e terapéutica para o seu axuste persoal, así como unha oferta de actividades rehabilitadoras, ocupacionais, culturais, recreativas e de convivencia para a súa inclusión social e fomento da súa autonomía.

Existen dúas modalidades: centros de atención diúrna no que se inclúen os centros ocupacionais e os centros de día; e centros residenciais nas súas diferentes modalidades, nos que viven dunha maneira temporal ou definitiva, as persoas con discapacidade que por diversos motivos, xa sexan ambientais, sociais ou persoais teñen dificultades para vivir no seu contorno.

► **Centros de atención á infancia**

Son centros de atención á infancia aqueles equipamentos que, calquera que sexa a súa denominación, organizan o coidado dos nenos/as no seo dun grupo co fin de contribuír ao seu benestar e ao seu proceso evolutivo, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar das familias mediante a súa garda e custodia.


► **Centros de menores**

Os centros de menores clasifícanse nas seguintes tipoloxías: casas de primeira acollida, casas de familia, minirresidencias, residencias, centros con fogares, centros de reeducación, centros de atención específica, vivendas tuteladas, vivendas de transición á vida autónoma, centros con obradoiros formativos e centros de atención de día.


► **Centros para a xuventude**

Os centros para a xuventude clasifícanse nas seguintes tipoloxías: casas da xuventude, centro coordinador de información e documentación xuvenil e oficinas locais de xuventude, residencias e albergues e campamentos.





A distribución por concellos dos centros para persoas maiores, persoas con discapacidade e os centros sociais é a seguinte:




A distribución por concellos dos centros para menores, escolas infantís e residencias de tempo libre é a seguinte:



A distribución por concellos dos centros de atención á xuventude é a seguinte:

-  Campamentos e albergues
-  Casas de xuventude
-  Centro coordinador e oficinas locais
-  Residencias



1.3 NORMATIVA

A Consellería de Traballo e Benestar Social e os seus órganos adscritos publicaron durante 2014 un total de 886 disposicións no Diario Oficial de Galicia, A distribución segundo as seccións establecidas no DOG e por rango da disposición é a seguinte:

► Distribución por rango

Lei	1
Decreto	16
Orde	157
Resolución	260
Cédula	298
Edicto	88
Anuncio	49
Corrección de erros	17
Total disposicións	886

► Distribución por Sección

I. Disposicións xerais	20
II. Autoridades e persoal	4
III. Outras disposicións	172
IV. Oposicións e concursos	68
VI. Anuncios	622
Total disposicións	886

No seguinte acceso pode consultar as normas de maior interese no eido laboral e do benestar publicadas no Diario Oficial de Galicia ao longo do ano 2014 e distribuídas por categorías temáticas e data de aparición.



1.4 PUBLICACIÓNS E ESTATÍSTICAS

A Sección de Publicacións e Estatísticas, atendendo o establecido no art. 7.bis.2.f) e 7.bis.3.f) do Decreto 42/2013 do 2 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (na súa redacción vixente, modificada polo Decreto 32/2014, do 6 de marzo (DOG nº 52, do 17.03.2014)), depende orgánica e funcionalmente da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, adscrita á Secretaría Xeral Técnica, e ten ao seu cargo as seguintes funcións:

- Elaboración de publicacións: recompilación da información, redacción, revisión, maquetación, e publicación e posta á disposición dos usuarios de todos os recursos publicables relacionados con temáticas propias da Consellería.
- Coordinación e tramitación de expedientes de publicacións e de todo tipo de documentos -impresos ou electrónicos- que se presentan, para a súa aprobación, ante a Comisión Permanente de Publicacións.
- Asesoramento técnico en calquera dos procesos de edición aos departamentos da consellería que así o requiran.
- Cumprir e facer cumprir entre os distintos departamentos da consellería, todo canto acordo se tome no Consello e na Comisión Permanente de Publicacións
- Xestión do ISBN, ISSN e Depósito legal.
- Actualización e mantemento do catálogo en rede das publicacións editadas pola Consellería e descrición bibliográfica dos recursos publicables.
- Coordinación, como Órgano Estatístico Sectorial da consellería, entre o Instituto Galego de Estatística e as unidades administrativas responsables de operacións ou actividades estatísticas na elaboración dos proxectos técnicos, actualización, seguimento e difusión dos datos das ditas operacións ou actividades.
- Colaboración co IGE na elaboración, seguimento e cumprimento das operacións estatísticas integradas no Programa estatístico anual (PEA).



1.4.1 Área de Publicacións¹

No ano 2014, a Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, a través da Sección de Publicacións, presentou para a aprobación da Comisión Permanente de Publicacións e a súa posterior edición un total de 114 documentos.

Por tipoloxía de publicación, distribúense do seguinte xeito: carteis: 7; dípticos: 7; folletos: 35; libros: 21; publicacións periódicas: 32 (números correspondentes a 20 títulos editados); Outros (Libreta): 1; Políptico: 2; trípticos: 8; Vídeo: 1.


¹ As distintas unidades administrativas son as que proporcionan os datos de tiraxe (no caso de edición impresa ou edición electrónica cun dispositivo físico) e orzamento do documento.

1.4 PUBLICACIÓNS E ESTATÍSTICAS

Produción por tipo de publicación: Ano 2014	
Carteis	7
Dípticos	7
Folletos	35
Libreta	1
Libros	21
Publicacións periódicas*	32
Políptico	2
Tríptico	8
Vídeo	1
Total	114

* Os números publicados corresponden a 20 títulos de publicacións periódicas aprobadas na Comisión Permanente de Publicacións.

A edición impresa representa un 46,49% do total -con 53 documentos- fronte á edición electrónica -con 61 documentos- e que representa o 53,51 % do total. Todos os títulos correspondentes á edición electrónica foron colgados na rede e tamén unha parte do total de títulos impresos.



Ningún dos documentos editados se comercializou polo que o 100% da produción editada tivo carácter non venal.

Ao longo de 2014 o número de exemplares de todos os documentos editados ascende a 165.073 exemplares. Cinco folletos e máis un políptico repartíronse xunto coa distribución dun xornal que suman un total de 119.449 exemplares. Isto explica a desmedida cantidade de tiraxe. Polo tanto, sen contar a tiraxe destes documentos, o total ascende a 45.624 exemplares. Isto supón unha diminución que xa se vén dando desde o ano 2010 (503.215 exemplares) e unha tiraxe media por documento de 422 exemplares. As tiraxes flutúan entre un mínimo de 20 exemplares e un máximo de 6.000 e difiren segundo o tipo de documento que se imprima pero pódese establecer a seguinte táboa.

Tiraxe**	nº de documentos
Ata 500 exemplares	15
Entre 500 e 1.000 exemplares	21
> 1.000 e 2.000 exemplares	6
> de 2.000 e 3.000 exemplares	1
> 3.000 exemplares	8
Total	63

** Na tiraxe inclúense os documentos impresos e os documentos electrónicos con dispositivo físico.

En canto aos investimentos, o custo total investido en publicacións ascende a 234.249,71 euros, un 24,49 % menos que no 2013 (310.228,96 euros).

A lingua de publicación predominante é o galego. Dos 114 documentos editados no 2014, 110 publicáronse en galego, 20 dos cales tamén se editaron en castelá e 4 títulos só en castelán.

A distribución de número de documentos, tiraxe e orzamentos dos distintos centros directivos e outros órganos administrativos adscritos á consellería é a seguinte:

Departamento	nº	Tiraxe*	Custo en euros
Secretaría Xeral Técnica	13	0	0,00
Secretaría Xeral de Política Social	12	4.060	1.580,56
Dirección Xeral de Familia e Inclusión	5	2.000	586,85
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	16	20.470	39.074,51
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social	13	0	36.745,28
Dirección Xeral de Emprego e Formación	11	0	0,00
ISSGA	43	138.243	155.812,51
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar	1	300	450,00
Total	114	165.073*	234.249,71

*Este total inclúe os 119.449 exemplares dos 5 folletos e 1 políptico que se distribuíron co xornal.

Da análise comparativa de datos entre 2013 e 2014 poden facerse as seguintes consideracións:

- As porcentaxes entre a edición impresa e electrónica equilíbranse novamente e prodúcese un aumento na edición impresa e unha diminución na electrónica (Na impresa en 2013: 38,73% fronte a un 46,49 % no 2014 e na electrónica un 61,27% en 2013 fronte a un 53,51% en 2014)
- A produción en 2014 (114 documentos) diminúe con respecto ao 2013 (142 documentos). Esta tendencia xa se vén acusando desde o 2012. Tamén, como no ano anterior, a tiraxe diminúe, sempre e cando se teña en conta a observación anteriormente explicada e pásase de 56.440 en 2013 a 45.624 en 2014
- Como no ano anterior ningunha das publicacións editadas en 2014 foron comercializadas, polo tanto non teñen carácter venal
- En canto aos investimentos, obsérvase unha diminución do 24,49 % con respecto ao investido no 2013.

• Evolución da edición nos catro últimos anos

	Nº doc.	% Edición impresa	% Edición electrónica	% Edición impresa e electrónica en rede	Tiraxe	Investimento en euros
2009	135	74,07	25,93	14,08	736.896	661.183,07
2010	119	55,89	44,11	22,69	503.215	505.640,11
2011	116	49,14	50,86	03,45	174.550	203.729,26
2012	184	60,87	39,13		105.750 *	227.095,06
2013	142	38,73%	61,27%		56.440	293.754,48
2014	114	46,49%	53,51%		45.624	234.249,71

*non se contan as tiraxes dos documentos que se distribuíron xunto co xornal, por tratarse dun feito excepcional que distorsionaría a tendencia á diminución das tiraxes dos últimos anos.

O Depósito legal

A Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal (BOE nº 182, do 30.07.2011)² e a súa entrada en vigor o 30 de xaneiro de 2012 tivo como novidade máis destacada o cambio na asunción da xestión do depósito legal que pasa de recaer no impresor a recaer no editor.

A partir desta data, a Sección de Publicacións e Estatísticas, xestiona o depósito legal das obras editadas (impresas e electrónicas con dispositivo ffsico) pola Consellería de Traballo e Benestar.

No ano 2014 solicitáronse 50 números ás oficinas de depósito legal da Coruña e anulouse un número. Depositáronse os exemplares preceptivos de cada documento publicado para a súa conservación na Biblioteca Nacional de España, na Biblioteca de Galicia e nos centros de conservación establecidos pola Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

O catálogo en rede

A través deste catálogo en rede a consellería pon á disposición dos usuarios as publicacións editadas polos distintos departamentos e é a Sección de Publicacións a encargada da actualización e mantemento do catálogo.


² Segundo se recolle no preámbulo da lei, o depósito legal é un servizo público gratuito dirixido ao sector editorial para administrar orixinais de obras en dominio público e como unha garantía da liberdade de expresión e do acceso á información dos cidadáns... e como unha peza do desenvolvemento económico e social dun país.

Entre as novidades máis salientables destacan: o novo papel que se atribúe ao editor como suxeito depositante principal, o mellor control bibliográfico, a garantía da dispoñibilidade do seu material, a redución das cargas administrativas e o depósito e tratamento dos novos soportes da edición e dos documentos en rede.

Pódese acceder ao catálogo desde a páxina da consellería e a través do duplo acceso:

Traballo/Consellería/publicacións e estatísticas
Benestar/Recursos/Publicacións e estatísticas

<http://ediciontraballo.xunta.es/web/portal/publicacionse-estadisticas>



Existen varios menús:

Buscadores de acceso

- ▶ Existe un buscador xeral por autor, título, ano de edición, área temática, órgano responsable, etc.
- ▶ Buscador por área temática: Xeralidades, Emprego e mercado laboral, Políticas de emprego, Relacións laborais, Seguridade e saúde laboral, Formación e cualificación, Política social: benestar e asistencia social, Xuventude e voluntariado

Menús con información complementaria

- ▶ Normativa que afecta as publicacións
- ▶ Identidade corporativa aplicada a publicacións
- ▶ Información sobre como solicitar unha publicación.

No ano 2014 colgáronse un total de 51 documentos dos que se dá información bibliográfica detallada cunha breve descrición bibliográfica e o PDF da publicación.

1.4.2 Área de Estatísticas

Na persoa ao fronte da Sección de Publicacións e Estatísticas recae a coordinación do órgano estatístico sectorial³ desta consellería. Entre as súas funcións está a de coordinar e difundir as estatísticas propias da consellería e a colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) na elaboración do Plan galego de estatística e dos proxectos dos seus programas anuais.

Froito desta colaboración é a publicación do Decreto 188/2013, do 19 de decembro, polo que se aproba o Programa estatística anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG nº 249 do 31.12.2013).

Segundo este decreto a Consellería de Traballo e Benestar participou na programación dun total de 17 operacións estatísticas (OE)⁴ e 8 actividades estatísticas (AE)⁵.

³ Os órganos estatísticos sectoriais defínense como as unidades das consellerías encargadas de elaborar as estatísticas que se lles encomende no Plan galego de estatística e nos seus programas.

⁴ A Lei 8/2011 do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (DOG nº 225 do 24.11.2011) define operación estatística como aquela actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algunha das administracións públicas galegas participa cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión. Deberá, ademais, estar clasificada dentro dalgún dos puntos seguintes: a) Censos, b) Enquisas por mostraxe, c) Toma directa de datos, d) Explotacións estatísticas de directorios ou rexistros administrativos, e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas e proxeccións.

⁵ Actividade estatística (AE): non se pode considerar operación por non concluír nunha difusión de resultados estatísticos ou por non participar ningunha das administracións públicas galegas na súa elaboración nalgunha fase a maiores da de difusión.

Do estado⁶ das 17 OE, 14 aparecen como operacións en curso⁷, 3 en implantación⁸. Por órganos superiores e de dirección a distribución é a seguinte:

Secretaría Xeral Técnica: 1 OE

Operacións estatísticas

25-603 Explotación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS): en curso

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social: 9 OE e 3 AE

Operacións estatísticas

24-801 Conciliacións individuais e colectivas: en curso

24-901 Eleccións sindicais: en implantación

24-1001 Folgas e peches patronais: en curso

24-1101 Infraccións e sancións na orde social: en curso

24-1201 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada: en implantación

24-104 Apertura de centros de traballo: en curso

24-105 Centros especiais de emprego: en implantación

24-601 Empresas de traballo temporal: en curso

24-1301 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras: en curso

Actividades estatísticas

AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais

38-301 Cooperativas

38-302 Sociedades laborais

⁶ Estado: característica que define o grao de desenvolvemento dunha OE.

⁷ Un dos estados nos que se atopa unha OE. Refírese a unha operación con proxecto técnico que dá lugar a unha serie cronolóxica.

⁸ En implantación: operación que dispón de proxecto técnico pero que aínda non se pode considerar en curso, xa que non se difundiron resultados conforme o devandito proxecto.

Dirección Xeral de Emprego e Formación: 2 OE, 4 AE**Operacións estatísticas**

23-701	Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso
24-101	Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso

Actividades estatísticas

AE 218	Indicadores do mercado laboral
AE 405	Tendencias do emprego
AE 606	Explotación do rexistro de contratos laborais
AE 607	Informe do paro rexistrado

Secretaría Xeral de Política Social: 1 OE**Operacións estatísticas**

25-701	Explotación do censo de persoas con discapacidade: en curso
--------	---

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 3 OE**Operacións estatísticas**

25-601	Estatística de protección de menores: en curso
21-201	Estatística de familias numerosas: en curso
25-602	Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social: en curso

Consello Galego de Relacións Laborais: 1 AE**Actividades estatísticas**

AE604	Negociación colectiva
-------	-----------------------

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral: 1 OE**Operacións estatísticas**

24-201	Sinistralidade laboral: en curso
--------	----------------------------------

Actividade estatística no 2014 na Consellería de Traballo e Benestar

No 2014, a actividade do órgano estatístico sectorial en colaboración co IGE e cos departamentos responsables da elaboración estatística na consellería, centrouse en remarcar os proxectos técnicos das OE cuxos proxectos técnicos non foran aprobados polo Consello Galego de Estatística e pasaran a ser actividade estatística. É o caso das referidas a cooperativas e sociedades laborais. Tamén se corrixiron as posibles discrepancias de datos nalgunhas operacións como no censo de discapacidade e se atenderon cambios legislativos que afectarán a distintas operacións no futuro.

Proxectos estatísticos rematados e polo tanto operacións en curso son as seguintes:

- 21-201 Estatística de familias numerosas
- 23-701 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego
- 24-101 Datos sobre ocupacións máis contratadas
- 24-104 Aperturas de centros de traballo
- 24-201 Sinistralidade laboral
- 24-601 Empresas de traballo temporal
- 24-801 Conciliacións individuais e colectivas
- 24-1001 Folgas e peches patronais
- 24-1101 Infraccións e sancións na orde social
- 24-1301 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras
- 25-601 Estatística de protección de menores
- 25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social
- 25-603 Explotación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

- 25701 Explotación do censo de persoas con discapacidade
- Por último, en implantación:
- 24-105 Centros especiais de emprego
- 24-901 Eleccións sindicais
- 24-1201 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada.

En canto ao seguimento do Programa estatístico anual 2014 correspondente a esta consellería, o resultado é o seguinte:

Operacións estatísticas (OE)	Número	% Execución
OE novas	3	100 %
OE en curso	14	98,2 %
Total OE	17	98,6 %
	Número	Calendario
Índice calendario		
OE nas que se avalía o calendario	14	60,7 %
	Número	Proxectos rematados
Proxectos técnicos		
OE susceptibles de proxectos	0	0
	Número	% Execución
Outras actividades estatísticas (AE)	8	70,6
Total actividades estatísticas (OE + AE)	25	93 %

Comparando os datos deste cadro cos do ano anterior obsérvase que a porcentaxe no grao de execución diminúe nun 3,7% e pasa do 96,7 do ano 2013 ao 93% no 2014. Entre as razóns que xustifican estas variacións poden atoparse os cambios producidos na lexislación laboral que afectan os proxectos técnicos de varias OE o que implica cambios substanciais na recollida de datos e, en consecuencia, na súa metodoloxía.

1.5 AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

A unidade de autorización e inspección de servizos sociais ten por finalidade verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten aos cidadáns no territorio galego.

A súa actuación fundaméntase nos principios de independencia, profesionalidade e especialización, accesibilidade e servizo aos cidadáns, eficacia, obxectividade, responsabilidade e cooperación interadministrativa.

Normativa reguladora

- ▶ Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18.12.2008).
- ▶ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á Familia e a Convivencia de Galicia (DOG nº 134, do 13.06.2011).
- ▶ Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia (DOG nº 249, do 31.12.2013).
- ▶ Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14, do 20.01.2012).

1.5.1 Área de rexistro e autorización

1.5.1.1 Rexistro

As entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter previo ao inicio das súas actividades deben figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades

1.5 AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS

Prestadoras de Servicios Sociais (en adiante, RUEPSS).


As persoas interesadas poden consultar a información acerca dos requisitos básicos e os pasos que deben seguir para prestar servizos sociais en Galicia accedendo á “asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais” a través do enlace:



Ao longo do ano 2014 tramitáronse nesta área os seguintes procedementos: 121 inscricións de entidades, 25 cancelacións de inscricións e 260 modificacións dos datos anotados no RUEPSS referidos ás entidades inscritas.

• Evolución das actividades do RUEPSS durante os anos 2010- 2014:

	Inscricións	Cancelacións	Modificacións
2010	243	40	151
2011	149	47	268
2012	129	2.140	308
2013	157	355	289
2014	121	25	260



• Información e asesoramento en materia de rexistro e autorización de servizos sociais

a. Actualizouse e ampliouse a información vía web relativa aos procedementos de rexistro de entidades e autorización de Servizos Sociais, para facilitar o coñecemento e aplicación das disposicións do Decreto 254/2011, do 23 decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia e a normativa de desenvolvemento da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

- Dentro dos contidos da web da “asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais”, figuran modelos estandarizados de documentos básicos para o funcionamento dos centros e dos programas que serven de referencia para as entidades prestadoras de servizos sociais.
- Nesta web rexistráronse un total de 30.403 accesos (cifras similares ao ano 2013) e descargáronse un total de 25.650 documentos.

b. Implementáronse novas utilidades e contidos na aplicación do RUEPSS

- Optimizouse a información procedente do RUEPSS o que permitiu mediante o tratamento dos datos contidos a obtención de modelos de actas e informes de inspección que suporán una axilización da carga de traballo do persoal inspector.
- Rexistráronse 72 servizos de promoción da autonomía persoal.
- O rendemento da aplicación, tras ter mudado ao servidor de referencia, arroxa que a aplicación recibiu 68.774 visitas e descargáronse 391 xustificantes da inscrición.
- Realizáronse 42 novas explotacións masivas de datos contidos no RUEPSS e deseñadas a medida para outros centros directivos e entidades externas.

c. Reforzouse o asesoramento ás entidades e/ou ás persoas particulares para a posta en marcha de novos servizos ou a modificación dos existentes.

- Realizáronse 97 reunións de información e asesoramento a entidades prestadoras de servizos sociais para a posta en marcha de novos servizos ou para a mellora na xestión dos servizos que desenvolven.
- Realizáronse en torno a 99 asesoramentos a concellos. A entrada en vigor do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seus financiamento, obrigou aos concellos a adaptar as ordenanzas reguladoras do servizo de axuda no fogar (SAF) ao disposto na dita norma; aínda xa iniciados no ano 2013, dada a relevancia dos cambios introducidos, entre os que destaca, o cálculo por parte da corporación local do copagamento que corresponde efectuar ás persoas usuarias, fixo necesario reforzar o asesoramento e a colaboración da inspección cos servizos comunitarios das entidades locais, tanto na adaptación como na posterior posta en práctica das citadas ordenanzas, tamén durante o ano 2014.

1.5.1.2 Autorización de centros e programas.

Durante o ano 2014 tramitáronse nesta área os seguintes procedementos: 123 autorizacións de creación ou construción de centros, 136 permisos de inicio de actividades en centros ou programas, 236 modificacións substanciais dos centros e programas e 103 permisos de cesamento de actividades de centros ou programas.

Evolución das actividades do RUEPSS durante os anos 2011- 2014

2011	2012	2013	2014
Autorización creación ou construción de centros			
51	106	126	123

Modificación substancial de centros e programas			
159	183	184	236
Permiso de inicio de actividades en centros ou programas			
138	140	137	136
Permiso de cesamento de actividades de centros e programas			
42	58	73	103

Realizáronse 97 reunións de información e asesoramento a entidades prestadoras de servizos sociais para a posta en marcha de novos servizos ou para a mellora na xestión dos servizos que desenvolven.

1.5.2 Área de inspección

CComo cada ano, como traballo previo ao inicio das inspeccións, revisanse e actualízanse os documentos de traballo utilizados nos controis documentais e nas visitas, mellorando os protocolos de calidade de cada unha das áreas. Así mesmo, revisamos os ítems de verificación de datos e os indicadores máis representativos, para axustalos ás novas necesidades e coa finalidade de facilitar ao persoal inspector e ás propias entidades inspeccionadas, a detección de áreas de mellora na prestación dos servizos.

No plan de inspección do 2014 estableceuse como obxectivo acadar a cifra de 2.363 inspeccións, das que se realizaron 1.499, o que significa o cumprimento do plan nun 63,44%. Tramitáronse 39 expedientes sancionadores e rexistráronse un total de 247 queixas e reclamacións.

Durante este ano mantivéronse os compromisos de calidade da unidade, cunha xestión prioritaria das queixas e realizando as visitas de inspección previa ao inicio de actividades una que a documentación do expediente está completa a maior brevidade posible.

Datos comparados de inspección nos 4 últimos anos:

1.5 AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

2011	2012	2013	2014
Visitas a centros ou programas			
1.333	1.892	1.591	1.499
Tramitación denuncias e reclamacións			
204	254	232	247
Expedientes sancionadores			
18	49	46	39

As cifras das inspeccións realizadas a centros e programas no ano 2014, desagregadas por áreas de actuación, son as seguintes:

Área	nº visitas
Área de comunidade e inclusión social	717
Área de familia e menores	302
Área de maiores, discapacidade e dependencia	480
Total	1.499

Ademais da execución do plan de inspección anual, cómpre destacar as seguintes novidades:

- Diversificáronse e ampliáronse as actividades de inspección. No ano 2014 realizáronse:
 - 145 inspeccións domiciliarias sobre as libranzas vinculadas a servizos de axuda no fogar (en adiante SAF) para a atención a persoas en situación de dependencia e de persoas usuarias do SAF dependente dos concellos.
 - 332 inspeccións a beneficiarios da RISGA, en especial, no referido á comprobación da adecuación das situacións declaradas nos expedientes á situación real de convivencia e ao número de conviventes que forman as unidades familiares.
 - Realizáronse 40 visitas de inspección co obxectivo específico de emitir os informes de verificación do destino das subvencións e o cumprimento dos contratos convenios, de conformidade coas solicitudes efectuadas polas distintas entidades administrativas.

- Verificouse a efectiva prestación dos servizos de todas as libranzas de servizo para a adquisición de servizos residenciais e de atención diúrna para a atención de persoas en situación de dependencia en todos os centros inspeccionados.
- Realizouse o informe anual sobre o funcionamento dos centros dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar inspeccionados durante o ano.
 - Facilitouse a comunicación coas entidades prestadoras fomentando a presentación electrónica de documentación e permitindo o intercambio de información e datos a través da aplicación RUEPSS. A estes efectos durante o ano 2014:
 - As entidades de todas as áreas puideron descargarse o control de legalidade anual da aplicación e achegar polo mesmo medio a información requirida.
 - Mantívose actualizado un sitio web no que se desenvolve información sobre a inspección de servizos sociais, as súas funcións e compromisos de calidade. A estes efectos, este ano
 - Tras elaborar no ano 2013 un modelo de ordenanza municipal reguladora do SAF que facilitou aos concellos a adaptación da súa normativa segundo o disposto no Decreto 99/2012, desenvolvéronse tarefas de asesoramento cara a adaptación prevista no Decreto 149/2013 do 5 de setembro, asegurando un tratamento e interpretación homoxénea do regulamento que garante a súa aplicación coherente e igualitaria en todo o territorio da comunidade autónoma.

Formación e capacitación

Con respecto á formación e capacitación, continúaase coa liña de traballo de anos anteriores que trata de garantir unha formación básica inicial do persoal inspector de servi-

zos sociais e unha formación continua do dito persoal a través da realización de cursos de capacitación ou facilitando a participación nas accións formativas impartidas por outras entidades públicas ou privadas.

Mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais

- Revisión e participación na redacción do borrador de Decreto polo que se determinan os requisitos específicos de autorización dos servizos sociais de persoas maiores, con discapacidade e/ou dependencia, desenvólvese a carteira de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención a persoas en situación de dependencia en Galicia e establécense os requisitos e criterios en materia de acreditación destes servizos.
- Difusión dun protocolo marco para a aplicación de medidas de contención para os centros de maiores e discapacitados da titularidade da Xunta de Galicia e de xestión propia elaborado dende esta unidade.

Outras colaboracións:

- Participación nos comités de expertos dos procesos de contratación pública referidos a:
 - contrato servizos, consistente na xestión do programa Mentor, de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social.
 - servizos de autocontrol das APPCC de centros propios.
- Colaboración coa Secretaría Xeral Técnica na elaboración dos pregos de contratación dos seguintes servizos:
 - servizos de autocontrol das APPCC de centros propios.
 - elaboración dos plans de autoprotección de centros propios.
- Colaboración coa Dirección xeral de Familia e Inclusión na detección e elaboración de fichas informativas de entidades tutelares privadas.

1.6 IGUALDADE LABORAL

A Lei 2/2007 do 28 de marzo de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, crea e regula no capítulo II, a Unidade Administrativa de Igualdade (UAL) do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo. Neste capítulo, ademais, establécese a súa adscrición á Secretaría Xeral Técnica, así como a súa coordinación e vinculación funcional co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Esta Unidade conta con persoal funcionario e/ou laboral, con experiencia e formación acreditada en materia de igualdade entre mulleres e homes. O artigo 8 recolle as súas competencias.

A Lei 7/2010, do 15 de outubro suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade de Homes e Mulleres e modifica determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Na súa primeira disposición derradeira, punto un, modifica o artigo 7º, relativo á citada Unidade Administrativa de Igualdade e indica que a dita unidade, terá como mínimo a categoría de servizo e estará coordinada co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Por outra banda, na mencionada Lei 7/2010 no referido á promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e nas disposicións derradeiras dous, tres e catro modifícanse, os artigos 42, 46 e 51 da nomeada Lei 2/2007. En consecuencia, os datos relativos ao desenvolvemento e á validación das medidas de apoio aos bancos municipais de tempo, á promoción autonómica das actuacións municipais de conciliación, así como ao impulso dos plans de programación do tempo na cidade, na actualidade son competencia da Secretaría Xeral da Igualdade e, consecuentemente, non se reflicten nesta memoria.

A actividade da Unidade Administrativa de Igualdade no ano 2014 pode resumirse do seguinte xeito:



Excelencia Empresarial Galega en Igualdade

► **Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade (MEEGI) (Decreto 33/2009 do 21 de xaneiro).**

A MEEG, pretende ser unha ferramenta para afondar no desenvolvemento do principio de equidade no ámbito empresarial, na economía e na sociedade galega e, desa maneira, avanzar positivamente na consecución da igualdade real entre as mulleres e os homes.

Trátase dun distintivo no que, a Xunta de Galicia, recoñece aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas sustentadas no impulso do principio de igualdade. Comporta, polo tanto, o cumprimento dunhas condicións relativas á igualdade de xénero que teñen que destacar e mellorar o esixido na lexislación vixente.

Para a súa concesión é necesario o cumprimento de 7 parámetros representativos das condicións de igualdade na empresa, parámetros que se recollen no artigo 23 do Decreto regulador. Cítanse de seguido:

- A representación adecuada de mulleres en todas as categorías profesionais, incluíndo o persoal directivo.
- As garantías efectivas de igualdade de retribución dos homes e das mulleres
- As garantías e melloras dos dereitos de conciliación
- A implantación de medidas de prevención e de sanción adecuada do acoso sexual e do acoso moral por razón de xénero

- A publicidade non sexista dos produtos e dos servizos da empresa
- O establecemento de medidas que garantan a prevención de riscos nas mulleres
- A calidade e a transparencia da información á representación unitaria dos traballadores e das traballadoras, relativas á aplicación das medidas implantadas na empresa.

Cada parámetro ten unha valoración, segundo o baremo publicado no citado Decreto 33/2009 e deberase obter unha cualificación global mínima de 50 puntos, para a concesión da MARCA.

Durante o ano 2014 tiveron entrada nesta Unidade tres solicitudes para a concesión deste distintivo.

► **Acreditación da implantación de plans de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes nas empresas galegas:**

Os plans de igualdade nas empresas son un conxunto integrado de medidas para alcanzar na empresa a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Os contidos fundamentais dos plans deben contemplar:

- A elaboración dun diagnóstico previo: resulta imprescindible facer un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero. Unha vez elaborado o diagnóstico, cómpre:
- A fixación de obxectivos especificando indicadores e identificando os órganos e persoas responsables.
- A formulación dunhas actuacións para acadar os obxectivos que constituirán un código de boas prácticas para integrar a dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.
- O establecemento de sistemas de control interno e

avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos.

Polo tanto, a finalidade da implantación dos mencionados plans sería a consecución, en todos os ámbitos da empresa, da igualdade entre as mulleres e os homes así como a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Os citados plans de igualdade nas empresas son obrigatorios:

- Na Administración autonómica, organismos autónomos, sociedades públicas, fundacións do sector público autonómico, entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade autónoma e organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade autónoma.
- Cando o estableza un convenio colectivo de ámbito superior á empresa ou un convenio de empresa.
- Nas empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras. (Lei orgánica 3/2007, de 22 de mayo).
- Cando nun procedemento sancionador, a autoridade laboral acordase substituír unha sanción accesoria pola elaboración e aplicación dun plan de igualdade. (Lei Orgánica 3/2007, art. 45.4).

Son voluntarios nos demais casos.

UAI: Ano 2014	
Solicitudes para a certificación da implantación de Plans de Igualdade	99
Concedidas	32
En trámite	40
Non procede concesión	27

► **Revisión de convenios colectivos desde a perspectiva de xénero**

Analízanse, polo miúdo, todos os convenios colectivos, vixentes en Galicia, dende unha perspectiva de xénero. Os ditos informes remítense á Comisión Consultiva Au-

tonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva, dependente do Consello Galego de Relacións Laborais, organismo responsable de, caso de atopar algunha irregularidade, comunicala á Inspección de Traballo.

UAI: Ano 2014	
Convenios colectivos publicados	137
Informados ata o 31.12.2014	117

► **Elaboración de informes técnicos de apoio.**

Colabórase coa Subdirección xeral de Traballo da Dirección Xeral Traballo e Economía Social en relación á Orde do 12 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo FSE (DOG nº 119, do 25.06.2014)

A análise da documentación, presentada polas empresas, realízase respecto á Liña II das axudas no que se refire á implantación de plans de igualdade, a elaboración dun diagnóstico da realidade da empresa desde unha perspectiva de xénero, a asistencia a cursos de formación en materia de plans de igualdade, a contratación de persoal con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade e contratación de empresa ou entidade externa especializada en materia de igualdade para asesoramento na elaboración e na implantación do Plan.

UAI: Ano 2014	
Expedientes de solicitude analizados e informados	29*

* Pódense presentar solicitudes de subvención para diferentes conceptos

► **Informe anual sobre as medidas implementadas nesta consellería relativas á Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**

Este informe elaborouse, seguindo instrucións da Secretaría xeral Técnica a quen llo requiriu a Secretaría xeral da Igualdade. Lévese a cabo en cumprimento da disposición adicional cuarta da devandita lei segundo a cal se achegará ao Parlamento de Galicia un informe anual de avaliación das distintas medidas implementadas nos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Dende a Unidade Administrativa de Igualdade (UAI) coordináronse e agrupáronse as informacións facilitadas polas distintas secretarías e direccións xerais, así como doutros órganos dependentes e/ou adscritos á Consellería de Traballo e Benestar

► **Apoio técnico en materia de xénero aos diferentes órganos da Consellería de Traballo e Benestar.**

A UAI, baixo a dirección da Secretaría Xeral Técnica, foi o servizo de referencia para recompilar e coordinar as distintas actuacións en materia de igualdade laboral desta consellería.

► **Colaboración técnica coa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva.**

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero, creado por mandato da Lei 2/2007 do 28 de marzo de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Esta comisión está adscrita ao Consello de Relacións Laborais, presidida pola Secretaria do dito Consello e composta por representantes das asociacións empresariais, dos sindicatos máis representativos así como por

tres vogalías desenvolvidas por persoas expertas e de recoñecido prestixio na temática da igualdade de xénero.

A UAI participou en sete sesións de traballo coa finalidade de intercambiar experiencias e boas prácticas, asesorar e informar sobre a elaboración e implantación de plans de igualdade, a análise dos convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero, a metodoloxía empregada no seu estudo, a formulación dos contidos das accións formativas programadas e desenvolvidas pola citada Comisión, así como en varios aspectos relacionados coas funcións da Unidade.

► **Desenvolvemento da vogalía de igualdade laboral na Comisión para a Integración da Igualdade nas Políticas Autonómicas de Prevención de Riscos Laborais.**

Trátase dun órgano de asesoramento, consulta e apoio a empresas, persoas traballadoras, sindicatos e asociacións de empresarios:

Os obxectivos da comisión son a protección da seguridade e saúde no traballo dende o respecto e o cumprimento do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes para evitar que os estereotipos sociais produzan desigualdades baseadas nas diferenzas físicas. Resolución do 14 de outubro de 2010 do Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral (ISSGA) (DOG nº 210, do 02.11.2010).

► **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, 2010-2013.**

Participación no grupo de traballo "Igualdade de xénero e transversalidade" como membro da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan Integral para as persoas con discapacidade.

Ao longo de 2014 realizouse a avaliación final do citado Plan integral, así como o deseño das liñas xerais para a posta en marcha dunha próxima estratexia de intervención.

► **Representación técnica da Consellería no grupo de traballo formado para a elaboración do II Plan de igualdade da Administración da Xunta de Galicia.**

► **Representación técnica na subcomisión para a aplicación da perspectiva de xénero nas accións cofinanciadas polos fondos comunitarios.**

► **Vogalía no grupo técnico de dinamización e coordinación e avaliación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes.**

► **Outras accións divulgativas e formativas así como participación en distintas actividades en materia de igualdade laboral:**

Dentro do contorno laboral, unha das liñas centrais da Unidade Administrativa de Igualdade centrouse na divulgación e comprensión práctica do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre todas as persoas, da corresponsabilidade entre os sexos, así como da necesidade de conciliar a vida laboral, familiar e persoal baseada na indispensable participación igualitaria entre as mulleres e os homes. Deste xeito:

- Asesorouse a particulares, aos concellos, ás empresas e ás asociacións sobre a referida materia en distintos aspectos a nivel individual ou colectivo no desenvolvemento de programas, actividades, etc.
- Organizouse e participou en diferentes grupos de traballo, xornadas formativas e informativas coa presentación de ponencias específicas, colaboración en mesas redondas e na organización de xornadas sobre igualdade laboral, etc.

1.6 IGUALDADE LABORAL

02

Traballo e economía social

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

A través do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 46 do 06.03.2013), modificado polo Decreto 32/2014 do 6 de marzo (DOG nº 52 do 15.03.2014) e o Decreto 128/2014, do 25 de setembro (DOG nº 194, do 10.10.2014) estableceuse a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, atribuíndolle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia. Correspóndelle á persoa titular desta dirección xeral, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito. Tamén se lle atribúe as competencias en materia de fomento do emprego, apoio ao autoemprego e á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade.

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

Nesta área están incluídas as actuacións de promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución que en materia laboral, responsabilidade social empresarial

e modulacións das relacións cos axentes sociais ten atribuída a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e que quedan encadradas no marco de actuación funcional da Subdirección Xeral de Traballo.

Dentro das accións levadas a cabo por esta dirección xeral na súa área de competencia de traballo caben subliñar as seguintes:

- ▶ **Actuacións relativas á xestión e tramitación administrativa.**
- ▶ **Liña de axudas e subvencións.**
- ▶ **Actuacións no eido das relacións laborais.**
- ▶ **Actuacións no eido da responsabilidade social empresarial (RSE).**
- ▶ **A seguridade e saúde laboral**

2.1.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

Os datos globais da xestión das actuacións levadas a cabo pola Subdirección Xeral de Traballo ao longo do 2014, foron as seguintes:

2.1.1.1 Infraccións e sancións na orde social

Desde o punto de vista normativo, o Decreto 70/2008, do 27 de marzo (DOG nº 72, do 15.04.2008), sobre distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector, dispón que estas competencias correspóndenlle á consellería competente en materia de traballo, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, (DOG nº 46, do 06.03.2013), modificado polo Decreto 32/2014 do 6 de marzo (DOG nº 52 do 15.03.2014) e o Decreto 128/2014, do 25 de setembro (DOG nº 194, do 10.10.2014) establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribuíndolle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a competencia da tramitación e resolución dos expedientes sancionadores por infraccións laborais da competencia desta dirección xeral, así como o mantemento do Rexistro de Sancións.

Así mesmo, correspóndelle á persoa titular da dirección xeral, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.

Datos estatísticos

A Subdirección Xeral de Traballo elabora a estatística mensual, semestral e anual cos datos dos expedientes iniciados e resolto, así como os resultados da recadación de multas que lle remiten mensualmente os departamentos territoriais.

Os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados das sancións tramitadas no ano 2014, con expresión de datos globais, segundo:

- ▶ Total de expedientes iniciados en 1ª instancia diante dos departamentos territoriais, con indicación da contía das sancións

	nº de expedientes	Contía das sancións
A Coruña	542	2.565.596
Lugo	74	433.304
Ourense	73	230.489
Pontevedra	257	1.344.689
Total	946	4.574.078

- ▶ Total de expedientes resolto en 1ª instancia segundo o órgano competente para resolver e contía total das sancións impostas

	nº de expedientes	Contía das sancións
DP. A Coruña	536	1.529.249
DP. Lugo	57	169.263,66
DP. Ourense	79	206.326
DP. Pontevedra	270	916.950
Dirección xeral	37	1.095.649,23
Conselleira	1	218.000
Consello Xunta	0	0
Total	980	4.135.437,89

- ▶ Expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso, xa correspondan a formulados no ano 2014 ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou se ditou resolución en instancia do procedemento.

	Iniciados	Resolto
A Coruña	207	168
Lugo	23	12
Ourense	30	20
Pontevedra	110	99
Total	370	299

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

	Iniciados	Resoltos
Recurso de alzada dirección xeral	299	192
Instancia dirección xeral	35	35
Instancia consellería	3	3
Recurso de alzada conselleira	33	69
Instancia Consello da Xunta	0	0
Recurso de revisión	0	0
Recurso de reposición	0	0
Total	370	299

2.1.1.2 Aperturas de centros de traballo e reinicio de actividade

Datos estatísticos

As fontes de información son as comunicacións de aperturas de centros de traballo que achegaron as empresas ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ao longo do ano 2014.

Para a obtención dos resultados anuais a Subdirección Xeral de Traballo fixo un envorcado dos datos contidos na base de datos SXPA empregada polas xefaturas territoriais para efectuar o rexistro destas comunicacións.

Os cadros estatísticos seguintes reflicten os resultados das comunicacións de aperturas de centros de traballo no ano 2014 en Galicia, segundo a sección da actividade económica (CNAE 2009) e número de persoas traballadoras ocupadas, desagregadas por provincias.

Achéganse, tamén, gráficos referidos ao total de comunicacións de aperturas de centros de traballo e total de persoas traballadoras rexistradas no ano 2014, así como á evolución destes datos no período comprendido entre os anos 2007 e 2014.


Seccións de actividade económica (segundo CNAE-2009)

A	Agricultura, ganderaría, silvicultura e pesca
----------	---

B	Industrias extractivas
C	Industria manufactureira
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
F	Construción
G	Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas
H	Transporte e almacenamento
I	Hostalaría
J	Información e comunicacións
K	Actividades financeiras e de seguros
L	Actividades inmobiliarias
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares
O	Administración pública e Defensa; Seguridade social obrigatoria
P	Educación
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
S	Outros servizos
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais
Outras	Cando nunha comunicación concorre máis dunha actividade económica

► Distribución provincial

Centro de Trabajo	Traballadores
A Coruña	6.703
Lugo	2.509
Ourense	2.103
Pontevedra	5.686
Total	17.001




► Comunicacions de aperturas de centros de traballo e traballadores rexistrados por clave de actividade e provincia - 2012

	Centros de traballo					Traballadores ocupados				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
A	91	147	28	48	314	258	487	190	107	1.042
B	5	2	5	12	24	34	8	11	40	93
C	182	129	51	210	572	929	515	577	2.168	4.189
D	3	40	4	3	50	13	274	52	16	355
E	18	9	5	15	47	76	12	19	46	153
F	4.434	1.253	1.588	3.326	10.601	27.015	7.172	8.236	16.774	59.197
G	709	306	166	744	1.925	1.699	582	233	1.600	4.114
H	77	60	14	97	248	176	150	30	402	758
I	453	272	109	532	1.366	1.350	600	248	1.344	3.542
J	56	39	10	45	150	368	227	41	248	884
K	32	15	4	38	89	96	18	6	83	203
L	33	2	2	30	67	40	2	1	39	82
M	156	53	21	137	367	677	168	32	321	1.198
N	135	38	24	115	312	1.435	193	88	493	2.209
O	8	8	2	8	26	64	73	31	147	315
P	72	44	14	70	200	211	189	52	371	823
Q	68	28	10	64	170	168	66	74	263	571
R	57	22	17	51	147	188	139	32	278	637
S	113	40	27	129	309	280	62	40	213	595
T	2	0	1	4	7	3	0	1	4	8
U	0	0	0	1	1	0	0	0	1	1
Outras	0	2	0	7	9	0	1	0	25	26
Totais	6.703	2.509	2.103	5.686	17.001	35.076	10.938	9.998	24.983	80.995

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

► Evolución 2007-2014

	Centro de Trabajo	Traballadores
2008	20.713	96.711
2009	19.375	96.296
2010	17.862	136.513
2011	17.217	90.010
2012	15.592	75.213
2013	16.070	75.187
2014	17.001	80.995



2.1.1.3 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada

Normativa de aplicación

Trátase dun procedemento administrativo-laboral de carácter especial, que ten por finalidade a suspensión, a redución temporal da xornada ou a extinción das relacións laborais, regulado nos artigos 47 e 51 do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, (BOE nº 261, do 30.10.2012).

O procedemento de despedimento colectivo, suspensión de contratos e/ou redución de xornada iníciase a instancia da empresa.

As causas que motivan o inicio deste procedemento poden ser: económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.


Datos estatísticos

A fonte de información son os datos estatísticos dos expedientes comunicados ou resoltos nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, que remiten mensualmente á Subdirección Xeral de Traballo, así como os dos expedientes comunicados ou resoltos nesta dirección xeral.

Os datos preséntanse desagregados segundo a autoridade laboral competente para a súa tramitación, en función do ámbito territorial dos centros de traballo ou persoas traballadoras afectadas polo procedemento de despedimento colectivo, suspensión de contratos e/ou redución de xornada.

► Total de expedientes comunicados ou resoltos e persoas traballadoras afectadas Ano 2014

	Total expedientes comunicados ou resoltos	Persoas traballadoras afectadas
A Coruña	324	3.368
Lugo	91	452
Ourense	72	605
Pontevedra	483	6.882
Ámbito autonómico	14	454
Total	984	11.761



- ▶ Total de expedientes comunicados ou resoltos, con indicación do número total de expedientes pactados, non pactados e de forza maior, por ámbito territorial. Ano 2014

	Total expedientes	Expedientes pactados	Expedientes non pactados	Expedientes de forza maior
A Coruña	324	293	16	15
Lugo	91	83	5	3
Ourense	72	65	3	4
Pontevedra	483	437	17	29
Ámbito autonómico	14	13	1	0
Totais	984	891	42	51

* Nos expedientes que se basean en causas de forza maior a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.


- ▶ Total de persoas traballadoras afectadas, por ámbito territorial e segundo a medida. Ano 2014

	Persoas traballadoras afectadas por extinción	Persoas traballadoras afectadas por suspensión	Persoas traballadoras afectadas por de redución de xornada	Total persoas traballadoras afectadas
A Coruña	349	2.023	996	3.368
Lugo	6	273	173	452
Ourense	53	326	226	605
Pontevedra	245	5.705	932	6.882
Ámbito autonómico	101	203	150	454
Totais	754	8.530	2.477	11.761

- ▶ Evolución 2008-2014

A evolución do período comprendido entre os anos 2008 e 2013, referidos ao total de expedientes e ao total de persoas traballadoras afectadas:

	Expedientes tramitados	Traballadores/as afectados/as
2008	426	6.267
2009	1.252	24.149
2010	1.014	14.036
2011	1.436	20.727
2012	2.332	28.816
2013	1.917	20.251
2014	984	11.761



2.1.1.4 Calendario laboral

Anualmente determínanse as festas laborais de carácter autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia e as festas de carácter local, a proposta do pleno do concello respectivo; unha vez publicado o calendario laboral da Comunidade Autónoma de Galicia, comunícase ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Ao longo do ano 2014 aprobáronse as seguintes disposicións:

- ▶ Decreto 67/2014, do 28 de maio, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2015 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 112, do 13.06.2014)
- ▶ Resolución do 10 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2015, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 223, do 20.11.2014 e corrección de erros nos DOG nº 235 do 9.12.2014 e o 240, do 16.12.2014).

Calendario de festas laborais autonómicas para o ano 2015:

1 de xaneiro Aninovo
6 de xaneiro Día de Reis
20 marzo día seguinte a San Xosé
2 de abril Xoves Santo
3 de abril Venres Santo
1 de maio Festa do Traballo
25 de xullo Día Nacional de Galicia
15 de agosto A Asunción
12 outubro Día da Hispanidade
8 de decembro A Inmaculada
25 de decembro Nadal

2.1.1.5 Sindicatos e asociacións empresariais

As funcións desenvolvidas neste eido foron as seguintes:

- ▶ Efectuar o depósito e dar publicidade no BOP ou DOG das actas de constitución e dos estatutos de sindicatos e asociacións empresariais.
- ▶ Realizar o depósito e dar publicidade a través do BOP ou DOG de modificacións estatutarias e disolucións.
- ▶ Depositar outros acordos dos órganos competentes das asociacións sindicais e empresariais.
- ▶ A expedición de certificación de documentación en depósito.
- ▶ Emisións de certificacións de adquisición de personalidade xurídica ou sobre outros aspectos a solicitude de parte interesada.
- ▶ Resolucións de desistimento das solicitudes presentadas.
- ▶ Tramitación e coñecemento de reclamacións presentadas contra o depósito de estatutos.

As xefaturas territoriais da consellería teñen a competencia para a tramitación de asuntos relativos a asociacións empresariais e sindicais de ámbito provincial e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, para as de ámbito interprovincial.

Datos estatísticos:

Os cadros que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2014 segundo ámbito territorial, provincial ou interprovincial, tipo de asociación e natureza dos documentos depositados.

- ▶ **Constitución, modificacións e disolucións segundo o ámbito territorial.**

	Constitución	Modificacións
A Coruña	2	6

Lugo	0	4
Ourense	1	2
Pontevedra	6	4
Interprovincial e autonómico	3	24
Total	12	40

	Baixa por traslado	Disolucións	Total
A Coruña	3	1	4
Lugo	2	3	5
Ourense	0	0	0
Pontevedra	0	0	0
Interprovincial e autonómico	1	3	4
Total	6	7	13

► **Constitución, modificacións e disolucións segundo tipo de asociación.**

	Constitución	Modificacións
Asociacións empresariais	8	27
Organizacións sindicais	3	6
Federacións de asociacións empresariais	0	3
Federacións de organizacións sindicais	1	1
Confederacións de asociacións empresariais	0	0
Confederacións de organizacións sindicais	0	3
Total	12	40

	Baixa por traslado	Disolucións	Total
Asociacións empresariais	5	7	13
Organizacións sindicais	0	0	0
Federacións de asociacións empresariais	0	0	0
Federacións de organizacións sindicais	1	0	2
Confederacións de asociacións empresariais	0	0	0
Confederacións de organizacións sindicais	0	0	0
Total	6	7	13

2.1.1.6 Convenios colectivos

As funcións desenvolvidas neste eido foron as seguintes:

- Recibir as denuncias e comunicacións promovendo a negociación colectiva.
- Efectuar o depósito, rexistro e publicación no BOP e no DOG dos convenios colectivos, acordos de adhesión e outros acordos colectivos.
- Tramitar os procedementos de extensión de convenios colectivos.
- Mediar na negociación colectiva.

Para a tramitación e coñecemento de asuntos relativos á negociación colectiva de ámbito provincial son competentes os departamentos territoriais da consellería, e cando supere o dito ámbito, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Ademais dos datos referentes a convenios colectivos son obxecto de depósito, rexistro e publicación outros acordos e actos de natureza colectiva que, no seu caso, son tramitados pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Normativa de aplicación

O Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE n.º 143, do 12.06.2010 e CE BOE n.º 306, do 17.12.2010) derogaba a anterior lexislación e entrou en vigor o 1 de outubro de 2010. En virtude deste real decreto, publicouse a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro Telemático de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Datos estatísticos

Os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados da negociación colectiva do ano ano

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

2014, de acordo coa nova normativa, segundo ámbito territorial, convenios de sector ou de empresa, e clase de acordo sectorial, incluíndo información sobre o número de empresas e persoas traballadoras afectadas.

Distínguese entre novo acordo, é dicir, convenios dos que non existía un precedente e se rexistran por primeira vez, e texto novo, é dicir, aqueles dos que xa existía precedente e se rexistra o texto para un novo período.

► Convenios colectivos

Acordo comisión paritaria	5
Acordo derivado de convenio	9
Modificación convenio	3
Prórroga	6
Ultraactividade	7
Inaplicación	193
Total	223

► Novo acordo

	Empresa	Sector	Nºempresas	Nºtraballadores
A Coruña	21	0	22	795
Lugo	5	0	5	181
Ourense	1	0	1	9
Pontevedra	13	0	13	637
Ámbito autonómico	2	0	2	60
Total	42	0	43	1.682

► Texto novo

	Convenios de empresa		Convenios de sector	
	nº convenios	Empresas afectadas	nº convenios	Empresas afectadas
A Coruña	21	21	6	5.125

Lugo	7	8	5	993
Ourense	2	2	3	1.833
Pontevedra	54	54	5	1.944
Ámbito autonómico	5	5	1	55
Total	89	90	20	9.950

	Traballadores/as Convenios de empresa	Traballadores/as Convenios de sector	Total traballadores/as
A Coruña	1.616	4.4235	45.851
Lugo	445	6.580	7.025
Ourense	419	4.425	4.844
Pontevedra	5117	11.879	16.996
Ámbito autonómico	738	2.400	3.138
Total	8.335	69.519	77.854

2.1.1.7 Folgas e peches patronais

No que atinxe ás folgas e peches patronais, desenvólvense as seguintes funcións:

- Recibir as comunicacións das convocatorias de folgas e as comunicacións de peches patronais
- Realizar o seguimento das folgas e peches patronais comunicados.
- Remítir á autoridade competente por razón de materia as convocatorias de folgas que afectan servizos esenciais aos efectos do establecemento dos servizo mínimos.

As xefaturas territoriais da consellería realizan estas funcións, se o conflito afecta a unha soa provincia e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social cando afecta a dúas ou máis provincias da comunidade autónoma.


Datos estadísticos

Esta información achégase á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

En relación coas folgas e peches patronais, os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2014 con indicación das folgas de ámbito territorial.

- Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, realizadas, desconvocadas, sen participación. Ano 2014.

	Convocadas	Realizadas*	Desconvocadas	Sen participación
A Coruña	125	61	64	-
Lugo	19	4	15	-
Ourense	8	5	3	-
Pontevedra	63	26	37	-
Ámbito autonómico	13	5	8	-
Total	228	101	127	-



(*) Enténdese por folgas realizadas no ano, tanto as iniciadas ao longo do dito ano, como as que comezaron nalgún mes do ano anterior e que continuaron abertas ao longo daquel.

2.1.1.8 Conciliacións individuais e colectivas

En canto a conciliacións individuais e colectivas, desenvólvense as seguintes funcións:

- Xestionar e instruír os procedementos e o desenvolvemento das funcións de mediación, arbitraje e conciliación.

As xefaturas territoriais da consellería realizan estas funcións, se o conflito afecta a unha soa provincia e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social cando afecta a dúas ou máis provincias da comunidade autónoma.

Datos estadísticos

No exercicio 2013 iniciouse un novo sistema de recollida de datos, a nivel de todo o Estado español, que implica o seu tratamento e depuración polo departamento informático do Ministerio de Emprego e Seguridade Social co fin de coordinar a todos os departamentos das distintas comunidades autónomas e, unha vez procesados os datos, ofrecer información contrastada e comparable.

As estatísticas, unha vez elaboradas, figuran ao dispor de toda a cidadanía, por mes e desagregadas por comunidades autónomas, no seguinte enlace:

<http://www.empleo.gob.es/estadisticas/MAC/Welcome.htm>



2.1.1.9 Empresas de traballo temporal

As actuacións administrativas correspondentes a esta área foron as seguintes:

- ▶ Autorización administrativa para actuar como empresa de traballo temporal
- ▶ Reinicio de actividades.
- ▶ Nova autorización, por cambio de ámbito territorial de actuación.
- ▶ Comprobación da actualización da garantía financeira: as empresas teñen que constituír unha garantía financeira á disposición da autoridade laboral, que lles concede a autorización, que ten como finalidade responder das obrigas salariais e da Seguridade Social das persoas traballadoras postas á disposición das empresas usuarias, e actualízala anualmente.
- ▶ Liberación da garantía financeira.
- ▶ Inscricións e anotacións no rexistro: autorizacións, relación de contratos de posta á disposición (mensualmente), cambios de titularidade e de domicilio da empresa, cambio das persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, apertura de novos centros de traballo, actualización da garantía financeira, cese da actividade como empresa de traballo temporal.
- ▶ Manifestacións e certificacións dos asentos rexistrados


Todas as anteditas funcións sinaladas están adscritas á, nese momento, Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, respecto das empresas de ámbito autonómico por competencia propia, e das de ámbito provincial en virtude de advocación.

Datos estatísticos


En desenvolvemento da liña de colaboración e coordinación entre administracións públicas, intercámbiase información dos datos estatísticos de empresas en conexión coa web do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Os cadros que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2014 con expresión de:

- ▶ **Persoas traballadoras postas a disposición polas empresas de traballo temporal, segundo ámbito provincial. Ano 2014.**



- ▶ **Contratos de posta a disposición realizados nas empresas autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais. Evolución 2008-2014.**



- ▶ **Contratos de posta a disposición realizados polas empresas autorizadas pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, segundo o ámbito territorial provincial e a súa causa. Ano 2014**

	Causa do contrato					Total
	Realización obra ou servizo determinado	Eventual por circunstancias de produción	Interinidade por reserva de posto de traballo	Interinidade por proceso de selección ou promoción	Formación e aprendizaxe	
A Coruña	1.411	762	253	6	0	2.432
Lugo	450	761	758	0	0	1.969
Ourense	586	193	10	0	0	789
Pontevedra	5.064	5.595	147	4	2	10.812
Total	7.511	7.311	1.168	10	2	16.002

2.1.1.10 Eleccións sindicais

A Comunidade Autónoma de Galicia ten transferida a competencia nesta materia a través do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, e venlle imposta a obriga de dotación das Oficinas Públicas de Rexistro, Depósito e Publicidade (OPR), así como de dar cumprimento das funcións que para elas establece a propia lei.

Entre as características relevantes cómpre subliñar:

- ▶ Tratamento do proceso como aberto no tempo.
- ▶ As Oficinas Públicas de Rexistro, Depósito e Publicidade (OPR) existentes.
- ▶ A introdución da institución da "Arbitrase" como forma de resolución dos conflitos e impugnacións que poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso, coa intención de desxudicializalo.

Derivadas desta imposición legal, son obrigas da Administración autonómica:

- ▶ Prover ás OPR dos medios materiais e humanos precisos para o seu correcto funcionamento, facendo un seguimento e coordinación das devanditas funcións levadas a cabo por estas.

- ▶ Posta a disposición dos árbitros e dos medios materiais e humanos necesarios para realizar as súas funcións, segundo se establece no artigo 76.3 parágrafo cuarto do Estatuto dos traballadores.
- ▶ Indemnizar os árbitros, designados conforme ao disposto no artigo 76 do Estatuto dos traballadores e nos apartados 2 e 3 do artigo 31 do Regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa, aprobado polo Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, (BOE nº 219, do 13.09.1994) polos laudos ditados nos procedementos arbitrais como forma de resolución das impugnacións presentadas en materia electoral.
- ▶ Celebración de xuntanzas coas centrais sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia, para o efecto do axeitado seguimento e desenvolvemento do proceso electoral.
- ▶ E todas aquelas funcións previstas no artigo 25 do Real decreto 1844/1994 e desenvolvidas polas OPR situadas nos departamentos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Datos estadísticos

Os datos que figuran a continuación reflicten os resultados do proceso electoral levado a cabo do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2014.

No devandito período foron efectivamente rexistradas nas oficinas públicas de rexistro, depósito e publicidade da Comunidade Autónoma de Galicia 959 actas.

O número total de representantes elixidos neste proceso electoral, segundo as actas efectivamente rexistradas, foi de 2.423 delegados, dos que 874 corresponden á provincia da Coruña, 209 á de Lugo, 335 á de Ourense e 1.005 á de Pontevedra.

A participación electoral no período foi de 60.514 traballadores/as dun total de 79.056 electores/as. Destaca a gran participación nas catro provincias, situada en máis do 76% de media.

No referente ás impugnacións presentadas nas OPR da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014, cómpresinalar que se presentaron un total de 137. Realizáronse 8 desistimentos e ditáronse 127 laudos.


En función desta valoración global do proceso electoral, facilítanse datos estadísticos comprensivos de:

- [Distribución provincial dos avisos previos, actas rexistradas, representantes elixidos/as segundo as actas rexistradas do 1 de xaneiro de 2014 a 31 de decembro de 2014, sobre o total de representantes con mandato nese período.](#)

	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas rexistradas	Representates elixidos
A Coruña	474	351	871
Lugo	142	91	209
Ourense	227	139	335
Pontevedra	508	378	1.004
Total	1.351	959	2.419

- [Distribución provincial da participación electoral, desde o 01.01.2014 ao 31.12.2014](#)

	Traballadores afectados	Traballadores participantes	Porcentaxe de participación
A Coruña	28.598	20.765	72,61
Lugo	6.548	5.022	76,70
Ourense	8.164	6.522	79,89
Pontevedra	35.758	28.215	78,91
Total	79.068	60.524	76,55



- [Representantes elixidos/as sobre as actas rexistradas no ano 2014](#)

	UGT	CIG	CC.OO	Outros	Total
A Coruña	224	237	208	205	874
Lugo	71	29	61	48	209
Ourense	109	95	69	62	335
Pontevedra	295	275	264	171	1.005
Total	699	636	602	486	2.423

- [Impugnacións, desestimacións e laudos no ano 2014](#)

	Impugnacións presentadas	Desistimentos	Laudos ditados	Impugnacións pendentes
A Coruña	60	1	59	0
Lugo	12	3	9	0
Ourense	25	0	25	0
Pontevedra	40	4	34	2
Total	137	8	127	2

2.1.1.11 Rexistro de Empresas Acreditadas no Sector da Construción (REA)

O Rexistro de Empresas Acreditadas (REA) ten como obxectivo o de acreditar que as empresas que operan no sector da construción cumpren os requisitos de capacidade e de calidade da prevención de riscos laborais. Toda empresa que pretenda ser contratada ou subcontratada para traballos nunha obra de construción deberá estar inscrita no rexistro de empresas acreditadas da autoridade laboral onde estea situado o domicilio social da empresa.

As empresas estranxeiras tamén deben inscribirse na autoridade laboral onde se vaian desprazar, por primeira vez, as persoas que vaian desenvolver os traballos de construción.

Esta inscrición en calquera das autoridades laborais do Estado español é válida para todo o territorio por un período de tres anos.

Na Autoridade Laboral de Galicia o trámite realízase, exclusivamente, por medios telemáticos a través da páxina <http://rea.mtin.es>.

Normativa de aplicación

Este rexistro creouse en desenvolvemento da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción. (BOE n.º 250, do 19.10.2006) e o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006. (BOE n.º 204, do 25.08.2007).

Para a súa posta en marcha na nosa comunidade autónoma, publicouse a Orde do 15 de maio de 2008 pola que se crea o Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia para intervir no proceso de contratación no sector da construción (DOG n.º 98, do 22.05.2008).

Datos estatísticos

Expedientes aprobados

	Tipo de empresa		Total
	Nacional	Desprazada	
Inscrición	1.125	36	1.161
Renovación	3.141	16	3.157
Modificación de datos	140	0	140
Cancelación	2.898	54	2.952
Cancelación de oficio	0	0	0
Total	7.304	106	7.410

2.1.1.12 Comunicación transnacional de traballadores

Para dar cumprimento ao establecido na Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de persoas traballadoras no marco dunha prestación transnacional, tramítase este procedemento, de xeito centralizado para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e poderá realizarse de xeito telemático mediante un certificado de firma dixital.

No caso de non dispoñer de certificado de firma dixital farase, igualmente, a través do portal web e remitirase o xustificante por correo ordinario. O portal web é: <https://trades.xunta.es>

O empresario que desprace traballadores/as a España, neste caso á Comunidade Autónoma de Galicia, no marco dunha prestación de servizos transnacional deberá comunicar o desprazamento, antes do seu inicio e con independencia da súa duración, á autoridade laboral española competente por razón do territorio onde se vaian a prestar os servizos.

Para os efectos da Lei 45/1999, segundo o establecido no artigo 2.1 enténdese por:

1. Desprazamento no marco dunha prestación transnacional: o efectuado a España, neste caso ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, polas empresas

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

incluídas no ámbito de aplicación da lei durante un período limitado de tempo en calquera dos seguintes supostos:

- a. O desprazamento dunha persoa traballadora por conta e baixo a dirección da súa empresa en execución dun contrato realizado entre esta e a destinataria da prestación de servizos, que estea establecida ou exerza a súa actividade en España.
- b. O desprazamento dunha persoa traballadora a un centro de traballo da propia empresa ou doutra empresa do grupo do que forme parte.

Para os efectos do parágrafo anterior, enténdese por grupo de empresas o formado por unha empresa que exerce o control e as empresas controladas nos termos do art. 4 da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos da información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria.

Nestes dous primeiros casos (a e b), non será necesaria a comunicación de desprazamento transnacional cando a duración deste desprazamento non supere os oito días.

- c. O desprazamento dun traballador por parte dunha empresa de traballo temporal para a súa posta a disposición dunha empresa usuaria que estea establecida ou que exerza a súa actividade en España.
2. Traballador desprazado: a persoa traballadora, calquera que sexa a súa nacionalidade, das empresas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 45/1999, desprazada a España, neste caso á Comunidade Autónoma de Galicia, durante un período limitado de tempo no marco dunha prestación de servizos transnacional, sempre que exista unha relación laboral entre tales empresas e a persoa traballadora durante o período de desprazamento.

Para os efectos das definicións anteriores, enténdese

incluída a persoa traballadora dunha empresa de traballo temporal posta a disposición dunha empresa usuaria no estranxeiro e desprazada temporalmente por esta a España no marco dunha prestación de servizos transnacional.

► Requisitos

Segundo o artigo 5.2 da referida Lei 45/1999, a comunicación de desprazamento conterá os datos e informacións seguintes:

- a. A identificación da empresa que despraza á persoa traballadora.
- b. O domicilio fiscal da dita empresa e o seu número de identificación a efectos do imposto sobre o valor engadido.
- c. Os datos persoais e profesionais das persoas traballadoras desprazadas.
- d. A identificación da empresa ou empresas e do centro ou centros de traballo onde as persoas desprazadas prestasen os seus servizos.
- e. A data de inicio e duración previstas do desprazamento.
- f. A determinación da prestación de servizos que as persoas desprazadas van desenvolver en España, neste caso no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con indicación do suposto que corresponda dos previstos no artigo 2.1.1.

Estes datos son os que figuran na solicitude que se pon ao dispor das empresas de xeito telemático (<https://trades.xunta.es>).



Segundo o artigo 5.3, non será esixible a comunicación cando os desprazamentos definidos nas letras a e b do artigo 2.1.1 teñan unha duración que non exceda dos oito días.

O artigo 5.5. determina que a Autoridade Laboral porá en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para os efectos que corresponda, as comunicacións de desprazamento que recibise.

► **Normativa de aplicación**

Ademais da antedita norma estatal, a Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación transnacional (BOE n.º 286, do 30.11.1999), a comunidade autónoma publicou a Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro (DOG n.º 130, do 06.07.2009)

► **Datos estatísticos**

Número desprazamentos	459
Total persoas traballadoras desprazadas	1.429
Media traballadores desprazados	3,1
Total días desprazamento	71.958
Media de días de deprazamento	156,8

2.1.2 Liñas de axudas e subvencións.

2.1.2.1 Subvencións directas ás centrais sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 10 de abril de 2014 regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2014 (DOG n.º 75, do 21.04.2014) e nela anúncianse os seguintes tipos de axudas:

► **Programa I**

Axuda para o desenvolvemento das actividades ordinarias das centrais sindicais durante o ano 2014, coa finalidade de facilitarlles axudas económicas ás centrais sindicais con representación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para as actividades que lles son propias.

► **Programa II**

Axuda para promover o funcionamento de gabinetes técnicos das centrais sindicais e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

► **Subvencións concedidas ás centrais sindicais no exercicio 2014.**

	N.º de entidades beneficiarias	Contías concedidas
Programa I	15	830.000,00
Programa II	5	340.000,00
Total	20	1.170.000,00

2.1.2.2 Axudas para implantar a responsabilidade social empresarial e a igualdade nas pemes

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, a consecución da inserción laboral en clave de igualdade laboral convértese nunha das claves para facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que este é un dos ámbitos onde, ata o de agora, foi máis visible a desigualdade.

Con este fin ditouse a Orde do 12 de xuño de 2014, (DOG núm. 119, do 25.06.2014), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2014.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión das axudas dirixidas a implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e para o fomento da igualdade laboral a través da implantación de plans de igualdade, da eliminación da infrarrepresentación feminina ou da garantía da conciliación da vida familiar e laboral. Considérase Peme a empresa que emprega menos de 250 traballadores e traballadoras, que non supera os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou que o seu balance anual é inferior a 43 millóns de euros.

As actuacións subvencionables desagregáronse nas seguintes liñas de actuación:

► Liña I. Axudas para implantar a RSE nas empresas galegas.

Axudas para implantar a RSE nas empresas galegas: asistencia a actividades formativas en materia de elaboración de informes de RSE ou memorias de sustentabilidade.

► Liña II. Axudas para o fomento da igualdade laboral.

► Liña II. Programa I

Axudas para a implantación de plans de igualdade nos termos e nos ámbitos definidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72, do 13.04.2007) tanto de xeito voluntario como en cumprimento da obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa. Polo tanto, non será de aplicación ás empresas coa obriga legal de implantar plans de igualdade, segundo o establecido no artigo 45.2º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo (BOE nº 71, do 23.03.2007 e versión galega suplemento nº 9, do 29.03.2007).

► Liña II. Programa II

Axudas para investimentos tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

► Liña II. Programa III

Axudas para os investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, garderías, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas para garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

► Axudas para o implantar a responsabilidade social empresarial e para o fomento da igualdade laboral concedidas no exercicio 2014

	N.º de entidades beneficiarias	Contías concedidas
Liña I	45	90.206,24
Liña II. Programa I	18	49.768
Liña II. Programa II	1	6.210
Liña II. Programa III	2	18.895,04
Total	66	165.079,28

2.1.2.3 Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas


Mediante a Orde do 27 de agosto de 2014 (DOG nº 169, do 05.09.2014) ditáronse, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, polo que se establecen as normas especiais para a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema de Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

As subvencións reguladas pola antedita orde teñen por obxecto facilitar unha cobertura económica ás persoas traballadoras afectadas por procesos de extinción de relacións de traballo, por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sempre que cumpran os requisitos e condicións nela esixidos, en tanto non accedan á situación de xubilación, na súa modalidade contributiva, no sistema da Seguridade Social.

- ▶ No ano 2014 houbo 3 solicitudes para un total de 51 persoas traballadoras beneficiarias das axudas, cunha contía global concedida de 2.088.297,04 euros.

2.1.3 Actuacións no eido das relacións laborais.

2.1.3.1 Proxecto FEAG- Empreganav.



Este proxecto foi o segundo que se lle concedeu á Comunidade Autónoma de Galicia dentro da convocatoria FEAG (Fondo Europeo de Adaptación á Globalización). Empreganav foi resultado da solicitude presentada pola Xunta de Galicia, de data 28 de decembro de 2011, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento, ditándose o 25 de outubro de 2012 a Decisión do Parlamento Europeo e do Consello Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 euros.

O motivo de presentar esta solicitude fundaméntase en que o proceso de globalización que afecta a economía en xeral, e tamén a crise, estivo e está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia, sendo os beneficiarios do proxecto as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, cuxo despido fora motivado por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011. O obxectivo deste proxecto foi o de poder proporcionar un conxunto de actuacións: sensibilización, orientación laboral, formación, inserción etc. que dean resposta urxente e palién a situación que se produciu en Galicia neste sector, co fin último de mellorar a empregabilidade destas persoas e da súa reinserción no mercado laboral.

O investimento total do proxecto ascende a 3,1 millóns de euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda non reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%. Este cofinanciamento é asumido conxuntamente polas Consellerías de Traballo e Benestar e de Economía e Industria.

Durante o ano 2014, último dos exercicios de execución do proxecto, e ao igual que o ano anterior, FEAG-Empreganav executouno a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval

do diálogo social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UGT, MCA-UGT. Ademais, contou coa participación da Fundación Galega do Metal- FORMEGA, e as actividades cos traballadores despedidos no sector naval tiveron como misión mellorar a formación e a cualificación dos profesionais do sector do metal de Galicia, e consistiron na formación, na orientación laboral, e na mellora da empregabilidade e inserción laboral.

2.1.3.2 Órganos de participación e grupos de traballo

Esta dirección xeral forma parte de órganos de participación así como de diversas comisións e grupos de traballo, tanto no seo da Xunta de Galicia como en coordinación con outras administracións como os seguintes:

- ▶ Órganos de participación
 - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
 - Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral
 - Comisión consultiva tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia
 - Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social
 - Comisión Nacional para a Racionalización dos Horarios Españois.
 - Consello Estatal de Responsabilidade Social Empresarial (CERSE)
 - Diversas comisións interdepartamentais

2.1.4 Actuacións no eido da RSE

2.1.4.1 Grupo de representación empresarial en materia de responsabilidade social empresarial (GREG_RSE).

Dende o 2 de xullo de 2012, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, promove este grupo, GREG_RSE, for-

mado, actualmente, por un total de 14 grandes empresas galegas, que amosaron a súa aposta e compromiso por impulsar a RSE a través deste proxecto. Dende entón viñéronse realizando actividades co fin de impulsar un novo modelo de negocio máis ético, máis transparente e máis sensibilizado co contorno e de transmitir esta forma de xestionarse empresarialmente baixo o modelo de RSE.

No marco deste proxecto, o 30 de maio de 2014, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, xunto co grupo empresarial, levou a cabo, en Santiago de Compostela, o Encontro “A RSE na cadea de valor” no que se expuxeron diferentes perspectivas e visións sobre como lograr integrar valores asociados á RSE ao longo de toda a cadea de valor. Así mesmo incorporáronse ao grupo dúas novas empresas galegas: Grupo Profand e Aguas de Mondariz-Fuente del Val, S.L.

Os traballos deste grupo contan co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) e o que persegue é posicionar as empresas galegas como referente en materia de RSE. Trátase dunha iniciativa pioneira, tanto en Galicia como no Estado, xa que é a primeira vez que se inclúen medidas como a titoría das grandes empresas ás pemes e, derivado desa titoría, o desenvolvemento de axendas de traballo comúns adaptadas ás realidades das pequenas e medianas empresas e, ao mesmo tempo, a creación dunha axenda de traballo común na que se incluíron os asuntos que ambas partes consideraron como prioritarios á hora de implantar a RSE.

2.1.4.2 Curso de posgrao sobre integración europea, goberno corporativo e responsabilidade social das empresas. CERGI.

O Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do Investidor da USC (CERGI) é un centro mixto, entre a USC e a Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar), que desenvolve labores de inves-

tigación, formación e difusión nas materias obxecto das súas liñas de investigación. O CERGI organizou en 2014 o XI Curso de integración europea, goberno corporativo e responsabilidade social das empresas, no que a conselleira participou activamente a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

2.1.4.3 Curso de xestión sostible e responsabilidade social na administración pública

A Dirección Xeral de Traballo E Economía Social encargouse de organizar o Curso de xestión sostible e responsabilidade social na administración pública, impartido en maio de 2014 na EGAP, no marco do Plan de formación continua da Xunta de Galicia, como xeito de analizar o rol que ten a administración pública e o seu persoal para a implantación da responsabilidade social.

2.1.4.4 Divulgación e promoción



1 WEB (<http://rse.xunta.es>) e redes sociais sobre RSE

A través da páxina web <http://rse.xunta.es> insírense diariamente spots, folletos, carteis, estudos, informes, contactos, información variada, ligazóns a páxinas de interese, etc. sobre a responsabilidade social empresarial (RSE). Ademais, inclúe un apartado específico para o Observatorio permanente da RSE de Galicia.

Difusión e promoción da responsabilidade social empresarial nas redes sociais mediante un Blog con dominio propio e con enlaces con Facebook, Twitter, LinkedIn e Youtube.

Os enlaces ás redes sociais e ao blog tamén se poden atopar na páxina web da RSE.

2 Guías para a implantación da RSE

2.1. *Guía RSE para o sector conserveiro de peixes e mariscos.* Foi a segunda das guías sectoriais, despois da publicada en 2013 para o sector textil. Nela, pódese atopar resposta ás preguntas máis comúns sobre RSE, ferramentas xerais e sectoriais para incorporar a responsabilidade social, iniciativas, proxectos, institucións relacionadas e outra información de interese.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/GuiaRSEConserva_GALL-PUBLICAR.pdf



2.1 RELACIÓNS LABORAIS

2.2 En 2014, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, en colaboración coa Amtega, elaborou e publicou esta guía sobre como implantar a RSE nas empresas do sector TIC.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/guia_boas_practicas_sector_tic_galego_gal_.pdf



2.3 *Guía RSE para o sector da madeira.* No ano 2014 a Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración co Cluster da Madeira de Galicia (CMA), elaborou e publicou a Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE na cadea

de valor da madeira en Galicia, que ten como obxectivo converterse nun manual básico de referencia para a posta en marcha de actuacións rresponsables e estratexicamente competitivas por parte das organizacións que forman parte do sector da madeira en Galicia. Esta guía foi presentada no marco dunha xornada o 15 de maio de 2014, que tivo lugar en Santiago de Compostela, na sede de MUPEGA, e que foi organizada polo Cluster da Madeira co apoio da Dirección xeral de Traballo e Economía Social.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/guia_boas_practicas_sector_tic_galego_gal_.pdf



2.4. Guía de investimento socialmente responsable, deseñouse unha web específica para difundir o programa de fomento de iniciativas de investimento responsable www.inversionresponsable.org e elaborouse esta guía que se presentou nunha xornada en Santiago de Compostela, no Centro de Novas Tecnoloxías, o 25 de abril de 2014.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Guia_integracion_criterios_ASG_GAL.pdf



www.inversionresponsable.org



2.1.4.5 XUNTA PRO-RSE

<http://rse.xunta.es>



É unha ferramenta software, elaborada pola Consellería de Traballo e Benestar que facilita ás empresas introducir a xestión da responsabilidade social empresarial (RSE) nas súas estratexias e operacións e lles permite mellorar a súa competitividade posto que lles facilita responder ás novas esixencias da sociedade e dos mercados internacionais, o que lles axuda a mellorar o seu desempeño nos ámbitos social e ambiental.

As súas funcionalidades permiten que as empresas que non se teñen iniciado neste campo elaboren un diagnóstico que lles permita coñecer a súa situación e lles trace unha folia de ruta para dar os primeiros pasos.

Nun segundo nivel, ou para empresas xa máis avanzadas, a ferramenta permitirá integrar todos os proxectos de RSE que se desenvolvan, as súas características e indicadores de seguimento, facilitando con isto a xestión e a consecución de obxectivos. Esta funcionalidade dispón de flexibilidade para calquera tipo de empresa, de calquera sector.

Este programa informático pode aforrar importantes custos a aquelas empresas que xa estean inmersas nestas cuestións ou que teñan que emitir informes para clientes

ou outros grupos de interese. Dende finais do ano 2012 está aloxada na web de RSE e pódese baixar de xeito gratuito solicitando a súa descarga a través da dirección: <http://rse.xunta.es>. No ano 2014, a consellería elaborou unha nova versión de Xunta PRO-RSE que se caracteriza por un funcionamento máis simple e por estar adaptada á nova versión G4 de GRI, principal estándar internacional para a elaboración de informes de sustentabilidade, xa que, despois de 2015, todas as empresas que reporten segundo o estándar GRI deberán facelo atendendo a versión G4, non obstante, se quere ter acceso á primeira versión de Xunta PRO-RSE, que permite dar resposta a G3.1, pode solicitala no correo electrónico: responsabilidadesocialempresarial@xunta.es.

2.1.4.6 Rede transrexional RSE

Dende ano 2012 púxose en marcha a creación dunha rede transrexional de entidades a través da posta en común de recursos compartidos en materia de responsabilidade social empresarial (RSE), permitindo a configuración dun punto de encontro e de referencia na materia, a nivel transrexional.

O obxectivo xeral deste proxecto é definir novas metodoloxías de traballo, compartir experiencias dos territorios que conforman a rede e propiciar a súa transferencia e posta en común, na que a Administración autonómica galega asume un rol de dinamizadora proactiva, en materia de RSE.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, é a que está asumindo o rol de coordinadora das distintas actuacións, proporcionando a súa capacidade, coñecemento e experiencia a nivel rexional na materia e conta cos seguintes socios: Goberno de Navarra, Cabildo Insular de Tenerife e Uniminho, tendo asinado o 5 de xuño de 2012 o Protocolo de colaboración para o desenvolvemento do proxecto "Red Transrexional de Impulso de la RSE" da convocatoria do programa operativo do FSE 2007-2013 Galicia.

Durante o ano 2014 leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Elaboración dun Estudo sobre a situación da RSE e o sector TIC, nos diferentes territorios que integran a RSE.
- Elaboración dunha Guía de RSE e as TIC.
- Celebración da Xornada RSE e as TIC, que tivo lugar o día 15 de decembro de 2014, organizada pola Consellería de Traballo e Benestar e na que participaron xunto coa Amtega, pemes das distintas rexións socias da rede, co fin de fomentar a responsabilidade social empresarial nas empresas do sector TIC.

2.1.4.7 A RSE e o Sector TIC.

O 15 de decembro de 2014 nas instalacións do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, aproveitando a celebración da Xornada RSE e as TIC enmarcada na iniciativa pública transrexional Rede Transrexional de Impulso da RSE promovida pola Consellería de Traballo e Benestar, presentouse a Guía RSE-TIC. Esta guía foi elaborada como froito dun protocolo de colaboración entre a Dirección

Xeral de Traballo e Economía Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), dentro do programa de Voluntariado Dixital, e ten, como un dos obxectivos principais, o de dotar dunha base común para facilitar a aplicación da RSE por parte das empresas do sector e explorar alternativas de mellora da xestión das súas organizacións.

2.1.4.8 Proxecto Start-Up/Stand UP.

O 26 de novembro de 2013, o proxecto Start Up/Stand Up foi seleccionado para formar parte da Campaña 2013-2015 de Enterprise 2020, sendo enmarcado no eixe temático de Habilidades para o Emprego. Trátase dun proxecto que decide impulsar a Consellería de Traballo e Benestar no que se pretende reunir as “Start Up” galegas xunto con mozos/as galegos/as que desexan iniciar o seu camiño no mundo laboral, para facer da RSE un punto de encontro.

No ano 2014 o programa StartUp, StandUp! tivo como resultado a posta en marcha dun grupo de empresas galegas de recente creación que, nos próximos meses, colaborarán con estudantes galegos co fin de avanzar de forma conxunta na RSE empresarial, dun xeito moi práctico e accesible.

O 9 de decembro de 2014, na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo, tivo lugar o acto de firma entre a Xunta, e representantes de StartUp’s participantes, así como dos representantes dos mozos e mozas que integran o Máster universitario en administración integrada de empresas e RSC da Universidade de Vigo e que supuxo o punto de partida de lanzamento do programa.

2.1.5 Seguridade e saúde laboral

<http://traballo.xunta.es/portada-prevencion-riscos-laborais>



A saúde e seguridade laboral constitúe unha materia específica das relacións laborais. Maníféstase como unha área prioritaria de cara a adoptar unha estratexia enfocada ao benestar no traballo, tanto no aspecto físico como no mental e social. A este respecto, cómpre ter en consideración a importancia dos cambios rexistrados no mundo do traballo, a emerxencia de novos riscos, especialmente de carácter psicosocial, as taxas de sinistralidade, a consolidación dunha cultura de prevención de riscos, o establecemento dunha política eficaz de seguridade e saúde no traballo como factor competitivo, a responsabilidade social corporativa e a participación de todas as partes na realización da estratexia.

Mediante o Decreto 128/2014, do 25 de setembro (DOG nº 194 do 10 de outubro de 2014) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social ten atribuída a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en seguridade e saúde laboral, canalizadas a través do Servizo de Relacións Laborais, que desenvolverá as seguintes funcións:

- ▶ A promoción, coordinación e execución das competencias da Comunidade autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e á consellería competente no referente a traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación da técnica mineira.
- ▶ A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións a entidades formativas para impartir formación en materia de prevención de riscos laborais, de acordo coa normativa vixente en cada momento.
- ▶ A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións dos servizos de prevención alleos e auditorías de prevención.
- ▶ A tramitación, xestión e seguimento dos programas de axudas a entidades para a mellora das condicións de seguranza e saúde laboral.
- ▶ Todos aqueles asuntos ou materias que, pola súa natureza análoga, lle sexan encomendados

No exercicio das funcións referidas, desenvólvense na área de seguridade e saúde laboral actuacións de promoción, asistencia e cooperación técnica, información, sensibilización, divulgación, formación e investigación en materia preventiva.

Eixes de actuación:

2.1.5.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

Os datos globais da xestión das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral ao longo do 2014, foron as seguintes:

2.1.5.1.1 Acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención alleos ás empresas

As entidades especializadas que tenten actuar como servizo de prevención deberán formular solicitude para a súa acreditación como tal, ante a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social no suposto de que radiquen en Galicia as súas instalacións principais.

Na solicitude de acreditación deberán facer constar os datos consignados no artigo 23 do Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE núm. 27, do 31.01.1997) e na Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro (BOE núm. 235, do 28.09.2010).

A publicación do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención (BOE núm. 158 do 4.7.11) supón unha modificación das condicións que os servizos de prevención alleos teñen que cumprir no referente aos servizos sanitarios que prestan.

- ▶ Os servizos de prevención alleos que están acreditados pola Comunidade Autónoma de Galicia son a 31/12/2014 un total de 19

2.1.5.1.2 Autorización de persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas

O artigo 30 do Regulamento dos servizos de prevención define a auditoría como un instrumento de xestión que ten que incluír unha avaliación sistemática, documentada e obxectiva da eficacia do sistema de prevención. Deberá ser realizada de acordo coas normas técnicas establecidas e tendo en conta a información recibida polas persoas traballadoras. No artigo 32 desta norma establécese que a au-

ditoría deberá ser realizada por persoas físicas ou xurídicas que posúan un coñecemento suficiente das materias e dos seus aspectos técnicos e conte cos medios axeitados.

- As persoas ou entidades especializadas que tenten desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social no caso de que radiquen en Galicia as súas instalacións principais. En síntese, a solicitude de autorización deberá incluír as condicións mínimas establecidas no capítulo III da Orden TIN/2504/2010, do 20 de setembro (BOE nº 235 do 29.09.2010).

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, logo dos informes solicitados á Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social e aos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, ditará a resolución que proceda.

Ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real decreto 39/1997 (BOE nº 27, do 31.01.1997), en cada comunidade autónoma existirán rexistros administrativos nos que serán inscritas as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención e as persoas e entidades autorizadas para desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas. Estes rexistros deberán estar interconectados cos correspondentes das comunidades autónomas e da Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. As comunicacións dos datos dos servizos acreditados comunicaranse mediante este procedemento electrónico, de acordo co establecido na Orde TIN/2504/2010, polo que desaparece a notificación escrita das modificacións das acreditacións.

2.1.5.1.3 Rexistro de Coordinadores/as en materia de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción.

O 29 de xullo de 2008 publicouse no DOG o Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de Coordinadores e Coordinadoras en materia de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción. O obxecto deste regulamento é a creación dun rexistro público, de fácil acceso e de carácter voluntario, de natureza administrativa, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, para incentivar a cualificación dos profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción así como para promover a súa formación na materia.

A finalidade deste rexistro é dispor dunha listaxe de profesionais capacitados e cualificados para exercer a súa función como coordinadores en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

O devandito rexistro será único para coordinadores que sexan competentes para actuar como coordinador en materia de seguridade e saúde nas obras de construción de acordo coa normativa vixente coas súas competencias e especialidades e que contén ademais con formación preventiva especializada conforme o programa formativo recollido no anexo I deste decreto.

Para o desenvolvemento do decreto, o 12 de abril de 2013 publícase a Orde do 25 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do Curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción (DOG núm. 71, do 12.04.2013). Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento que se deberá seguir

para obter a acreditación como entidade formativa para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, que poida ser impartida en centros acreditados pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar.

- ▶ Durante o ano 2014, acreditáronse ao abeiro desta orde, un total de 1 entidade formativa correspondente a un centro formativo, estando en tramitación 1 expediente e inscribíronse 16 técnicos como coordinadores no rexistro, sobre un total de 36 solicitudes. Denegáronse 4 solicitudes de inscrición, 16 desistidos, e non se atopa ningunha solicitude en trámite.

2.1.5.1.4 Notificación de condicións de exención de auditoría do sistema de prevención.

O Regulamento dos servizos de prevención establece que as empresas de ata 50 traballadores cuxas actividades non estean incluídas no anexo I que desenvolvan as actividades preventivas con recursos propios e nas que a eficacia do sistema preventivo resulte evidente sen necesidade de recorrer a unha auditoría polo limitado número de traballadores e a escasa complexidade das actividades preventivas, considerárase que cumpriron a obriga da auditoría cando cumpran e remitan á autoridade laboral unha notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer a esta.

- ▶ En 2014 foron 74 notificacións rexistradas e denegáronse 10

2.1.5.1.5 Asesoramento público ao empresario

O Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT) vén de establecer un programa de asesoramento público ao empresario en colaboración coas comunidades autónomas que permite que todos aquelas persoas empresarias que, de acordo co artigo 30 da Lei de prevención de riscos laborais desempeñen directamente a actividade preventiva, poidan beneficiarse dun sistema en liña de asesoramento para o cumprimento das súas obrigas. Correspóndelle a esta dirección xeral a colaboración na promoción deste programa, así como a resolución das dúbidas sobre aspectos preventivos que poidan xurdir nas fases de planificación e seguimento da actividade preventiva.

2.1.5.1.6 Axudas ao fomento da prevención de riscos laborais

O DOG nº 61 do 28 de marzo de 2014 publicou a Orde do 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014, cun orzamento total de **1.490.000 euros**.

O resultado da tramitación da orde foi o que segue:

Entidades solicitantes de axudas	70
Proxectos para os que se solicita axuda	153
Entidades ás que se lles concedeu axuda	54
Proxectos aos que se lles concedeu axuda	123

2.1.5.2 Intituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. ISSGA

As principais actividades do ISSGA durante o 2014 desenvólvense ao amparo do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

A Comisión de Goberno, na súa reunión do 11 de decembro de 2013 aproba o Plan de actividades 2014, concreta as súas tarefas para este período e establece as liñas de actuación para o dito período no contexto do cumprimento dos obxectivos determinados no dito Plan estratéxico 2011-2014.

A participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA, pon de manifesto que as actividades recollidas nesta memoria deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

No artigo 13 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, establécese que con periodicidade anual se elaborará unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control deste organismo. Mandato que se cumpre coa elaboración dun documento que, sen pretender ser exhaustivo, recolle o que consideramos fundamental do noso traballo no ano 2014, e estrutúrase en sete puntos: a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, o directorio e os anexos.

O 2014 foi o derradeiro ano de execución da estratexia galega, o que incidiu directamente na planificación do ISSGA, que tivo que asumir neste ano todas aquelas actuacións previstas e non rematadas.



Confiamos en que todo este traballo teña continuidade e que axude a pór en valor a necesaria asunción, e máis nestes tempos de crise, da prevención de riscos laborais por parte do tecido empresarial, dos traballadores e das traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega, para evitar custos incompatibles co dereito ao traballo nun estado de benestar.

Estrutura e organización

- ▶ A Lei 14/2007, de creación do ISSGA (DOG nº 221 do 15.11.2007), desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 02.01.2015), aproba os seus estatutos.

Actividade institucional

2.1.5.2.1 Actuación técnica

► Tarefas de investigación e asistencia técnica (Art. 3 parágrafo 2b Lei 14/2007)

Lévanse a cabo co obxecto de determinar as causas de accidentes, para evitar a súa recorrencia e mesmo como base técnica para asignar responsabilidades.

► Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Ademais, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar e a súa conseguinte depuración.

	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	17	28	8	53
Construción	4	74	7	85
Industria	4	113	36	153
Servizos	3	41	19	63
Agricultura	3	53	11	67
Total	31	309	81	421

► Investigación de accidentes consonte o Convenio coa Fiscalía (Plan Estratégico, obxectivo 8, acción 3)

En virtude do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Ministerio Fiscal de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e

das traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, e invéstíganse, a requirimento e con presteza, os accidentes que puidesen dar lugar á esixencia de responsabilidades penais.

	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	-	-	-	-
Construción	6	11	4	21
Industria	6	5	2	13
Servizos	1	3	-	4
Agroforestal	3	2	-	5
Totais	16	21	6	43

► Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social publicouse no Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro (BOE nº 302, do 19.12.2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

	Totais	Visitas	Informes
Enfermidades profesionais causadas por axentes químicos	8	8	6
Enfermidades profesionais causadas por axentes físicos	113	90	103
Enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos	84	27	46
Enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros apartados	90	54	64
Enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros apartados	31	25	30
Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos	2	1	2
Total	328	205	251

▶ **Actuacións dos técnicos habilitados**

Dispónse de doce prazas de técnicos habilitados pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo e Benestar.

	Nº de visitas
Construción	386
Hixiene	206
Industria	10
Medicina	-
Pesca	58
Total	660

▶ **Asistencia técnica a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencia prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)**

A análise das condicións de traballo é un importante labor técnico do ISSGA, que se realiza por requirimento de xuíces e tribunais, inspección de traballo, outras administracións públicas e empresas e traballadores e as súas organizacións representativas.

	Total
De empresas ou asociacións empresariais	19
De traballadores ou sindicatos	25
De administracións	233
Da ITSS	158
Outras	12
Accións conxuntas coa ITSS	172
Actuacións nos xulgados	70
Totais	689

▶ **Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral**

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio, e mesmo ten asumida, para obter unha maior dilixencia e efectividade, a xestión de determinados procedementos administrativos.

▶ **Amianto**

Rexistro de empresas con risco de amianto (RERA), autorización, control e seguimento de plans de traballo, desenvolvendo todo o traballo técnico e administrativo ata a resolución do expediente.

O ISSGA ten encomendadas estas funcións na Orde do 2 de decembro do 2008.

Plans aprobados	305
Plans denegados	45
Traballos notificados (Plan aprobados en Galicia)	1.365
Altas empresas RERA	46
Baixas empresas RERA	1

▶ **Informes técnicos emitidos**

Para que a autoridade laboral fundamente as súas resolucións de autorización ou acreditación de entidades nos seguintes casos:

Informes sobre entidades formativas	55
Informes sobre servizos de prevención	1

▶ **Asesoramento (art. 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)**

En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

▶ **Seguimento de grandes obras de construción, co seguinte esquema territorial**

- A Coruña: Aeroporto de Alvedro, terceira rolda da Coruña, autovía de acceso A Coruña e conexión co aeroporto de Alvedro, Cidade da Cultura, variante de Noia, parque ofimático, acceso porto exterior da Coruña, Eixo Atlántico de alta velocidade, variante de Padrón, ampliación do CHUAC, rehabilitación da fábrica de tabacos e peatonalización da Marina na Coruña.
- Lugo: Autoestrada A-54 Lugo-Santiago, corredor Sarria-Monforte, corredor de alta capacidade da Costa Norte, colectores xerais do río Miño en Lugo, auditorio de Lugo, liña moi alta tensión 400kV Boimente-Pesoz, gaseoducto de transporte básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro).
- Ourense: obras do AVE.
- Pontevedra: : Eixo Atlántico, vía alta capacidade Tui-A Garda, Aeroporto de Vigo, novo hospital de Vigo, e nova depuradora de Vigo.

	Nº de actuacións
Visitas	109
Actuacións	206
Requirimentos	23
Xuntanzas	31
Investigación de accidentes	12
Nº de empresas	531

▶ Plan Sectorial de Pesca

O sector da pesca é un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco, debido ás súas peculiaridades, entre as que cabe subliñar a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.

A prevención dos riscos deste sector presenta por tanto unha gran dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan a toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en alta mar.

No 2014 desenvolvéronse 859 actuacións de asesoramento neste sector.

Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído Plan estratéxico, obxectivo 6, acción 2)

As actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como ao desenvolvemento dunha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

▶ A cuantificación das accións segundo plans ou programas foi a seguinte

	Nº de actuacións
Programa sectorial construción	352
Programa sectorial pesca	859
Plan sectorial agrícola-gandeiro	102
Prevenção autónomos	182
Programa de loita contra a sinistralidade	141
Programa seguridade viaria	52
Estudo epidemiolóxico de veterinarios	41
Prevenção de riscos por sílice	8
Prevenção de riscos derivados de ATEX	-
Programa loita sobreesforzoss	74
Programa mulleres embarazadas, parto recente, lactación	55

▶ Outras actuacións técnicas

Encadradas no Plan de actividades do instituto para o 2014, tamén se desenvolveron as actividades que se indican a continuación:

	Nº de actuacións
Equipo de valoración de incapacidades (EVI), expedientes	288
Consultas escritas	337
Consultas verbais	2.611
Reunións de traballo	520
Reunións de grupos de traballo	61
Plans e estudos de seguridade na construción	8.085
Tratamento estatístico de partes de AT e EP	48.324
Elaboración de estudos sectoriais	-

► Accións formativas

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de trípticos coa oferta formativa anual.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/formacion/indice.html>



Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

Un dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña de 60 horas fíxose en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dedicando o apartado destinado a riscos específicos ás actividades de tempo libre.

Ademais, dentro destas accións formativas 104 cursos enmarcáronse no Programa de desenvolvemento rural sostible, aprobado polo Real decreto 752/2010, do 4 de xuño. Realizáronse, por unha banda, 15 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola (o tractor e os seus apeiros), 15 no manexo de

maquinaria forestal (a motoserra e a rozadoira), 15 no traballo en explotacións agrogandeiras, e 21 de primeiros auxilios e actuación ante emerxencias para traballadores e traballadoras do sector agrogandeiro e forestal. Por outra banda, realizáronse 16 talleres de prevención de riscos laborais en explotacións vitivinícolas, 9 en explotacións de gando vacún de leite, 1 en explotacións de gando vacún de carne, 1 en mecanización do cultivo de pataca e 2 en explotacións agrícolas de horta. Asemade, desenvóléronse 5 talleres sobre refresco na aplicación da normativa e boas prácticas para a seguridade e saúde laboral dirixidos a persoas traballadores do sector da pesca (4 para recolección de percebe desde embarcación e a pé e 1 para pesca extractiva). Por último, realizáronse 2 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de grandes máquinas agropecuarias, e 2 no uso sostible de produtos fitosanitarios e no manexo de maquinaria profesional de aplicación de fitosanitarios.

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2014 foron as seguintes:

► Cursos e xornadas técnicas

	Nº de accións	Nº de alumnos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas	12	461
Cursos básicos de prevención de riscos laborais semipresencial - 60 horas	1	43
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña - 60 horas	5	445
Cursos básicos de prevención de riscos laborais. Sector construción - 60 horas	1	23
Cursos do 2º ciclo de formación en prevención de riscos laborais para o sector da construción - 20 horas	2	43
Cursos do 2º ciclo de formación específica en prevención de riscos laborais para o sector da construción - 6 horas	4	69
Cursos básicos de primeiros auxilios dirixidos a traballadores/as do sector agrogandeiro e forestal	21	262
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en actividades do sector agrogandeiro e forestal	45	581
Talleres sobre refresco na aplicación da normativa e boas prácticas para a seguridade e saúde laboral dirixidos a persoas traballadoras do sector da pesca	5	39

2.1 RELACIÓNS LABORAIS

Cursos de prevención de riscos laborais no uso sostible de produtos fitosanitarios e no manexo de maquinaria profesional de aplicación de fitosanitarios	2	21
Cursos de prevención de riscos laborais no manexo de grandes máquinas agropecuarias	2	29
Escola de saúde	100	927
Talleres prácticos en materia de prevención de riscos laborais nas explotacións de produtos agrícolas de calidade en Galicia	13	242
Talleres prácticos en materia de prevención de riscos laborais nas explotacións vitivinícolas	16	224
Obradoiro sobre a prevención de riscos laborais en adegas	1	74
Obradoiro sobre a prevención de riscos laborais no agro	1	52
Cursos de formación interna	6	196
Xornadas propias do ISSGA	24	1.311
Xornadas en colaboración con outras entidades	68	2.245

► Hixiene analítica

No ano 2014 os traballos realizados no laboratorio de hixiene analítica, que está no centro do ISSGA de Pontevedra, encamiñáronse principalmente ás seguintes cuestións:

1. Obter a acreditación do laboratorio:

O Laboratorio de Hixiene Analítica do ISSGA ten como principal finalidade servir de instrumento para avaliar potenciais contaminantes químicos existentes no ambiente laboral, analizando tanto mostras ambientais como mostras biolóxicas (sangue, soro, urina, etc.) dos traballadores expostos. Para levar a cabo esta función, o ISSGA pon á disposición de servizos de prevención alleos, servizos de prevención propios ou mancomunados, empresas privadas e as administracións públicas, o servizo de determinacións analíticas, mediante o cobramento de prezos privados (Orde do 24 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar), para a realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos, dispoñendo de toda a información na páxina web do ISSGA.

Para desenvolver este programa e garantir a máxima

calidade do servizo prestado, ademais da actividade analítica propiamente dita, cómpre establecer un elevado número de controis, tanto internos como externos, e realizar unha importante actividade documental, baseados no cumprimento da norma UNE-EN ISO/IEC 17025, sobre Avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración.

A actividade analítica do laboratorio centrouse fundamentalmente nos aspectos de validación de métodos analíticos, no aseguramento dun sistema de calidade interno e, relacionado con este, na participación en programas de interlaboratorio organizados polo Instituto Nacional de Salud e Higiene en el Trabajo (INSH); e, por suposto, na realización da análise de mostras de procedencia externa ao laboratorio.

2. Participación en Programas interlaboratorios de control de calidade (PICC) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo:

- PICC-Met.: determinación de metais (Cd, Cr, Ni e Pb) en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica
- PICC-VO: determinación de vapores orgánicos (benceno, tricloroetileno, tolueno e m-xileno) en tubos de carbón activo por cromatografía de gases
- PICC-Gr.: determinación de materia particulada en filtros por técnicas de gravimetría
- PICC-FA: recuento de febras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases
- PICC-Pbs: determinación de chumbo en sangue por espectrofotometría de absorción atómica-forno de grafito
- PICC-MetU: determinación de metais (Cr e Hg) en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío.

3. As análises levadas a cabo polo laboratorio de hixiene analítica:

Nas táboas que seguen, resúmese a actividade do laboratorio en relación ao número de mostras (táboa I), ao número de análises (táboa II) e ao número de determinacións realizadas (táboa III). Todas as táboas diferencian a actividade tanto por programas como por técnicas analíticas. A táboa 4 sintetiza o número de mostras, análises e determinacións en función do tipo de mostra.

► Táboa I. Número de mostras segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Nº de mostras
Cromatografía de gases	28
Espectrofotometría de absorción atómica	245
Gravimetría	71
Microscopía	18
Totais	362

► Táboa II. Número de análises segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Nº de mostras
Cromatografía de gases	48
Espectrofotometría de absorción atómica	349
Gravimetría	122
Microscopía	36
Totais	555

► Táboa III. Número de determinacións segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Nº de mostras
Cromatografía de gases	192
Espectrofotometría de absorción atómica	1.126
Gravimetría	122
Microscopía	42
Totais	1.482

► Táboa IV. Número de mostras, análises e determinacións segundo o tipo de mostras

Técnica analítica	Nº de mostras	Nº análises	Nº determinacións
Filtros metais	144	176	953
Filtros materia particulada	71	122	122
Filtros reconto febras	18	36	42
Tubo de carbón activo	28	48	192
Mostras biolóxicas	65	128	128
Outras	37	45	45
Totais	363	555	1.482

► Medicina do traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA dispoñen de instalacións sanitarias autorizadas en Medicina do Traballo e análises clínicas para facer recoñecementos médicos segundo as actividades programadas no Plan anual de actividades do ISSGA, fundamentalmente a traballadores e traballadoras autónomos. Estas actividades permiten o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos en saúde laboral para a identificación de enfermidades laborais vinculadas a riscos novos e emerxentes e analizar a súa correlación coas condicións de traballo, contribuíndo a visibilizar as enfermidades profesionais. Ademais, permite mellorar o coñecemento das patoloxías profesionais e coñecer as actividades con máis risco.

Recoñecementos médicos	1.464
Análises	1.515
Número de determinacións	71.471
Número de probas médicas complementarias	17.567

2.1.5.2.2 Estatísticas de sinistralidade laboral en Galicia

Os datos obtéñense dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores afiliados á Seguridade Social que teñan cubertas as ditas continxencias, mediante os sistemas Delt@ e CEPROSS, notificados á autoridade laboral autonómica galega.

Durante o ano 2014 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 25.969 accidentes laborais con baixa, dos cales 23.214 (o 89,40%) se produciron durante a xornada laboral e 2.755 (o 10,60%) foron accidentes in itinere, é dicir, os ocorridos ao ir ou ao regresar do traballo. Dos accidentes laborais en xornada, 16.200 (o 69,79%) corresponderon a homes, e 7.014 (o 30,21%) a mulleres.

En 2014, Galicia rexistrou 588 enfermidades profesionais con baixa, das cales 256 foron en homes, o 43,54%, e 332 en mulleres, o 56,46%. Ademais rexistráronse 536

enfermidades profesionais sen baixa, das cales 298 foron en homes, o 55,60%, e 238 en mulleres, o 44,40%. Por sectores de actividade, o de industria contabiliza o maior número nas enfermidades profesionais con baixa e sen baixa seguido polo de servizos. Ambos os dous sectores aglutinan ao redor do 80% do total das enfermidades profesionais.

O estudo destes datos, a súa desagregación por sectores económicos, a súa distribución segundo distintas variables, a súa comparación con anos anteriores, así como a análise dos índices de incidencia en relación coa poboación afillada á Seguridade Social, recóllense anualmente nunha monografía editada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA, que se pode consultar na seguinte ligazón:

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/>


The screenshot displays the website of the Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). At the top, there is a navigation bar with links: 'Onde estamos', 'Contacta connosco', 'Mapa web', 'Accesibilidade', 'Busca avanzada', 'RSS', 'Galago', and 'Castellano'. Below this is a banner for 'Como manipular materiais con amianto sen riscos para a túa saúde' with a 'Quero saber máis' button. The main navigation menu includes: 'O ISSGA', 'Actualidade', 'Documentación', 'Observatorio', 'Actividade', 'Formación', 'Perfil do contratante', and 'Buscar'. The current page is 'Estadísticas'. The content is organized into four columns:

- MENÚ:** Observatorio, Estadísticas (Accidentes de traballo, Enfermidades profesionais, Xerador de estadísticas), Estudos (Enquisas de condicións de traballo, Monografías e Estudos).
- ACCIDENTES DE TRABAJO:** VER TODAS AS ESTADÍSTICAS. A sinistralidade laboral en Galicia no ano 2015. Información estatística da sinistralidade laboral.
- ENFERMIDADES PROFESIONAIS:** VER TODAS AS ESTADÍSTICAS. As enfermidades profesionais en Galicia no ano 2015. Información estatística das enfermidades profesionais.
- XERADOR DE ESTADÍSTICAS:** A 3D bar chart showing data points ranging from -30 to 150.

Amósanse de seguido algúns dos datos referidos ás estatísticas de sinistralidade laboral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2014.

► **Accidentes laborais con baixa por gravidade. Ano 2014**

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
En xornada de traballo	15.791	6.935	22.726	352	77	429	57	2	59	16.200	7.014	23.214
In itinere	1.039	1.630	2.669	43	35	78	3	5	8	1.085	1.670	2.755
Total	16.830	8.565	25.395	395	112	507	60	7	67	17.285	8.684	25.969




► **Accidentes laborais con baixa segundo lugar do accidente e gravidade. Ano 2014**

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
No centro ou lugar de traballo habitual	9.744	5.618	15.362	151	64	215	15	1	16	9.910	5.683	15.593
En desprazamento na xornada laboral	4.451	928	5.379	135	13	148	32	1	33	4.618	942	5.560
In itinere	1.039	1.630	2.669	43	35	78	3	5	8	1.085	1.670	2.755
Noutro centro ou lugar de traballo	1.596	389	1.985	66	0	66	10	0	10	1.672	389	2.061
Total	16.830	8.565	25.395	395	112	507	60	7	67	17.285	8.684	25.969

2.1 RELACIÓNS LABORAIS


Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Ano 2014

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	870	275	1.145	43	19	62	4	0	4	917	294	1.211
Pesca	1.002	120	1.122	48	7	55	20	0	20	1.070	127	1.197
Industria	5.058	1.231	6.289	77	5	82	9	1	10	5.144	1.237	6.381
Construción	2.826	24	2.850	84	0	84	8	1	9	2.918	25	2.943
Servizos	6.035	5.285	11.320	100	46	146	16	0	16	6.151	5.331	11.482
Total	15.791	6.935	22.726	352	77	429	57	2	59	16.200	7.014	23.214




Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por provincias e gravidade. Ano 2014

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	7.342	3.263	10.605	142	33	175	22	2	24	7.506	3.298	10.804
Lugo	1.795	755	2.550	65	17	82	9	0	9	1.869	772	2.641
Ourense	1.724	754	2.478	36	6	42	4	0	4	1.764	760	2.524
Pontevedra	4.930	2.163	7.093	109	21	130	22	0	22	5.061	2.184	7.245
Total	15.791	6.935	22.726	352	77	429	57	2	59	16.200	7.014	23.214



► Variación interanual dos accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. 2004-2014

	Leves	Graves	Mortais	Totais
2004	46.118	1.076	86	47.280
2005	46.900	1.001	101	48.002
2006	47.540	949	78	48.567
2007	50.934	834	75	51.843
2008	49.594	698	71	50.363
2009	38.877	548	74	39.499
2010	36.234	614	64	36.912
2011	30.616	473	52	31.141
2012	23.130	482	45	23.657
2013	21.905	418	47	22.370
2014	22.726	429	59	23.214



► Índice de incidencias por sectores. 2014

	Poboación afiliada		
	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	16.684	17.473	34.157
Pesca	14.702	4.567	19.269
Industria	83.303	35.356	118.659
Construción	44.165	4.427	48.592
Servizos	218.272	314.887	533.159
Total	377.126	376.710	753.836

Índice de incidencia

Índice de incidencia por 100.000 traballadores

Base do índice: poboación afiliada á Seguridade Social con continxencia de accidente de traballo cuberta

Fonte: Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais do Ministerio de Traballo e Inmigración

	Índice incidencia leves			Índice incidencia graves			Índice incidencia mortais			Índice incidencia totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	5.214,58	1.573,86	3.352,17	257,73	108,74	181,51	23,98	0,00	11,71	5.496,28	1.682,60	3.545,39
Pesca	6.815,40	2.627,55	5.822,82	326,49	153,27	285,43	136,04	0,00	103,79	7.277,92	2.780,82	6.212,05
Industria	6.071,81	3.481,73	5.300,06	92,43	14,14	69,11	10,80	2,83	8,43	6.175,05	3.498,70	5.377,59
Construción	6.398,73	542,13	5.865,16	190,20	0,00	172,87	18,11	22,59	18,52	6.607,04	564,72	6.056,55
Servizos	2.764,90	1.678,38	2.123,19	45,81	14,61	27,38	7,33	0,00	3,00	2.818,04	1.692,99	2.153,58
Total	4.187,19	1.840,94	3.014,71	93,34	20,44	56,91	15,11	0,53	7,83	4.295,65	1.861,91	3.079,45

► **Enfermedades profesionales segundo sexo e provincias. 2014**

	Enfermedades profesionales con baixa			Enfermedades profesionales sen baixa		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	60	109	169	53	65	118
Lugo	11	22	33	22	13	35
Ourense	33	42	75	44	21	65
Pontevedra	152	159	311	179	139	318
Total	256	332	588	298	238	536

► **Enfermedades profesionales segundo sexo e sectores de actividade. 2014**

	Enfermedades profesionales con baixa			Enfermedades profesionales sen baixa		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	5	4	9	4	2	6
Pesca	14	1	15	8	0	8
Industria	135	95	230	190	79	269
Construción	41	1	42	38	1	39
Servizos	61	231	292	58	156	214
Total	256	332	588	298	238	536

2.1.5.2.3 Actuacións de promoción e participación

Campañas e actos de presentación

► **Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola Galega de Prevención**

A Escola Galega de Prevención inclúe un itinerario de riscos no fogar, na rúa, na escola e no traballo futuro para chegar a mensaxe da prevención aos nenos e nenas galegos e galegas. Co deseño de actividades en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para escolares de educación primaria, constitúe unha actividade itinerante para inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os rapaces aprendan a integrar a prevención

no día a día e actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores. No pasado ano as súas actividades desenvolvéronse no centro do ISSGA en Ourense.

► **Programa de desenvolvemento rural sustentable**

O Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, contempla como unha das actuacións do programa a 1.22.-CA.3 relativa a información e formación profesional ocupacional e continua dos traballadores.

Ao amparo do convenio asinado o 07.05.2012 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2012-2016, o ISSGA desenvolveu distintas accións formativas e informativas de acordo cos plans de zonas rurais.

- 21 cursos básicos de primeiros auxilios dirixidos a traballadores/as do sector agrogandeiro e forestal
- 45 cursos básicos de prevención de riscos laborais en actividades do sector agrogandeiro e forestal
- 5 talleres sobre refresco na aplicación da normativa e boas prácticas para a seguridade e saúde laboral dirixidos a persoas traballadoras do sector da pesca
- 2 cursos de prevención de riscos laborais no uso sostible de produtos fitosanitarios e no manexo de maquinaria profesional de aplicación de fitosanitarios
- 2 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de grandes máquinas agropecuarias
- Escola de saúde
- 13 talleres prácticos en materia de prevención de riscos laborais nas explotacións de produtos agrícolas de calidade en Galicia
- 16 talleres prácticos en materia de prevención de riscos laborais nas explotacións vitivinícolas

- Obradoiro sobre a prevención de riscos laborais en adegas
 - Obradoiro sobre a prevención de riscos laborais no agro
 - Xornada técnica de presentación das Fichas de investigación de accidentes no sector agrario do Issga
 - Xornada técnica de prevención de riscos laborais no sector da lousa
 - Xornada técnica de prevención de riscos laborais en adegas
 - Publicación colección Atende_agro: A muller no agro: embarazo e lactación
 - Publicación colección Atende_agro: Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario
 - Publicación colección Atende_agro: Os produtos químicos no agro
 - Publicación colección Atende_agro: Prevención de riscos co tractor, a motoserra e a rozadoira
 - Publicación colección Lembra_pesca: Equipos de traballo
 - Publicación colección Lembra_pesca: Prevención de trastornos musculoesqueléticos
 - Publicación colección Mellora_pedra: Prevención de riscos na lousa
 - Publicación colección Actúa_adegas: Prevención de riscos en adegas
 - Prevención de riscos no tractor: cartel e tríptico
 - Folla de prevención sobre a exposición laboral a fitosanitarios
 - Manual do alumno e DVD sobre prevención de danos musculoesqueléticos nas traballadoras do mar (púxose en 2013)
 - DVD Mantendo o equilibrio
 - DVD Prevención a fondo
 - DVD Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar
 - DVD_Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé
 - DVD Seguridade e saúde dos traballadores do sector pesqueiro (reedición)
 - Fichas de investigación de accidentes no sector agrario
 - Prevención de riscos laborais. Curso de capacitación para o desempeño de nivel básico.
- ▶ **Presentación aos medios de comunicación do Plan de actividades 2014 e avance dos datos da sinistralidade laboral en Galicia no 2013**
 - ▶ **Acto de sinatura do Convenio de Colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais**
 - ▶ **Participación con dous obradoiros no 9º Salón da Prevención e Seguridade Laboral (PREVISEL)**
 - ▶ **Participación da directora do ISSGA no XII Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais**
 - ▶ **Acto de sinatura do Convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA para efectos da obtención da tarxeta profesional da construción (TPC)**
 - ▶ **Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo**
 - ▶ **Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo**

- ▶ **Participación da directora do ISSGA na VIII Semana Galega de Seguridade na Mariña**
- ▶ **Participación cun posto informativo no 5º Encontro Nacional de Prevención de Riscos Laborais**
- ▶ **Participación cun posto informativo en Expolugo 2014**
- ▶ **Participación dun técnico do ISSGA no Congreso Galego de Prevención de Riscos Psicosociais no Ensino, organizado polo sindicato CSI-CSIF**
- ▶ **Presentación do Manual de seguridade no laboratorio**
- ▶ **Participación cun posto informativo no IV Congreso de Prevención de Riscos Laborais da Comunidade de Madrid**
- ▶ **Participación dunha técnico do ISSGA no 9º Congreso Nacional de Ergonomía e Psicosocioloxía**
- ▶ **Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a promoción e colaboración en actuacións de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo para o colectivo de persoas xordas de Galicia**

Publicacións e estudos técnicos

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos en formato impreso que tamén se poden descargar da páxina web do ISSGA en formato dixital.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/documentacion/publicacions/>



▶ Follas de Prevención

<http://issga.xunta.es/portal/contido/documentacion/publicacions/follas-de-prevencion/>



Publicación periódica, en galego e castelán, en formato papel e dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais. Editáronse as seguintes: Exposición laboral a fitosanitarios (reedición)

▶ Área técnica

Avance da sinistralidade laboral en Galicia 2013

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do anuario de sinistralidade laboral.

Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2013

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2013.

Análise da sinistralidade en sectores feminizados 2011

Este estudo non pretende abordar unha análise da saúde laboral, senón só da parte correspondente ás características dos accidentes laborais e as súas diferenzas segundo o sexo.

Estudo dos accidentes laborais non traumáticos 2011-2012

Para a realización deste estudo, realizáronse descargas dos partes de accidentes de traballo por

causas non traumáticas acontecidos en Galicia entre os anos 2011 a 2012 inclusive segundo a data de baixa do/a traballador/a que consta no parte.

Informe sobre o programa de protección das traballadoras embarazadas 2011 e 2012.

► **Divulgativos**

Publicacións Audiovisuais

- DVD Mantendo o equilibrio.
- DVD Prevención a fondo
- DVD Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar
- DVD Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé
- DVD Seguridade e saúde dos traballadores do sector pesqueiro (reedición)

Os Atende do ISSGA

Colección, en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector agrario. Editáronse as seguintes:

- A muller no agro: embarazo e lactación
- Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario
- Os produtos químicos no agro
- Prevención de riscos co tractor, a motoserra e a rozadoira

Os Lembra do ISSGA

Colección, en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector pesqueiro. Editáronse as seguintes:

- Equipos de traballo
- Prevención de trastornos musculoesqueléticos

Os Mellora do ISSGA

Publicacións en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector da pedra. Editáronse as seguintes:

- Prevención de riscos na lousa

Os Actúa do ISSGA

Publicación en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector das adegas. Editáronse as seguintes:

- Prevención de riscos en adegas
- Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar. Manual do alumno

Cartel. Prevención de riscos no tractor

Cartel para concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar de cales son as causas máis recorrentes dos sinistros; e, doutra banda, como órgano técnico en materia de prevención, facilitar recomendacións básicas, que, de terse sempre en conta, evitarían os accidentes ou, cando menos, minimizarían a súas consecuencias.

Tríptico. Prevención de riscos no tractor

Tríptico informativo para concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar de cales son as causas máis recorrentes dos sinistros; e, doutra banda, como órgano técnico en materia de prevención, facilitar recomendacións básicas, que, de terse sempre en conta, evitarían os accidentes ou, cando menos, minimizarían a súas consecuencias.

Boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio

Este manual proporciona información básica para

desenvolver o traballo de laboratorio en condicións seguras en consonancia co que marca a lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais. Ademais de abordar os principais perigos e riscos, a guía inclúe normas de conduta e protocolos de actuación en caso de accidente.

Mapa do risco químico. Sector industrial

Nesta publicación preséntanse e analízanse os resultados da execución do programa de redución (PR) denominado “Mapa de risco químico de Galicia” reflectido no Plan de actividades do ISSGA nos anos 2010, 2011 e 2012 (código PR 15) e 2013 (código PR 12).

Fichas de investigación de accidentes no sector agrario

Seleccionáronse aqueles 19 accidentes laborais máis representativos pola súa frecuencia ou gravidade e, a partir da investigación que realizaron os técnicos do ISSGA.

Guía técnica ISSGA Prevención de riscos ergonómicos Actividade da distribución de alimentación

A guía pretende sinalar onde están os puntos máis problemático nas tarefas que adoitan realizar os traballadores.

Manual do curso de capacitación para o desempeño de nivel básico en prevención de riscos laborais

Reedición dos manuais formativos dos cursos de prevención de riscos laborais que capacitan para exercer as funcións de nivel básico que se imparten dentro da oferta formativa do Issga.

► **Plan e Memorias**

Plan de actividades ISSGA 2014

Comprende as principais liñas de traballo e actuacións técnicas do ISSGA para o ano 2014.

Programa de actividades formativas do ISSGA 2014

Editado en formato papel, tamén esta dispoñible na páxina web.

Informe de actividade 2013

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2013. Este documento tamén está dispoñible na páxina web do ISSGA.

► **Estudos técnicos**

Estudo da avaliación do risco psicosocial. Proxecto e resultados

O obxecto deste estudo é comparar dous métodos de entre os máis estendidos e utilizados, pero con variacións significativas entre eles, para analizar as diferenzas, sobre todo, en canto a operatividade e sinxeleza no seu uso ou en interpretación dos resultados.

Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo. No ano 2014 tramitáronse 262 consultas a través da páxina web.

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e a dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

Formación interna

Ao longo do 2014 realízanse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- Prevención de riscos psicosociais. Aplicación do Sistema de análise triangular do acoso (SATA 3.0)
- Exposición ao amianto nos edificios. Xestión do risco
- A aplicación SERPA
- Prevención de riscos psicosociais. Identificación e avaliación
- Investigación da enfermidade profesional.

Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros doutras entidades.

- ▶ Grupos de ámbito autonómico
 - Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral: amianto, silicose.
 - Do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral: Grupos de traballo: para establecer as actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo, comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.
- ▶ De ámbito estatal: o ISSGA ten presenza mediante os seus técnicos en distintos grupos de traballo da Comisión Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (CNSST), Comité técnico Mixto do Ministerio de Empleo e Seguridade Social-CCAA propostos polo Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT) ás comunidades autónomas, AENOR e o Grupo RICIST (Rede de institutos e centros de investigación en Seguridade e Saúde no Traballo).
- ▶ Con outras comunidade autónomas: Grupo sector pesqueiro dos institutos de seguridade e saúde laboral da costa cantábrica.

- ▶ Xornadas. O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas con outras consellerías e entidades e asociacións e nas que participaron un total de 2.245 alumnos.

Relacións con outros organismos

▶ Convenios

- Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais. Data da sinatura: 3 de xaneiro de 2014.
- Convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA para os efectos da obtención da tarxeta profesional da construción (TPC). Data da sinatura: 7 de maio de 2014.
- Acordo marco de colaboración coa Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo. Data da sinatura: 31 de xullo de 2014.
- Acordo marco de colaboración coa Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo. Data da sinatura: 1 de setembro de 2014.
- Acordo marco de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para a promoción e colaboración en actuacións de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo para o colectivo de persoas xordas de Galicia. Data da sinatura: 21 de novembro de 2014.

▶ Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social. Consellería de Traballo e Benestar (Comisión de Goberno do ISSGA; Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias).
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rede de comunicación dos accidentes laborais (112); Grupos de acción dos Plans de emerxencias exterior de Galicia).
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Comisión de Goberno do ISSGA; Comunicación de datos de terceiros obrigados ao pagamento).
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade (Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo; Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto; Plataforma de saúde laboral para a comunicación de sospeitas de enfermidade profesional).
- Dirección Xeral de Enerxía e Minas. Consellería de Economía e Industria (Comisión de Goberno do ISSGA).
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Remisión da memoria anual referida ao período de actividades do ano 2013 conforme ao artigo 13 da Lei 14/2007).
- Escola Galega de Administración Pública da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Colaboración na realización de cursos de formación).

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Plan de actuación en obras singulares e grandes obras.
- Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
- Programa Segumar.

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) (Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA; Presenza na Rede de institutos de Seguridade e Saúde Laboral; Asistencia e participación en xornadas; Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas).
- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (OSALAN), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL) (Elaboración de guías técnicas de vixilancia da saúde e ergonomía na pesca).
- Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL) (Mapa de risco químico).

Outros organismos

- Ministerio de Emprego e Seguridade Social (Equipos de valoración de incapacidade (EVI); Determinación de coeficientes redutores).
- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo (Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo).
- Fundación para a Prevención de Riscos Laborais (Colaboración no ámbito da formación).

2.2 COOPERATIVAS E ECONOMÍA SOCIAL

Nesta área englobanse as actuacións que ten atribuída a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social dentro do ámbito da comunidade autónoma e que están encadradas no marco de actuación funcional da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía social.

Entre as actuacións desenvolvidas, cómpre subliñar as seguintes:

- ▶ **Actuacións relativas á xestión administrativa.**
- ▶ **Liña de axudas e subvencións.**
- ▶ **Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.**
- ▶ **Outras actuacións encamiñadas á promoción e divulgación.**
- ▶ **Consello Galego de Cooperativas.**

2.2.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

As actuacións levadas a cabo polas distintas unidades administrativas da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e os datos globais da xestión correspondente ao ano 2014 foron as seguintes:

2.2.1.1 Sociedades cooperativas

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude de transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE núm. 310 do 28.12.95), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia foi aprobada a Lei 5/1998, de 18 de decembro de Cooperativas de Galicia (DOG núm.

251 do 30.12.1998) modificada polas seguintes normas: artigo 19 da Lei 14/2004, de 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG núm. 253 do 30.12.2004), disposición adicional sétima da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia (DOG núm. 13, do 20.01.2009) e Lei 14/2011, de 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 decembro, de cooperativas de Galicia (DOG núm. 2 do 03.01.2012).

Esta lei crea o Rexistro de Cooperativas de Galicia, regulado mediante o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de cooperativas de Galicia, quedando adscrito á consellería competente en materia de traballo, actualmente, a Consellería de Traballo e Benestar, onde se encadra un Rexistro central dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, e os correspondentes rexistros provinciais adscritos a cada unha das xefaturas territoriais da consellería.

Os rexistros provinciais de cooperativas estenden a súa competencia ao territorio da provincia onde se encadran desenvolvendo funcións referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

O Rexistro Central de cooperativas ten competencia sobre aquelas cooperativas que amplíen o seu ámbito territorial a máis dunha provincia. Tamén ten competencia sobre as cooperativas de crédito e seguros, cooperativas de segundo grao e asociacións de cooperativas, desenvolvendo funcións referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

Funcións que desenvolven os rexistros de cooperativas:

- ▶ Cualificar, inscribir e certificar os actos ou negocios xurídicos das cooperativas.
- ▶ Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.

- ▶ Recibir, cualificar e publicar o depósito de contas anuais.
- ▶ Certificar sobre os actos e documentos que obran nos rexistros de cooperativas.
- ▶ Publicar no Diario Oficial de Galicia aqueles anuncios que lle require a Lei de cooperativas de Galicia ou o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.

O Rexistro central terá, ademais, as seguintes funcións:

- ▶ Nomear auditores e outros expertos independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.
- ▶ Coordinar os rexistros provinciais de cooperativas.
- ▶ A colaboración e coordinación con outros rexistros.
- ▶ A ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada.
- ▶ Ditar instrucións e resolver as consultas que sexan da súa competencia, en aplicación da normativa en materia de cooperativas.
- ▶ Depósitos e demais inscricións relativas ás seccións de crédito.

▶ **Datos estatísticos**

Os datos estatísticos que se presentan a continuación son un reflexo numérico das funcións realizadas polos rexistros de cooperativas durante o exercicio 2014.

Cualificacións previas. Ano 2014

Rexistro	Total
A Coruña	23
Lugo	7
Ourense	8
Pontevedra	23
Rexistro central	12
Total	73

Número de cooperativas constituídas e número de socios promotores. 2014

Rexistro	Cooperativas	Socios Promotores
A Coruña	18	155
Lugo	17	171
Ourense	6	27
Pontevedra	16	68
Rexistro central	12	74
Total	69	495

Total asentos rexistrais efectuados. Ano 2014

Constitucións	69
Modificacións estatutarias	59
Disolución-liquidación	32
Nomeamento e cese de cargos sociais	247
Depósito de contas	742
Outros	105

Outros trámites relativos aos procedementos rexistrais. Ano 2014

Certificados e notas simples	522
Libros legalizados	1.842

En canto á evolución anual, a inscrición de novas cooperativas experimentan un significativo aumento nos cinco últimos anos.

Cooperativas inscritas e nº de socios.

Evolución 2010-2014

	Cooperativas inscritas	Nº de socios
2010	42	1.556
2011	48	1.459
2012	58	590
2013	64	443
2014	69	495

No seguinte cadro recóllese a información estatística en relación ás cooperativas e aos seus socios promotores, inscritos segundo clase e ámbito territorial. Ano 2014

	Rexistros provinciais								Rexistro central		Total	
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.
	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.				
Traballo asociado	15	58	14	45	6	27	13	41	10	31	58	202
Consumidores e usuarios							1	14	1	31	2	45
Vivendas	1	84									1	84
Agrarias	1	10	3	126			2	13			6	149
Explotación comun.da terra									1	12	1	12
Servizos												
Mar												
Transportistas												
Transportistas-traballo asociado												
Seguros												
Sanitarias												
Servizos sociais-traballo asociado	1	3									1	3
Ensino												
Ensino-traballo asociado												
Educacionais												
Integración social												
Segundo grao												
Total	18	155	17	171	6	27	16	68	12	74	69	495

Hai que salientar neste ano 2014 que o Rexistro Provincial de Lugo é o que rexistra proporcionalmente o número máis alto de inscricións de novas cooperativas, destacando as de traballo asociado e tamén é o que reúne maior número de socios promotores, sempre tendo en conta a proporcionalidade respecto á poboación da provincia.

2.2.1.2 Asociacións de cooperativas

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación dos actos das asociacións que deben acceder ao Rexistro de cooperativas, entre os que cabe indicar a inscrición da escritura pública de constitución ou de modificacións estatutarias e o depósito de contas.

O Rexistro central dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social ten atribuídas as competencias sobre todas as asociacións de cooperativas galegas.

Número de asentos rexistrados e outros trámites das Asociacións de Cooperativas efectuados no ano 2014

	Total
Asociacións constituídas	0
Renovación cargos sociais	2
Modificación estatutos	0
Depósito de contas	9
Libros legalizados	23
Outros (outorgamento de poderes e cancelación de asentos)	1
Publicación (DOG)	0
Total	35

2.2.1.3 Rexistro de sociedades laborais

Son sociedades laborais, as sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital é propiedade dos traballadores que prestan nela servizos retribuídos, en forma persoal e directa, con relación laboral por tempo indefinido.

As principais funcións que se desenvolven neste rexistro son a cualificación, inscrición e certificación da condición de sociedades laborais a efectos administrativos. Dito trámite ten carácter previo e preceptivo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, sendo as inscricións máis frecuentes as de constitución, a declaración de que as modificacións estatutarias que se produzan non afectan á súa cualificación como laboral, e a descualificación, anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo único dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Regulación legal:

- Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais (BOE nº 72, do 25.03.1997, corrección de erros BOE nº 164, do 10.07.1997).
- Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre o rexistro administrativo de sociedades laborais (BOE nº 246, do 14.10.1998).

Datos estatísticos

Actos inscritos, segundo a provincia do domicilio social. Ano 2014

	Cualificacións	Modificacións estatutarias	Baixas	Total
A Coruña	18	11	23	52

Lugo	5	1	8	14
Ourense	6	4	13	23
Pontevedra	13	12	20	45
Total	42	28	64	134

Sociedades laborais cualificadas en Galicia e nº de socios. Ano 2014

	Sociedades laborais cualificadas	Nº de socios
A Coruña	18	70
Lugo	5	15
Ourense	6	19
Pontevedra	13	43
Total	42	147

Sociedades laborais constituídas en Galicia. Evolución 2010- 2014

	Sociedades laborais constituídas
2010	47
2011	48
2012	61
2013	45
2014	42

2.2.1.4 Rexistro de Centros Especiais de Emprego

A través do Decreto 200/2005, do 7 de xullo (DOG núm. 138 do 19.07.2005) regúlase a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado e tendo por finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

A súa estrutura e organización debe axustarse aos das empresas ordinarias, sen prexuízo da súa función social e peculiares características. O seu cadro de persoal estará constituído polo maior número de traballadores con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo. En todo caso, como mínimo, o 70 por 100 do cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen para estes efectos o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

Autorización e inscrición dos centros especiais de emprego

A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego require autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, que será outorgada pola dirección xeral competente en materia de relacións laborais logo de solicitude do interesado e acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

Os centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios. A creación dun novo centro de traballo por titulares de centros que figurasen inscritos, requirirá a súa autorización e inscrición a través do procedemento previsto no referido decreto.

Para a realización destas tarefas cóntase cun rexistro administrativo único dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social con competencia sobre os centros especiais de emprego creados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

► Datos estatísticos

Centros especiais de emprego constituídos en Galicia e traballadores. Ano 2014

Número de centros	6
Traballadores con discapacidade	28
Traballadores sen discapacidade	2
Total traballadores	30

2.2.2 Liña de axudas e subvencións

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (DOG nº 310, do 28.12.95). A lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

2.2.2.1 Subvencións para programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción e divulgación do cooperativismo

A Orde do 21 de febreiro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 46 do 07.03.14) establece as bases reguladoras e convoca as axudas para os programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2014. As distintas axudas e subvencións establecidas na orde intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento en materia de economía social, tanto no que respecta ao fomento do emprego e mellora da competitividade como á promoción das cooperativas, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido económico e sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia; está dotada cun crédito orzamentario de 1.835.000 euros.

A través desta orde desenvóléronse os seguintes programas:

Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Este programa está dirixido a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e traballadores/as con carácter temporal, como socios e socias traballadores/as ou de traballo, de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora

Este programa ten como obxectivo o fomento do acceso á condición de socios e socias traballadores/as ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, como xeito de promover o cooperativismo e a economía social facilitando a participación e plena integración na empresa, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que se debe desembolsar para a incorporación como socio/a.

Programa III: impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica

Este programa ten como finalidade esencial fomentar e promover o cooperativismo e a economía social no ámbito da comunidade autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto para aqueles que sexan de nova creación como para os xerados polas entidades existentes. Poderán ter a consideración de proxectos subvencionables, entre outros, a constitución de novas entidades ou o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade polas entidades en funcionamento e a transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas ou sociedades laborais.

En concreto, concédense axudas polos seguintes conceptos:

- Axuda para a contratación de persoas directoras ou xerentes.
- Apoio ás entidades que presten servizos de natureza social e á comunidade.
- Formación empresarial.
- Asesoramento e acompañamento de proxectos.
- Outras accións de asistencia técnica (elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes de natureza análoga, asesoramento para a elaboración de estatutos sociais e regulamentos de réxime interno e formalización e inscrición da escritura pública, entre outros).

Programa IV: promoción das cooperativas xuvenís

Este programa está dirixido a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións directas para o financiamento dos custos derivados do lanzamento da actividade.

Puideron ser beneficiarias desta subvención as cooperativas xuvenís de nova creación formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou de traballo que tivesen entre 16 e 29 anos de idade.

Programa V: intercooperación e integración cooperativa.

Por medio deste programa impúlsanse especificamente as actividades de intercooperación, realizadas de forma conxunta por entidades de economía social, especialmente os procesos de integración empresarial cooperativa co fin de acadar a dimensión necesaria para mellorar a competitividade, capturar maior valor engadido e satisfacer adecuadamente as necesidades das persoas que forman a cooperativa.

Promóvese, así mesmo, o lanzamento de proxectos de colaboración empresarial para a consecución de obxectivos comúns relacionados coa investigación, desenvolvemento

e innovación, coas tecnoloxías da información e as comunicacións, coa loxística, comercialización e internacionalización, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización.

Requírese un mínimo de catro entidades (cooperativas ou sociedades laborais) participantes no proxecto de colaboración empresarial, agás para o caso de proxectos de integración empresarial nos cales resultará suficiente a participación de dúas entidades.

► Con cargo a esta convocatoria concedéronse as seguintes axudas:

	Axudas solicitadas	Axudas concedidas	Contía
Programa I	74	63	942.750,00
Programa II	255	169	484.521,08
Programa III	70	56	179.302,96
Programa IV	6	5	54.971,46
Programa V	6	6	126.636,75
Total	411	299	1.788.182,25

2.2.2.2 Subvencións para programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da rede eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social

A Orde do 3 de abril de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 71 do 11.04.14), establece as bases reguladoras e convoca as axudas para os programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, para o ano 2014. Para atender estas axudas, a orde contou cun crédito inicial por importe de 1.165.000 euros

O obxecto desta orde foi a realización de actividades de impulso e fomento do cooperativismo e a economía so-

cial, a través dos seguintes programas:

Programa I: Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Este programa vai dirixido as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, así como as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas e con actividade acreditada.

As modalidades de subvención son:

- Gastos normais de funcionamento.
- Actividades de promoción do cooperativismo e a economía social.
- Actividades de carácter informativo, formativo ou de asesoramento especialmente encamiñadas a fomentar o emprendemento a través da Rede Eusumo.

Programa II: Oficinas locais de fomento cooperativo.

O programa II vai dirixido aos concellos de Galicia a través dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios, dun consorcio local ou dunha agrupación mínima de catro concellos pertencentes a unha mesma zona.

As actividades obxecto desta subvención son a creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como accións de promoción e fomento do cooperativismo dirixidas ao ámbito territorial de influencia dos concellos solicitantes.

Programa III: Apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

As entidades beneficiarias do programa III son as fundacións e asociacións, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro.

Por medio deste programa subvencionáronse actividades de carácter informativo, formativo e de asesoramento, especialmente encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social, a través da Rede Eusumo.

- ▶ Con cargo a esta convocatoria concedéronse as seguintes axudas:

	Axudas solicitadas	Axudas concedidas	Contía
Programa I	7	7	540.000,00
Programa II	18	18	465.000,00
Programa III	13	9	45.279,92
Total	38	34	1.050.279,92

2.2.3 Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social



O Decreto 225/2012, do 15 de novembro, crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e regula o seu funcionamento.

Con esta rede preténdese estender o labor de promoción con dous obxectivos fundamentais; por unha parte, a posta en marcha de novos proxectos cooperativos como motores de creación de emprego e, pola outra, a consolidación das empresas de economía social existentes mediante a mellora da súa competitividade, achegando información e asesoramento especializado a persoas desempregadas,

cooperativistas, emprendedoras e á cidadanía en xeral, e prestando especial atención aos procesos de acompañamento de proxectos. Enmárcanse tamén, como obxectivos da rede, achegar aos cidadáns os diferentes recursos e infraestruturas de institucións, entidades ou organizacións con interese en adherirse á Rede.

O decreto recolle as características básicas da Rede, sinalando que se configura como un instrumento de acción descentralizada formada por entidades que colaboran reciprocamente, baixo a dependencia da dirección xeral competente en materia de cooperativas e economía social.

Os obxectivos da Rede son a promoción e o fomento do cooperativismo e a economía social, do emprendemento e da creación e consolidación de emprego, no ámbito local, comarcal e transfronteirizo. Entre os eixos de actuación cómpre destacar os seguintes:

- ▶ Información, formación, orientación e asesoramento en diversas temáticas vinculadas ao cooperativismo e fomento do autoemprego, e o emprendemento cooperativo a través do acompañamento e asesoramento de proxectos cooperativos e de economía social.
- ▶ Reforzo da presenza de asociacións e empresas de economía social en redes de intercooperación de carácter nacional e internacional para a promoción do cooperativismo e a economía social.
- ▶ Promoción e fomento das tecnoloxías de información e comunicación, así como de I+D+i do traballo en rede.
- ▶ Apoio á comercialización e internacionalización, celebración de encontros internacionais e transfronteirizos para o intercambio comercial e a cooperación empresarial.
- ▶ Realización de análises e estudos, favorecendo a investigación en temáticas de interese para a economía social, así como para o desenvolvemento local. Divulgación e sensibilización.

2.2.3.1 Actividades en rede

No marco da Rede Eusumo realizáronse múltiples actividades de fomento do cooperativismo, que se poden resumir do seguinte xeito:

- ▶ Desenvolvemento dun total de 171 actividades de divulgación e sensibilización para o fomento do cooperativismo, a través de obradoiros, seminarios e xornadas, cunha asistencia total de 3.450 persoas.
- ▶ Dinamización de 134 grupos promotores, cun total de 477 persoas implicadas, para o impulso de proxectos cooperativos.
- ▶ Titorización e asesoramento para a conformación de 21 sociedades cooperativas de diversos sectores que se traduciron na creación de 95 postos de traballo.
- ▶ Realización de 41 actividades de asesoramento a cooperativas xa constituídas.
- ▶ Participación en eventos co obxectivo de promover o cooperativismo, entre os que poden destacarse eventos de forte repercusión pública con máis de 100.000 visitantes como o Fórum Gastronómico, a Feira Xantar e a Semana Verde de Galicia.
- ▶ Realización e posta á disposición de exposicións itinerantes para a súa utilización polas redes de centros e por entidades públicas e privadas, para a divulgación das características do cooperativismo galego e posta en valor das súas potencialidades para o desenvolvemento económico e social.

2.2.3.2 Centros de desenvolvemento e oficinas de fomento cooperativo

A Rede Eusumo conta con centros que teñen como finalidade a realización das actividades programadas, especialmente a información e sensibilización ao conxunto da sociedade. O número destes centros de información, orientación e asesoramento cooperativo garantirá no

futuro que o seu rango de actuación abranga todo o territorio galego, fomentando ademais a colaboración con zonas transfronteirizas. Os centros postos a disposición da Rede pola consellería e polas entidades colaboradoras durante o ano 2014, foron os seguintes:

- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo transfronteirizo de Verín.
- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo na Fundación Terra de Trasancos (O Val - Narón)
- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo na Fundación Coren (Razamonde- Cenlle)
- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo na Caixa Rural Galega (Lugo)
- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo na Fundación Feiraco (Pontemaceira- Ames)
- ▶ Centro de desenvolvemento cooperativo na Cámara de Comercio de Vigo

A Consellería estimula a realización de actividades en colaboración coa administración local, incentivando a creación de oficinas de fomento cooperativo por parte de agrupamentos de concellos, e a súa integración na Rede Eusumo para que poidan desenvolver as súas actividades neste marco de colaboración. No ano 2014 o número de oficinas de fomento cooperativo ascendeu a 18 e o seu ámbito directo de actuación acada o territorio de 103 concellos de toda Galicia.

2.2.3.3 As entidades colaboradoras

As entidades colaboradoras son aquelas que teñan interese no desenvolvemento da economía social, no apoio ao emprendemento ou no desenvolvemento local e que soliciten a súa adhesión, poñendo a disposición da Rede algún dos medios e recursos dos que dispoñan, tales como infraestruturas e servizos. Entre as entidades que poden adherirse están as administracións públicas, as

asociacións de entidades de economía social, as sociedades cooperativas galegas, as fundacións e asociacións e as universidades, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais, así como outras entidades sen ánimo de lucro.

No ano 2014 o número de entidades colaboradoras incrementouse en 27 novos socios e ascendeu a 68, entre as que se atopan cámaras de comercio, universidades, asociacións, fundacións, deputacións, sociedades cooperativas galegas, oficinas de fomento cooperativo, concellos, asociacións vinculadas co emprendemento, administración autonómica, asociacións de cooperativas, asociacións de desenvolvemento rural e asociacións de economía social.

2.2.4. Outras actuacións encamiñadas á promoción e divulgación

2.2.4.1 Convenios de colaboración

▶ **Coa Universidade de Santiago de Compostela**

▶ **Obxectivos:**

Colaboración co Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), para a realización de actividades de investigación, formación e de estudos sobre o cooperativismo.

▶ **Compromiso financeiro: 20.000 euros.**

2.2.4.2 Proxecto Coopera+



O proxecto Coopera+ é parte dun programa europeo cuxo obxectivo é articular medidas que contribúan ao fomento e consolidación das cooperativas na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, co fin de xerar máis e mellores empregos, mediante a realización de accións de asesoramento, formación e información dos diferentes axentes galegos e portugueses vinculados á promoción do cooperativismo e da economía social.

Como obxectivos primordiais deste programa figuran:

- ▶ Fomentar a cultura emprendedora cooperativa a través da creación dunha Unidade Transfronteiriza de Asesoramento Cooperativo (UTAC).
- ▶ Ofrecer ferramentas de apoio para o desenvolvemento do sector cooperativo, entre as que se encontran a recompilación virtual de documentos, así como a posta en marcha dunha bolsa de emprego no sector cooperativo.
- ▶ Crear mecanismos transfronteirizos para a xeración de oportunidades de negocio e de xeración de emprego conxuntas a través de accións de formación, divulgación e información.
- ▶ Promover a comercialización e a internacionalización nas sociedades cooperativas, con deseños de plans de comercialización e elaboración de catálogos de produtos como accións máis destacadas.

Ao longo do ano 2014, realizáronse actividades relacionadas con cada un destes obxectivos.

O programa representa un custo total de 1.264.337,06 euros e é financiado nun 75% polo programa europeo FEDER, sendo a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o beneficiario principal do proxecto xunto co resto dos socios beneficiarios:

- ▶ Associação de Desenvolvemento da Região do Alto Tâmega (ADRAT).
- ▶ Cámara de Comercio de Vigo (CAVIGO).

- ▶ Associação Empresarial de Viana do Castelo (AEVC).
- ▶ Universidade Católica Portuguesa - Faculdade de Ciências Sociais (UCP).

2.2.4.3 Proxecto icoopera: promoción do cooperativismo mediante o impulso de I+D+i e a utilización das TIC

O proxecto ten como finalidade potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación (I+D+i) e o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) no contorno das cooperativas, para facer do cooperativismo un sector máis competitivo e con máis capacidade para afrontar o actual contexto económico.

- ▶ **Compromiso financeiro: 161.498,70 euros**

2.2.5 Consello Galego de Cooperativas

A través da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG nº 251, do 30.12.1998), créase o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma encomendándolle, entre outras, no seu artigo 135.2º as seguintes funcións:

- ▶ Facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo.
- ▶ Elaborar informes, propostas e ditames en relación coas cuestións que afecten o cooperativismo.
- ▶ Realizar estudos e impulsar as accións encamiñadas a facilitar a intercooperación.
- ▶ Conciliar e exercer a arbitrase nas cuestións litixiosas que se susciten entre cooperativas, entre estas e os seus socios, ou no seo delas entre os seus socios.
- ▶ Promover a educación e formación cooperativa nos distintos niveis do sistema educativo xeral.

O Consello Galego de Cooperativas está formado por representantes da Xunta de Galicia, da FEGAMP, das universidades galegas, da cooperativa de crédito rural Caixa Rural Galega e das seguintes asociacións de cooperativas: Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA, Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (UGACOTA), Unión de Cooperativas do Ensino de Traballo Asociado de Galicia (UCETAG) e Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol (UCAFE).

O Consello presta especial atención á presenza na internet e conta cun portal web de referencia para o cooperativismo galego: www.cooperativasdegalicia.coop. Tamén participa nas redes sociais: Facebook (Animate a emprender!Cooperativízate!), twitter (cooperativas Galicia), e tuenti (Animate a emprender!Cooperativízate!) e youtube.

www.cooperativasdegalicia.coop



2.2.5.1 Teleformación

O Consello Galego de Cooperativas puxo en marcha, a través da súa plataforma de teleformación, unha oferta de cursos de formación e desenvolvemento cooperativo, para achegar as novas tecnoloxías da información e a comunicación ás cooperativas galegas, ao tempo que promove que as persoas destas entidades adquiren unha

formación sobre a propia fórmula empresarial cooperativa, as habilidades sociais ou o xeito de xestionar e dirixir estas entidades.

Os cursos ou módulos que se ofertan dende a plataforma de teleformación do Consello Galego de Cooperativas son os seguintes:

- ▶ Formación cooperativa básica.
- ▶ Formación cooperativa en xestión e dirección.
- ▶ Habilidades sociais básicas en cooperativas.
- ▶ Habilidades sociais en cooperativas: nivel avanzado.
- ▶ Marketing/comercialización de produtos/servizos.
- ▶ Responsabilidade social das cooperativas.
- ▶ Planeamento estratéxico.
- ▶ Muller, cooperativismo e igualdade de xénero.

Todos os cursos están implementados en formato web na plataforma de teleformación do Consello Galego de Cooperativas www.cooperativasdeg Galicia.coop. Os seus contidos foron elaborados e adaptados pedagoxicamente e deseñados para ser desenvolvidos para un número de entre 10 e 20 participantes por módulo aproximadamente, acadando un número total de 16 cursos no ano 2014, chegando así a 385 beneficiarios.

2.2.5.2 Premios á cooperación

Convocados a través da Orde do 12 de febreiro de 2014 (DOG núm. 35 do 20.02.2014), para as cooperativas, as súas asociacións e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que realicen un labor destacado no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2014, baixo as seguintes modalidades:

- ▶ Premio aos valores cooperativos.
- ▶ Premio ao mellor proxecto cooperativo.
- ▶ Premio á promoción do cooperativismo.

2.2.5.3 Certame “Cooperativismo no ensino”

O Certame “Cooperativismo no ensino” ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e formación profesional de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

No desenvolvemento destas actividades, os centros teñen en conta os valores e principios que inspiran o cooperativismo, tales como a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada.

Coa finalidade de impulsar a formación nestes valores e a súa aplicación práctica, incentivouse a realización de actividades específicas mediante distintos premios aos que puideron optar os traballos realizados polos alumnos. Establecéronse tres modalidades de participación:

- ▶ Debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo dirixida ao alumnado de educación infantil e primaria.
- ▶ Actividades cooperativizadas dirixidas ao alumnado de educación secundaria obrigatoria.
- ▶ Proxectos empresariais cooperativos dirixidos ao alumnado dos centros de formación profesional.

O certame foi convocado pola Orde do 12 de febreiro de 2014 (DOG nº 35, do 20.02.2014).

2.2.5.4 Encontro Cooperativismo: Sostibilidade e Innovación Social

Baixo o lema “Cooperativismo: sostibilidade e innovación social” celebrouse un encontro o venres 4 de xullo, nas instalacións do Centro Ágora da Coruña, cuxa temática estivo centrada nas potencialidades do cooperativismo para a organización e prestación dos servizos sociais.

O encontro estivo dirixido a cooperativistas, emprendedores, técnicos e responsables da prestación de servizos

sociais das administracións local e autonómica e doutras entidades públicas e privadas, así como calquera persoa interesada en xeral.

Coutou con relatorios divulgativos e formativos específicos e coa presentación de novas experiencias e de grande éxito de fórmulas cooperativas no eido dos servizos sociais.

2.2.5.5 Día do Cooperativismo Galego 2014

O día 5 de xullo de 2014, coincidindo co día internacional dedicado ás cooperativas, celebrouse o “Día do Cooperativismo Galego 2014”, baixo o lema “As cooperativas logran o desenvolvemento sostible para todos”, nas instalacións do Centro Ágora da Coruña. As actividades realizadas, combinaron as entregas de premios á cooperación e do concurso “Cooperativismo no ensino” con actividades lúdicas, co denominador común da posta en valor desta fórmula empresarial e do recoñecemento do labor realizado polas persoas que as forman a prol da mellora económica e social.

A finalidade desta celebración foi poñer en valor a cultura e o movemento cooperativo, así como destacar o traballo e os esforzos dos seus cooperativistas. Esta é a novena vez consecutiva que se celebran estes actos, nos que os cooperativistas son os auténticos protagonistas, co desenvolvemento dunha serie de actos de promoción dos valores que guían a súa actividade.

O evento, que reuniu a cooperativistas de toda Galicia, serviu para poñer de manifesto as principais inxerencias do movemento cooperativo galego, e como en anos anteriores, ademais dos actos de carácter institucional, procedeuse á entrega dos “Premios á cooperación 2014” e dos premios outorgados no “Certame cooperativismo no ensino 2014”. Ao longo da tarde realizáronse unha serie de actividades lúdicas dirixidas tanto aos maiores como aos nenos, diversos xogos cooperativos e a exposición de todos os traballos participantes nos concursos.

2.3 PROMOCIÓN DO EMPREGO

Os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade, xa sexa mediante unha contratación por conta allea ou polo seu establecemento por conta propia, constitúen un dos piares sobre os que se asentan as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

Inclúense nestas políticas activas os incentivos á contratación por conta allea, a promoción do emprego autónomo, os programas de incentivos á contratación das persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, os programas de inserción laboral das persoas con discapacidade, as iniciativas emprendedoras xeradoras de emprego e dinamizadoras do contorno local e rural.

Cabe resaltar que neste ano 2014 o programa de promoción de emprego autónomo regulouse a través de dúas convocatorias publicadas en dúas ordes distintas, unha para os menores de 30 anos e outra para o resto. Na orde de persoas mozas menores de 30 anos estableceuse unha nova axuda "Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil" que se concede polo mero feito de darse de alta como autónomo sen precisar dun investimento mínimo e que é incompatible co resto de axudas do programa. A novidade procedemental para as dúas ordes de promoción de emprego autónomo é que non se precisa a alta de autónomo no momento da solicitude. E respecto dos incrementos, nas contías da subvención substitúese o requisito de pertenza a concellos rurais polo de pertenza aos concellos das provincias de Lugo e Ourense

Tamén se convocaron dous novos programas destinados a favorecer a contratación temporal de persoas mozas menores de 30 anos, un dos colectivos máis afectados pola crise económica e que presenta elevadas taxas de desemprego.

Así mesmo, o Goberno galego, consciente da existencia de profundas desigualdades no acceso das mulleres ao ámbito do traballo remunerado, continuou avogando pola adopción de medidas de acción positiva de cara á incorporación das mulleres e dos homes de Galicia no ámbito do emprego en clave de igualdade e que se veñen aplicando nestes últimos anos.

No ano 2014, continuouse cos labores de difusión e coñecemento destes programas tanto a través de actuacións propias da consellería como en colaboración con diferentes institucións públicas e privadas, participando en todas as actuacións de carácter informativo deseñadas para dar a coñecer todas as medidas das políticas activas de emprego aos seus potenciais beneficiarios ao longo de todo o territorio galego.

2.3.1 Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral

A finalidade principal dos programas de incentivos á contratación por conta allea foi o fomento das contratacións indefinidas iniciais realizadas, especialmente, cos colectivos de desempregados con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral e ao mantemento do emprego mediante axudas á transformación de contratos temporais en indefinidos dos que se beneficiaron exclusivamente as microempresas.

Non obstante, tamén se convocaron os incentivos aos contratos temporais para fomentar a inserción laboral para as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social e aos contratos de interinidade para favorecer a conciliación da vida profesional e familiar.

Como novidade, no ano 2014 convocáronse dous novos programas para favorecer a contratación temporal de persoas mozas menores de 30 anos; por unha banda un programa de fomento do contrato para a formación e a aprendizaxe que pretendía a cualificación profesional das

persoas traballadoras nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. E por outro lado, un segundo programa que incentivaba a contratación temporal de persoas mozas menores de 30 anos que nos 3 meses anteriores á contratación carecesen de ocupación, pretendendo que estas persoas poidan adquirir a experiencia que lles falta mediante unha relación laboral efectiva.

No ano 2014 continuouse aplicando o Programa mixto de formación e contratación (FORCON) dirixido a mozos e mozas con baixa cualificación que versa sobre especialidades formativas vinculadas a ocupacións incluídas nos sectores estratéxicos de Galicia, segundo o Plan estratéxico Galicia 2010-2014, de xuño de 2010. Os sectores estratéxicos de futuro eran os relacionados coa economía verde (enerxías renovables, vehículo verde, preservación ambiental), economía da saúde (servizos á terceira idade, servizos á dependencia) e economía do coñecemento (TIC, audiovisual e cultura, biotecnoloxía, tecnoloxías mecánicas e robotización) sectores nos que se prevé maiores posibilidades de empregabilidade e estabilidade.

A Consellería de Traballo e Benestar impulsa medidas para fomentar o emprendemento e apoiar a persoa emprendedora como axente dinamizador do emprego e da economía na Comunidade Autónoma de Galicia. Pero non abonda o desenvolvemento de políticas que favorezan o emprendemento, senón que tamén é necesario articular programas que axuden e consoliden as persoas autónomas xa establecidas. Neste marco, e co obxectivo de favorecer a creación de novos empregos estables e a inserción laboral de persoas en desemprego e contribuír ao desenvolvemento e crecemento das pequenas unidades produtivas, a consellería impulsou un programa específico para apoiar aquelas persoas traballadoras autónomas e persoas profesionais que, con potencialidade

para crear emprego, non adoptaba tal decisión polo risco ou carga que podía supoñer a contratación das súas tres primeiras persoas traballadoras e o crecemento do seu negocio, e que ten unha especial relevancia nesta comunidade autónoma.

Normativamente, os incentivos á contratación por conta allea regúlaronse a través de tres ordes de convocatoria:

Normativa

- ▶ Orde do 21 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 105, do 4.06.2014).
- ▶ Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 111, do 12.06.2014).
- ▶ Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á formación e contratación - Programa Forcon -, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 120, do 26.06.2014).

A. Programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras.

I. Programa de fomento da contratación indefinida inicial (Programa CONII)

A finalidade deste programa foi fomentar a inserción laboral de persoas traballadoras desempregadas mediante a concesión de incentivos á súa contratación indefinida inicial, a xornada completa ou a tempo parcial.

O importe dos incentivos incrementábase cando as contratacións foran realizadas con mulleres ou persoas mozas desempregadas ou por microempresas para prestar servizos en centros de traballo radicados nun concello rural e cando a taxa de estabilidade acadada fose igual ou superior ao 75%.

II. Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Estabiliza)

A finalidade deste programa foi fomentar a estabilidade mediante a concesión de incentivos á transformación en indefinidos dos contratos temporais de persoas traballadoras.

Só podían ser beneficiarias destes incentivos as microempresas, que eran aquelas con menos de 10 persoas traballadoras.

III. Programa de incentivos á contratación temporal (Programa Inserta)

A finalidade deste programa era fomentar a inserción laboral de persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social mediante a concesión de incentivos á súa contratación temporal.

Así mesmo, reguláronse os incentivos aos contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares ou con redución de xornada de traballo por motivos familiares, co obxectivo último de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

IV. Programa de fomento do contrato para a formación e a aprendizaxe

A finalidade deste programa foi incentivar os contratos de formación e aprendizaxe adecuados ao Real decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se

desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita subvención tiña que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia, agás que as contratacións fosen realizadas polos concellos e deputacións provinciais de Galicia.

V. Programa de incentivos á contratación temporal de persoas mozas desempregadas menores de 30 anos

A finalidade deste programa foi incentivar todas as modalidades contractuais de carácter temporal a tempo completo, agás o contrato para a formación e aprendizaxe, que se realicen con persoas mozas desempregadas menores de 30 anos que nos 3 meses anteriores á data de contratación carezan de ocupación.

B. Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas.

Os incentivos previstos nesta orde foron de aplicación ás tres primeiras contratacións indefinidas iniciais que se realizaron polas persoas traballadoras autónomas ou profesionais con persoas traballadoras desempregadas para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Programa de incentivos á formación e contratación. Programa Forcon.

Fomentouse a inserción laboral das persoas desempregadas mozas e sen cualificación mediante a concesión de


incentivos á súa contratación temporal, cunha duración de 6 meses, sempre que previamente participasen como alumnas na etapa formativa do programa FORCON.

Beneficiarios

No ano 2014, 2.437 empresas foron beneficiarias destas axudas das que se beneficiaron 3.177 traballadores dos que 1.742 foron homes e 1.435 foron mulleres.

Beneficiarios por sexo:	Homes	Mulleres	Total
Fomento da contratación indefinida	725	542	1.267
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	511	585	1.096
Fomento da contratación temporal	506	308	814
Total	1.742	1.435	3.177

Beneficiarios por idade:	<30	31-44	>45
Fomento da contratación indefinida	369	535	363
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	395	523	178
Fomento da contratación temporal	795	15	4
Total	1.559	1.073	545



2.3.2 Apoio ao emprendemento, ao autoemprego e ao traballo autónomo

Un dos eixes de actuación prioritario das políticas activas de emprego xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar é o fomento do espírito emprendedor entre as persoas desempregadas galegas e o apoio á creación dos seus propios postos de traballo e de novas iniciativas empresariais. A consolidación dunha cultura emprendedora resulta vital para que a opción do autoemprego se contemple desde o comezo da vida activa do traballador como unha alternativa válida e atractiva ao seu futuro profesional.

Normativa

- Orde do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 100, do 27.05.2014).
- Orde do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo de xoves menores de 30 anos, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 100, do 27.05.2014).
- Orde do 9 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 114, do 17.06.2014).
- Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 110, do 11.06.2014).

- ▶ Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 119 do 25.06.2014).

Os programas xestionados no ano 2014 foron os seguintes:

▶ **Promoción do emprego autónomo**

Para axudar a financiar aqueles proxectos empresariais individuais que faciliten a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega coa creación do seu propio posto de traballo. Está dirixido ás persoas desempregadas que desenvolven a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia e constitúen unha fonte de riqueza e un elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego. Tamén para apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais mediante o fomento da contratación indefinida.

▶ **Programa de promoción de emprego autónomo para mozos menores de 30 anos**

Este programa creado dentro do Plan de emprego xuvenil ten como finalidade promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas mozas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia. Ten as características do programa de emprego autónomo cunhas melloras importantes xa que neste programa os mozos teñen un incremento da subvención se o seu investimento é superior a 5.000

euros e ten unha liña nova de axuda para os mozos que non poidan xustificar investimento, para que poidan completar o pagamento á cota da Seguridade Social.

▶ **Iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT)**

Para impulsar e facilitar a posta en marcha de iniciativas de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do financiamento parcial dos custos iniciais necesarios para a posta en marcha de proxectos empresariais de contido científico ou tecnolóxico, previamente cualificados ao abeiro do Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

Configúranse como un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora e para aproveitar o potencial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con titulación universitaria como xestores dos seus proxectos empresariais innovadores.

▶ **Programa das Iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E)**

Para fomentar a xeración de empresas e de emprego estable, especialmente de mozos e mulleres, mediante o apoio ao desenvolvemento de novas iniciativas empresariais promovidas por persoas desempregadas, con especial atención ás novas empresas creadas nos concellos do rural galego.

▶ **Programa de incentivos para promover a afiliación á seguridade social das mulleres cotitulares ou titulares de explotacións agrarias**

Para promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a alta na Seguridade Social das mulleres


cotitulares ou titulares de explotacións agrarias de Galicia.

► **Beneficiarios**

No ano 2014 beneficiáronse das axudas ao autoemprego 3.076 persoas traballadoras, dos que 1.665 foron homes e 1.411 mulleres.

Beneficiarios por sexo:	Homes	Mulleres	Total
Promoción do emprego autónomo	1.395	1.196	2.591
Iniciativas de emprego: IEBT e I+E+E	270	195	465
Incentivos ás persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	0	20	20
Total	1.665	1.411	3.076

Beneficiarios por idade:	<30	30-45	>45
Promoción do emprego autónomo	852	1271	468
Iniciativas de emprego: IEBT e I+E+E	101	274	90
Incentivos ás persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	3	15	2
Total	956	1.560	560



2.3.3 Integración laboral das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade e situación ou risco de exclusión social na economía e na sociedade nun sentido amplo. A Consellería de Traballo e Benestar, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e na execución das políticas activas de emprego, establece accións específicas para a inserción destes colectivos, que teñen por obxecto a mellora da súa empregabilidade e o establecemento de medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo.

No deseño e xestión das políticas activas de emprego debe terse en conta a diversidade e a pluralidade que caracteriza a poboación con discapacidade, que se debe atender de forma diferente segundo as demandas e as necesidades que cada grupo de traballadores con discapacidade presenta. A Xunta de Galicia que asume as competencias para a execución da lexislación do Estado en materia laboral entende que a integración social das persoas con discapacidade esixe un esforzo adicional para favorecer a súa inserción no sistema ordinario de traballo, así como a mellora dos instrumentos de apoio para a súa inserción nas fórmulas especiais de emprego protexido, como son os centros especiais de emprego.

Normativa

- Orde do 2 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 111 do 12.06.2014).
- Orde do 27 de xuño de 2014 pola que se establecen as

bases reguladoras do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG. nº 128 do 08.07.2014).

- ▶ Orde do 8 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de decembro de 2013 ata o 30 de xuño de 2014, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego. (DOG. nº 75 do 21.04.2014).
- ▶ Orde do 12 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), e as súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (DOG. nº 118 do 23.06.2014).

Os programas para a integración laboral das persoas con discapacidade xestionados no ano 2014 foron os seguintes:

▶ **Programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria**

Este programa tivo por obxecto incentivar a contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo. Inclúe subvencións pola contratación indefinida, subvencións pola contratación temporal

e subvencións no marco de proxectos con apoio subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar. Os importes das axudas incrementáronse nos supostos de contratación das mulleres, das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción laboral, pola contratación nas pequenas empresas de ata 49 persoas traballadoras e para prestar servizos en centros de traballo nun concello rural.

▶ **Programa emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo**

O obxecto deste programa foi subvencionar os promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social dos preparadores laborais contratados para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa e con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo de Galicia.

Os proxectos de emprego con apoio consisten nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares.

▶ **Programa de integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.**

Para incentivar a creación, ampliación e mantemento dos centros especiais de emprego en canto que son

fórmulas empresariais eficaces para a xeración de emprego estable para persoas desempregadas con discapacidade.

► **Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.**

Ten por obxecto subvencionar o desenvolvemento das funcións dos profesionais das unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, no proceso da incorporación a un posto de traballo, así como a permanencia e progresión neste, das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción laboral.

► **Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL).**



As políticas de inserción laboral consolidan o crecemento e o emprego e son un elemento esencial para combater a pobreza e atender as persoas máis necesitadas da sociedade; por este motivo estableceuse un Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) que promoven a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

► **Beneficiarios**

No ano 2014 un total de 2.696 persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social foron beneficiarias das axudas dos programa de integración laboral das persoas con discapacidade e de inserción laboral, das que 1.061 foron mulleres e 1.635 foron homes.

Beneficiarios por sexo:	Homes	Mulleres	Total
Creación de centros especiais de emprego	15	8	23
Mantemento de centros especiais de emprego	1.177	773	1.950
Unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego	194	113	307
Contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria	185	138	323
Emprego con apoio no mercado ordinario	36	24	60
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	28	5	33
Total	1.635	1.061	2.696

Beneficiarios por idade:	<30	31-45	>45
Creación de centros especiais de emprego	9	10	4
Mantemento de centros especiais de emprego	176	907	867
Unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego	76	155	76
Contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria	47	156	119
Emprego con apoio no mercado ordinario	30	24	6
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	2	21	10
Total	340	1.273	1.084



2.3.4 Fomento do asociacionismo

O traballo autónomo constitúe un sector de importancia fundamental na creación de emprego e riqueza e no que descansa boa parte da estabilidade do sistema económico de Galicia.

No ano 2014, a Consellería de Traballo e Benestar mantivo na Comunidade Autónoma de Galicia o programa de axudas específico para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento, infraestrutura e mantemento das entidades asociativas de traballadores autónomos, de entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral coa finalidade de que poidan desenvolver de forma eficaz o cumprimento da súa finalidade e fortalecer á súa estrutura.

Normativa

- ▶ Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, das entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 60 do 27.03.2014).

▶ Entidades Beneficiarias

No ano 2014, beneficiáronse destas axudas un total de 5 entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas; 1 entidade asociativa de empresas de inserción laboral e 1 entidade asociativa de centros especiais de emprego, resultando un total de 7 entidades asociativas beneficiarias.

03

3.1 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Introdución

Entre as medidas a cargo da Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar que teñen como obxectivo principal procurar a mellora da empregabilidade das persoas e, de xeito particular, a daquelas con maiores dificultades de acceso e/ou permanencia no mercado de traballo, atópanse os programas de cooperación.

A política de apoio á creación de emprego a través destes programas, ten unha tripla dimensión:

- ▶ En primeiro lugar, a de mellorar a empregabilidade dos traballadores que participan, a través da súa inserción laboral no mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción.
- ▶ Así mesmo, a posta en marcha destes programas permite a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade.
- ▶ Finalmente, o terceiro aspecto importante que rodea a estes programas é a colaboración institucional entre a Xunta de Galicia, as entidades locais e as distintas asociacións representativas da sociedade civil, responsables de promover estas iniciativas o que posibilita e contribúe ao desenvolvemento, aproveita-

mento e dinamización do potencial económico, social e cultural da nosa comunidade autónoma, á vez que favorece a creación de emprego de calidade.

Neste marco, a Subdirección Xeral de Emprego xestiona os seguintes programas:

3.1 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Estes programas teñen por obxecto subvencionar a entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, a contratación de desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. A subvención consiste nunha contía equivalente aos custos salariais e ás cotizacións empresariais á Seguridade Social derivados da contratación destes traballadores.

A finalidade última que se persegue con estes programas é a creación de emprego e a inserción no mundo laboral dos/as desempregados/as, en especial dos/as que pertencen aos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Polo tanto, a realización da obra ou servizo pasa a un segundo plano de prioridade.


En relación coa contratación de desempregados/as no marco dos programas de cooperación en colaboración coas entidades locais, no ano 2014, debe destacarse o apoio a proxectos a cargo de 97 entidades locais, me-

diante axudas por valor de **1,3 millóns de euros que permitiron a contratación de 380 persoas desempregadas** (57 mulleres e 323 homes).

Así mesmo, e no marco deste mesmo programa, no ámbito do apoio a proxectos de interese xeral e social ás entidades sen ánimo de lucro, concedéronse axudas a 219 entidades sen ánimo de lucro por valor de **8,1 millóns de euros que permitiron a contratación de 500 persoas desempregadas** (375 mulleres e 125 homes).

► **Traballadores contratados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social**

	Entidades	Beneficiarios
Programa de cooperación con entidades locais	97	380
Programa de cooperación institucionais	219	500
Total	316	880



Cómpre salientar que nestes programas a condición de muller vítima de violencia se establece como un dos criterios prioritarios á hora de realizar a selección dos beneficiarios, sendo contratadas 11 mulleres ao longo de 2014.

Actuacións subvencionadas

Os constantes cambios da sociedade moderna (sobre todo, os relacionados coa aplicación das novas tecnoloxías e coa aparición de novos hábitos sociais, moitos deles vinculados a unha nova valoración do tempo de ocio) están provocando o afloramento de profesións

emerxentes. Estes novos hábitos sociais, pódense satisfacer creando actividades económicas que provean os servizos necesarios. Ademais, estas actividades teñen a importante característica de ser intensivas en emprego e, polo tanto, o seu desenvolvemento terá un efecto directo sobre a creación de emprego superior ao das actividades tradicionais.

Entre os servizos subvencionados destacan, por un lado, os relacionados co socorrismo e a vixilancia nas praias e piscinas municipais, e por outro, os servizos de limpeza e mantemento de praias e zonas verdes, mantemento de piscinas municipais, recuperación, mantemento e limpeza de marxes de ríos, etc.

A través destes programas dáse un importante pulo aos servizos sociais prestados polas distintas entidades beneficiarias, así como aquelas actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que ofrezan aos desempregados, maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral, entre as cales estarán as dirixidas á prestación de servizos relacionados con:

- Ambientais, de medidas forestais e de ámbito rural
- Sociais, educativos e relacionadas coa muller
- Relacionados coa cultura, o turismo e o deporte
- De protección civil, seguridade e outras obras
- Administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación

Os servizos máis frecuentes subvencionados en 2014 foron os relacionados coa protección civil e a seguridade das persoas e bens.

3.1.1 Programas de promoción do desenvolvemento local

Estes programas teñen como fin promover a creación de emprego a través do desenvolvemento local, mediante:

3.1 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

- ▶ **A contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, por parte das entidades locais.**
- ▶ **A contratación de axentes de emprego e unidades de apoio polas entidades sen ánimo de lucro.**

Os programas de contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, así como de axentes de emprego e unidades de apoio, configúranse como un elemento clave na dinamización das políticas activas de emprego no contorno local, ao facilitar ás devanditas entidades á contratación subvencionada, do persoal técnico necesario para impulsar e xestionar actuacións que teñan por obxecto a creación de emprego e a actividade empresarial.

A contratación de axentes de emprego e unidades de apoio por parte das entidades sen ánimo de lucro e de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) por parte das entidades locais, ten por obxecto a dinamización do emprego no ámbito de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes técnicos, que configuran a Rede de técnicos de emprego de Galicia, teñen como funcións principais as de colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial, as de animación, estímulo e innovación actuando como promotores de actividade, asesores puntuais de proxectos de empresa e prospectores de mercado, contribuíndo á dinamización e xeración de novas actividades no ámbito local e rural.


O desenvolvemento destas tarefas contribúe á constitución dun contorno local propicio á creación de emprego e a potenciar a xeración de iniciativas empresariais e novas actividades xeradoras de emprego, que repercuten na creación de novos postos de traballo e de alternativas de ocupación laboral.

No 2014 concedéronse axudas a 224 entidades locais por valor de **2,2 millóns de euros que posibilitaron a contratación de 249 axentes de emprego e desenvolvemento local** (157 mulleres e 92 homes).

No marco da colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, resultaron beneficiarias 16 entidades, mediante subvencións que ascenderon a **1 millón de euros, permitindo a contratación de 39 axentes de emprego e unidades de apoio** (27 mulleres e 12 homes).

▶ Técnicos de emprego de Galicia.

	Entidades	Beneficiarios
Contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local	224	249
Contratación de axentes de emprego/ unidades de apoio	16	39
Total	240	288



A Rede de técnicos de emprego de Galicia caracterízase por dous trazos que a converte na máis importante de todo o Estado; por unha parte a súa cobertura xeográfica, xa que abarca a práctica totalidade dos concellos de Galicia e, por outra, a cualificación dos profesionais que a integran, que contan cunha formación universitaria, relacionada cos ámbitos empresarial e xurídico, principalmente, e cunha probada experiencia no eido da acción local a favor do emprego.

Os técnicos de emprego son o punto de referencia en materia de emprego para todas as persoas que habitan no territorio onde eles actúan. Como coñecedores das necesidades e potencialidades dese territorio, teñen que estimular a actividade empresarial, animando os emprendedores e asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira dos proxectos empresariais que xurdan.


3.2 PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

3.2.1 Obradoiros de emprego


Os obradoiros de emprego combinan accións de formación e emprego dirixidos a persoas desempregadas e maiores de 18 anos, sendo a súa duración máxima 6 meses. Este programa ten como finalidade a posterior inserción laboral dos participantes nos obradoiros de emprego.

- O número de obradoiros de emprego que funcionaron ao longo do ano 2014 foi de 53. O número de participantes nos obradoiros de emprego durante o ano 2014 foi de 1.092, dos que o 45,51% foron mulleres e 54,49% homes.

	Beneficiarios
Homes	485
Mulleres	598
Total	1.083




Nos obradoiros de emprego impartíronse especialidades pertencentes ás seguintes familias profesionais, que son as sinaladas no gráfico.




3.2 PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Concellos nos que funcionaron obradoiros de emprego



3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO



O Servizo Público de Emprego de Galicia é o organismo que con carácter xeral ordena de xeito integrado a xestión das políticas de emprego nas súas diversas áreas: fomento do emprego, intermediación laboral, orientación profesional e formación ocupacional

Os artigos 40 e 41 da Constitución española establecen que as políticas de emprego comprenden o conxunto de decisións adoptadas polo Estado e as comunidades autónomas e teñen por finalidade o desenvolvemento de programas e medidas tendentes á consecución do pleno emprego, así como á calidade no emprego, á adecuación cuantitativa e cualitativa da oferta e a demanda de emprego, á redución das situacións de desemprego e á súa debida protección.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída, segundo o artigo 29,1º do Estatuto de Autonomía, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral e no artigo 30.1.1 establece que lle corresponde, nos termos dispostos nos artigos 38, 131 e 149.1º.11 e 13 da Constitución, a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

Polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro (BOE nº 54, do 4.3.1993), produciuse o traspaso da formación ocupacional á Comunidade Autónoma de Galicia e o Real decreto 1375/97, do 29 de agosto (BOE nº 235, do 11.10.1997) regula o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e confire á

comunidade autónoma de Galicia, a xestión do Servizo Público de Emprego dentro do seu ámbito territorial, tendo ademais a capacidade organizativa deste conforme ao artigo 39 do Estatuto de Autonomía.

Xa en sede autonómica, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado, relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se modifica a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e mais o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, esta asume o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos laborais que engloban as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación.

A Lei 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada pola Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, no seu artigo 2, establece

3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

entre os obxectivos da política de emprego o de proporcionar servizos individualizados á poboación dirixidos a facilitar a súa incorporación, permanencia e progreso no mercado laboral, así como ás empresas, para contribuír na mellora da súa competitividade. Ademais do de manter a unidade de mercado de traballo en toda España, tendo en conta as características específicas e diversas dos diferentes territorios e promovendo a corrección dos desequilibrios territoriais e sociais.

A Estratexia dos servizos públicos de emprego europeos 2020 prevé que son os servizos públicos de emprego os responsables da calidade dos servizos ofrecidos, proporcionando os mecanismos para apoiar a xestión das carreiras profesionais individuais e promover a creación de emprego, prestando maior atención ás necesidades dos empregadores e de forma especial ás pequenas e medianas empresas que tradicionalmente son as que máis requiren dos servizos prestados polos servizos públicos de emprego. En definitiva, a prestación destes servizos de emprego debe responder ás necesidades dos cidadáns e das empresas con maior eficacia e eficiencia, flexibilidade e precisión.

A Recomendación do Consello Europeo de xuño de 2012 subraia a necesidade de aumentar a eficacia das políticas activas de traballo e de reforzar a coordinación entre os servizos públicos de emprego nacionais e rexionais.

Á vista do anterior e nun contexto como o actual, no que o desemprego se torna como un dos grandes retos aos que se deben enfrontar os Servizos Públicos de Emprego, o artigo 9 da Lei 56/2003 de 16 de decembro, de Emprego, detalla as funcións do Sistema Nacional de Emprego, entre as que se inclúen a de determinar e ter actualizada unha Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego que prestan os servizos públicos de emprego e a de garantir en todo o Estado o acceso, en condicións de igualdade, a un servizo público e gratuito do emprego.

Os servizos da Carteira común do Sistema Nacional de Emprego, coherentes cos estándares internacionais, teñen que axudar aos traballadores a atopar un emprego axeitado ás súas características e aos empregadores a contratar traballadores adecuados ás súas necesidades; facilitar a mobilidade profesional e xeográfica co fin de corrir os desaxustes entre a oferta e a demanda de emprego; recoller e analizar a situación e a evolución do mercado de traballo; venciarse co sistema de protección do desemprego con suxeición ao compromiso de actividade; e coordinarse co resto das políticas activas de emprego.

A reforma do mercado laboral pon en marcha un proceso de transformación das políticas activas de emprego para posibilitar un deseño de políticas activas e pasivas máis dinámicas e eficientes, complementario e coherente co novo marco de relacións laborais e de contratación. Este novo deseño debe permitir reforzar os mecanismos preventivos fronte ao desemprego, mellorar a empregabilidade dos traballadores e favorecer a transición ao emprego, asegurando a coordinación e venciamento entre as políticas activas e pasivas mediante a subscripción dun compromiso de actividade. Ademais, permite impulsar o fomento da cultura emprendedora e o espírito empresarial e a mellora na atención e acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

Seguindo esta liña de cambio e avance, impúlsase unha nova Estratexia española de activación para o Emprego, que para o período 2014-2016, foi aprobada e publicada mediante o Real Decreto 751/2014, de 5 de setembro. Esta estratexia prevé a aprobación de tres regulamentos, sendo un deles o da Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego, que se aproba polo Real Decreto 7/2015 do 16 de xaneiro.

Este Real decreto desenvolve, polo tanto, os servizos comúns que deberán ser prestados por todos os servi-

zos públicos de emprego, ao considerarse fundamentais e necesarios para unha atención axeitada, integral e continuada aos usuarios e para garantir o seu acceso en condicións de igualdade. Estes servizos deberán ser suficientes para permitiren aos demandantes de emprego dar cumprimento ao previsto nos seus itinerarios personalizados de inserción, así como ás esixencias do compromiso de actividade. Este regulamento determina o contido de cada servizo e fixa as bases do procedemento de actualización.

A Carteira de servizos prevista neste Real decreto ten carácter común e é de aplicación ao conxunto dos usuarios dos servizos públicos de Emprego, polo que o acceso ás prestacións incluídas en cada servizo se garantirá con independencia do lugar no que se atope, e nas condicións de calidade e equidade na atención aos usuarios no conxunto do territorio nacional. Por outra banda, terán a consideración de servizos complementarios aqueles que, non estando incluídos na Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego, sexan establecidos polos servizos públicos de emprego competentes para o seu propio ámbito competencial.

Esta Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego estará integrada polos servizos de orientación profesional, de colocación e de asesoramento ás empresas, formación e cualificación para o emprego e de asesoramento para o autoemprego e o emprendemento. Para cada un destes servizos establécese o seu obxectivo, así como as actividades que contempla que deberán prestarse como mínimo para os usuarios dos servizos públicos de emprego, persoas, desempregadas ou ocupadas así como as empresas independentemente da súa forma xurídica. Os usuarios dos servizos públicos de emprego teñen dereito a recibir os servizos que se establezan legalmente mediante atención personalizada e adaptada ás súas necesidades, de acordo cos requisitos de acceso establecidos.

O Servizo Público de Emprego de Galicia, como integrante do Sistema Nacional de Emprego, xunto co Servizo Público de Emprego Estatal e os Servizos Públicos de Emprego das Comunidades Autónomas, segundo a Lei 56/2003, de 4 de xullo, de Emprego, pódese definir como o conxunto de estruturas, medidas e accións necesarias para promover e desenvolver as políticas de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, o Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado da prestación dos servizos contidos na Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego, previstos no Real decreto 7/2015 do 16 de xaneiro, coa filosofía de que o Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa rede de oficinas de emprego, prestarán un servizo integral ás persoas demandantes, así como ás empresas e persoas empregadoras.

O obxectivo do Servizo Público de Emprego de Galicia é, polo tanto, o de facilitar a inserción das persoas demandantes de emprego a través das políticas activas de emprego para contribuír a acadar emprego estable e de calidade para o que desenvolverá as funcións de inscrición, clasificación, orientación, intermediación e rexistro e seguimento da contratación.

Para acadar este obxectivo, o Servizo Público de Emprego de Galicia profundizará na súa interrelación e proactividade tanto coas persoas demandantes como coas persoas empregadoras, detectando as súas necesidades e proporcionándolles aqueles servizos que requiran, procurando así unha prestación máis eficaz e eficiente destes servizos.

Para o acceso a determinados servizos requírese a inscrición como demandantes tanto das persoas desempregadas como das ocupadas. Neste sentido enténdese por demanda de emprego e servizos, o resultado derivado da solicitude, a iniciativa da persoa interesada, dos servizos definidos na Lei 56/2003, do 16 de decembro de Empre-

3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

go ante un Servizo Público de Emprego. Esta solicitude xerará dereitos e obrigas e terá unha vixencia temporal limitada.

Para realizar a devandita solicitude, a persoa interesada facilitará información de carácter persoal, profesional e de dispoñibilidade, que se almacena e comparte a través do Sistema de información dos servizos públicos de emprego (SISPE), regulada polo Real decreto 1722/2007, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 56/2003, do 16 de decembro de Emprego, en materia de órganos, instrumentos de coordinación e avaliación do Sistema Nacional de Emprego, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia son o instrumento organizativo básico onde se ofrecen as distintas accións e servizos relacionados coas políticas activas de emprego e o punto de encontro entre empregadores e traballadores que buscan emprego, mellora da ocupabilidade das persoas traballadoras e incremento da experiencia profesional, podendo ser de dúas clases:

- a. **Oficinas territoriais de emprego:** son a unidade básica dende a que se xestiona e coordina dun xeito integral a provisión dos servizos de emprego á cidadanía, ás persoas traballadoras e ás empresas. O seu ámbito xeográfico de actuación, denominado área funcional, e a súa especialización funcional, no seu caso, determínanse atendendo as necesidades organizativas do servizo.
- b. **Oficinas de servizos para as persoas empregadoras:** son unidades especializadas no ofrecemento e desenvolvemento de servizos ás persoas emprendedoras e ás empresas, en relación co asesoramento no establecemento e posta en marcha de iniciativas emprendedoras, cos procesos de intermediación laboral

e coa contratación das persoas traballadoras. Tamén coidan aspectos relacionados coa mellora da competitividade e produtividade.

As oficinas territoriais de emprego, así como as oficinas de apoio ao empregador dependen orgánica e funcionalmente da xefatura territorial da provincia correspondente ao seu ámbito funcional. Aínda así, as direccións xerais competentes en materia de xestión de políticas activas de emprego poderán ditar as instrucións e circulares de coordinación necesarias para a correcta execución dos servizos ofrecidos.

Co obxecto de garantir e facilitar o acceso das persoas demandantes de emprego e das empresas e persoas empregadoras aos servizos de medidas activas de emprego, a oficina virtual de emprego configúrase coma o espazo web do Servizo Público de Emprego de Galicia mediante o que se poderá acceder a determinados servizos, sen necesidade de desprazarse fisicamente á oficina de emprego.


O Servizo Público de Emprego de Galicia mantén tamén á disposición das persoas usuarias unha serie de puntos de información que, despregados pola xeografía galega, achegan e facilitan a comunicación co Servizo Público de Emprego de Galicia, ao tempo que permiten a realización de determinadas xestións.

► Distribución provincial

	Nº áreas funcionais	Nº de oficinas	Nº de oficinas do empregador
A Coruña	10	14	1
Lugo	7	11	
Ourense	9	10	
Pontevedra	10	18	1
Total	36	53	2

Distribución provincial: A Coruña


Área funcional	Nº de oficinas
A Coruña	3
Betanzos	1
Boiro	1
Bergantiños	1
Cee	1
Ferrol-As pontes	1
Melide	1
Ordes	1
Santiago de Compostela	2
Total oficinas de emprego	14



3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

Distribución provincial: Lugo

Área funcional	Nº de oficinas
Os Ancares	1
A Mariña	4
Chantada- A Ulloa	1
Lugo	2
Terra de Lemos-Quiroga	1
Sarria	1
Vilalba	1
Total oficinas de emprego	11



Distribución provincial: Ourense


Área funcional	Nº de oficinas
Valdeorras	1
O Carballiño	1
Terra de Celanova	1
Ourense	2
Terra de Trives	1
O Ribeiro	1
Verín	1
Viana do Bolo	1
A Limia	2
Total oficinas de emprego	10



3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

Distribución provincial: Pontevedra

Área funcional	Nº de oficinas
Caldas de Reis	1
O Salnés	2
O Morrazo	1
A Paradanta	1
Tabeirós-Terra de Montes	1
O Deza	1
Pontevedra	2
Ponteareas	1
Baixo Miño	1
Vigo	7
Total oficinas de emprego	18



Oficinas de apoio ao empregador

Como servizo de valor dirixido fundamentalmente ás empresas e ás persoas emprendedoras, desde o Servizo Público de Emprego de Galicia puxéronse en marcha nas cidades da Coruña e de Vigo as Oficinas de Apoio ao Empregador, oficinas que reforzan e complementan os servizos ofrecidos aos ofertantes de emprego polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia, e que nacen coa idea de apoialos como peza fundamental do sistema de intermediación laboral nos procesos de soporte relacionados co emprego e coa busca de persoal a integrar laboralmente nas súas empresas.

Nas Oficinas de Apoio ao Empregador concéntranse tanto servizos como infraestruturas de apoio ás empresas e iniciativas empresariais de calquera tamaño, relacionadas coas súas necesidades de recrutamento, selección e contratación de persoal.

A Oficina de Apoio ao Empregador achega un servizo específico para axudar aos empresarios a definir axeitadamente a súa oferta de traballo de acordo coas súas necesidades, de forma que na súa posterior xestión a cargo do Servizo Público de Emprego de Galicia se obteñan as persoas candidatas que se axusten axeitadamente ás súas necesidades.

Tamén facilitan salas onde realizar entrevistas de selección ás persoas candidatas, dispoñendo ademais das infraestruturas tecnolóxicas e do entorno necesario para apoiar neste proceso, incluíndo a dispoñibilidade do persoal técnico do Servizo Público de Emprego para resolver cantas dúbidas ou cuestións xurdan en relación ao proceso, como tipoloxías de contratos, incentivos á contratación...

Dispoñen tamén de espazos para formación totalmente equipados aos que se poderá acceder para impartir aquelas actividades de formación que non teñan cabida na infraestrutura das empresas.

Facilitan información acerca das axudas para o autoemprego dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, así como doutros servizos do entorno como incubadoras de empresas ou asociacións empresariais nas que se poida obter apoio máis especializado así como o acceso a recursos específicos na materia, tales como modelos de memorias de empresa, de análises de viabilidade, formación en materia de xestión empresarial, etc.

Ademais destes, nas Oficinas de Apoio ao Empregador tamén está dispoñible unha zona TIC de autoservizo, desde a que podes acceder a Internet para procurar información en relación a ofertas e/ou demandas de emprego, Portal de Emprego e outros recursos de emprego na rede.

As Oficinas de Apoio ao Empregador de Coruña e Vigo atópanse situadas nos seguintes enderezos:

- ▶ **Oficina de Apoio ao Empregador da Coruña**
Rúa María Victoria Fernández-España y Fernández-Latorre, 1 - 15002 A Coruña
- ▶ **Oficina de Apoio ao Empregador de Vigo**
Ronda de Don Bosco, 1 - 36202 Vigo

3.3.1 Programas

Configuradas maioritariamente como unha oferta integral de servizos ás persoas que están en busca activa de emprego, as medidas de mellora da empregabilidade poden resumirse en tres grandes tipos de actuacións:

- ▶ As que van dirixidas a incrementar as posibilidades de emprego de cada demandante, incidindo na mellora da súa cualificación profesional, a través de accións formativas de carácter ocupacional.
- ▶ As que tentan mellorar o seu coñecemento do mercado de traballo e influír positivamente sobre as súas decisións de busca de emprego, axudándolle na selección dos obxectivos profesionais que mellor poidan adecuarse ás súas características de cualificación e circunstancias persoais, a través de accións personalizadas de orientación laboral para o traballo por conta allea ou, se así o decide o interesado, de asesoramento para o autoemprego.
- ▶ As de xestionar coa maior eficacia a demanda de emprego, poñéndoa constantemente en relación coas ofertas de traballo que chegan ao Servizo Público de Emprego, é dicir, facendo unha xestión áxil e profesional da colocación a través da intermediación entre demanda e oferta de traballo.

Das dúas últimas funcións, que polas súas propias características, se prestan baixo a denominación de Servizo Público de Emprego, ocuparémonos neste apartado.

3.3.1.1 Información, orientación e busca de emprego

A gran prioridade que as directrices europeas sobre emprego outorgan ao pilar I, referido á mellora da capacidade de inserción profesional das persoas, está a supoñer un gran desafío para os servizos públicos de emprego. Esta mellora require unha estreita interacción e coordinación entre todas as actuacións levadas a cabo polos SPE: información, asesoramento, intermediación-colocación, así

como a aplicación de medidas especiais de axuste, tales como o sistema de formación ou reciclaxe profesional.

O cambio permanente, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, leva unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego, facendo necesario, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados, que presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara á súa inserción laboral. Estes procesos de orientación e asesoramento deben basearse con frecuencia na definición de itinerarios personalizados de inserción profesional que permitan combinar distintas medidas activas de emprego, facilitando á persoa demandante o obxectivo final de acceder a un posto de traballo axustado ás súas posibilidades e necesidades.

Hoxe en día espérase que unha persoa sexa capaz de pasar por diferentes postos en diferentes empresas ao longo da súa vida profesional, co que se fai necesaria a continua adaptación ás circunstancias predominantes en cada momento mediante a reciclaxe e a formación ao longo da vida activa. A medida que esa aprendizaxe resulta cada vez máis esencial, os servizos de orientación descubren a súa grande importancia e proxección, de aí que unha orientación profesional efectiva e de calidade estea destinada a xogar un papel esencial entre as medidas activas articuladas polos servizos públicos de emprego.

A este respecto, cómpre sinalar que desde 1998 funciona, de xeito complementario ao Servizo Público de Emprego, unha rede de orientación laboral que contou, ao longo de 2014, con 231 técnicos de orientación e prospección de emprego, que prestaron os seus servizos a través de 118 entidades colaboradoras ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014 (DOG nº. 249 do 31.12.2013).

Cómpre destacar que, dentro da dita rede, 57 profesionais prestan os seus servizos en centros especializados de orientación para persoas con discapacidade.

► **Rede de orientación laboral:**

Entidades locais

	Nº de entidades locais beneficiarias	Nº técnicos concedidos
A Coruña	45	53
Lugo	16	17
Ourense	14	17
Pontevedra	21	21
Total	96	108

Entidades sen ánimo de lucro

Tipo entidade	Nº de entidades beneficiarias	Nº técnicos concedidos
Entidades empresariais e sindicais	9	66
Centros especiais (atención ás persoas con discapacidade)	13	56
Total	22	123

	Nº de entidades beneficiarias	Nº técnicos concedidos
Total 2013-2014	118	231

As accións de orientación, de acordo co Real decreto 1542/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba a Estratexia Española de Emprego 2012-2014, comprenden todas aquelas actuacións e medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais e profesionais da persoa beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais. En concreto:

- A elaboración de diagnoses individualizadas sobre o perfil, as necesidades e as expectativas das persoas

demandantes de emprego mediante entrevistas personalizadas, para poderen encontrar ou manter un emprego ou accederen a un novo.

- A información sobre o mercado de traballo e os incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación e o apoio ás iniciativas emprendedoras.
- O deseño, elaboración e realización de itinerarios individuais e personalizados de emprego ás persoas desempregadas a través de información e orientación profesional para o emprego e o autoemprego, para a mellora da súa cualificación profesional e da súa empregabilidade.
- Os contactos coas empresas para difundir información sobre as súas iniciativas para facilitar a inserción laboral, realizando así mesmo unha prospección das necesidades das empresas e o casamento entre as ofertas e demandas de emprego e favorecendo o achegamento entre as necesidades das empresas e as posibles persoas candidatas.
- A información e orientación sobre o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral para as persoas demandantes de emprego mediante a acreditación oficial da súa cualificación a través de certificados de profesionalidade.
- A información e o asesoramento ás persoas demandantes de emprego sobre a oferta de accións de formación profesional para o emprego, con acreditación oficial a través do Repertorio de certificados de profesionalidade cando estean vinculadas ao Catálogo nacional de cualificacións, así como dos títulos de formación profesional.


Durante o ano 2014, o número total de accións de orientación ofertadas aos demandantes de emprego ascende a 79.511, das cales 38.820 foron ofertadas a homes e 40.691 a mulleres. Con respecto ao número de persoas desempregadas beneficiarias destas accións, o número total

3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

de persas atendidas foi de 77.353; na Coruña 33.084; en Lugo 12.500; en Ourense 11.186 e en Pontevedra 20.583 persoas beneficiarias. Todas elas foron axudadas no seu proceso de busca de emprego.


► Distribución provincial: orientación laboral. Accións

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	16.659	17.379	34.038
Lugo	6.160	6.617	12.777
Ourense	5.479	6.006	11.485
Pontevedra	10.522	10.689	21.211
Total	38.820	40.691	79.511



► Distribución provincial: orientación laboral. Persoas

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	16.224	16.860	33.084
Lugo	6.056	6.444	12.500
Ourense	5.351	5.835	11.186
Pontevedra	10.198	10.385	20.583
Total	37.829	39.524	77.353



3.3.1.2 Programas integrados para o emprego.

No ano 2005, a Consellería de Traballo e Benestar asumiu o traspaso da xestión dos programas experimentais en materia de emprego (agora denominados programas integrados para o emprego). Con este traspasoponse a disposición do Servizo Público de Emprego de Galicia unha ferramenta de políticas activas que ten dado resultados moi positivos.

Estes programas teñen por obxecto a posta en marcha de actuacións combinadas de información e orientación, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica, dirixidas á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.

As accións van orientadas, con carácter xeral, á mellora da ocupabilidade e integración dos desempregados sinalados como prioritarios na definición anual do Plan de acción para o emprego, entre os que se atopan discapacitados, inmigrantes, mulleres con problemas de integración laboral e traballadores desempregados en risco de exclusión social, así como os perceptores de subsidios e prestacións por desemprego e da renda activa de inserción, e os perceptores da renda de integración social de Galicia, sempre que figuren inscritos como demandantes de emprego


Polo que respecta ao período 2014-2015 estes programas beneficiaron un total de 22 entidades locais e 21 entidades sen ánimo de lucro, o que representa un total de 3.427 desempregados/as participantes, e un obxectivo de inserción laboral media do 43%.

As subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015 (DOG nº 6 do 10.01.2014), destinadas a cubrir os custos salariais e de Seguridade Social do persoal necesario para o apoio e a formación dos demandantes de emprego, máis os gastos

xerais materiais e técnicos derivados do proxecto, ascenderon a un total de 5.364.313 euros.

Cadro resumo das concesións de programas integrados 2014-2015:

Tipo entidade	nº participantes	% inserción	Importe total 2013-2014
Entidades locais	1.742	41%	2.994.874
Entidades sen ánimo de lucro	1.685	45%	2.369.439
Total	3.427	43%	5.364.313



3.3.1.3 Teléfonos de información do Servizo Público de Emprego

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten a disposición de todos os seus usuarios unha liña de atención telefónica, o 012 que funciona en horario das 8.00 ás 22.00 h de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 h os sábados.

A liña 012 é o teléfono de información destinado aos demandantes de emprego. As chamadas telefónicas recibidas pódense clasificar en catro grandes grupos:

- Comprobacións de dispoñibilidade: inclúe as chamadas dos demandantes de emprego que foron preseleccionados para unha oferta de traballo e solicitan información das condicións da oferta.

- Información xeral: inclúe as chamadas nas que os demandantes solicitan información sobre cursos de formación ocupacional, orientación laboral, informacións aparecidas en prensa, programas específicos, etc.
- Solicitude de entrevista ocupacional: chamadas dos demandantes que solicitan unha entrevista nun centro asociado para os efectos de completar os datos do seu currículo.
- Ofertas abertas: chamadas recibidas nas que os demandantes solicitan optar ás ofertas de traballo publicitadas polo Servizo Público de Emprego.

Durante 2014 recibíronse un total de 14.840 chamadas cunha media mensual de 1.236 chamadas.

Xaneiro	1.425
Febreiro	1.348
Marzo	1.333
Abril	1.396
Maio	1.251
Xuño	1.171
Xullo	1.209
Agosto	1.040
Setembro	1.267
Outubro	1.094
Novembro	1.165
Decembro	1.141
Total chamadas 2013	14.840

A liña 012 é o teléfono de información destinado aos empresarios. Fundamentalmente, as chamadas recibidas nesta liña telefónica divídense nos seguintes grupos:

- Introdución de ofertas de traballo: chamadas nas que un empresario expresa a súa necesidade de cubrir un ou máis postos vacantes na súa empresa.

3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

- Información xeral: chamadas de solicitude de información sobre subvencións destinadas á promoción do emprego, tipoloxía dos contratos de traballo, xestión das ofertas de traballo, etc.

Durante 2014 recibíronse un total de 4.762 chamadas cunha media mensual de 396 chamadas.

Xaneiro	431
Febreiro	417
Marzo	462
Abril	347
Maio	436
Xuño	497
Xullo	464
Agosto	337
Setembro	418
Outubro	374
Novembro	296
Decembro	293
Total chamadas 2013	4.762

3.3.1.4 Intermediación

Outra das grandes liñas de actuación desde o punto de vista da mellora da empregabilidade ou da capacidade de inserción dos desempregados, é a xestión eficiente da demanda de emprego e a súa posta en relación coas ofertas xeradas polo mercado de traballo. Trátase de garantir o mantemento do currículo de cada demandante de emprego actualizado para darlle as maiores oportunidades de colocación a través da incorporación de todos os aspectos que poidan ser máis relevantes: a súa formación, experiencia profesional, idiomas, coñecementos informáticos, etc. Trátase tamén de xerar credibilidade na función intermediadora cara ás empresas garantíndolles a busca de candidatos axeitados nun curto espazo de tempo con comodidade e confi-

dencialidade.

Este servizo ten por obxecto, polo tanto, identificar e xestionar ofertas de emprego, vinculándoas aos usuarios que mellor se axusten a elas en función do seu perfil e competencias, a fin de facilitar aos empregadores os traballadores máis apropiados aos seus requirimentos e necesidades.

Do mesmo xeito, débese garantir a igualdade de oportunidades no acceso ás ofertas de traballo a través dun novo sistema que permita que cada oferta de emprego cruce coa totalidade das demandas dispoñibles e viceversa, facilitando a plena mobilidade xeográfica e a igualdade de oportunidades independentemente do lugar de residencia.

Con esta filosofía o Servizo Público de Emprego de Galicia vén traballando desde a transferencia desta función o 1 de xaneiro de 1998, tanto a través dos seus propios centros que teñen encomendada a atención das demandas e das ofertas de traballo, que son as 53 oficinas de emprego, das dúas oficinas de apoio ao empregador (A Coruña e Vigo), así como tamén a través daqueles centros que desenvolven accións complementarias desta función por conta e baixo a coordinación do Servizo Público de Emprego, que son as denominadas entidades colaboradoras.

A existencia dunha rede complementaria de entidades colaboradoras permite ampliar o número de accións de atención á demanda, o tratamento específico de certos grupos de demandantes como poden ser os discapacitados e a disposición dun maior número de puntos de recollida de ofertas de emprego, incrementando a permeabilidade do Servizo Público e o número de ofertas que se achegan aos desempregados. A dita rede posibilita tamén a participación das entidades colaboradoras nas funcións de intermediación de moitas entidades que traballan neste mesmo eido, como as or-

ganizacións sindicais, empresariais ou centros de formación, evitando deste xeito a dispersión dos recursos e garantindo a coordinación de todos os esforzos no mercado de traballo autónomo.

- ▶ No ano 2014 o número de postos de traballo xestionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia foi de 27.373

3.3.1.5 A Rede Eures (C) do Servizo Público de Emprego de Galicia



Dende o ano 1998, as competencias en materia de emprego, e polo tanto a Rede EURES, están transferidas á nosa comunidade autónoma. A Rede EURES, coordinada a nivel europeo pola unidade EURES da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea, depende da Subdirección Xeral de Emprego e coordínase desde o seu Servizo de Prospección e Estudos.

Para garantir o dereito á libre circulación de traballadores nos países do Espazo Económico Europeo (EEE), a Rede Eures proporciona información sobre mercados de traballo, ofertas de emprego e condicións de vida e traballo nos países do Espazo Económico Europeo (EEE).

A Rede EURES ten dous obxectivos principais:

- ▶ primeiro é facilitar que traballadores e empresas do EEE exerzan o seu dereito á libre circulación e a vivir e traballar noutro Estado membro
- ▶ segundo obxectivo é apoiar varios piares da Estratexia europea de emprego e a mobilidade profesional dentro do EEE

No ano 2011 apróbase o Regulamento (UE) 492/2011, do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de abril de 2011, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Unión Europea. Posteriormente, pola Decisión de Execución da Comisión, de 26 de novembro de 2012, publícase a reforma EURES que incide en tres obxectivos:

- ▶ Facilitar aos solicitantes de emprego o contacto con empregadores que buscan competencias específicas
- ▶ Centrar a atención nos sectores e profesións con déficit de cualificacións e
- ▶ Apoiar os plans de mobilidade dirixidos aos mozos.

Estas modificacións fórmulanse no eido da Estratexia 2020 e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2014. A Comisión Europea adoptará a Carta EURES de conformidade cos procedementos establecidos no citado regulamento.

A Rede EURES do Servizo Público de Emprego de Galicia contou no ano 2014 con 5 conselleiros EURES (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo) que atenderon un total de 10.231 consultas, cifra que supón unha pequena diminución con respecto á do ano 2013 na que o número de consultas foi de 11.954. No que respecta ao perfil das persoas atendidas, hai que falar dun lixeiro cambio de tendencia, xa percibido no ano 2013. Neste ano 2014 apréciase unha lixeira diminución de solicitudes e información por parte de usuarios con pouca cualificación e un aumento dos mozos titulados con bo perfil de mobilidade, debido ao coñecemento de idiomas, formación universitaria, etc.

3.3 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

Tamén en 2014 aumenta a porcentaxe de persoas atendidas en grupo, 26,9%, fronte aos resultados dos anos 2012 e 2013. O 64% das consultas de demandantes de emprego atendidas no 2014 incluíron información xeral básica sobre EURES fronte ao 63% no 2013. Neste sentido nótase que tanto a actualización da información sobre a rede EURES no Portal <http://emprego.xunta.es>, o uso da internet como ferramenta de procura de información e emprego, así como a integración de EURES no SPEG contribúe a un maior coñecemento das posibilidades de traballo no ámbito europeo.

Tipo de consultas en 2014

- ▶ Consultas sobre supostas ofertas de emprego nas que os intermediarios solicitaban o pagamento de taxas ou comisións pola súa intermediación
- ▶ Incremento de ofertas de cursos de idiomas vencellados a unha oferta de emprego, en ocasións con cláusulas ou taxas abusivas cando non fraudulentas. O propio portal EURES ofrece información actualizada sobre as fraudes. Permite tan só consultar perfís profesionais aos empresarios que consulten os currículum vitae rexistrados. Os propios usuarios teñen a posibilidade de ocultar ese dato.

Reino Unido segue sendo o país de destino máis habitual entre os usuarios, fundamentalmente polo idioma e a situación do mercado laboral irlandés. De feito, no ano 2014, case un 25% das candidaturas xestionadas por EURES do SPEG ían ao Reino Unido e o 56,8% das colocacións detectadas por esta rede foron en empresas dese país.

O programa “**Tu primer trabajo EURES (TPTE)**”, é unha iniciativa de mobilidade dirixida e cofinanciada pola Comisión Europea, co obxectivo de fomentar a mobilidade laboral e proporcionar aos traballadores e empregadores apoio financeiro para contribuír aos gastos que supón a incorporación a un posto de traballo noutro país da UE.

Neste proxecto TPTE España 2013-2014 concedéronse axudas económicas a 20 usuarios de Galicia: 3 entrevistas e 17 recolocacións.

No relativo á nacionalidade das persoas atendidas, a maioría delas son nacionais dalgún dos 31 Estados do Espazo Europeo de Libre Circulación e, polo tanto, acóllense aos regulamentos comunitarios en materia de Seguridade Social e libre circulación. Alemaña e Noruega son os países que presentan ofertas de traballo de carácter técnico e Suíza é un destino considerado por moitos galegos por motivos históricos e económicos aínda que non se cofecen os cambios da súa normativa nin a baixada das condicións ofertadas.

Neste ano 2014 mantense o número de persoas nacionais dos chamados “terceiros países” que teñen permisos de residencia ou traballo en España pero que, debido á situación laboral, acércanse a EURES para tentar buscar traballo noutros países do EEE; dende hai 4 anos, as nacionalidades destas persoas son máis americanas que africanas contra a tendencia manifestada ata ese momento.

No que respecta ás ofertas de traballo difundidas desde EURES do SPEG no 2014, a metade foron cubertas por nacionais, o 30% por suecos e o 19% por británicos.

No que respecta ao motivo do contacto, na rede EURES do SPEG son habituais as consultas relativas ás exportacións das prestacións por desemprego, a ou dende outros países do EEE

No marco da cooperación co Servizo Público de Emprego Estatal, no ano 2014 a rede EURES do Servizo Público de Emprego de Galicia preseleccionou persoal de construción para a empresa FCC para traballos en Arabia Saudí. No ámbito da integración de EURES no Sistema de información do Servizo Público de Emprego (SISPE), implementouse o rexistro de ofertas no portal EURES a través dos aplicativos das comunidades autónomas en xuño de 2014.

Neste senso, as ofertas con orixe en Galicia e rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) difúndiranse no Portal EURES a través do Sistema de intermediación das comunidades autónomas (SICAS). Isto supón un avance na integración de EURES nos servizos públicos de emprego (SPE) e posibilita a avaliación do traballo da rede EURES de Galicia no marco común do SPEG.

No ano 2014 inclúense dous novos servizos de demanda:

- ▶ Código 145: Atención personalizada EURES e
- ▶ 14T: Atención individualizada EURES Transfronterizo.

Ao longo do 2014 a rede EURES do SPE de Galicia colabora coa Dirección Xeral de Xuventude na difusión dos soportes á mobilidade para centros e alumnado de FP en Galicia ou a participación dos conselleiros EURES do SPEG nos foros de emprego das Universidades da Coruña, Vigo e Santiago. Tamén se manteñen contactos coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), que é socio do EURES Transfronterizo Galicia-Norte de Portugal .

Os conselleiros do SPE de Galicia participan nos grupos de traballo da rede estatal de informacións xerais e sinerxías, Empregadores, Mercado de traballo europeo, Seguimento, Prodecementos e Formación e GT EURES-SISPE

Tamén hai que resaltar sinerxías con outras institucións, SOLVIT, Europa directo, Ministerio de Educación e Comisión Europea.

Un dos obxectivos da rede EURES é detectar os obstáculos á libre circulación entre os países do EEE. Neste ámbito, no ano 2014 a rede EURES do SPE de Galicia informou sobre diversos obstáculos que dificultan os obxectivos da rede Eures:

- ▶ Falta información sobre as condicións laborais de emprego nos distintos Estados membros a través das empresas de traballo temporal (ETT) e das axencias privadas de colocación; e mesmo utilízanse prácticas que chegan a ser fraudulentas no que atinxe aos mo-

vementos transnacionais de traballadores por empresas de intermediación privadas.

- ▶ No ano 2014 seguíronse detectando fraudes na internet, relativas a ofertas falsas ou a ofertas difundidas con salarios por debaixo dos mínimos legais ou condicións de estadía ou aloxamento no país de destino que non cumpren os mínimos legais ou comúns aos nacionais. A rede EURES publica información sobre estas posibles fraudes.
 - ▶ Os cambios da lei de Seguridade Social sobre os dereitos das persoas ausentes de territorio máis de 90 días xerou bastante alarma entre os españois residentes noutros países e moitas consultas á rede EURES. Tamén, as diferenzas de marcos lexislativos e administrativos entre os países do EEE non acaban de encaixar na rede EURES que está ampliando o seu ámbito de actuación.
 - ▶ Baixo nivel de competencia lingüística da poboación xeral, o que dificulta o dereito á libre circulación.
- polo que habería que traballar na
- ▶ Actualización de bases de datos de profesións reguladas,
 - ▶ Unha maior coordinación no recoñecemento das formacións profesionais segundo o título, a profesión e o país de destino,
 - ▶ A posibilidade de chegar a acordos europeos para equivalencias e validez de tarxetas profesionais. A non validación dificulta bastante a mobilidade e a libre circulación.

O Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

<http://www.eures-norteportugal-galicia.org/>



EURES ten unha misión especialmente importante que cumprir nas rexións fronteirizas da Unión Europea, onde hai importantes fluxos de traballadores e empregadores transfronteirizos, que viven nun Estado membro da UE e traballan noutro. Confrontados diariamente coa xustaposición de lexislacións e costumes diferentes, necesitan información sobre as particularidades do país veciño. Así, dentro da Rede EURES (European Employment Services) atópanse os servizos EURES transfronteirizos. A súa función é a de dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios. Neste momento existen en Europa 20 EURES transfronteirizos, sendo o de Galicia-Norte de Portugal o único que hai en España.

A creación do Servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal o 15 de decembro de 1997 fíxose a través da formalización dun convenio marco entre a Comisión Europea, a Xunta de Galicia, o Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal, os axentes económicos e sociais e as universidades dos dous lados da fronteira. Ten como obxectivo mellorar a situación do mercado de traballo de Galicia e o Norte de Portugal, creando un mercado de emprego transparente e desenvolvendo un sistema de colaboración e cooperación entre os dous servizos públicos de emprego (Servizo Público de Emprego de Galicia e Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal).

Conforme o establecido na Decisión de Execución da Comisión, do 26 de novembro de 2012 e na Carta EURES, son obxectivos do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal o desenvolvemento de accións que permitan:

- ▶ Desenvolver un mercado de traballo transfronteirizo aberto e accesible respectando estritamente as normas laborais e os requisitos legais aplicables dando información e asesoramento sobre oportunidades e outras informacións relativas ao mercado laboral, Seguridade Social, lexislación laboral, fiscalidade, etc.;
- ▶ Facilitar o proceso de adecuación entre a oferta e a demanda de emprego transfronteirizo, e desenvolver actividades e proxectos conxuntos de integración laboral e de oportunidades de formación profesional;
- ▶ Promover a transparencia e o intercambio de información sobre o mercado de traballo da Eurorrexión e sobre as oportunidades para a adquisición de competencias;
- ▶ Garantir un constante fluxo de intercambio de información mediante contactos directos e periódicos entre os conselleiros EURES da rexión transfronteiriza;
- ▶ Detectar e identificar os obstáculos á mobilidade transfronteiriza e propor solucións adecuadas ás autoridades rexionais, nacionais e europeas para eliminar estes obstáculos;
- ▶ Desenvolver medidas para promover e facilitar a mobilidade dos traballadores mozos;
- ▶ Intercambiar información sobre prácticas profesionais e a realización efectiva destas.

A Consellería de Traballo e Benestar comparte co Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal a responsabilidade de xestionar o EURES Transfronteirizo G-NP, como unha alternancia trianual entre os dous organismos.

A oficina de Coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, con sede en Valença do Minho (Portugal), informa e asesora o público sobre oportunidades de emprego relacionadas coa mobilidade transfronteiriza e realiza o desenvolvemento e xestión do Plan de actividades anual, con accións orientadas a facilitar e promover a mobilidade transfronteiriza.

Desde a Oficina de Coordinación do EURES Transfronteirizo G-NP realízase, semanalmente, un intercambio de información sobre oportunidades de emprego en Galicia e o Norte de Portugal. Esta información divúlgase, ademais de na web, nas oficinas de emprego de fronteira a través dos conselleiros EURES de Galicia e Portugal.

No que respecta ao servizo de atención e asesoramento ao público, no ano 2014 foron atendidas 2.053 persoas presencialmente e a través do teléfono ou do correo electrónico. A porcentaxe maior (67%) corresponde a usuarios que demandan información sobre oportunidades de emprego no EEE e, especificamente, no outro lado da fronteira e un 32% dos usuarios do EURES-T G-NP solicitaron información sobre dereitos e deberes dos traballadores e dos empregadores en materia laboral, prestacións da Seguridade Social, asistencia sanitaria, pagamento de impostos, prestacións de desemprego e homologación de títulos profesionais.

A porcentaxe de consultas realizadas por empresarios que desexaban tramitar ofertas de emprego transfronteirizas foi similar ás do ano precedente, situándose nun 1%.

Cabe destacar tamén o papel desenvolvido polo EURES-T G-NP como “ponte” entre os servizos de Seguridade Social de Galicia e Portugal para a resolución de situacións que afectan o exercicio dos dereitos dos traballadores transfronteirizos e desprazados nesta materia e a intermediación para a eliminación de barreiras que dificultan a mobilidade transfronteiriza.

Continúa a tendencia iniciada no período precedente relativa ao incremento de solicitudes de información sobre tramitación de prestacións de desemprego e asistencia sanitaria como consecuencia da finalización de contratos de traballo, despedimentos ou expedientes de regulación de emprego nos que se viron afectados traballadores transfronteirizos.

Entre as actividades promovidas e desenvolvidas pola Oficina de Coordinación EURES-T G-NP destaca:

- ▶ A organización do Job Day da Eurorrexión, celebrado en Tui co obxectivo de propiciar a contratación transfronteiriza de desempregados en empresas do sector do Metal. Participaron 15 empresas de Galicia e Portugal que divulgaron 50 ofertas de emprego.
- ▶ Realización de foros de emprego transfronteirizo organizados nas Universidades de Vigo e de Braga e no Centro de Formación Profesional de Santiago de Compostela nos que participaron preto de 600 alumnos.
- ▶ Reunións de traballo entre técnicos da Seguridade Social e a Inspección de Traballo de Galicia e de Portugal
- ▶ Proxectos específicos de axuste entre oferta e demanda de emprego e colocación
- ▶ Divulgación de oportunidades de emprego en Galicia e Portugal, xunto cos dereitos e obrigas do traballador transfronteirizo en múltiples foros da Eurorrexión (centros de formación, centros de emprego, seminarios sobre mobilidade, etc.)

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO.

Introdución

O modelo de formación profesional para o emprego, regulado polo Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo (BOE nº 87 do 11.04.2007) integra dous subsistemas da FP para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continúa, nun único modelo de formación profesional para o emprego, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.


A Consellería de Traballo e Benestar ten atribuído o exercicio das competencias e funcións relativas á formación profesional para o emprego á Dirección Xeral de Emprego e Formación, a través da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, a que o xestiona.

Procedementos tramitados pola Subdirección Xeral de Formación para o Emprego:

- ▶ AFD.Vía ordinaria
- ▶ AFD.Vía convenios
- ▶ AFD.Vía compromisos contratación
- ▶ Contrato formación e aprendizaxe
- ▶ Formación iniciativa privada
- ▶ AFD menores de 30 anos
- ▶ Prácticas non laborais
- ▶ Plans de formación para ocupados
- ▶ Inscripción/acreditación de entidades/centros
- ▶ Cambio de titularidade dunha entidade/centro

Inclúese a continuación un cadro resumo dos cursos de formación para o emprego, tanto para persoas desempregadas como para ocupadas, impartidos en Galicia no ano 2014.

	Cursos	Orzamento
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas	571	31.010.341
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas	479	6.102.070
Total	1.050	37.112.411



Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas 2014			
	Cursos	Alumnos	Orzamento
Programación Pluriprovinciais vía ordinaria sen compromiso	123	1.845	8.024.649
Programación provincial vía ordinaria sen compromiso	381	5.715	21.005.074
Programación de convenios de colaboración	39	587	1.428.128
Programación provincial con compromiso	28	412	552.489
Total	571	8.559	31.010.341

Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2014		
	Accións	Orzamento
Plans Intersectoriais	366	4.961.888
Plans sectoriais	113	1.140.182
Total	479	6.102.070

Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas

A formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para traballadores/as desempregados/as co obxecto de cualificalos e que se integren dentro do mercado laboral.

Mediante a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), convocada anualmente pola Dirección Xeral de Emprego e Formación, lévanse a cabo accións formativas para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións están incluídas no Programa Operativo Plurirexional Adaptabilidade e Emprego 2007-2013.

As programacións levadas a cabo durante o ano 2014 na formación profesional dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas en Galicia abranguen os seguintes grupos fundamentais:

- ▶ **Cursos de AFD de programación ordinaria**
- ▶ **Cursos de AFD de programación de convenios de colaboración.**
- ▶ **Cursos de AFD de programación con compromiso de contratación.**

Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD)

A normativa básica reguladora do Plan AFD está contida no Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo (BOE nº 87, do 11.04.2007) polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolvido pola Orde TAS/718/2008 do 7 de marzo (BOE nº. 67 do 18.03.2008), pola que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para

a concesión de subvencións públicas destinadas a súa financiación. Neste marco xurídico, a consellería publicou a Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecían as bases reguladoras e se procedía á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio de 2014 (DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2014). Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2014 programáronse un total de 571 cursos, cun orzamento total de 31.010.340,97 euros, segundo se especifica nos apartados que se desenvolven a continuación.

3.4.1. Cursos de AFD de programación ordinaria.

Na programación ordinaria poderán participar os centros e entidades colaboradoras inscritos ou acreditados no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, que soliciten calquera das especialidades do catálogo de familias da formación profesional para o emprego en que estean inscritas ou acreditadas na data de publicación da Orde do 23 de decembro de 2013.

3.4.1.1 Distribución por áreas funcionais da programación ordinaria pluriprovincial e provincial de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD) 2014

A consellería distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das comarcas en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto, preténdese agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego nestes.


A continuación recóllese a programación correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO


► Distribución provincial AFD programación ordinaria 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	164	2.460	9.560.940
Lugo	95	1.425	4.991.955
Ourense	114	1.710	6.429.951
Pontevedra	131	1.965	8.046.878
Total	504	7.560	29.029.724

Porcentaxes dos alumnos



Porcentaxes dos orzamentos



► AFD programación ordinaria por comarcas da provincia da Coruña 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	81	1.215	4.735.109
Arzúa	2	30	105.887
Barbanza	10	150	543.872
Bergantiños	9	135	626.645
Eume	3	45	183.554
Ferrolterra	20	300	1.173.456
Fisterra	1	15	41.144
Ordes	2	30	91.753
Santiago	34	510	1.954.015
Terra de Melide	1	15	47.522
Terra de Soneira	1	15	57.984
Total A Coruña	164	2.460	9.560.940

► AFD programación ordinaria por comarcas da provincia de Lugo 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Mariña Central	10	150	578.665
A Mariña Occidental	3	45	128.853
A Mariña Oriental	3	45	132.025

Lugo	50	750	2.793.711
Meira	3	45	102.410
Quiroga	2	30	93.269
Sarria	4	60	184.051
Terra Cha	9	135	535.013
Terra de Lemos	11	165	443.960
Total Lugo	95	1.425	4.991.955

► AFD programación ordinaria por comarcas da provincia de Ourense 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Limia	4	60	176.561
Allariz-Maceda	1	15	51.684
Baixa Limia	3	45	138.665
O Carballiño	4	60	209.504
O Ribeiro	7	105	412.645
Ourense	78	1.170	4.608.173
Terra de Celanova	1	15	46.902
Valdeorras	10	150	460.372
Verín	6	90	325.446
Total Ourense	114	1.710	6.429.951

► AFD programación ordinaria por comarcas da provincia de Pontevedra 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Caldas	4	60	151.975
O Baixo Miño	12	180	746.526
O Condado	2	30	136.850
O Deza	14	210	866.062
O Morrazo	8	120	519.755
O Salnés	15	225	816.748
Pontevedra	15	225	873.978
Tabeirós-Terra de Montes	3	45	171.548
Vigo	58	870	3.763.437
Total Pontevedra	131	1.965	8.046.878

3.4.1.2 Distribución sectorial da programación ordinaria pluriprovincial e provincial de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas sen compromiso de contratación (AFD) 2014

No ano 2014 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora no eido da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual aos requirimentos do mundo produtivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria; o perfeccionamento continuo dos docentes desde a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ao que demandan as empresas, o que supón priorizar a formación no posto de traballo e as prácticas non laborais e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde do 23 de decembro de 2013, pola que se establece a convocatoria pública para a programación dos cursos do Plan AFD para o exercicio do ano 2014, estivo centrada nos sectores que a continuación se especifican.

A distribución sectorial da programación ordinaria pluriprovincial e provincial dos cursos sen compromiso de contratación foi a seguinte:

► Distribución sectorial AFD programación ordinaria cursos sen compromiso de contratación 2014

Familia	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Actividades Físicas e Deportivas	2	30	62.641
Administración e Xestión	173	2.595	10.936.972
Agraria	10	150	490.781
Artes Gráficas	2	30	51.293

Comercio e Marketing	33	495	2.143.639
Edificación e Obra Civil	10	150	593.175
Electricidade e Electrónica	8	120	714.301
Energía e Auga	13	195	928.927
Fabricación Mecánica	7	105	636.696
Hostalaría e Turismo	45	675	2.337.338
Imaxe Persoal	3	45	181.856
Imaxe e Son	3	45	190.575
Industrias Alimentarias	3	45	149.339
Industrias Extractivas	1	15	79.577
Informática e Comunicacions	34	510	2.368.191
Instalación e Mantemento	2	30	112.499
Madeira, Moble e Corcho	10	150	552.822
Sanidade	8	120	401.685
Seguridade e Medioambiente	5	75	228.142
Servizos Socioculturais e á Comunidade	103	1.545	4.576.618
Transporte e Mantemento de Vehículos	29	435	1.292.659
Total	504	7.560	29.029.724

3.4.2 Cursos de AFD de programación de convenios de colaboración 2014

A programación dos convenios de colaboración están vencellados a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e que se consideren de interese social.

As entidades beneficiarias son Administracións locais e outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores aos que se dirixen estes programas.


3.4.2.1 Distribución por áreas funcionais AFD programación dos convenios de colaboración 2014

A continuación recóllese a programación dos cursos por convenios de colaboración correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

► Distribución provincial AFD programación convenios de colaboración 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	21	315	823.289
Lugo	4	60	155.471
Ourense	5	75	188.485
Pontevedra	9	137	260.884
Total AFD convenios	39	587	1.428.128



► AFD programación convenios de colaboración por comarcas da provincia da Coruña 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	9	135	397.610
Arzúa	1	15	58.183
Barbanza	1	15	32.614
Fisterra	1	15	38.555
O Sar	1	15	19.407
Ordes	1	15	37.115
Santiago	5	75	153.098
Terra de Melide	1	15	49.592
Xallas	1	15	37.115
Total convenios A Coruña	21	315	823.289

► AFD programación convenios de colaboración por comarcas da provincia de Lugo 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Mariña Central	1	15	34.730
A Mariña Occidental	1	15	39.312
Chantada	1	15	38.857
Terra Cha	1	15	42.572
Total convenios Lugo	4	60	155.471

► AFD programación convenios de colaboración por comarcas da provincia de Ourense 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Allariz-Maceda	1	15	45.580
Ourense	3	45	110.427
Verín	1	15	32.479
Total convenios Ourense	5	75	188.485

► AFD programación convenios de colaboración por comarcas da provincia de Pontevedra 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
O Salnés	2	30	27.139
Tabeirós-Terra de Montes	3	47	128.583
Vigo	4	60	105.161
Total convenios Pontevedra	9	137	260.884

3.4.2.2 Distribución sectorial AFD da programación dos convenios de colaboración 2014

A distribución sectorial da programación dos convenios de colaboración foi a seguinte:

► Distribución sectorial AFD programación convenios de colaboración 2014

Familia	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Actividades Físicas e Deportivas	3	47	102.034
Administración e Xestión	1	15	51.921
Agraria	5	75	151.045
Artes Gráficas	1	15	57.826
Comercio e Marketing	2	30	105.976
Edificación e Obra Civil	2	30	75.259
Formación Complementaria	2	30	27.139
Hostalaría y Turismo	3	45	86.934
Imaxe e Son	1	15	61.280
Industrias Alimentarias	1	15	30.644
Informática e Comunicacions	3	45	186.594
Instalación e Mantemento	1	15	24.767
Marítimo Pesqueira	1	15	28.613
Sanidade	2	30	62.631

Servizos Socioculturais e á Comunidade	10	150	331.833
Textil, Confección e Pel	1	15	43.634
Total AFD convenios	39	567	1.428.128

3.4.3 Cursos de AFD de programación con compromiso de contratación 2014

No exercicio do ano 2014 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

3.4.3.1 Distribución por áreas funcionais AFD programación dos cursos con compromiso de contratación 2014

A continuación recóllese a programación dos cursos con compromiso de contratación correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das seguintes provincias.

► Distribución provincial AFD programación cursos con compromiso de contratación 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Lugo	1	10	11.483
Ourense	9	135	326.202
Pontevedra	18	267	214.804
Total AFD con compromiso	28	412	552.489

3.4.3.2 Distribución sectorial AFD programación dos cursos con compromiso de contratación 2014

A distribución sectorial da programación dos cursos con compromiso de contratación foi a seguinte:

► Distribución sectorial AFD programación cursos con compromiso de contratación 2014

Familia	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Administración e Xestión	1	15	66.348
Fabricación Mecánica	6	101	214.400
Hostalaría e Turismo	1	10	17.130
Industrias Alimentarias	2	21	43.710
Informática e Comunicacions	1	15	70.066
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1	10	11.483
Transporte e Mantemento de Vehículos	16	240	129.353
Total AFD con compromiso	28	412	552.489

3.4.4 Programación en centros propios

Con cargo ao orzamento do Plan AFD impartíronse, na programación do ano 2014, un total de 246 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 10.338.679,101 euros. Nestes cursos participaron 3.874 alumnos.

Estes cursos impartíronse tanto nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar como nos centros integrados dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Os centros de formación profesional ocupacional dependentes da Consellería de Traballo e Benestar son os de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Bueu, Santa María de Europa (Ourense), Sta. M^a de Europa-Valverde, Coia-Vigo e Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, así como as unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos. Impártense cursos, así mesmo, no centro de formación de Labañou (A Coruña).

Os centros integrados da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos que se impartiron cursos de formación para o emprego no 2014 son: CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, CIFP Politécnico Santiago, CIFP Compostela, CIFP Ánxel Casal-Monte-Alto, CIFP Some-

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO


so, CIFP Porta da Auga, CIFP A Farixa, CIFP A Granxa, CIFP Valentín Paz Andrade, CIFP Carlos Oroza, CIFP Paseo das Pontes, CIFP Portovello, CIFP Manuel Antonio, CIFP Coroso, CIFP Ferrolterra, CIFP Politécnico de Lugo, CIFP A Xunqueira, CIFP As Mercedes, CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.

3.4.4.1 Distribución por áreas funcionais da programación en centros propios 2014

A continuación recóllese a programación dos cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

► Distribución provincial cursos medios propios 2014

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	79	1.185	3.831.025
Lugo	32	480	1.766.417
Ourense	46	690	2.279.091
Pontevedra	89	1.519	2.462.146
Total centros propios	246	3.874	10.338.679



3.4.4.2 Distribución sectorial da programación en centros propios 2014

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2014 en centros propios foi a seguinte:

► Distribución sectorial cursos medios propios 2014

Familia	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Administración e Xestión	4	60	247086,18
Agraria	18	270	670.261
Artes Gráficas	1	15	37.528
Comercio e Marketing	4	60	202.958
Edificación e Obra Civil	5	75	271.223
Electricidade e Electrónica	16	240	939.011
Enerxía e Auga	9	135	676.998
Fabricación Mecánica	19	285	1.280.676
Hostalaría e Turismo	17	255	701.927
Imaxe Persoal	5	75	147.150
Industrias Alimentarias	4	60	201.852
Industrias Extractivas	1	15	94.001
Informática e Comunicacions	11	165	657.668
Instalación e Mantemento	22	330	1.337.128
Madeira, Moble e Corcho	16	240	531.753
Marítimo Pesqueira	48	904	236.642
Sanidade	1	15	61.609
Seguridade e Medioambiente	3	45	161.116
Servizos Socioculturais e á Comunidade	29	435	1.145.102
Transporte e Mantemento de Vehículos	13	195	736.992
Total centros propios	246	3.874	10.338.679

3.4.5 Contrato de formación e aprendizaxe

A normativa recóllese na Orde do 30 de decembro de 2013 (DOG nº. 6 do 10.01.2014) pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro (BOE nº. 270, do 09.11.2012), polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (DOG nº. 121, do 25.06.2007), no relativo ás axudas para o financia-

mento da formación que exceda o 25% da xornada laboral efectiva do traballador

Desde a Consellería de Traballo e Benestar quérese incentivar a contratación a través do contrato de formación e aprendizaxe, xa que así se podería formar os mozos e mozas menores de 30 anos mentres perciben unha retribución polo seu traballo, amparados por un contrato con todas as garantías legais e cun salario estipulado normativamente e axustado ao convenio colectivo e en todo caso permanentemente supervisado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

A formación asociada ao contrato de formación e aprendizaxe vinculada a certificados de profesionalidade deberá ser impartida por un centro acreditado no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar creado polo Decreto 106/2011, do 19 de maio (DOG nº 110, do 09.06.2011). Tamén se poderá impartir na propia empresa, que deberá estar acreditada conforme o establecido no artigo 18.4 do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro (BOE nº 270, do 09.11.2012), polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

3.4.5.1 Distribución das subvencións concedidas para o financiamento dos contratos de formación e aprendizaxe 2014

A distribución das subvencións concedidas asociadas aos contratos de formación e aprendizaxe ao longo do ano 2014 foi a seguinte:

▶ Contratos de Formación e Aprendizaxe 2014

	Subvención	Traballadores Contratados
Subvencións concedidas a empresas	304.816	136
Subvencións concedidas a entidades locais	447.584	174
Total	752.400	310

3.4.6 Iniciativa privada.

O Plan galego de formación profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A normativa reguladora recolléase na Orde do 30 de xaneiro de 2014 (DOG nº. 26 do 07.02.2014) que regula o procedemento de autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade.

Esta orde ten por obxecto regular, no ámbito da formación profesional para o emprego, o procedemento de autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, para a formación das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas, desenvolvidas por empresas e centros de formación debidamente acreditados polo órgano competente, de conformidade coa normativa vixente.

3.4.6.1 Distribución da programación de accións formativas non financiadas por fondos públicos por áreas funcionais.

A continuación recóllese a programación de accións formativas non financiadas por fondos públicos correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

► **Distribución provincial cursos Iniciativa privada 2014**

	Cursos	Alumnos/as
A Coruña	19	285
Lugo	4	40
Ourense	8	112
Pontevedra	11	165
Total AFD Iniciativa privada	42	602

3.4.7 Persoas desempregadas menores de 30 anos.

A formación profesional dirixida a menores de 30 anos, regulada na Orde 25 de abril de 2014 (DOG nº. 80 do 28.04.2014) pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio de 2014.

O obxecto desta orde pola que se convoca a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (DOG nº. 121, do 25.06.2007), no relativo ás axudas para os cursos de formación profesional para o emprego, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras.


Todas estas accións de formación profesional para o emprego conforman un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade dos desempregados dentro da Estratexia europea de emprego acordada polo Consello Europeo extraordinario de Luxemburgo, e da estatal, de acordo co Plan nacional de acción para o emprego.

3.4.7.1 Distribución por áreas funcionais da programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación 2014

A continuación recóllese a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación correspondente ao exercicio do ano 2014 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

► **Distribución provincial cursos dirixidos a persoas desempregadas menores de 30 anos 2014**

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	46	690	710.980
Lugo	11	165	286.511
Ourense	19	285	339.618
Pontevedra	18	270	179.303
Total AFD menores de 30 anos	94	1.410	1.516.412



3.4.7.2 Distribución sectorial da programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación 2014

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2014 a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación foi a seguinte:

► **Distribución sectorial cursos dirixidos a persoas des-empregadas menores de 30 anos 2014**

Familia	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Administración e Xestión	8	120	297.039
Agraria	3	45	114.033
Comercio e Marketing	1	15	21.747
Electricidade e Electrónica	1	15	21.197
Formación Complementaria	67	1.005	642.724
Hostalaría e Turismo	4	60	103.843
Imaxe Persoal	1	15	30.582
Informática e Comunicacions	3	45	135.083
Instalación e Mantemento	1	15	47.426
Servizos Socioculturales e á Comunidade	4	60	68.297
Transporte e Mantemento de Vehículos	1	15	34.442
Total AFD menores de 30 anos	94	1.410	1.516.412

3.4.8 Prácticas non laborais en empresas.

As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos servizos públicos de emprego e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, co obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centros de traballo, reguladas na Orde 25 de abril de 2014 (DOG nº. 80, do 28.04.2014)

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (DOG nº. 121, do 25.06.2007), no relativo ás axudas para o financiamento ás empresas das bolsas das persoas novas que realizan prácticas non laborais nestas empresas.

A realización das prácticas non laborais en empresas está regulada no Real Decreto 1543/2011, do 31 de outubro (BOE nº. 278 do 18.11.2011).

Para incentivar a realización destas prácticas, a Comunidade Autónoma de Galicia considera necesario subvencionar as bolsas que se paguen ás persoas novas que realicen as prácticas non laborais en empresas. Esta me-

didada configúrase como un programa autónomico que a Xunta de Galicia incluíu no Programa anual de políticas de emprego (PAPE) para o 2014 como Programa propio PPO0198 Programa de apoio ás prácticas profesionais non laborais, dentro do eixe 2 Formación.

3.4.8.1 Distribución das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas 2014

A distribución das subvencións concedidas asociadas aos contratos de formación e aprendizaxe ao longo do ano 2014 foi a seguinte:

► **Prácticas non laborais en empresas 2014**

	Subvención	Entidades	Persoas novas en prácticas
Subvencións concedidas a empresas	219.684	53	67

3.4.9 Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas

A formación profesional dirixida prioritariamente a ocupados/as, regulada no Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo BOE nº. 87, do 11.04.2007), ten como finalidade proporcionar aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador. Entre as iniciativas que recolle o citado Real Decreto, figuran os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, que se regulan nesta orde de convocatoria.

3.4.9.1 Plans de formación para ocupados

Na Comunidade Autónoma de Galicia subvenciónanse a través dos plans de formación, incluídos no Programa operativo plurirexional adaptabilidade e emprego 2007-2013.

A normativa reguladora dos plans de formación recóllese na Orde do 1 de outubro de 2013, pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo (BOE nº 67, do 18.03.2008) e establécense as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG nº 191, do 7 de outubro). Esta orde é plurianual, correspondendo a súa execución ao período 2013-2014.

Dentro desta orde hai que distinguir:

- ▶ Os plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, integra-

dos por accións formativas dirixidas á aprendizaxe de competencias transversais a varios sectores da actividade económica ou de competencias específicas dun sector para a reciclaxe e recualificación de traballadores/as doutros sectores, incluída a formación dirixida á capacitación para a realización de funcións propias da representación legal dos/as taballadores/as.

- ▶ Os plans de formación intersectoriais dirixidos a traballadores/as e socios/as da economía social.
- ▶ Os plans de formación intersectoriais dirixidos a persoas traballadoras autónomas.
- ▶ Os plans de formación específicos en que se imparta formación parcial acumulable asociada á obtención de certificados de profesionalidade priorizados, por centros ou entidades de formación privados acreditados no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma.

3.4.9.2 Accións e orzamento dos plans de formación intersectoriais e plans de formación específicos.

Dentro desta orde hai que distinguir os plans de formación intersectoriais, que contaron cun orzamento de 4.961.888,50 euros e os plans específicos, que contaron cun orzamento de 1.140.181,50 euros.

▶ Distribucion plans de formación intersectoriais 2013-2014

	Entidades	Plans	Accións formativas	Alumnos/as	Orzamento
Intersectorial	7	7	318	10.466	4.605.938,00
Plan de economía social	6	6	19	421	161.921,00
Autónomos	10	10	29	436	194.029,50
Total intersectorial	23	23	366	11.323	4.961.888,50

► **Distribución plans de formación específicos 2013-2014**

	Entidades	Plans	Accións formativas	Alumnos/as	Orzamento
Específica	24	24	113	1.695	1.140.181,50

3.4.10 Inscripción/Acreditación de centros.

No ano 2011 publicouse o Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades de formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 110, do 09.06.2011). Esta norma derroga o Decreto 158/2001, do 29 de xuño, aínda que recolle no novo rexistro os centros homologados pola normativa anterior, que terán un prazo de dous anos para adaptarse ás esixencias da nova norma.

Os centros e entidades de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente, obtiveron a inscrición ou acreditación, segundo o caso, dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución da Dirección Xeral de Emprego e Formación, e a conseguinte inscrición no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Rexistro de Centros e Entidades de Formación é un libro-rexistro, con soporte informático, no que se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades inscritas ou acreditadas nalgunha especialidade formativa.

Segundo se especifica na normativa vixente, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de AFD deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o

contido formativo axeitado de acordo co seu nivel formativo e o grao de dificultade establecido.

Isto fai que o Rexistro de Centros e Entidades sexa un instrumento fundamental de cara á aprobación das distintas programacións do Plan AFD e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro de 2014 había un total de 1.233 centros inscritos/acreditados en 741 especialidades diferentes, das que 399 están vencelladas a novos certificados de profesionalidade.

3.4.10.1 Cambio de titularidade dunha entidade/centro de formación.

Cando se produza un cambio de titularidade ou de forma xurídica do centro é obriga do centro ou entidade de formación solicitar autorización expresa da Dirección Xeral de Emprego e Formación para manter a inscrición e, se é o caso, acreditación como centro ou entidade de formación, acompañada da documentación esixida no Decreto 106/2011, do 19 de maio que os regulan.

3.4.11 Seguimento e control dos cursos

Os centros impartidores están obrigados a someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

3.4 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

A consellería aplica un sistema de seguimento e control propio que consistirá na realización de visitas a todos os cursos aprobados. Para isto, as entidades impartidoras deberán facilitar ao persoal encargado deste labor, o acceso ás instalacións onde se realizan os cursos e a toda a documentación de carácter técnico, administrativo ou contable que teña relación coa subvención concedida.

No Plan AFD do ano 2014 están rexistradas en SIFO, Sistema informático de formación ocupacional da Xunta de Galicia 2.226 visitas.

3.4.12 Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego.

Para promover a mellora dos sistemas de seguimento, control e avaliación da formación profesional para o emprego, un instrumento determinante para mellorar a súa calidade e satisfacer os requisitos do cliente coa implantación dun sistema de xestión de calidade segundo a norma internacional de calidade UNE-EN ISO 9001:2008 nestes centros.

O primeiro referente, en relación á incorporación da calidade na xestión dos centros dependentes da Consellería de Traballo, é ISO 9001:2000.

A norma UNE-EN ISO 9001:2008 anula e substitúe a norma UNE-EN ISO 9001:2000. Os resultados da revisión sistemática, as enquisas cos usuarios e o proceso de interpretacións, xeraron unha serie de recomendacións de cambio.

Un ano despois da data de publicación, 17 de novembro de 2008 da ISO 9001:2008 os certificados acreditados (novos ou renovados) deben ser segundo a ISO 9001:2008.

24 meses despois da publicación da ISO 9001:2008, os certificados emitidos segundo a versión 2000 deixarán de ter validez.

No ano 2014 os centros de formación profesional ocupacional e centros integrados dependentes da Consellería de Traballo, que están acreditados segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2008 son:

- ▶ Centro FPO de Bueu
- ▶ Centro FPO de Ferrol
- ▶ Centro FPO de Lugo
- ▶ Centro FPO de Viveiro
- ▶ Centro de Novas Tecnoloxías (Santiago)
- ▶ Centro Nacional FPO Santiago
- ▶ CIFP Sta. María de Europa-Ourense
- ▶ Centro FPO de Coia-Vigo

Os sistemas de xestión de calidade son acreditados por autoridades avaliadoras independentes da autoridade de xestión.

3.4.13 O informe de inserción laboral dos cursos

Mediante o cotexo dos datos do sistema informático de formación ocupacional (SIFO) e do Servizo Público de Emprego de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, que remataron o curso con avaliación positiva.

Neste momento, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2014 era o 30 de novembro, só se conta cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2013.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación de 2013 reflicte, aos doce meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra do 52% dos alumnos inseridos laboralmente.

3.5 INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS



O Instituto Galego das Cualificacións creado polo Decreto 93/1999, do día 8 de abril (DOG nº 73, do 19.4.1999), como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións nesta comunidade autónoma, en coherencia coas características socio-laborais e produtivas galegas, e adscrito á Dirección Xeral de Emprego e Formación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 42/2012, do 2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Conta no seu organigrama cos servizos de Observatorio Ocupacional e de Deseño e Acreditación das Cualificacións, que teñen funcións específicas e complementarias na busca da mellor cualificación da poboación traballadora da Galicia.

As actividades levadas a cabo polo Instituto Galego das Cualificacións no ano 2014 están planificadas nas seguintes áreas de actuación:

3.5.1 Área de observación do mercado laboral

3.5.1.1 Estudo e análise do mercado laboral de Galicia

Ao longo do ano 2014 publicáronse os seguintes estudos e informes en edición web, co obxecto de reflectir o comportamento xeral do mercado laboral de Galicia e en especial os dos principais colectivos de traballadores da nosa comunidade autónoma.

O link onde se atopan dispoñibles todas as publicacións é:

<http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificacions>



► Estudo do Mercado Laboral Galicia

Publícase a edición anual do Estudo do mercado laboral en Galicia, con datos referidos ao 2013. Trátase dun informe de periodicidade anual que se publica ininterrompidamente desde o ano 2003 e no que se tratan as principais variables do tecido empresarial e laboral: o paro rexistrado, a demanda, a contratación e a afiliación a Seguridade Social que determinan o mercado laboral na comunidade autónoma galega no seu conxunto.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ESTUDO_MERCADO_LABORAL_2013.pdf

► Fichas do Mercado Laboral Galego

As fichas do mercado laboral galego amosan documentación gráfica, visual e esquemática do mercado laboral galego. Estruturouse a información das variables máis salientables do eido sociolaboral en catro ámbitos, Galicia, provincias, comarcas ecolectivos, con datos do ano 2013.

Ámbito de Galicia: é un estudo pormenorizado da situación laboral da Comunidade Autónoma de Galicia no que se achegan datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-autonomica.pdf>

Ámbito Provincial: inclúe información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas catro provincias e como no caso anterior, tamén se achegan datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-provincial.pdf>

Ámbito comarcal: achega a información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia, con datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha_comarcal_mercado_laboral_2014.pdf

Ámbito de colectivos: reflicte a información a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nos seguintes colectivos:

- Mulleres traballadoras

- Traballadores menores de 30 anos
- Traballadores maiores de 54 anos
- Traballadores estranxeiros

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-colectivos.pdf>

► Saídas Profesionais Comarcais

A publicación da nova Clasificación nacional de ocupacións no ano 2011 produciu un corte nas estatísticas dos grupos ocupacionais, ao comezar a agruparse dun xeito distinto dende esta data. Esta circunstancia supuxo un impedimento técnico para seguir adiante coa metodoloxía. Dado o interese neste tipo de traballos, nos anos 2012 e 2013, presentouse un texto alternativo, cunha metodoloxía adaptada ás circunstancias técnicas que acompañaron este anos.

Neste informe do 2014 retomouse a metodoloxía anterior, ao poderse desenvolver cunha serie mínima de tres anos (2011-2013). Como resulta habitual, realizouse unha análise comarcal de todos os grupos ocupacionais con contratación representativa, salientando aqueles que presentan unha maior ocupabilidade laboral. Esta información pódese utilizar como apoio técnico ás tarefas de orientación, ou como instrumento de traballo para os técnicos da formación para o emprego.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Saidas_profesionais_comarcais_2014.pdf

► Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Edición en castelán e galego que nos informa das publicacións periódicas máis relevantes e dos resultados dos procedementos de recoñecemento da experiencia profesional e probas de avaliación de competencias claves. Tamén nos dá información de interese sobre as activida-

des do Instituto Galego das Cualificacións. No ano 2014 publicouse o número 12 e 13 en edición web. O link para o acceso aos boletíns publicados é:

<http://traballo.xunta.es/boletins-do-instituto-galego-das-cualificacions>

► Inserción laboral da formación para o emprego

O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral das alumnas e alumnos participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2012.

Analízase a inserción bruta e neta, considerando inseridos aos que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á realización do curso. Achega datos de Galicia, provincias e comarcas.

Este tipo de estudos permiten medir os efectos das políticas formativas dende unha perspectiva do mercado de traballo.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Insercion_laboral_formacixn_emplego_2012.pdf

5.3.1.2 Portal do instituto

<http://emprego.xunta.es/cualificacions/>



As aplicacións informáticas do Instituto Galego das Cualificacións están de xeito permanente revisándose para facer os axustes e modificacións pertinentes propias da dinámica de novas necesidades de información ou de melloras tecnoloxías na interacción cos usuarios e ter en conta a coordinación e demandas organizativas do portal web da Consellería de Traballo e benestar.

Por mor do nova Clasificación nacional de ocupacións CNO-2011 todas as aplicacións vense afectadas nas evolucións e series comparativas dos grupos primarios e profesións, o que implica que temos metodoloxías transitorias ao obxecto de seguir amosando datos do mercado laboral.

No ano 2014 o portal web recibiu 132.751 consultas.

Aplicacións:

► Indicadores do mercado laboral

Esta ferramenta informática en rede, creada no ano 2006, desenvolve unha aplicación interactiva dos indicadores do mercado laboral en base a tecnoloxía DATAWAREHOUSE, xa totalmente operativa. Este ano renováronse o concepto e as utilidades da aplicación informática máis potente de datos e interactiva do Instituto Galego das Cualificacións. A aplicación é accesible ás persoas con discapacidade.

Os usuarios poden elaborar os seus propios informes e gráficas con datos a partires de febreiro de 2011 de paro rexistrado do SPEG, contratos, ofertas, contas de cotización e traballadores afiliados.

Presenta melloras significativas en informes mediante mapas e gráficos e de outros informes a maiores e enlaces de interese.

► Mobilidade dos traballadores

Aplicación web sobre mobilidade xeográfica de traballadores a través da información extraída dos contratos rexistrados polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

O obxectivo desta aplicación é describir os desprazamentos dos traballadores que cambian de residencia por motivos de traballo e os fluxos que se establecen entre as distintas comunidades autónomas, provincias e concellos galegos. A partir da información que presenta un contrato, considérase que hai mobilidade cando non existe coincidencia entre o municipio de domicilio do traballador e o municipio de domicilio da empresa que o contratou. A aplicación vai subministrar datos de contratos e de traballadores contratados. A aplicación está a disposición do usuario na rede.

No ano 2012 modificouse a aplicación para permitir os novos códigos CNO.

► A miña profesión

A aplicación informática “A miña profesión” consta de tres apartados que permiten obter unha información integral acerca dunha ocupación.

O primeiro apartado, que permite obter información sobre as variables máis representativas do mercado laboral, está rematado.

O segundo apartado desenvolve o perfil profesional da ocupación consultada. Para levar adiante os perfís aplicamos unha metodoloxía consistente en establecer unha

relación, máis ou menos directa, entre as cualificacións profesionais aprobadas e as ocupacións SISPE. Os axustes metodolóxicos implicaron a realización duns cambios na páxina web para adaptar o seu contido aos requirimentos dos novos perfís profesionais.

O terceiro apartado fai referencia á formación asociada coa ocupación. Estase a traballar neste senso preparando unha nova reestruturación que permita completar a información dos perfís profesionais publicados con información referida á formación asociada a cada un deles. Ao longo do ano 2014 estívoase a traballar neste proxecto elaborando bases de datos que servirán para a súa implantación posterior.

► Datos de ocupacións

A aplicación Datos sobre ocupacións máis contratadas víñase actualizando cunha periodicidade anual, no entanto, a partir do ano 2012 e 2013, a súa execución vese imposibilitada por cambios metodolóxicos nas novas estruturas das bases de datos. No ano 2014 púidose traballar na reestruturación da páxina ao dispoñerse dunha serie de tres anos, 2011-2013, que permitía levar adiante o aplicativo.

Traballouse nunha adaptación da actual aplicación web para poder presentar unha primeira serie dos anos 2011-2013. Esta aplicación quedará adaptada para ampliar o número de anos para os cálculos das series ata acadar un período quinquenal como se estableceu no proxecto técnico que sustenta a operación (esta aplicación está incluída no Plan galego de estatística e actualmente atópase en fase de reestruturación).

Debido aos traballos externalizados, e aos axustes e novos protocolos técnicos da AMTEGA, o aplicativo non puido actualizar os datos e proporcionar a información para a súa publicación externa.

► **Publicacións e informes**

Ao obxecto de facilitar o acceso á totalidade das publicacións e informes, habilitouse este enlace no portal web, que accede ao conxunto de traballos, estudos e informes realizados dende o ano 2000 ata o ano 2013, onde as persoas interesadas poden descargarlos o consualos integramente, estando estruturado nos seguintes bloques:

- Informes territoriais
- Informes sectoriais
- Informes por colectivos
- Saídas profesionais / filóns de emprego
- Formación /outros
- Estudo de necesidades formativas de cualificacións profesionais

3.5.1.3 Colaboracións con outros departamentos e organismos

Diferentes departamentos da Xunta de Galicia e outros organismos e entidades da nosa Comunidade Autónoma solicitan informacións de ámbito laboral sobre os traballadores e os distintos sectores económicos da nosa comunidade. Para iso, utilízanse as bases de datos que obran no Instituto Galego das Cualificacións sobre demandas, ofertas e contratos u outras variables. Esta colaboración esténdese a organismos de nivel estatal.

► **Plan galego de estatística.**

Tras a aprobación do Plan galego de estatística 2007-2011, o Instituto Galego das Cualificacións está incluído no grupo denominado “mercado de traballo activo”, que se ocupa de aspectos relacionados co seguimento do plan.

O cambio da Clasificación nacional das ocupacións (2011) implica a necesidade de reelaborar o proxecto técnico que sustenta a aplicación “Datos sobre ocupacións”. Este novo proxecto foi aprobado polo IGE.

Na actualidade, unha serie de retrasos técnicos, relacionados coa externacionalización dos traballos informáticos, impide a posta en práctica do aplicativo.

► **Informe de profesións con subrepresentación feminina**

En cumprimento do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro (DOG núm. 35 do 19.02.09), polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, o Instituto Galego das Cualificacións elaborou o informe anual das “ocupacións con subrepresentación feminina” no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos establecidos no antedito decreto.

► **Redes de observatorios do mercado laboral**

Esta rede, creada no ano 2004 é un proxecto que ten como obxecto regular e ordenar a colaboración entre departamentos en materia de información, metodoloxías, proxectos e procesos formativos comúns. Véñense realizando encontros anuais monográficos denominados “Xornadas técnicas da rede de observatorios do mercado de traballo”. A organización vai rotando por comunidades autónomas diferente. No ano 2007 tiveron lugar na nosa comunidade en Santiago de Compostela.

Neste contexto o Instituto asistiu e participou nas “IV Xornadas Observatorios Universitarios de Emprego”, Universidade da Coruña, 13 e 14 de novembro 2014 co relatorio: “Produtos e publicacións do observatorio ocupacional”.

► **Grupo técnico de traballo IET**

Participación no grupo de traballo técnico do Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para facer estudos e análises no marco de Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio (DOT), do Plan de ordenación do litoral (POL) e da Memoria de avaliación ambiental. Este plan de seguimento ten como obxectivo

implementar as obrigas da Lei 10/1995, para desenvolver un sistema de seguimento de sostibilidade territorial, e o procedemento que o regula.

Ao longo do 2014 enviouse información elaborada dende o Instituto Galego das Cualificacións, xunto cunhas fichas técnicas onde se daba cumprida información do sustento estatístico de todas as variables implicadas nas operacións estatísticas a desenvolver dende o IET.

3.5.2 Área de cualificacións profesionais

3.5.2.1 Cooperación con organismos e institucións da Administración Xeral do Estado

A nosa comunidade autónoma está representada polo Instituto Galego das Cualificacións nos seguintes órganos da Administración xeral do Estado:

- ▶ **Comité Técnico de Certificados de Profesionalidade**

Neste comité técnico están presentes: o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas, constituíndose diferentes grupos de traballo para implantar o novo repertorio de certificados de profesionalidade, elaborados a partir das cualificacións do Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

O Comité fai o seguimento, revisión e análise dos certificados de profesionalidade en canto a normativa, procedementos vixentes e implementación na nosa comunidade autónoma para garantir a calidade da formación e modalidades de impartición ou metodoloxías.

- ▶ **Comité Técnico de Cualificacións**

Este comité técnico está formado polo Instituto Nacional das Cualificacións (INCUAL) e os responsables de cualificacións da diferentes comunidades autónomas, constituíndose co obxectivo de cooperar no proceso de elaboración do catálogo nacional de cualificacións profesionais, canalizar as demandas de cualificacións profesionais dos diferentes sectores produtivos, configurar unha rede de


institutos/centros de cualificacións, definir métodos e ferramentas, cooperar e investigar en temas estratéxicos.

No ano 2014 convocouse unha única reunión na que se trataron os seguintes temas:

- O procedemento de revisión e actualización do Catálogo nacional de cualificacións profesionais e o Plan de Actividades para o ano 2014.

3.5.3. Área de formación profesional

3.5.3.1 Avaliación en competencias clave para o acceso aos novos certificados de profesionalidade



Estas probas están dirixidas a quen desexe cursar a formación correspondente aos novos certificados de profesionalidade e non cumpra os requisitos de acceso. As competencias clave inclúen un feixe de contidos xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento e asegurarán que os alumnos posúen os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento os certificados.

No ano 2013 publicouse o Real decreto 189/2013, do 15 de marzo polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro que regula os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación. Esta nova normativa estatal afecta os requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación (artigo 20). Tamén se publica a Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, que remodela o modelo de certificación de superación das probas (artigo 38).

Para dar resposta a estas modificacións da normativa estatal, publícase a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 7 de xaneiro de 2014, pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, quedando derogada a Orde do 12 de xullo de 2011.

No ano 2014 houbo a seguinte convocatoria da Dirección Xeral de Emprego e Formación:

- 8ª convocatoria, Resolución do 7 de marzo de 2014 (DOG núm.51, do 14.03.2014) de nivel de cualificación profesional 2 e 3. Procedemento TR306A.

Os datos das dúas convocatorias reflíctense nos cadros que amosamos a continuación:

- 8ª Convocatoria: número de probas de competencias clave**

	Total probas solicitadas *	Total probas admitidas	Total probas presentadas	Total aptos
Nivel 2	10.043	9.929	6.174	5.245
Nivel 3	1.838	1.838	828	610
Totais	11.881	11.767	7.002	5.855

* Un solicitante pode optar ata un máximo de 8 probas (4 de nivel 2 e 4 de nivel 3).

En total o número de persoas solicitantes foron 3.554: admitíronse as solicitudes de 3.516 persoas e presentáronse ás probas 2.201 o que representa un 62,59%.

3.5.3.2 Tramitación de solicitudes para a expedición de certificados de profesionalidade

Na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (BOE nº 27, do 31.01.08 e suplemento en galego BOE nº 1, do 1.02.08), establece-se a expedición de certificados de profesionalidade pola realización de determinadas accións formativas.

Ao abeiro desta disposición, no Instituto Galego das Cualificacións entraron 6.691 solicitudes de certificados de profesionalidade durante o 2014 e tramitáronse un total de 6.779 expedientes, continuouse coa posta ao día a na xestión destes expedientes. Esta axilización contribuíu de forma considerable á posta en marcha da aplicación informática propia da Comunidade Autónoma de Galicia, específica para a tramitación e rexistro dos certificados de profesionalidade, en coordinación co SILCOI. Concedéronse un total de 6.263 certificados de profesionalidade este ano.

3.5.3.3 Informes para a formación para o emprego

O Instituto Galego das Cualificacións realiza informes técnicos e apoio á normativa elaborada para a formación para o emprego cursos AFD.

- Informe para a elaboración do anexo para a orde que regula as accións de formación preferentemente destinadas a desempregados.**

Este informe elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións parte da análise das táboas de cursos presentados como prioritarios o ano anterior, e a posterior aplicación dunha metodoloxía elaborada para tal fin.

Utilízanse os mesmos indicadores que sustenta a realización do estudo *Saídas Profesionais Comarcais* (do que existe unha publicación). Unha vez seleccionados os grupos ocupacionais revísanse os cursos de catálogo que mellor se adaptan á formación nas ocupacións recollidas en cada grupo. Así mesmo, tense en conta a publicación de “novos certificados de profesionalidade”, entendendo que estes teñen unha prioridade formativa á hora de programar cursos para desempregados.

No ano 2013 realizouse por primeira vez un Anexo xeral para o conxunto de Galicia, en lugar da habitual priorización de especialidades formativas para cada unha das 53 comarcas galegas.


► Accións formativas AFD centros propios

Valoración sobre os criterios avaliábeis pedagóxicos no concurso: contratación dun servizo, por lotes, para a impartición de accións formativas nos centros de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (Expte. 2013.04.F.C.A).

► Consello Galego de Formación Profesional

No 2014 realizáronse 4 reunións, nas que o Instituto Galego das Cualificacións presentou a nova convocatoria pública do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, a convocatoria pública das probas de avaliación en competencias clave, a orde pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade e a memoria de actividades do ano 2013 e o plan de actividades do 2014.

3.5.4. Área de acreditación de competencias



Procedemento de recoñecemento da experiencia profesional

O Instituto Galego das Cualificacións foi o órgano técnico da Consellería de Traballo e Benestar encargado de levar a cabo a xestión e as accións adecuadas para desenvolver o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.



O procedemento iníciase coa inscrición dos candidatos, e tras comprobar os requisitos e aplicar os baremos de méritos establecidos, publícanse as listas de persoas admitidas e seleccionadas, atendendo ao límite de prazas.

Logo comezan propiamente as fases de asesoramento, avaliación e acreditación. Na fase de asesoramento axúdase ás persoas a demostrar (documentar, autoavaliar, explicitar) as súas capacidades e coñecementos. Na avaliación realízanse probas prácticas (simulacións, entrevistas profesionais, etc.) adaptadas ás características (experiencia

e formación) de cada persoa. Na fase de acreditación a Dirección Xeral de Emprego e Formación expide acreditacións oficiais das unidades de competencia (UC) que teñen carácter oficial a nivel estatal, con efectos basicamente profesionais, pero tamén académicos (validacións de módulos da FP inicial ou para o emprego).

A acreditación oficial da competencia profesional destas persoas contribúe de forma importante a fomentar a súa empregabilidade, xa que lles abre novas vías para acceder ou progresar no emprego, e/ou no mundo da formación, e mesmo nalgunhas cualificacións (Ex. Atención sociosanitaria; socorrismo; control de pragas) son requisito necesario para exercer a profesión. Este dispositivo beneficia así a un gran colectivo de persoas, as que carecen dunha cualificación profesional (recoñecida), que son precisamente un dos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, e polo tanto, con maior risco de exclusión sociolaboral.

A 6ª convocatoria para o procedemento de acreditación de experiencia profesional publicouse mediante Resolución do 6 de novembro de 2013 (DOG nº216, do 12.11.2013). Comprendía un total de 6 cualificacións e o número total de prazas convocadas foi de 1.800. Esta convocatoria incluía as seguintes cualificacións e prazas:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: 500 prazas.
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións socias: 500 prazas
- Servizos para o control de pragas: 100 prazas
- Socorrismo en instalacións acuáticas: 300 prazas
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais: 300 prazas
- Información xuvenil: 100 prazas

A previsión de cualificacións para esta e a seguinte convocatoria, en concreto para as cualificacións de socorrismo e extinción de incendios e salvamento, fixeron necesario organizar un novo curso de formación para habilitar (a nivel estatal) os correspondentes asesores e avaliadores, en modalidade semipresencial,

Estas convocatorias desenvolvéronse e completáronse ao longo de todo o ano, no que se refire aos procesos de inscrición, admisión e selección de candidatos, e aos desenvolvemento das fases de asesoramento e avaliación, quedando unicamente pendente para 2015 a fase de avaliación e acreditación nas cualificacións de socorrismo.

Mediante resolución do 27 de novembro de 2014 publicouse unha nova convocatoria, a 7ª; para o procedemento de acreditación de experiencia profesional, que está previsto que se desenvolva ao longo de 2015. Convócanse as mesmas cualificacións que na 6ª convocatoria, máis tres novas:

- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos,
- transporte sanitario e extinción de incendios e
- salvamento.

En total, ofertáronse 2.110 prazas.

3.5 INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

A modo de resumo e conclusións das 2 convocatorias que se desenvolveron no 2014 pódense amosar os seguintes datos:

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Seleccionados	Presentados	Certificados	Acreditac. UC
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	500	1309	697	631	353	232
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	500	1284	712	621	306	273
Servizos para o control de pragas	100	127	82	78	77	0
Socorrismo en instalacións acuáticas	300	660	397	---	---	---
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	300	476	252	---	---	---
Información xuvenil	100	72	60	54	53	1
TOTAIS	1.800	3.928	2.200	1.384	789	506

Deste cadro podemos destacar os seguintes datos:

- ▶ Dentro do 2014 fóronse desenvolvendo as diferentes fases da 6ª convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional, que comprenden 6 cualificacións en total.
- ▶ Ofertáronse en total 1.800 prazas e recibíronse 3.928 solicitudes, polo que se duplica o número de prazas ofertadas.
- ▶ Iniciaron a súa participación no procedemento (foron admitidos e seleccionados 2.200 persoas).
- ▶ Todas as cualificacións realizaron as fases de asesoramento e avaliación dentro do 2014, salvo na unidade de competencia de rescate de socorrismo en espazos acuáticos naturais, que estaba previsto realizala no último fin de semana de xaneiro, pero que por razóns de alerta laranxa no mar tivo que ser suspendida. En consecuencia, hasta que remate este proceso de avaliación non é posible dispor de datos sobre esta cualificación
- ▶ No resto das cualificacións, finalizaron as fases de asesoramento e avaliación 1.384 persoas, das que
 - 798 completan o certificado de profesionalidade, e outras 506 persoas obteñen acreditacións parciais das unidades de competencia (UC). Hai que ter en conta que en atención sociosanitaria había 433 persoas que só se presentaban a algunhas UC, non a todas, xa que moitas delas xa posuían acreditacións parciais destas UC, por terse presentado a outras convocatorias REXP, ou por ter superado módulos de formación inicial ou para o emprego nesas UC.
 - ▶ Das persoas que se presentaron á avaliación, sobre un 57 %, obteñen o certificado de profesionalidade completo, e preto dun 37% obteñen acreditacións parciais de UC. Só o 6,43% dos avaliados non lograron ningunha acreditación oficial.

Todo o cal permite concluír o éxito destas convocatorias, cousa que, por outra banda, non é de estrañar se temos en conta que a gran maioría das persoas contan con varios anos de experiencia e formación na súa cualificación.

3.5.5 Área de profesións e actividades reguladas

3.5.5.1 Catálogo de profesións reguladas

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Profesions_reguladas_Ed_act_2015.pdf

Este informe fai unha análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas, especialmente no que atinxe á relación desta normativa cos cursos de formación profesional para o emprego.

A publicación recolle un amplo inventario de ocupacións que requiren dunha habilitación profesional para traballar. Aparecen referencias normativas, encadre dentro dunha familia profesional e, se é o caso, a posibilidade de adquirir algunha delas a través de certificados de profesionalidade.

O informe actualízase, sempre e cando se produzan cambios normativos que modifiquen o amplíen este contido, neste ano actualizouse en maio do 2014.

Os principais cambios producidos no 2014 foron debidos á publicación do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro (BOE nº. 41, do 17.02.2014); Real decreto 80/2014, de 7 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante BOE nº. 45 do 21.02.2014); Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada (BOE nº. 83, do 05.04.2014); Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº. 156, do 19.08.2014); Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia (DOG nº. 237, do 11.12.2014).

3.5.5.2 Desenvolvemento do procedemento das certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición de programas formativos de gases fluorados

O Decreto 100/2011, do 19 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, establece a competencia da Consellería de Traballo e Benestar tanto para a expedición de certificacións persoais, como para a autorización dos centros autorizados previstos no artigo 8.2 do Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, así como para o mantemento dun rexistro actualizado dos certificados expedidos.

Durante o ano 2014 seguiuuse a utilizar a aplicación web de rexistro de certificacións de gases fluorados. Aplicación que abrangue o rexistro e todo o procedemento de xestión e envío, por correo postal, das resolucións relacionadas cos expedientes de solicitude dos sete tipos distintos que existen de certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados.

Durante o ano 2014 tramitáronse, dende esta aplicación, un total de 531 expedientes, dos cales 460 foron certificacións persoais concedidas, dous foron solicitudes denegadas e a 63 requiríuselles documentación ou foron trasladados.

Por outra banda, participouse no foro de gases fluorados organizado polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, por medio de correo electrónico, con distintas cuestións e opinións co fin de acadar un acordo entre as distintas comunidades autónomas colaboradoras.

3.5.6 Área informática

O instituto está a desenvolver novas formas de acceso á información na procura de acadar novas vías para comunicarse co cidadán buscando o equilibrio entre a calidade

técnica da información e a sustentabilidade necesaria nestes tempos.

A implantación destes soportes telemáticos implica a necesidade de contar cunha área específica onde o persoal informático desenvolve as tarefas necesarias para a implantación e mantemento de infraestrutura.

No ano 2014 desenvolvéronse as seguintes tarefas na área informática:

- ▶ Actualización e mantemento das bases de datos
- ▶ Xeracións de mapas e gráficas
- ▶ Soporte informático aos procesos de Recoñecemento da experiencia profesional (rExp)
- ▶ Melloras nas aplicacións internas do Instituto
- ▶ Melloras nas aplicacións do portal do Instituto.

3.5.7 Actividades formativas e informativas

O Instituto organiza xornadas e actividades de difusión para dar a coñecer o Sistema de cualificacións e formación profesional en Galicia, así como os cambios que se están a producir en todo o Sistema de formación profesional. Tamén participa en xornadas técnicas, seminarios, congresos e obradoiros de traballo e no intercambio de experiencias con outros institutos ou organismos interesados no sistema de cualificacións tanto doutras comunidades autónomas como da Unión Europea.

En 2014 o Instituto Galego de Cualificacións organizou 1 acto de entrega de acreditacións oficiais e certificados de profesionalidade ás persoas que participaron no procedemento de recoñecemento da competencia profesional. O acto tivo lugar no Palacio de Congresos de Santiago o 6 de xuño de 2014 e foron 400 persoas as que foron a recoller as súas acreditacións oficiais e/ou os certificados de profesionalidade.

Para a difusión de metodoloxías, actualización de normativa sobre certificados de profesionalidade e difusión das diferentes fases dos procedementos de recoñecemento da experiencia profesional, impartíronse entre outras, os seguintes relatorios e charlas de contidos propios deste instituto de carácter técnico:

- ▶ Relatorio “Certificación da profesionalidade no salvamento acuático. O proceso en Galicia e a súa influencia no resto de España”. I Congreso Internacional Prevención de Afogamentos Acuático Profesional. Madrid 9 de maio 2014.
- ▶ Relatorio “A formación dual na formación profesional”. A Coruña - Colexio de Graduados Sociais, 22 de outubro 2014.
- ▶ Relatorio “Xornada Técnico-Informativa sobre as Cualificacións Profesionais no ámbito das Emerxencias”. AGASP, A Estrada, 27 de novembro de 2014.

3.6 CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA (CNTG)

<https://cntg.xunta.es/web/cnt/home>



O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, encadrado na estrutura orgánica da Dirección Xeral de Emprego e Formación, oferta formación para o emprego de carácter técnico, práctico intensivo, especializado, orientado ao mundo laboral e dirixido preferentemente aos profesionais do sector das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). O seu período principal de actividades vai dende o mes de setembro ata xuño.

As accións formativas realizadas no centro foron impartidas por recoñecidas entidades formadoras, partners oficiais de formación dos principais fabricantes tecnolóxicos, e por profesorado técnico e cualificado certificado e acreditado nas últimas versión das diferentes tecnoloxías TIC e das diversas metodoloxías de xestión e dirección de proxectos incluídas na grella formativa do centro.

As actividades desenvolvidas inclúen accións formativas e contidos con alto nivel de demanda por parte do mercado e asociadas ás principais áreas de negocio TIC: administración de bases de datos, administración de sistemas, redes e sistemas de telecomunicacións, contornas de programación e desenvolvemento, seguridade e protección de datos ..., incorporándose ao programa formativo os principais fabricantes e organizacións tecnolóxicas a

nivel mundial: Oracle; LPI, Microsoft, PMI, Vmware, Cisco, Cloudera, MongoDB etc ...

Todas as actividades formativas do CNTG, incluíndo neste apartado os seminarios realizados e os exames de certificación que como valor engadido da formación se inclúen en determinados cursos, son de balde para os asistentes.

Os datos que a seguir se relacionan fan referencia ás actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2014:

Cursos impartidos

	Nº cursos	Prazas	Nº horas
Primeiro trimestre	16	256	952
Segundo trimestre	17	270	960
Terceiro trimestre	1	20	80
Cuarto trimestre	18	316	1754
Totais	52	862	3.746

- Número de prazas ofertadas que resultaron cubertas: 859 (% cobertura/oferta = 99,65 %).
- Porcentaxe de alumnos/as que remataron curso: 96,29% (A meirande parte dos alumnos que non acabaron curso foi consecuencia da súa inserción laboral durante o tempo de desenvolvemento da acción formativa).
- Número de cursos que inclúen exame de certificación: 45 (% cursos con certificado/cursos = 86,54%).

Evolución do número de cursos con certificación por programación formativa	
2008/2009	55,00%
2009/2010	76,50%
2010/2011	80,40%
2011/2012	82,75%
2012/2013	86,00%
2013/2014	86,54%

Os datos do recadro referencian ano formativo, de setembro a xuño, mentres que o resto dos valores e porcentaxes referencia ano natural (2014)

3.6 CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA (CNTG)

- Número de prazas con dereito a exame de certificación: 737 (% alumnos con dereito / alumnos = 85,50%).
- Número de exames de certificación que se realizaron: 627. Os cursos de MongoDB inclúen dous exames de certificación.
- Porcentaxe de alumnos presentados que superaron o exame de certificación = 60,33%.

Ao longo do ano 2014 o CNTG organizou tres períodos certificadores masivos para os/as alumnos/as que tiveron lugar, en xornadas de mañá e tarde, durante os meses de xaneiro, abril e xuño e que agrupaban aquelas probas incluídas como valor engadido dos cursos impartidos no trimestre inmediatamente anterior. Con carácter particular os exames de diversas acción formativas, como por exemplo os de PMI, tiveron lugar en datas diferentes ás indicadas para ditos períodos certificadores.

Seminarios

Como complemento ás accións formativas o CNTG organizou diversos seminarios tecnolóxicos, aos que asistiron preto de 2.000 persoas, entre os que caben salientar os seguintes:

- Desenvolvemento de aplicacións web con JavaEE
- Optimización das funcións propias dun/dunha administrador/a Linux
- Arquitecturas empresariais: TOGAF
- Tecnoloxías LAN: CCAN routing & switching
- Desenvolvemento de aplicacións iOS
- Routing en IPv4 con tecnoloxía CISCO
- Xestión de proxectos con metodoloxías áxiles. Xestión tradicional vs xestión áxil
- Análise de datos en Big Data
- Servidor de aplicacións JBoss
- Integración de redes sen fíos e cableadas con tecnoloxía CISCO

- Optimización de desenvolvementos Java
- Bases de datos NoSQL. MongoDB
- Administración de VMware vSphere
- Implementación dun servidor web Apache (Nginx & Varnish)
- Introducción ao desenvolvemento de servizos web (web services)
- Q&S en redes corporativas con dispositivos CISCO. Implantación de calidade e servizo en redes converxentes.
- Tendencias na economía dixital: big Data, cloud computing e mobilidade.

A meirande parte dos seminarios organizados polo CNTG son retransmitidos por videoconferencia para os efectos de evitar desprazamentos innecesarios e difundir e achegar o coñecemento a outras localidades da xeografía galega.

Outras actuacións

O CNTG deu tamén apoio loxístico a diversas actividades do sector público e privado celebradas nas súas instalacións entre as que podemos citar, entre outras, os cursos de habilitación de asesores e avaliadores para as cualificación ou o programa sobre RSE, ambos organizados pola Consellería de Traballo e Benestar; o evento Compostweets 2014 (encontro anual de social media en Galicia); diversas xornadas sobre o voluntariado dixital; o III Congreso de Software Libre para Educación; o desenvolvemento, como sede en Santiago, do proxecto Yuzz para emprendedores; o MIBE 2014 (Maritime and Innovation Brokerage Event); seminarios organizados pola fundación de emprendedores "Iniciador", reunións de comunidades de usuarios/as sobre tecnoloxías concretas, cursos sobre orientación laboral etc.

Aplicabilidade laboral das accións formativas do CNTG

No momento de realizarse este informe estaban en fase de análise os diversos inputs sobre inserción e mellora laboral

correspondentes ao ano 2013/2014. Segundo datos correspondentes á programación 2012/2013, obtidos mediante enquisas telefónicas persoais e individualizadas realizadas aos/ás alumnas do centro unha vez transcorridos 6 meses dende o remate de cada curso, a inserción laboral dos desempregados foi do 48,40%, desagregada de acordo coas seguintes porcentaxes: inserción relacionada, 26,92%; inserción base, 21,48%; sen inserción, 51,60%. Pola súa banda, a mellora laboral do persoal ocupado acadou unha porcentaxe do 37,61%.

Enténdese que a inserción/mellora ten a condición de relacionada cando é consecuencia directa da realización dunha acción formativa concreta realizada no CNTG e que, os/as interesados/as acadaron un posto de traballo, conseguiron unha mellora naquel que estaban a ocupar ou lles posibilitou un cambio de empresa ou organización.

Na inserción/mellora base, a realización do curso foi un dos factores que contribuíu a acadar algún dos resultados positivos indicados no parágrafo anterior.

O concepto de mellora para o persoal ocupado pode responder a factores varios: Ocupación dun posto de traballo de nivel superior, incremento de retribucións consecuencia da mellora formativa, superiores niveis de responsabilidade, cambio positivo de empresa ou organización etc.

Para os efectos deste informe non teñen a mesma consideración os conceptos de mellora laboral e de aplicabilidade laboral. A aplicabilidade laboral referencia a usabilidade e uso cotián da formación recibida no desenvolvemento das tarefas e funcións propias do posto de traballo. Aplicando esta definición de aplicabilidade laboral resulta que un 70,07 % dos/as alumnos/as ocupados/as utilizan os coñecementos adquiridos nos cursos do CNTG no seu traballo diario.

Histórico de programacións anteriores

Nos seus seis primeiros anos de vida, ata xuño de 2014, o centro realizou máis de 300 accións formativas e 4.642 prazas ofertadas, sendo de arredor de 17.000 o número de horas de formación impartidas

Estas actividades formativas complementáronse coa celebración de 87 xornadas e seminarios técnicos organizados polo propio centro cunha asistencia total superior a 7.000 persoas.

O ratio de alumnos que rematan curso en relación coas prazas existentes foi nas catro últimas programacións superior ao 96%, porcentaxe que avala o interese dos profesionais por estas accións formativas así como a súa calidade.

Controis de calidade

Este seguimento das actividades ten un claro reflexo nos niveis de satisfacción manifestados polos propios alumnos e que, tomando como referencia os resultados obtidos nas programacións formativas 2011/2012, 2012/2013 e 2013/2014 ofrece os seguintes datos de valoración media, obtidos mediante enquisas anónimas e individualizadas cubertas por un número de asistentes superior ao 95%, outorgados polos propios profesionais destinatarios e asistentes ás ditas actividades:

Tipo de valoración	2012/2013 ⁽¹⁾	2013/2014 ⁽¹⁾
Docencia ⁽²⁾	9,01	9,03
Docentes	8,97	8,99
Curso en global	8,31	8,39
Mellora de coñecementos	8,77	8,79
Servizo e persoal do centro	9,04	8,96


(1) Escala de valores entre 1 e 10

(2) Docencia: Engloba enfoque, metodoloxía, resolución dúbidas, relación docente/alumno

3.7 FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO (FGFT)

3.7 FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO (FGFT)

<http://www.fpgft.org/?lang=es>



A Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, entidade do sector público de Galicia, de carácter tripartito e sen ánimo de lucro, nace en maio de 2008 como consecuencia do traspaso á Comunidade Autónoma Galega das competencias en materia da formación continua. Está integrada pola Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar e polas organizacións sindicais e empresariais que teñen a consideración de mais representativas de Galicia: UGT, CCOO, CIG e a CEG.

A Fundación é o instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores e traballadoras, mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores e traballadoras os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades das empresas.

De acordo cos seus propios estatutos, as actividades da Fundación veñen determinadas nos plans de actuación que se aproban para cada exercicio e que se especifican a continuación:

1. Apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas ocupadas, presentadas ao amparo das convocatorias do Plan de formación 2013/2014 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 191 do 7 de outubro de 2013) e do Plan de formación 2014/2015 (DOG nº 205 do 27 de outubro de 2014).

As actividades organízanse a través de tres fases: a) Análise das solicitudes (análise de expedientes, cartas de requirimentos, informes á Dirección Xeral das solicitudes revisadas), b) Seguimento da execución das accións formativas subvencionadas (xestión e análise da documentación das accións formativas, seguimento telefónico, control da normativa de certificados de profesionalidade ou atención ás entidades) e c) Seguimento da xustificación de custos e liquidación (revisión e análise de solicitudes de pagamentos anticipados, de liquidación final, etc.). Nestas tres fases acadáronse os obxectivos segundo o previsto.

2. Elaboración de Estudos, proxectos e Informes para a mellora da formación para o emprego.

En 2014 realizáronse un total de 35 traballos (informes, propostas, guías) dirixidos á Dirección Xeral que se concretan na Convocatoria 2013/2014 e na de 2014/2015 con propostas de mellora, requirimento e elaboración de instrumentos de revisión destes plans de formación. Así mesmo, realízanse outros informes de distinta índole relacionados coas actividades propiamente ditas da fundación, sobre a súa xestión ou a situación doutras fundacións de formación

continua estatal e autonómicas, novos proxectos, informes de resultados de seguimento de accións formativas, etc.

Tamén se continuou coa participación en grupos de traballo con técnicos da Dirección Xeral e da empresa encargada de elaborar a aplicación informática que unifica a xestión de todas as convocatorias de Formación para o Emprego.

Os obxectivos, como na actividade anterior, cumpríronse ao 100%.

3. Asesoramento técnico e difusión do sistema.

En asesoramento destaca a atención a consultas por usuarios que demandan cuestións sobre a formación de oferta (79%), de demanda (7%) e cualificacións profesionais (14%)

Atención a entidades solicitantes e/ou beneficiarias: 6.400 consultas relacionadas coas diferentes fases da formación de oferta: requirimentos en solicitude, seguimento da execución, xustificación económica, etc.

A difusión do sistema concreouse na actualización e posterior mantemento da páxina web da fundación con especial fincapé na difusión do Sistema de formación para o emprego e na elaboración de novas relacionadas co mundo laboral, cualificacións profesionais ou novas convocatorias de formación para os traballadores.

A porcentaxe de cumprimento foi axeitada como nas actividades anteriores.

4. Elaboración da documentación da fundación para dar cumprimento ás facultades do Padroado

Concrétase na elaboración das contas anuais da Fundación en 2013 e 2014 (balance da situación, conta de resultados e memoria de actividades), Memoria de orzamento para 2015, Plan de actuación tamén para 2015 e Contabilidade de 2014.

O grao de cumprimento foi o previsto para esta actividade.

5. Actividade na xestión da calidade

A Fundación cumpre os requisitos de calidade segundo a Norma UNE-EN ISO 9001:2008. AENOR informou favorablemente a súa última auditoría realizada en xuño de 2014.

6. Implementación da sede electrónica na FPGFT que supuxo o seu redeseño co fin de impulsar unha ferramenta web para o deseño de itinerarios formativos.

3.7 FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO (FGFT)

04

4.1 DEPENDENCIA

4.1.1 Descrición da área de actuación

A través do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 46, do 06.03.2013) establécese a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

A creación e competencias da Secretaría Xeral de Política Social (Decreto 42/2013 do 21 de febreiro) artículase a través de cinco subdireccións xerais que foron creadas coa filosofía e espírito da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15.12.2006). No que afecta ao procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, correspóndelle a Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, a través do Servizo de Coordinación de Procesos e a Unidade de Coordinación da Dependencia, a coordinación e apoio ás xefaturas territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia en coordinación co sistema de servizos sociais establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e asegurar a elaboración dos correspondentes programas individuais de atención, ao mesmo tempo que, logo da restructuración de competencias operada polo Decreto 42/2013, a coordinación e

o apoio ás xefaturas territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento do grao de discapacidade, en aplicación do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Asemade, polo Decreto de estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar creábanse os servizos de dependencia e autonomía persoal, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, encargados da xestión do procedemento de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema e no que se encadran os órganos de valoración e asesoramento da dependencia, así como da xestión do procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de discapacidade, a través das seccións de Cualificación e Valoración de Discapacidades.

Normativa de aplicación

- ▶ Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención (PIA) e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 34, do 19.02.2010)

- ▶ Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización dos órganos técnicos competentes (DOG nº 9, do 13.01.2012), modificada pola Orde do 19 de abril de 2013 (DOG nº 86, do 6/5/2013) e a Orde do 27 de marzo do 2014 (DOG nº 64, do 2/4/2014)
- ▶ Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de discapacidade. (BOE nº 22, do 26.01.2000 e corrección de erros no BOE nº 62, do 13.03.2000)
- ▶ Orde do 29 de decembro de 2000, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (DOG nº 16, do 23 de xaneiro de 2001).

O Sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia

O Sistema para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE

nº 299, do 15.12.2006) pretende configurar un novo desenvolvemento dos servizos sociais que complemente a acción protectora e poida dar resposta ás necesidades de atención das persoas en situación de dependencia.

O proceso de valoración da dependencia e a elaboración do programa individual de atención, recollido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro (DOG nº 34, do 19.02.2010) e na Orde do 2 de xaneiro de 2012 (DOG nº 9, do 13.01.2012), comprende todas as actuacións relativas ao procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, así como outras actividades complementarias, tales como o apoio e supervisión das valoracións, depuración de datos, coordinación dos equipos de valoración, etc.

Estrutura orgánica e unidades implicadas no desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro (BOE nº 299, do 15.12.2006), en Galicia. Deseño do proceso de valoración da situación de dependencia na nosa comunidade.

A estrutura dos equipos de valoración de dependencia: composición e funcionamento

Existen catro órganos de valoración da dependencia, logo da restructuración operada en 2013 con respecto á Xefatura Territorial da Coruña, dependentes das catro xefaturas territoriais, emprazados en catro grandes cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), e 7 equipos de

valoración da situación da dependencia dependentes das catro xefaturas territoriais e emprazados nas 7 grandes cidades de Galicia. Tanto os órganos coma os equipos están constituídos de conformidade coas previsións contidas nos artigos 27, 28 e demais concordancias da Lei 39/2006 (BOE nº 299, do 15.12.2006), e en aplicación do baremo aprobado mediante o Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro (BOE nº 42, do 18.02.2011), así como diversos acordos do Consello Territorial en relación coa composición e actuación (cabe destacar a Resolución do 4 de febreiro de 2010 da Secretaría General de Política Social y Consumo, en materia de órganos e procedementos de valoración da situación de dependencia), no que se refire a criterios básicos do procedemento de valoración e das súas características.

De conformidade co regulado na Lei 39/2006 (BOE nº 299, do 15.12.2006) e o Decreto 15/2010 do 4 de febreiro (DOG nº 34, do 19.02.2010), polo que se regula o procedemento para o recoñecemento das situacións de dependencia, a Comunidade Autónoma de Galicia determinou os órganos de valoración e asesoramento da dependencia constituídos por profesionais con perfil social e sanitario, e compostos como mínimo por un médico/a, un psicólogo/a, un traballador/a social e, de ser o caso, un terapeuta ocupacional, que presten o seu servizo na Administración autonómica. Estes profesionais, que conforman o órgano de valoración para acceso ao Sistema para autonomía e atención á dependencia (SAAD), emiten os

ditames proposta do grao e nivel de dependencia e do plan individual de atención.


Funcións dos técnicos de valoración da dependencia

Os profesionais técnicos de valoración da dependencia, con perfil social e sanitario, dependen funcionalmente do Órgano de valoración da dependencia e organicamente da xefatura territorial da consellería e realizan as seguintes funcións:

- ▶ Aplicar os baremos para a valoración da dependencia establecidos normativamente.
- ▶ Examinar a situación socioeconómica de acordo co informe social e o resto da documentación relativa ao contorno no que vive o solicitante, e no seu caso, a súa elaboración.
- ▶ Darlle traslado ao Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia da necesidade de solicitar informes e/ou probas complementarias necesarias para cumprimentar a valoración, así como da existencia de causas no expediente que requiran da súa valoración para determinar o carácter de emerxencia.
- ▶ A análise da modalidade de recurso que, dentro do catálogo de servizos e prestacións, mellor se adecúe ás necesidades do solicitante.
- ▶ Orientar e asesorar os usuarios do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Coordinación e planificación técnica do SIGAD

(Subdirección Xeral da Dependencia e Valoración da Discapacidade. Servizo de Coordinación de Procesos, Unidade de Coordinación da Dependencia)



A valoración do grao de discapacidade.

A valoración do grao de discapacidade, expresado en porcentaxe, realízase mediante a aplicación dos criterios técnicos unificados fixados no baremo que establece o R.D. 1971/1999 e as modificacións introducidas polo Real decreto 1169/2003, do 12 de setembro, polo que se modifica o anexo I; o Real decreto 1856/2009, do 4 de decembro; o Real decreto 1364/2012, do 27 de setembro e o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do R.D. 1971/1999, publícase a Orde do 29 de de-

cebro de 2000 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (DOG nº 16, do 26.01.2001), que comprende a organización e funcionamento dos órganos técnicos de valoración (os equipos de valoración e orientación), constituídos por profesionais cun perfil social e sanitario (médico, psicólogo e traballador social).

En cada provincia existen unha ou varias seccións de cualificación e valoración de discapacidades, dentro das cales se encadran os equipos técnicos de valoración, que cubren todo o ámbito territorial provincial. Os equipos están coordinados polo xefe de sección de cada xefa-

tura territorial da Consellería de Traballo e Benestar e emprazados nas 7 grandes cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo).

Cada equipo técnico está composto por tres vogais: médico, psicólogo e traballador social, segundo criterios interdisciplinares. O equipo técnico reúne en xunta de valoración para a emisión dos ditames técnicos facultativos estando regulado o seu funcionamento pola Sección 3ª do Capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e polas normas que dite a Secretaría Xeral de Política Social. A xunta de valoración está composta polo/a presidente/a, tres vogais do equipo técnico de valoración e un secretario/a. A presidencia da xunta de valoración recae no xefe de sección de cualificación e avaliación.

Funcións dos equipos técnicos de valoración:

- ▶ Informar e orientar as persoas con discapacidade que o soliciten
 - ▶ Realizar os ditames técnicos-facultativos para a cualificación e revisión do grao de discapacidade así como os previstos na lei do IRPF
 - ▶ Determinar o grao de discapacidade e valoración das diferentes situacións esixidas para ter dereito ás prestacións sociais e económicas previstas pola lexislación vixente.
 - ▶ Determinar a necesidade de concurso doutra persoa,
 - ▶ Determinar as dificultades para utilizar transportes públicos colectivos
 - ▶ Elaborar informes técnicos relacionados coa situación da discapacidade
 - ▶ Aquelas funcións referentes ao diagnóstico, valoración e orientación de situación de discapacidade
- ▶ Cantas outras funcións lle sexan asignadas pola Secretaría Xeral de Política Social.

4.1.2 Proxectos normativos

4.1.2.1 Proxectos normativos aprobados durante o 2014

Ao longo do ano 2014 aprobáronse as seguintes disposicións normativas:

- ▶ Orde do 27 de marzo de 2014 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 64, do 02.04.2014)
- ▶ Orde do 12 de novembro de 2014 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº. 222, do 19.11.2014)
- ▶ Circular número 15/2014 da Secretaría Xeral de Política Social de data 26 de novembro de 2014 pola que se determinan os criterios que hai que seguir no tratamento procedimental das solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade de persoas que teñan recoñecida unha incapacidade permanente, e das solicitudes de equiparación dunha situación de incapacidade permanente co grao de discapacidade.



4.1.2.2. Proxectos normativos en desenvolvemento

- ▶ Borrador do Decreto polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes e o Decreto 148/2010, do 7 de xullo, polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.
- ▶ Borrador do decreto polo que se crea a historia social única electrónica e se regula o seu uso e acceso.
- ▶ Borrador da orde pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Estes proxectos normativos resultan necesarios para adaptar a normativa da nosa Comunidade autónoma atendendo os recentes cambios normativos a nivel estatal. No caso da Orde que regula o procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade, co obxecto de adaptarse aos últimos cambios normativos e co obxectivo de garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade. Tamén para acadar a coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia, para o recoñecemento do grao de dependencia. A implementación dos medios técnicos actuais de cara á implantación de escenarios de tramitación electrónica, para a consolidación dos dereitos das persoas con discapacidade, fai preciso a aprobación dunha nova norma.

No caso do decreto polo que se crea e regula a historia social única electrónica:

A historia social única electrónica constitúese como o soporte máis axeitado para a asistencia social, facilitando o manexo e a accesibilidade da información e documenta-

ción social da persoa usuaria. Con este obxecto, os profesionais que interveñen nela teñen o dereito de acceso e o deber de acceder e cumprimentar a historia social única electrónica.

Na HSU intégrase toda a información da historia social do beneficiario, incluíndo intervencións, prestacións, servizos, recursos, representantes, profesionais e outras persoas relacionadas cos expedientes, ademáis de información referente a directorios de institucións e organizacións relacionadas (catálogo e carteira de servizos e programas). Toda esta información debe ser alimentada polas diferentes aplicacións que dan soporte á xestión en cada unha desas axudas, prestacións, e en xeral, cada ámbito de xestión particular.

Este novo soporte de traballo fai necesario regular algúns aspectos referidos ao manexo electrónico de información persoal por parte das Administracións, institucións, entidades e profesionais implicados na atención social. O uso da historia social única electrónica achega, por un lado, o acceso a máis datos persoais e por outro facilita o seu acceso a un maior número de destinatarios polo que se fai imprescindible establecer axeitadas garantías de confidencialidade e integridade dos datos.

Neste contexto, a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) desenvolven un sistema de historia social única electrónica denominado HSU. Este sistema integra toda a documentación e información relevante relativa ao ámbito social xerada nos diferentes niveis de prestación e atención. HSU configura un modelo de historia social única electrónica, que garante, de maneira segura, a accesibilidade de toda a información social aos profesionais que desenvolven a súa actividade para o sistema de servizos sociais de Galicia, compartindo a información e a transferencia de coñecemento, tanto no ámbito do Sistema galego de servizos sociais como noutros relacionados: como o Sistema público de saúde, o Sistema

público de educación ou o Sistema público de emprego, buscando como obxectivo último optimizar os recursos públicos prestados ás persoas usuarias que son comunes aos diferentes sistemas, e que definen os ámbitos socio-sanitario, socioeducativo e sociolaboral.

No HSU o concepto principal é a persoa, rexistrada de forma única, á que se lle asignará un número de historia social único que identificará toda a súa información do ámbito social dunha maneira integrada e non duplicada, garantindo ademais a trazabilidade coa súa historia clínica correspondente compartiendo información co poboacional do SERGAS.

4.1.3 Implementación do sistema de información

Continuáronse cos traballos do “expediente dixital na área de dependencia”, un dos proxectos nos que este departamento puxo maiores esperanzas. Este proxecto permitirá nas súas distintas fases a consecución da sede electrónica da consellería para a área de dependencia e un sistema de catalogación e dixitalización dos expedientes de dependencia. A finais do ano 2014 dixitalizáronse máis de 154.003 lotes, con máis de 1.984.478 imaxes relativas tanto a dixitalización de actualizacións de expedientes existentes como a dixitalización de expedientes novos, convertidos a formato preservable e clasificados por tipoloxía documental,. Tamén se continuou coa posta en marcha da sede electrónica que permite a tramitación electrónica do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema polo que se posibilita a presentación electrónica da solicitude de recoñecemento e habílanse os medios necesarios para o envío electrónico do informe social e informe de saúde, por parte dos/as profesionais responsables, á consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Así mesmo, no ano 2014 finalizou a implementación en todas as seccións de cualificación e valoración de disca-

pacidades da nova aplicación para a xestión do procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade, que substitúe a actual. A dita aplicación mellora o control procedimental do proceso de recoñecemento, facilita as ferramentas que posibilitan unha tramitación electrónica de todo o proceso, a conexión e intercambio de información coa aplicación informática vencellada co Sistema de atención á dependencia e a integración co O12 para a xestión vía telefónica das citacións. Tamén está preparada para posibilitar o desenvolvemento nunha 2ª fase, da presentación electrónica da solicitude e demais documentación que a acompaña (informes de saúde e social) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e para incorporar o Censo de persoas con discapacidade ao Portal de interoperabilidade. Isto posibilitará a consulta sobre a situación de discapacidade naqueles procedementos administrativos en que haxa que acreditar esta, logo do consentimento do interesado. En síntese, esta nova aplicación favorecerá unha xestión máis eficiente do procedemento de recoñecemento e valoración da discapacidade, tanto para as propias unidades administrativas encargadas desta, como para o administrado, unha mellor interconexión con outras aplicacións relacionadas e unha mellor explotación da información que integra o Censo de persoas con discapacidade.

Por outro lado, implantouse o sistema de citacións no ámbito do procedemento de recoñecemento e valoración da discapacidade a través do O12; deste xeito todas as citacións para a valoración da situación de dependencia e de discapacidade efectúanse a través do citado servizo de información telefónica da Xunta de Galicia. O que se pretende con isto é fomentar a participación da cidadanía en favor da mellora da calidade dos servizos que presta a Administración e o acceso directo á información sobre o procedemento en xeral, información particular dun expediente concreto e o seu estado de tramitación así como información sobre as citacións.

4.1.4 Implementación de instrumentos de xestión da calidade

Unha das áreas básicas para conseguir mellorar as aptitudes dos profesionais en materia de dependencia pasa por proporcionar unha formación adecuada e continua que busque a excelencia dos nosos profesionais. É por iso polo que a Secretaría Xeral de Política Social, dentro do seu plan de formación encadrado no convenio asinado coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), está a actuar conxuntamente de cara á formación dos profesionais da Secretaría Xeral así como a elaborar un estudo das súas necesidades formativas. Impartíronse accións formativas específicas na área de dependencia sobre a nova aplicación informática do Censo de persoas con discapacidade de Galicia e a aplicación do baremo de valoración da necesidade do concurso de terceira persoa.

Iniciouse ademais, buscando a mellora na xestión da calidade, o proceso de elaboración da Carta de servizos de valoración da discapacidade. A través desta ferramenta analízanse, desde a óptica do usuario, as distintas variables que o afectan no proceso de valoración da discapacidade e nas demais funcións que respecto a eles desenvolven as seccións de cualificación e valoración de discapacidades. E, en congruencia coas expectativas dos usuarios en relación aos diferentes servizos analizados, establécense os compromisos de calidade que adopta a Administración na prestación destes servizos, así como os plans de mellora naqueles nos que sexa preciso, coa finalidade de aproximar os actuais niveis de calidade ás expectativas desexadas. Despois da constitución do equipo de traballo, e ao longo do ano 2014, desenvolvéronse un total de 13 reunións que permitiron a elaboración dun borrador da Carta de servizos auditada da Xunta de Galicia coa determinación de niveis de xestión, establecemento dos compromisos de calidade e a elaboración dun plan de mellora.

4.1.5 Planificación

Avanzouse na consecución de ferramentas de análise e planificación. Neste eido estase a traballar especialmente no que atinxe aos aspectos relativos á mellora da calidade, eficacia e eficiencia na prestación dos servizos de atención ás persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou dependencia, de atención aos nenos e nenas menores de tres anos e demais servizos sociais comunitarios e especializados. Así, con este motivo, como continuación ao mapa de infraestruturas relativas á atención residencial e de atención diurna na nosa Comunidade autónoma, estase a traballar na mellora da ratio de atención e da eficiencia do servizo de axuda no fogar.

Proseguíuse co desenvolvemento do plan de mellora na atención á discapacidade, instrumentado mediante o desenvolvemento dunha nova aplicación de xestión do procedemento de valoración, a formación aos técnicos dos equipos de valoración sobre a nova ferramenta de xestión, o reforzo dos equipos de valoración mediante a incorporación ao proceso de valoración de técnicos dos equipos de valoración da dependencia, a xestión telefónica das citacións a través do servizo telefónico de atención ao cidadán da Xunta de Galicia, O12, a coordinación coas citacións do proceso de valoración de dependencia, a incorporación en servizos centrais (na Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade) doutra sección especificamente dedicada á coordinación dos equipos.

4.1.6 Balance de xestión

4.1.6.1 Xestión das valoracións das situacións de dependencia e aprobacións de programas individuais de atención

O art. 26.1 da Lei 39/2006 de promoción de autonomía persoal define tres graos de dependencia (grao I ou moderada, II ou severa, III ou gran dependencia) segundo as necesidades

de apoio nas que o solicitante precisa doutra persoa, para desenvolver as actividades básicas da vida diaria (ABVD), dependendo dunha valoración integral onde se ten en conta de maneira obrigada e fundamental a aplicación do BVD ou EVE (baremos aprobados no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro BOE nº 42, do 18.02.2011), o informe de saúde e o informe social. A data 31 de decembro de 2014, un total de 81.101 persoas solicitaron o recoñecemento da situación da dependencia, sendo as provincias da Coruña e Pontevedra as que maior demanda rexistraron.

► **Solicitudes activas: 81.065**

A Coruña (35,07%), Lugo (18,81%), Ourense (17,21%) e Pontevedra (28,91%).

Do total de solicitudes rexistradas foi recoñecido o grao e nivel de dependencia ao 97,73 % (79.586) do total de solicitudes activas, e 54.434 persoas contan co recoñecemento dunha situación de dependencia que dá acceso aos servizos e prestacións da carteira de servizos do sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia segundo o calendario de implantación progresiva da lei.

En virtude do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifícase a clasificación de graos e niveis, de xeito que a partir da entrada en vigor do citado Real decreto lei (16 de xullo de 2012), para as novas valoracións desaparece o nivel e recoñécese só o grao:

Grao	nº	%
Grao III	23.722	29,81%
Grao II	25.490	32,03%
Grao I	20.031	25,16%
Sen grao	10.343	13,00%
Total	79.586	100,00%

► **Persoas con dereito de atención a 31/11/2014: 54.434**

Finalmente, das persoas que tiñan acceso á Carteira de servizos do Sistema para a autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia, 38.348 beneficiarios están a percibir o servizo/prestación cun total de 41.342 prestacións do sistema. A ratio de atención sitúase nun 70,45%.

Resolucións de PIA	
Total de beneficiarios activos	38.348
Prevenición e Promoción	578
Residencia	7.359
Teleasistencia	1.043
Centro de día	5.660
Axuda no fogar	10.628
Coidadores	11.078
Libranza vinculada a servizo	916
Libranza de asistente persoal	80
Total	41.342

► **Información histórica acumulada dende o 01/01/2007 ata o 31/12/2014**

Solicitudes	163.451
Ditames	143.610
Persoas beneficiarias con dereito a prestación	106.065
Prestacións	81.156

4.1.6.2 Recursos resoltos

Recursos resoltos contra resolución de valoración da situación de dependencia ou contra o Programa individual de atención (a través do que se especifica o recurso ou prestación dentro do Sistema para a autonomía e atención á dependencia asignado ao beneficiario): 3.049

4.1.6.3 Procedemento BS211A

No capítulo VII da Orde do 2 de xaneiro de 2012 (arts. 88 e ss.) regúlase o procedemento para solicitar o dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas solicitantes de prestacións do Sistema de atención á dependencia que faleceran antes de resolverse a súa solicitude. No ámbito deste procedemento, resolvéronse 268 solicitudes, e 112 recursos contra resolución desestimatorias.

► Xestión das solicitudes de valoración e recoñecemento do grao de discapacidade

Seccións de Cualificación e Valoración de Discapacidades	Resolucións emitidas	Citacións efectuadas
A Coruña	4.819	4.521
Lugo	2.771	2.506
Ourense	2.325	2.483
Pontevedra	591	1.816
Vigo	3.448	2.642
Ferrol	1.155	1.212
Santiago	1.831	1.758
Total	16.940	16.938

4.1.7 Programa de formación non formal e de apoio ao/á cuidador/a non profesional

O Plan de formación de cuidadores/as non profesionais da Secretaría Xeral de Política Social é o mecanismo elixido para coordinar e materializar as actuacións destinadas á consecución dunha maior e mellor atención das persoas en situación de dependencia co fin de difundir novas ferramentas e técnicas de intervención no coidado de persoas en situación de dependencia, crear novos canles de comunicación e preparar as persoas cuidadoras do sistema.

En colaboración coa Sociedade Galega de Médicos Xerais de Familia creouse o Manual de formación para os cuidadores non profesionais, que se converte nun aliado prác-

tico e útil para o labor diario das persoas non profesionais que atenden as persoas en situación de dependencia. Un documento que ten como obxectivo achegar consellos, solucións e suxestións para a procura dunha mellor calidade de vida e autonomía persoal das persoas en situación de dependencia e fixar uns criterios homoxéneos e validados por profesionais do sector co obxectivo de que a formación que se imparta neste eido sexa a máis óptima dende o punto de vista da súa calidade técnica.

Este manual é o punto de partida dun proxecto máis amplo "Xuntos nos coidados", co que se pretende conseguir un apoio integral aos cuidadores non profesionais e a mellora da calidade da atención ás persoas en situación de dependencia.

Elaboráronse, así mesmo, tres manuais especializados para cuidadores de persoas con enfermidade de alzhéimer, en colaboración coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer (FAGAL), para persoas con enfermidades mentais, en colaboración coa Federación de Persoas con Enfermidade Mental-Feafes Galicia, e para persoas con enfermidades crónicas en colaboración coa Sociedade Galega de Médicos Xerais de Familia.

As publicacións elaboradas están todas dispoñibles no enlace:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/guias>



A través destas accións formativas, e tendo en conta o plan de formación non formal para persoas cuidadoras non profesionais na que se enmarcan estas accións, perséguese os seguintes obxectivos:

- ▶ Mellorar a calidade do servizo e da atención que prestan proporcionándolles información que permitan os mellores cuidados posibles segundo as características e situación da persoas en situación de dependencia.
- ▶ Poñer á disposición das persoas cuidadoras unha formación que sirva de ferramenta na atención dirixida ás persoas en situación de dependencia.
- ▶ Especial importancia tamén acada a futura inserción laboral, e, neste ámbito, están a traballar conxuntamente as áreas de traballo e benestar deste departamento. Trátase de acadar unha meta que estamos convencidos é un importante nicho de mercado neste século.

Durante o ano 2014 desenvolvéronse as seguintes accións formativas:

- ▶ Módulo básico de formación non formal: realizáronse 15 accións formativas nun total de 12 concellos, nas que participaron 126 cuidadores/as.
- ▶ Módulo de seguimento e reforzo da formación non formal especializada en cuidado das persoas con demencia: realizáronse 7 accións formativas nun total de 7 concellos, nas que participaron 122 cuidadores/as.
- ▶ Talleres prácticos de aplicación dos cuidados no domicilio para cuidadores de persoas en situación de dependencia: realizáronse 37 talleres para a formación práctica nos que participaron 37 persoas cuidadoras non profesionais en toda a Comunidade Autónoma,

18 na provincia da Coruña, 11 na provincia de Lugo, 10 na provincia de Ourense e 7 na provincia de Pontevedra.

- ▶ Creación e dinamización de grupos de autoaxuda: creáronse 20 grupos de autoaxuda nun total de 10 concellos, nos que participaron 377 cuidadores/as non profesionais.
- ▶ Cursos de formación para usuarios de prestación de asistente persoal: realizáronse un total de 7 accións formativas, en 7 concellos da Comunidade Autónoma nas que participaron 37 usuarios.

Por outra parte, en colaboración coa Consellería de Sanidade segue en funcionamento, para os cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, un servizo de atención telefónica continuo, as 24 horas do día e os 365 días do ano. Este teléfono 902 400 116 ten como finalidade prestar información e solucións ás situacións sanitarias non urxentes, información sobre os cuidados asistenciais, sobre as características das probas médicas, sobre a prevención e hábitos saudables e sobre centros e servizos sanitarios. Tamén proporciona apoio psicolóxico a este colectivo de cuidadores.

En relación con isto último, estase a colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela, na elaboración dun protocolo de detección da depresión en cuidadores non profesionais, para a súa aplicación por parte dos técnicos do O61, derivando as persoas nas que se atopan indicadores de risco de depresión ás accións de prevención implementadas no marco do programa "Xuntos nos cuidados".

4.2 RECURSOS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIÚRNA

4.2.1 Recursos comúns e de atención ao alzhéimer

4.2.1.1 Centros residenciais de atención a persoas maiores

Son centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores que non contan co apoio social ou familiar ou este é insuficiente para cubrir as atencións que necesitan.

Os centros residenciais poden contar con prazas para a atención a persoas maiores que se atopan en situación de dependencia ou a persoas maiores con autonomía:


- Prazas de atención a persoas maiores en situación de dependencia:** prazas destinadas a vivenda permanente e común nas que se presta unha atención integral e continuada a persoas maiores que por razóns ligadas á falta ou perda de autonomía física ou psíquica, ten necesidade de asistencia para a realización das actividades correntes da vida diaria.
- Prazas de atención a persoas maiores con autonomía:** prazas destinadas a vivenda permanente e común de persoas maiores que posúen unhas condicións físicas e psíquicas que lles permiten a realización por si mesmas das actividades de autocoidado.
- Apartamentos tutelados:** son un conxunto de vivendas independentes que están agrupadas para a prestación en común dunha serie de servizos colectivos. Cada apartamento alberga a unha ou dúas persoas maiores autónomas, tratando sempre de potenciar a súa autonomía e privacidade. Concíbense como un sistema de aloxamento e convivencia alternativo ao tradicional internamento en residencias.

A Xunta de Galicia conta con prazas residenciais en centros de titularidade propia e en centros de titularidade privada ou municipal, pola vía de contrato. Os centros de titularidade propia poden estar xestionados directamente pola Xunta de Galicia ou por unha entidade xestora externa.


Centros residenciais de titularidade propia

A Xunta de Galicia conta con 3.440 prazas distribuídas en 30 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 11 restantes son xestionados por empresas externas.

Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
Propia	932	1.247	2.179
Externa	24	1.237	1.261
Total	956	2.484	3.440



Ver mapa páxina 34




4.2 RECURSOS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIÚRNA

Relación de centros de titularidade propia:

Nome	Localidade	Xestión	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
Residencia de Maiores de Laraxe (Geriatros)	Cabanas	Externa	0	172	172
Residencia de Maiores de Carballo	Carballo	Propia	26	0	26
Residencia de Maiores Torrente Ballester	A Coruña	Propia	64	32	96
Residencia de Maiores de Matogrande (Sar-Quavitae)	A Coruña	Externa	0	150	150
Residencia de Maiores de Caranza-Ferrol	Ferrol	Propia	142	49	191
Residencia de Maiores de Oleiros	Oleiros	Propia	0	284	284
Residencia de Maiores de Pobra do Caramiñal	Pobra do Caramiñal	Propia	48	0	48
Residencia de Maiores de Ribeira (Geriatros)	Ribeira	Externa	0	106	106
Residencia de Maiores Volta do Castro	Santiago de Compostela	Propia	0	150	150
Residencia de Maiores de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Propia	84	0	84
Fundación José Otero-Carmela Martínez (Geriatros)	Santiago de Compostela	Externa	0	150	150
Apartamentos tutelados de Antas de Ulla (UTE, Troncoso Casares)	Antas de Ulla	Externa	16	0	16
Residencia de Maiores de Burela	Burela	Propia	58	30	88
Residencia de Maiores de Castro Ribeiras do Lea (Sar-Quavitae)	Castro de Rei	Externa	0	172	172
Residencia de Maiores As Gándaras	Lugo	Propia	150	68	218
Residencia de Maiores A Milagrosa	Lugo	Propia	54	0	54
Residencia de Maiores de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Propia	42	0	42
Residencia de Maiores de Quiroga (Fundación Valdegodos)	Quiroga	Externa	0	88	88
Residencia de Maiores de Bande ((Geriatros)	Bande	Externa	8	42	50
Residencia de Maiores Nosa Sra. dos Miragres	Barbadas	Propia	0	130	130
Residencia de Maiores de Castro Caldelas	Castro Caldelas	Propia	36	0	36
Residencia de Maiores do Carballiño	O Carballiño	Propia	24	0	24
Residencia de Maiores de Larouco (Geriatros)	Larouco	Externa	0	82	82
Residencia de Maiores de Viana do Bolo (Fund. Valdegodos)	Viana do Bolo	Externa	0	125	125
Residencia de Maiores da Estrada	A Estrada	Propia	40	0	40
Residencia de Maiores de Marín	Marín	Propia	78	0	78
Residencia de Maiores de Campolongo	Pontevedra	Propia	86	50	136
Complexo Residencial de Atención a Persoas dependentes de Vigo (Residencia de Atención a Persoas dependentes de Vigo I)	Vigo	Propia	0	306	306
Complexo Residencial de Atención a Persoas dependentes de Vigo (Residencia de Atención a Persoas dependentes de Vigo II)	Vigo	Propia	0	148	148
Residencia de Bembrive (Sar-Quavitae)	Vigo	Externa	0	150	150
Total			956	2.484	3.440


Centros residenciales con prazas concertadas

A Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 72 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 33 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 36 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.306; 14 son prazas con autonomía e 3.292 son prazas con dependencia.




Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	364	1.944	2.308
Lugo	320	1.155	1.475
Ourense	72	1.139	1.211
Pontevedra	214	1.538	1.752
Total	970	5.776	6.746



Evolución de prazas residenciales da Xunta de Galicia

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2004	3.078	862	3.940
2005	3.098	1.581	4.679
2006	3.179	2.110	5.289
2007	3.329	2.101	5.430
2008	3.333	2.226	5.559
2009	3.324	2.467	5.791
2010	3.448	3.203	6.651
2011	3.464	3.196	6.660
2012	3.464	3.191	6.655
2013	3.440	3.191	6.631
2014	3.440	3.306	6.746



4.2 RECURSOS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIÚRNA

Centros xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Consorcio é o organismo xestor de diversos equipamentos para a atención integral a persoas maiores postos en marcha por todo o territorio galego. En canto ás prazas residenciais, o Consorcio xestiona 6 fogares residenciais, 1 miniresidencia e 6 vivendas comunitarias.

- ▶ **Fogares residenciais**, son equipamentos que proporcionan, con carácter permanente, unha atención integral nun ambiente personalizado ás persoas maiores que no momento do seu ingreso presentan unha situación de dependencia leve ou moderada.
- ▶ **Vivendas Comunitarias**, este recurso está dirixido a persoas cun alto grao de independencia. Defínense como vivendas independentes, agrupadas para a prestación en común de servizos colectivos, e con capacidade para albergar a unha ou a dúas persoas cun alto grao de autovalemento. Este sistema de aloxamento pretende potenciar a autonomía e privacidade dos usuarios garantíndolles ao mesmo tempo a seguridade e seguimento periódico da súa situación.

▶ Distribución provincial das prazas públicas xestionadas polo Consorcio

	Prazas con dependencia leve e/ou moderada	Prazas con gran dependencia	Total
A Coruña	107	35	142
Lugo	54	0	54
Ourense	39	13	52
Pontevedra	14	4	18
Total	214	52	266

En 2014 entrou en funcionamento o Fogar residencial de Cerceda e comezou a obra de construción dun centro residencial e de día en Foz.

4.2.1.2 Centros de día

Centros de día de atención social a persoas con alzhéimer e outras demencias

Trátase de equipamentos que proporcionan un servizo multidisciplinar de atención diúrna e de carácter especializado ás persoas que teñen diagnosticado alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

Estes centros prestan unha asistencia social integral ás persoas que padecen estas demencias de acordo coas súas necesidades básicas, terapéuticas e psicosociais, contando coa participación activa dos seus familiares e promovendo o mantemento da súa autonomía persoal e a permanencia no seu contorno habitual.

Centros de día de atención ao alzhéimer	Prazas
Centro de Día de Alzhéimer Bembrive (Vigo)	20
Centro de Día de Alzhéimer Volta do Castro (Santiago)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Vigo (Vigo)	64
Centro de Día de Alzhéimer de Lugo (Lugo)	40
Centro de Día de Alzhéimer da Coruña (A Coruña)	25
Centro de Día de Alzhéimer Celeiro-Viveiro (Viveiro)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Moaña (Moaña)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Lalín (Lalín)	15
Centro de Día de Alzhéimer de Monforte (Monforte)	10
Centro de Día de Alzhéimer de Ferrol (Ferrol)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Ourense (Ourense)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Ribeira (Ribeira)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Pontevedra	28
Total	412

Centros de día de atención á dependencia	Prazas
Centro de Día de Atención á Dependencia de Burela	40
Centro de Día de Atención á Dependencia das Gándaras (Lugo)	20
Total	60

Centros de día xestionados polo Consorcio

Os centros de día do consorcio defínense como centros xerontolóxicos socioterapéuticos e de apoio ás familias que durante o día prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

A través do seu Departamento de Xerontoloxía, o consorcio xestiona 53 centros de día, coa seguinte distribución provincial:

	Nº de centros	Prazas
A Coruña	21	689
Lugo	10	303
Ourense	9	244
Pontevedra	13	422
Total	53	1.658

En 2014 empezaron a funcionar os centros de Ortigueira, Cerceda, Ferrol Esteiro e Vigo Valadares.

4.2.2 Recursos especializados para a discapacidade

Un dos obxectivos fundamentais da Consellería de Traballo e Benestar é o de prestar unha atención integral ás persoas con discapacidade. A atención máis idónea para as persoas con discapacidade é aquela que se presta no seu contorno natural, preto dos seus, combinando a convivencia na súa familia coa asistencia a centros nos que se traballa no seu desenvolvemento persoal.

Cando a relación entre estas dúas realidades non se conxuga en termos que permitan garantir a maior calidade de vida e o maior grao de desenvolvemento persoal da persoa con discapacidade, debe entrar en xogo a institucionalización en centros, configurada como un contorno natural alternativo. Establécese un novo sistema que posibilita unha axeitada atención ás persoas en situación de dependencia e reforza a obrigatoriedade para as administracións públicas de subministrala.

Este sistema de carácter público está constituído no ano 2014 por 4.970 prazas distribuídas entre centros de día, centros ocupacionais, residencias con Centro de Día e Residencias con Centro Ocupacional, das que 4.505 (90,64 %) están concertadas ou conveniadas con entidades privadas, das que tan só dúas teñen ánimo de lucro e o resto son de iniciativa social.

A través deste sistema público dáse resposta ás necesidades das persoas cunha discapacidade moderada (grao de discapacidade igual ou superior ao 33% sen necesidade de axuda de 3ª persoa) a través dunha formación de carácter ocupacional que favoreza a súa integración sociolaboral, e ás persoas dependentes cun maior grao de discapacidade (grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e necesidade de axuda de 3ª persoa), e/ou dependencia recoñecida, a través dunha atención cun carácter máis asistencial e rehabilitador.

4.2 RECURSOS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIÚRNA

4.2.2.1 Poboación con discapacidade

A poboación con discapacidade recoñecida en Galicia con data de decembro do 2014 é de 273.102 persoas coa seguinte distribución provincial:

	Nº
A Coruña	116.159
Lugo	30.977
Ourense	30.837
Pontevedra	95.129
Total	273.102

A distribución por tipo de discapacidade é a seguinte:

	Física	Sensorial	Psíquica	Total
A Coruña	78.329	17.174	27.540	123.043
Lugo	21.448	5.557	8.628	35.633
Ourense	9.075	2.356	4.161	15.592
Pontevedra	54.325	13.276	20.103	87.704
Total*	163.177	38.363	60.432	261.972

* Os datos totais da poboación discapacitada que se sinalan na primeira táboa non coinciden cos datos totais da segunda táboa, debido a que unha mesma persoa pode ter recoñecidos distintos tipos de discapacidade. Na 1ª táboa o que se cuantifican son persoas físicas, e na segunda a cuantificación se efectúa por tipoloxías de discapacidade. Fonte de datos Censo de Persoas con Discapacidade de Galicia.

4.2.2.2 Centros de atención a persoas con discapacidade

A Rede galega de centros de atención a persoas con discapacidade está integrada por diferentes tipos de centros.

	Nº de centros
Centro ocupacional	43
Centro de día	35
Residencia adultos con centro ocupacional	24
Residencia dependentes con centro de día	27
Vivendas e pisos tutelados	6
Total	135

Prazas concertadas en centros con entidades privadas

A distribución provincial das prazas concertadas con centros, dependentes de iniciativa social, e os orzamentos son os seguintes (sen Centros Propios):

	Prazas	Orzamento
A Coruña	1.820	20.477.477,27
Lugo	698	9.726.193,88
Ourense	585	6.653.657,19
Pontevedra	1.402	15.114.494,51
Total	4.505	51.971.822,85

No ano 2014 incrementouse o orzamento das prazas de atención diúrna, debido a que se implantou o novo servizo de transporte para 2.700 prazas, que supuxo un total de 4.229.799 euros. O total do orzamento do ano 2014: 51.971.822,85 euros.

► Evolución

Desde 2005 as prazas concertadas incrementáronse nun 31,42% ao pasar das 3.428 a 4.505 en 2014. A evolución das prazas concertadas e dos orzamentos son os seguintes:

	Prazas	Orzamento
2005	3.428	20.752.495,32
2006	3.683	25.707.291,70
2007	3.732	28.765.382,40
2008	3.854	31.640.533,00
2009	4.141	33.563.037,01
2010	4.186	39.627.321,34
2011	4.183	41.088.127,08
2012	4.237	42.624.620,35
2013	4.409	45.240.669,82
2014	4.505	52.102.517,31

Centros propios

En total a Consellería de Traballo e Benestar está a xestionar 5 centros públicos, con 465 prazas:

CAPD da Coruña (A Coruña)

▶ Beneficiarios

Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria.

▶ Capacidade

- Internado **85**
- Media pensión **60**

CAPD de Sarria (Lugo)

▶ Beneficiarios

Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria.

▶ Capacidade

- Internado **120**
- Media pensión **20**

CAPD de Redondela (Pontevedra)

▶ Beneficiarios

Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria.

▶ Capacidade

- Internado **120**
- Media pensión **20**

Centro ocupacional "O Saia" Caldas de Reis (Pontevedra)

▶ Beneficiarios

Persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos.

▶ Capacidade

- Media pensión: **40**

Souto de Leixa - Residencia con centro ocupacional. Ferrol (A Coruña)

▶ Beneficiarios

Persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos e con certa autonomía para as actividades da vida diaria.

▶ Capacidade

- Internado **68**
- Media pensión **32**

Souto de Leixa - Residencia con centro de día. Ferrol (A Coruña)

▶ Beneficiarios

Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria.

▶ Capacidade

- Internado **25**
- Media pensión **47**

4.2 RECURSOS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIÚRNA

► Distribución provincial das prazas por tipoloxía:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Centro ocupacional	868	200	201	556	1.825
Centro de día	448	95	55	359	957
Residencia con centro ocupacional (certa autonomía)	200	156	147	230	733
Residencia con centro de día (dependentes)	388	350	190	371	1.299
Vivendas e pisos tutelados	40	7	0	13	60
Total	1.944	808	593	1.529	4.874

4.2.3 Proxectos normativos e estudos

No DOG do 23 de decembro do ano 2013 publicouse o Decreto 183/2013, do 5 de decembro polo que se crea a Rede galega de atención temperá (DOG nº. 244, do 23.12.2013). O obxecto deste decreto era crear a Rede galega de atención temperá, que regula a actuación integral en atención temperá dos órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, delimita as competencias de cada un dos órganos e entidades no seu ámbito de actuación (sanitario, educativo e de servizos sociais), así como os mecanismos de coordinación entre eles, a través da creación de órganos colexiados. Serán persoas destinatarias da atención temperá os/as nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas familias.

O 22 de decembro do ano 2014 o Consello Autonómico de Atención Temperá aprobou en sesión extraordinaria o protocolo de coordinación de atención temperá. O documento aborda tanto a detección precoz como a valoración e a intervención. O Consello presentou o documento que recolle as liñas estratéxicas da acción temperá en Galicia, que elaborou a Consellería de Traballo e Benestar con base nas achegas realizadas polos outros departamentos.

O documento inclúe varios anexos con información práctica como unha listaxe cos criterios de entrada na Rede galega de atención temperá; outro coas patoloxías infantís subsidiarias de rehabilitación; un documento de referencia para a clasificación diagnóstica dos trastornos do desenvolvemento e un catálogo dos recursos de atención temperá que existen actualmente na nosa Comunidade.

Este documento está colgado na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/Protocolo_Atencion_tempera_GAL.pdf



► **Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia (DOG nº 149, do 07.08.2014).**

Este decreto vén substituír o Decreto 195/2007, do 13 de setembro que regulaba as condicións da prestación do SGAMP-065. A nova regulación deste servizo ten a súa base nos resultados e na experiencia acadada dende o establecemento do dito servizo así como tamén nos novos e necesarios escenarios de racionalización e eficacia na xestión, que determinaron a necesidade de mellorar tanto cuantitativamente como cualitativamente a prestación do servizo.

Con este novo decreto contribúese a cubrir as necesidades básicas de desprazamento das persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo e establece novas prioridades, tendo en conta que se trata dun servizo público dirixido a desprazamentos programados e non urxentes e con carácter non regular.

Este carácter non regular é unha das principais novidades do decreto actual, dado que o transporte adaptado na súa modalidade regular queda excluído do ámbito de aplicación do novo SGAMP-065, pasando a rexerse polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a Carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140807/AnuncioCA05-310714-0003_gl.pdf



► **Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia (DOG núm. 241, do 17.13.2012).**

Esta lei ten como obxectivo sentar as bases para acadar unha accesibilidade universal, actualizando e unificando, deste xeito, a normativa que ata o de agora existía nesta materia, que databa do ano 1997. O fin último da nova Lei de accesibilidade de Galicia é impulsar unha sociedade máis inclusiva que garanta a autonomía das persoas con discapacidade e favoreza a igualdade de oportunidades. Así mesmo, a súa aspiración fundamental é que non existan barreiras físicas e as menos visibles, como son as do ámbito da comunicación. Por iso, este novo texto introduce importantes cambios, incluíndo novidades, no eido da sociedade da información (TIC, páxinas web...) e as telecomunicacións. Con esta nova normativa búscase, ademais, que a accesibilidade sexa universal e que se converta nun deseño para todos. De feito, estes son os dous conceptos fundamentais que introduce a nova lei.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.pdf



- ▶ **Orde do 16 de abril de 2014, pola que se regulan as condicións de ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal (DOG nº 91 do 14.05.2014).**

Esta Orde regula por primeira vez na nosa Comunidade Autónoma, as condicións nas que se deben acometer os ingresos e traslados en servizos públicos de atención diurna, nocturna, residencial e de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia. A norma vén encher un baleiro normativo nesta área de actuación, dotando de maior seguridade xurídica o acceso aos recursos públicos para persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.pdf



Proxectos normativos en desenvolvemento.

- ▶ Proxecto de Orde pola que se establecen os requisitos específicos de autorización e acreditación dos servizos definidos pola Carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, regulada polo Decreto 149/2014, do 5 de setembro.

4.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS

4.3.1 Programas de ocio e tempo libre

4.3.1.1 Área de maiores

► Programa “Benestar en balnearios”

A Consellería de Traballo e Benestar, dando cumprimento ao Plan galego de persoas maiores 2010-2013, convocou no ano 2014, a través da Secretaría Xeral de Política Social o programa “Benestar en balnearios”.

Con este programa preténdese contribuír ao mantemento da autonomía das persoas maiores, facilitándolles a posibilidade de gozar duns días de descanso, autocoidado, convivencia e tratamento termal así como de participar en diferentes actividades socioculturais.

► Beneficiarios e orzamento:

Ofertáronse un total de 589 prazas en 13 balnearios de Galicia con estadías de 10 días.

Cubríronse un total de 503 prazas cun orzamento xestionado de 47.069 euros.

► Xuntanzas de maiores

O día 14 de xuño de 2014 tivo lugar a XXXVI Xuntanza dos Maiores no parque municipal do Carballiño. Nesta xuntanza participaron maiores procedentes dos 44 centros sociocomunitarios dependentes da Xunta de Galicia, que coordinaron os autobuses procedentes dos concellos limítrofes.

Participaron maiores das comunidades autónomas limítrofes para compartir un día de festa cos maiores galegos. Asistiron máis de 20.000 persoas.

Este encontro pretende acadar a participación dos nosos maiores en actividades de ocio, constituír un lugar de encontro das institucións e entidades que traballan con

este colectivo, fomentar o intercambio de experiencias e outras alternativas de tempo libre.

- **Beneficiarios e orzamento:** No ano 2014 destinouse a esta xuntanza un orzamento de 44.925 euros.

► Dia do Maior

O día 1 de outubro, a Secretaría Xeral de Política Social celebrou o Día do Maior. Os actos foron organizados por ATEGAL(Aulas da 3ª idade) cun programa no que se fixo unha camiñata saudable por parques de Santiago de Compostela, un almorzo saudable na Praza de Abastos e unha conferencia na seda das Aulas.

- **Beneficiarios e orzamento:** Participaron 60 persoas e destinouse un orzamento de 2.970 euros.

► Programa Xuntos polo Nadal

A Secretaría Xeral de Política Social convocou este programa co fin de que as persoas maiores que se atopan no Nadal poidan pasar estas datas acompañadas doutras que se atopan na mesma situación. O programa contempla o aloxamento en réxime de pensión completa dende o 23 de decembro ata o 2 de xaneiro de 2015.

► Beneficiarios e orzamento:

Asistiron a este programa un total de 112 persoas maiores de Pontevedra e Lugo que pasaron as datas de Nadal na residencia de Tempo Libre do Carballiño e un total de 117 persoas maiores de Ourense e A Coruña que estiveron na residencia de Tempo Libre de Panxón.

Xestionouse un orzamento de 54.000 euros.

► Programa de voluntariado para persoas con alzhéimer

No 2012, Ano Galego do Alzhéimer, a Secretaría Xeral de Política Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, puxeron en marcha un programa de voluntariado co obxectivo

4.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS

tivo de mellorar a calidade de vida das persoas que padecen a enfermidade de alzhéimer e das súas familias e cuidadores.

Este programa xorde coa idea de fomentar que os cidadáns teñan un maior coñecemento e solidariedade cara ás persoas que padecen esta enfermidade e contribúan a garantir unha vida digna a estes enfermos, na súa maioría persoas maiores. O apoio das persoas voluntarias na atención aos enfermos de alzhéimer permítelles gozar da compañía doutras persoas e axúdalles a mellorar o seu estado de ánimo, e para as familias e persoas cuidadoras é unha axuda de gran valor.

Incorporáronse ao programa 23 entidades (residencias de maiores, centros de día e asociacións de alzhéimer) e rexistráronse 185 voluntarios que durante o ano 2014 seguiron colaborando activamente nestes centros de maiores.

► Programa de voluntariado dixital

A Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), puxeron en marcha no ano 2012 o programa de Voluntariado dixital, que ten como finalidade realizar labores de inclusión social a través das novas tecnoloxías.

Para cumprir este obxectivo búscase a colaboración activa entre as institucións, as empresas do sector TIC e as entidades de acción social que traballan apoiando as persoas con discapacidade, persoas maiores e en risco de exclusión social. A iniciativa suma tamén a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas e o aproveitamento das infraestruturas públicas.

Proxectos orientados ao colectivo de persoas maiores: dinamización da aula de informática na parroquia dos Rosales (A Coruña); proxecto “Falamos de... a informá-

tica fácil” na Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña; formación no ámbito do deseño gráfico na Biblioteca Pública Anxel Casal de Santiago de Compostela.

Proxecto de capacitación en Down Galicia: apoio dixital para capacitar os traballadores das distintas sedes da Federación Down Galicia no uso da folla de cálculo Excel.

Participación no XXVI Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía, co desenvolvemento dun taller práctico “Estilo de vida 3.0: no que se analizan as claves dun envellecemento en positivo” para cuidadores familiares.

4.3.1.2 Área de persoas con discapacidade

► Campamentos de verán en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Ten como finalidade acadar a integración social de xuventude con discapacidade mediante a súa participación nas quendas dos campamentos de verán que organiza anualmente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

► Beneficiarios e orzamento:

Participaron un total de 15 rapaces nas quendas de inclusión e 22 dentro da oferta xeral convocada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que tamén asumiu o custo destas prazas.

Nas quendas de campamentos específicos participaron un total de 113 persoas con discapacidade cun orzamento xestionado de 48.199 euros que asumiu a Secretaría Xeral de Política Social. Estes campamentos desenvóléronse no Albergue Xuvenil de Gandarío, na residencia de Tempo Libre de Panxón, en Aspanas Termal en Untes e nas instalacións da Asociación Néboa de Vilarbó.

4.3.2 Programas de apoio a familias con persoas maiores, persoas con discapacidade e/ ou en situación de dependencia

► Programa de acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade

O acollemento familiar é un programa que pretende facilitar a integración de persoas maiores e persoas con discapacidade (cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%) no seo dunha familia alternativa que atenda as necesidades derivadas da súa avanzada idade e/ou discapacidade.

O fin primordial do acollemento familiar consiste no mantemento da persoa maior ou con discapacidade no seu medio habitual, paliando deste xeito situacións persoais e sociais críticas tales como a soidade e o illamento que agudizan o deterioro físico e psíquico. Tamén trata de evitar ou retrasar no posible o ingreso en centros residenciais.

As solicitudes para acollerse a este programa e as axudas económicas destinadas a sufragalo tramítanse nos concellos, sendo os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, os encargados de seleccionar os beneficiarios da axuda económica e de asignar a contía adecuada, tendo en conta os ingresos mensuais líquidos dos solicitantes e as contías fixadas na orde reguladora destas axudas.

As persoas acollidas

Os destinatarios deste programa poden ser persoas maiores de 65 anos, diferenciando as axudas se son persoas con autonomía ou con dependencia; e persoas con discapacidade entre 18 e 65 anos, diferenciando se teñen máis do 65% de discapacidade ou máis do 75% e precisan axuda de terceira persoa.

A contía das axudas tamén varía se o acollemento se leva a cabo na vivenda do acolledor ou na vivenda do acollido.

As familias acolledoras

As familias acolledoras deberán ter o seu fogar nalgún concello de Galicia e polo menos un dos compoñentes desta familia terá unha idade comprendida entre os 18 e 65 anos, deberá gozar de boa saúde e non padecer limitacións físicas ou psíquicas que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.

As contías das axudas oscilan entre os 421 euros/mes para persoas maiores con autonomía e 700 euros/mes para persoas maiores en situación de dependencia ou persoas con discapacidade que necesitan doutra persoa para a realización das actividades da vida diaria.

► Beneficiarios e orzamento:

No ano 2014 destinouse un orzamento de **546.110,68 euros** o que posibilitou atender ao longo do ano un total de **126 persoas maiores e 13 persoas con discapacidade**.

► Programa de estadias temporais

As estancias temporais regúlanse pola Orde do 16 de abril de 2014, pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito de atención a dependencia e da promoción da autonomía persoal. Enténdese por estancia temporal o gozo temporal por tempo limitado dun servizo residencial ou dun servizo de supervisión prestado dende equipamentos especiais. As persoas beneficiarias terán os mesmos dereitos e deberes que as persoas usuarias que ocupan praza de xeito permanente.

Poden acceder a este servizo as persoas maiores e/ou con discapacidade cando a súa persoa coidadora non poida atendela por unha causa sobrevida, por necesidade de descanso desta ou cando a persoa beneficiaria vive soa e precisa un período de convalecencia despois dun accidente, enfermidade ou intervención cirúrxica.

► Beneficiarios

No ano 2014 beneficiáronse un total de **318 persoas**.

Os centros residenciais para persoas maiores da rede pública da Xunta de Galicia que teñen prazas concertadas para este programa son:

Centro	Nº de prazas
Residencia asistida Oleiros	10
Residencia de Laraxe	3
Residencia de Ferrol	2
Residencia de Ribeira	1
Residencia Concepción Arenal	2
Residencia Castro de Ribeiras de Lea	5
Residencia asistida de Vigo	6
Centro Residencial Bembrive	2
Residencia Nosa Sra. dos Milagres	1
Total	32

Estadías temporais para persoas con discapacidade

No ano 2014 as prazas concertadas en Emerxencia Social son 13, e en Estadía Temporal 6.

Nestas prazas atendéronse un total de 31 persoas con discapacidade (26 homes e 5 mulleres), cuxo orzamento ascendeu a: 329.279,52 euros.

► Programa de respiro familiar para persoas en situación de dependencia

Este programa pretende contribuír a manter as persoas en situación de dependencia, no seu domicilio e ofertarlle ao seu cuidador habitual a posibilidade de dispoñer duns días para o seu descanso ou para solucionar situacións de emerxencia que se lle presenten mentres a persoa á que coidan é atendida adecuadamente nun centro residencial.

Poden participar neste programa, as persoas maiores de 16 anos que teñan recoñecido un grao de dependencia II e III, ou aquelas que, sen este requisito, precisen a atención dun cuidador.

A solicitude pode presentarse en calquera momento do ano nos servizos sociais comunitarios, servizos sociais de atención primaria de saúde ou directamente nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar nas que se tramitan as solicitudes.

Ofertan prazas para este programa, centros residenciais de atención a persoas maiores con dependencia e centros residenciais de atención a persoas con discapacidade privadas, sempre que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e estean autorizados a prestar este servizo pola Consellería de Traballo e Benestar.

A información sobre os centros incluídos neste programa está colgada na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

Hai dúas modalidades dentro do programa: estadías quincenais e estadías de fin de semana (un fin de semana ao mes con entrada o venres pola tarde e saída o domingo pola tarde)

O prezo das estadías quincenais é de 791,5 euros e as estadías de fin de semana é de 124 euros. En calquera das modalidades, os beneficiarios contribuirán ao financiamento da estadía cunha porcentaxe sobre o custo total establecida segundo os seus ingresos económicos.

As persoas que teñen recoñecida libranza de cuidador do SADD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia) poden acceder a un máximo de 45 días ao ano, sempre e cando non conten xa con apoio do servizo de axuda a domicilio para respiro familiar.

No ano 2014 estiveron incluídos neste programa un total de 66 centros residencias de toda a Comunidade Autónoma e o prazo para darse de alta para ofertar os servizos está aberto todo o ano e teñen que facelo a través do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

► **Beneficiarios e orzamento:**

No ano 2014 beneficiáronse un total de **449** persoas maiores de 16 anos con dependencia e xestionáronse un total de 640 estadias. O orzamento destinado a este programa foi de **147.609 euros**.

► **Programa de respiro familiar para persoas con discapacidade**

Oferta ás familias un período de descanso necesario para reducir a carga emocional e física á que se ven sometidas.

Apoia as familias de persoas con discapacidade ao seu cargo, contribuíndo a evitar ou atrasar o seu internamento nun centro.

Pretende acadar un programa de ocio socializador e integrador para as persoas usuarias do programa.

Este apoio realízase en réxime de internado de fins de semana en centros residenciais de persoas con discapacidade.

► **Beneficiarios e orzamento:**

As prazas de respiro familiar concertadas para persoas con discapacidade con entidades de iniciativa social foron 47.

Os usuarios/as foron **1.936** (1.191 homes e 745 mulleres) e o orzamento xestionado para este programa foi de **493.319,33 euros**.

► **Cheque asistencial**

O Programa cheque asistencial concede axudas económicas destinadas a cofinanciar a compra de servizos para a atención de maiores dependentes que precisan doutra persoa para desenvolverse na vida cotiá e teñen gastos extraordinarios derivados da súa atención e coidado, ampliándose e diversificándose o sistema público de protección social.

A finalidade do programa é acadar unha mellor calidade de vida e atención para estas persoas, así como apoiar as súas familias no seu coidado.

Este programa permite que os maiores e as súas familias poidan acceder á atención no fogar, aos centros de día, ás estadias temporais, a programas de respiro ou a unha residencia, en calquera parte do territorio galego, cofinanciando o gasto.

Tanto os centros que prestan o servizo como as empresas de axuda a domicilio, teñen que contar coa acreditación previa da Consellería de Traballo e Benestar e deben someterse as inspeccións e actuacións de comprobación da calidade.

Modalidades:

- **Cheque residencia**
- **Cheque centro de atención diúrna**
- **Cheque atención de axuda no fogar**

A documentación preséntase nos servizos sociais comunitarios municipais, que remiten cada expediente completo ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar.

Segundo a disposición derogatoria única do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, derroga o Decreto 176/2000, do 22 de xuño (DOG nº 129, do 04.07.2000) polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial, e a súa posterior normativa que o desenvolve.

Na disposición transitoria sétima do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establécese un réxime transitorio para os

beneficiarios actuais do Programa de cheque asistencial que, de non producirse a súa integración no SADD, permanecerán sendo atendidos ata que se produza a súa baixa definitiva.

► **Beneficiarios e orzamento:**

No ano 2014 xestionouse para este programa un orzamento de **254.910,86 euros** que posibilitou a atención a un total de 87 persoas maiores en situación de severa e gran dependencia.

Modalidade	nº de beneficiarios
Cheque residencia	3
Axuda no fogar	51
Total	54

► **Servizo de localización e control de persoas en situación de especial vulnerabilidade: ACOMPÁÑOTE**

A finais do ano 2006 iniciouse a instalación dunha nova plataforma tecnolóxica que posibilitou o mantemento dun servizo de localización permanente de persoas maiores, menores ou con discapacidade, que debido ás súas condicións de saúde ou limitacións persoais, se atopan nunha situación de especial fragilidade ou vulnerabilidade e require a utilización de dispositivos de localización ou control.

► **Beneficiarios e orzamento:**

No ano 2014 a xestión deste programa fíxose a través da Cruz Vermella e beneficiáronse un total **371** persoas.

O dato de beneficiarios é acumulativo tendo en conta as altas e as baixas ao longo de todo o ano. Este programa tivo un custo económico de **177.282,62 euros**.

► **Servizo de teleasistencia**

O servizo de teleasistencia xestionase en coordinación coa Cruz Vermella, entidade prestadora do servizo a través dun contrato de xestión. É un servizo de atención profesional telefónica ininterrompida, cun equipamento de comunicacións e informática específicos. O sistema consta de:

- unha unidade de alarma que leva a persoa
- un terminal telefónico
- e unha central informatizada, receptora de chamadas, situada no Centro de Atención.

Permite ás/aos usuarias/os ante calquera situación de emerxencia e con tan só premer un botón, comunicarse coa central, atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada.

O servizo, atendido por profesionais especializados, préstase dende unha central de atención tratando as distintas situacións coa intervención do persoal do propio centro, ou mobilizando os recursos de acceso público dispoñibles na zona ou recursos persoais do usuario.

► **Beneficiarios e orzamento:**

Durante o ano 2014 beneficiáronse un total de **5.575** persoas. O dato é acumulativo por producirse altas e baixas ao longo do ano.

Deste total de usuarios 40 contaron con dispositivos móbiles que facilitaban o uso do servizo fóra do domicilio e 468 tiñan outras melloras de teleasistencia avanzada como detector de fume, de gases.

O orzamento xestionado no 2014 foi de **854.801 euros**.

► **Servizo de Teleasistencia Avanzada Miavizor**

A Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, asinou un convenio específico coa Comunidade Autónoma de

Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans das súas zonas rurais.

Segundo este convenio, a Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha o programa de Teleprevención sociosanitaria “Miavizor” cun sistema de teleasistencia avanzada mediante contrato coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Miavizor é un proxecto piloto de carácter social, cuxo obxectivo é favorecer a permanencia da persoa maior ou con discapacidade no seu fogar de maneira segura, e componse dunha rede de sensores sen fíos que se instalan no fogar e o propio sistema xera alertas e/ou alarmas de maneira automática. Os usuarios deste programa serán persoas maiores ou con discapacidade que vivan soas, pero o beneficio deste recurso recaerá de maneira directa nos familiares que terán á súa disposición un instrumento que lles dará a seguridade de que o seu familiar está en boas condicións de saúde e ten hábitos de vida saudables.

Este programa vai dirixido a persoas maiores e persoas con discapacidade, preferentemente que vivan soas, residentes nos concellos de Lugo e Ourense.

Beneficiarios e orzamento:

No ano 2014 houbo un total de **265** usuarios dos cales a 58 tamen se lle concediu o servizo de axuda no fogar de 8 horas o mes. O orzamento xestionado para este servizo foi de **141.508** euros.

Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065)

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-SGAMP-065 no ano 2014, ten unha nova regulación coa publicación do Decreto 99/2014, do 20 de agosto. Confígurase como un servizo de transporte programado non urxente para atender a prestación de servizos puntuais.

Este servizo de transporte adaptado asistido, de carácter gratuíto, ten como finalidade:

- a. Poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de usar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade.
- b. Favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

Persoas usuarias do SGAMP-065

Ter recoñecida a condición de persoa usuaria é requisito previo para poder solicitar e prestar a concesión efectiva dos servizos solicitados.

Poderán obter a condición de persoa usuaria do servizo as persoas residentes en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade. A imposibilidade de utilización do transporte público colectivo determinarase aplicando os criterios establecidos no Anexo 2 do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
- b. Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme a normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de discapacidade igual o superior ao 75%.Excepcionalmente poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior

4.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS

ao 75%, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.

As solicitudes de condición de persoa usuaria do SGAMP-065 poden presentarse en calquera momento para o que na páxina web da Consellería de Tránsito e Benestar, Área Benestar pode ir ao seguinte enlace:

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Lexislacions/Solicitud_Decreto_99-2014_del_24_de_julio_GAL.pdf.

Prestacións e orde de prioridades.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para Persoas con Discapacidade e/ou en situación de dependencia procurará cubrir as necesidades de desprazamento das persoas que teñan recoñecida a condición de usuarias do servizo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- a. Acudir a consultas médicas do sistema público e concertado ou das mutualidades de funcionarios públicos, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario, e sempre que exista unha confirmación de cita previa para acudir á consulta, para o cal o órgano competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia poderá realizar as comprobacións previas oportunas.
- b. Traslados aos centros asistenciais do Sistema galego de servizos sociais que prestando servizo de aloxamento, de carácter permanente ou temporal, non dispoñan de servizo de transporte, e prioritariamente aos que contén con financiamento público.
- c. Acudir a programas ou actividades que se presten prioritariamente en centros do Sistema galego de servizos sociais que contén con financiamento público, e que non dispoñan de servizo de transporte.

d. Asistir a actividades de carácter educativo e formativo que favorezan a integración laboral e a promoción da autonomía persoal, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema público educativo.

e. Asistir a actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico como rehabilitador.

Sempre que estean cubertas as prioridades anteriores e exista dispoñibilidade de medios, poderanse prestar servizos para as seguintes actividades, e pola seguinte orde de prioridade:

- a. Realizar xestións de carácter legal e/ou administrativo.
- b. Asistir a actividades de carácter cultural, deportivas e/ou sociais.

Datos de referencia relativos á prestación do servizo no ano 2014

A 31 de decembro de 2014, eran 8.363 as persoas que tiñan recoñecida a condición de persoa usuaria do SGAMP-065.

Mensualmente dase cobertura ao redor de 6.500 servizos o que arroxa un saldo medio anual de 78.000 servizos realizados.

Así mesmo, e con base nunha tipoloxía media deses servizos atendidos, realízase unha media mensual de ao redor de 90.000 quilómetros, polo que anualmente se superaría o millón de quilómetros realizados, no total dos 11 lotes territoriais nos que se configura a prestación do servizo.

Portal de Produtos de Apoio. Axudas técnicas

O 26 de agosto de 2013 asíñase un contrato para a creación dun servizo de información e o deseño e implantación dun portal para a xestión dun servizo de préstamo de axudas técnicas a persoas dependentes. Finalizada a execución do contrato de creación do portal no ano 2014 contrátase un servizo para a xestión e incorporación de

contidos no portal web, a partir da información que proporciona a Secretaría Xeral de Política Social.

Este novo recurso que pretende promover redes de cooperación entre as persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, que precisan de produtos de apoio, e as persoas que os ceden, as empresas, as entidades e os servizos sociais dos concellos, dirixido ás persoas que ceden os produtos e persoas demandantes.

Os servizos que ofrece o portal son:

- Proceso de consulta, prestación e demanda de produtos de apoio para as persoas usuarias.
- Dispoñibilidade de información de interese xeral: normativa, documentación e guías de boas prácticas.
- Servizo de asesoramento en materia de accesibilidade: preguntas frecuentes (CTA e plataforma) e asesoramento privado e personalizado.

Dispón ademais dun apartado destinado ás empresas especializadas na fabricación, deseño e venda de produtos de apoio. Este servizo está dispoñible de balde para toda compañía que queira publicar os seus produtos no catálogo, coa posibilidade de engadir a información que se considere oportuna.

Para máis información deste portal pódese consultar na páxina web:



<http://produtosapoiu.xunta.es/gl/accesibilidade>.



4.3.3 Outros programas

► O Programa “xantar na casa”

Situándonos no ámbito da nosa comunidade autónoma, atopámonos nun territorio de dispersión xeográfica e poboación envellecida no que se fai necesario a aplicación de políticas e servizos homoxeneizadores que permitan o acceso da poboación a estas medidas, nas mesmas condicións, independentemente do lugar onde residan, tanto sexa nun área urbana, metropolitana, rural ou de elevada dispersión. Acadar este obxectivo acérganos ao principio de igualdade nos criterios de calidade do servizo.

Neste contexto, o “Xantar na casa” xorde como un programa de atención alimentaria no domicilio das propias persoas, integrado no Sistema de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia. É un programa que pode ser complementario doutros recursos sociais como o Servizo de Axuda no Fogar ou a Teleasistencia.

Desde este programa intervénse de xeito directo na nutrición das persoas maiores da comunidade, mellorando os hábitos alimenticios e, polo tanto, de xeito global, a súa saúde e calidade de vida. Non é obxecto deste programa dar de comer senón alimentar, e facelo a un segmento de poboación cuns costumes alimenticios moi arraigados e moitas veces pouco saudables. Sendo este o obxectivo prioritario, o programa proporciona información relevante das condicións de vida e hábitos da persoa usuaria detectando potenciais situación para a intervención no eido social e de prevención e detección de circunstancias nas que se poida ofrecer ao usuario axuda ou apoio dende o ámbito social de base.

“Xantar na Casa” artículase a través da xestión por parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar e

cos concellos adheridos ao programa. Esta colaboración formalízase mediante a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración, quedando o financiamento do seguinte xeito:

Achega do/a usuario/a	1,86 euros
Achega do concello	1,86 euros
Achega do Consorcio	3,27 euros
Prezo menú/día	6,99 euros

O obxectivo principal deste servizo de atención alimentaria no propio domicilio é facilitar e garantir unha nutrición equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores de 60 anos ou menores en situación de dependencia e/ou en situación de exclusión ou en risco de estalo. Os destinatarios son persoas con déficit de autonomía para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra e elaboración dos menús. A comida, que se entrega nun único día á semana nos domicilios, supón un apoio para eles/as e as súas familias. Ademais, cando se fai a entrega no domicilio preténdese facer un seguimento individualizado dos/as usuarios/as do programa por parte dos profesionais do reparto.

Ao longo do ano 2014 non houbo novas incorporacións de concellos ao programa Xantar na casa.

► Beneficiarios e orzamento:

A achega da Xunta e dos respectivos concellos para o programa Xantar na casa ao longo de todo o ano 2014 ascendeu a **2.076.927 euros**. O número de usuarios durante o 2014 foi unha media mensual de **1.215 usuarios/as**.

4.4 LIÑAS DE COLABORACIÓN

4.4.1 Convenios na área de maiores

► Formación permanente de adultos- aulas da 3ª idade (ATEGAL)

O convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e as Aulas da 3ª idade da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos posibilita a realización de actividades socioculturais e educativas necesarias para evitar o illamento e facilitar a participación activa na sociedade do colectivo de maiores.

As aulas están situadas en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba e Vigo.

As actuacións levadas a cabo durante o ano 2014 con cargo aos orzamentos asinados neste convenio están agrupadas en actividades permanentes (área cultural, área de dinámica ocupacional, área de saúde integral e área de lecer), actividades xerais (conferencias, cinefórum, congresos...) e outras actividades (exposicións, servizo de biblioteca, actividades de alumnos universitarios en prácticas...).

► Beneficiarios e orzamento:

A Consellería de Traballo e Benestar destinou este ano un orzamento de **60.000 euros** o que permitiu a participación de máis de **2.000 persoas**.

► Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega das Persoas Miores, Xubilados e Pensionistas (ASOGAPEM).

O obxecto do convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar das actividades desta entidade no 2014, para levar a cabo actividades deportivas, protección xurídica das persoas maiores e actividades de mantemento e mellora da axilidade mental.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O número aproximado de beneficiarios é de **15.000** e este convenio contou cun orzamento de **14.000 euros**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Unión de Asociacións Provinciais UDP Lugo.**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar do mantemento das actividades da entidade en 2014.

Estas actividades pretenden dinamizar a vida dos/as socios/as das asociacións locais integrantes da UDP Lugo, ofrecendo actividades que contribúen ao fomento do envellecemento activo.

Organízanse actividades de ocio e tempo libre, actividades formativas e actividades referentes a manifestacións artísticas, históricas, etc.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O número aproximado de beneficiarios é de **10.000** e este convenio conta cun orzamento de **5.000 euros**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Territorial de Asociacións Provinciais de Pensionistas e Xubilados de Galicia (FETEGA) para o financiamento de actividades.**

O obxecto do convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar das actividades da entidade do 2014.

Con esta achega fináncianse programas do ámbito da formación, benestar e envellecemento activo; programas do ámbito cultural e social e programas de xestión e proxección pública da Federación.

Forman parte desta federación 43 entidades de toda a Comunidade Autónoma.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O número de beneficiarios é de **18.000 persoas** maiores e este convenio conta cun orzamento de **28.000 euros**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Organizacións de maiores (COGAMA).**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar das actuacións de COGAMA que se concretan en actividades artísticas e culturais, sociocomunitarias e de animación á lectura, para promover o desenvolvemento e o cumprimento do fin das asociacións integradas na Confederación e promover actuacións destinadas a mellorar a situación das persoas maiores. Teñen sede en 50 localidades da Comunidade Autónoma.

► **Beneficiarios e orzamento:**

A achega da Xunta de Galicia para este convenio foi de **18.000 euros** e beneficiaranse máis de **10.000 persoas maiores**.

► **Mantense vixente o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias pertencente ao Ministerio do Interior, para a realización en centros de atención a persoas maiores e con discapacidade de traballos en beneficio da comunidade, dirixido a todas aquelas persoas en situación de redención de sancións e/ou medidas penais por delitos menores.**

Son obxectivo deste convenio as infraccións de carácter leve, deste xeito o infractor cumpre a pena establecida en liberdade, sen interferir na súa vida familiar, laboral e social, promovendo valores como a solidariedade, a responsabilidade e o ben común. Este convenio non tivo ningún custo para a Xunta de Galicia.

► **Convenio de colaboración con FAGAL (Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias)**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar das actuacións que FAGAL (Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias) desenvolveu durante o ano 2014 entre as que se atopan: mantemento de instalacións e dos gastos derivados das súas actividades de xestión, coordinación e elaboración dos diferentes programas das asociacións, coordinación e derivación de usuarios entre FAGAL e asociacións, elaboración de material de información e difusión.

Actualmente FAGAL representa a once asociacións que traballan no ámbito da atención ás persoas maiores con alzhéimer da Comunidade Autónoma de Galicia.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de 22.838 euros.

► **Convenio de colaboración con AFAGA**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar das actuacións que AFAGA (Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia) desenvolveu durante o ano 2014 mediante o proxecto ESTIMULA-DOM.

O proxecto ESTIMULA-DOM destínase a aquelas persoas afectadas pola enfermidade de alzheimer ou outro tipo de demencia e aos seus familiares.

As actividades que reúne o proxecto son:

- Mantemento dun equipo multidisciplinar de estimulación cognitiva no fogar integrado por un/unha traballador/a social, un/unha psicólogo/a, un/unha terapeuta ocupacional e un/unha fisio-

terapeuta, para atender aquelas persoas que por diversos motivos non se poidan desprazar ao centro de atención integral.

- Realización de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional no centro de atención integral.

O proxecto créase para axudar as familias na planificación e organización dos cuidados persoais dos enfermos/as e na superación das dificultades estruturais que se poidan presentar como consecuencia das limitacións propias da enfermidade de alzhéimer ou outro tipo de demencia así como para a mellora do traballo en equipo da asociación.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **25.000 euros**.

Colaboración coas universidades galegas

Universidade de Santiago de Compostela

- **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver un programa de asistencia odontolóxica ás persoas maiores e/ou con discapacidade nas seguintes residencias públicas: Residencia de Maiores Torrente Ballester, Residencia de Maiores Nosa Señora dos Miragres e Residencia de Maiores de Marín.**

► **Beneficiarios e orzamento:**

O orzamento destinado a este convenio foi de **36.933 euros** e beneficiáronse un total de **230 persoas**.

- **Mantense en vixencia o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dos "practicum" en centros dependentes desta consellería.**

A Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela están de acordo en facilitarlle aos alumnos de titulacións vinculadas á actividade desenvolvida nos centros de maiores e de atención a persoas con discapacidade dependentes da Xunta de Galicia, a realización nos centros da consellería das prácticas tuteladas esixidas polos seus correspondentes plans de estudos (Licenciatura en Psicoloxía, Grao en Psicoloxía, Licenciatura en Pedagogía, Licenciatura en Psicopedagogía, Diplomatura en Educación Social, Grao en Educación Social, Grao en Nutrición Humana e Dietética, Grao en Traballo Social, Máster universitario en Xerontoloxía, Máster Universitario en Psicoxerontoloxía).

► **Beneficiarios e orzamento:**

Beneficiáronse das indicadas prácticas **53 alumnos/as**, 45 dos cales realizaron prácticas de optometría xeriatrica. Este convenio non supón ningún custo para a Xunta de Galicia.

► **IV Ciclo Universitario**

O IV Ciclo comezou a funcionar no ano 1997. O Plan de estudos estruturárase en 4 cursos. O 1º e o 2º curso son de carácter xeral (materias troncais), o alumnado debe matricularse das catro materias que se ofertan por curso. Cada materia consta de 3 créditos. O 3º e o 4º curso son de especialización (materias optativas). O alumno pode matricularse nun dos itinerarios de especialización. Este ciclo impártese no campus de Santiago de Compostela e no campus de Lugo.

Non existe límite de prazas polo que son admitidas todas as solicitudes, sendo o único requisito ter 50 anos ou máis.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O orzamento destinado ao mantemento deste convenio foi de **25.000 euros** e participaron un total

de **307 alumnos** no curso 2013-2014 e **291 alumnos** no curso 2014-2015.

Universidade de Vigo

► **Aulas de Formación aberta**

Estas aulas comezaron a funcionar no ano 2002. Accédese ao curso mediante preinscrición ao 1º curso do ciclo intensivo, ofertando 50 prazas en cada un dos campus (Ourense e Vigo). Se a demanda supera a oferta de prazas o sistema de selección será por orde de presentación da solicitude, dándolle preferencia a aquelas persoas que están en situación de xubilación, prexubiladas ou en paro.

Estes estudos teñen dous ciclos: un ciclo intensivo de 3 anos de duración no que se outorga a correspondente acreditación mediante un título propio de Graduado universitario senior, e un ciclo de especialización de 2 anos de duración no que se outorga a correspondente acreditación mediante un título propio de graduado superior senior pola Universidade de Vigo.

As ensinanzas enfócanse cara ao desenvolvemento persoal nos seus diferentes aspectos: intelectuais, sociais e de relación, orientando a aplicabilidade ou funcionalidade das aprendizaxes cara un mellor aproveitamento das ofertas culturais do contorno, así como cara á proxección na sociedade dos valores asumidos criticamente.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O orzamento destinado ao mantemento deste convenio foi de **25.000 euros** e participaron **451** no curso 2013-2014 e **455** no curso 2014-2015.

Universidade da Coruña

► **Universidade Senior**

Estes estudos implantáronse no curso académico 2001-2002. É unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión de cultura e coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento da investigación e da docencia.

Consiste en estudos universitarios destinados a un sector da sociedade maior de 50 anos que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e adecuada ás súas inquietudes formativas e intereses culturais.

A Universidade Senior como programa de estudos universitarios, consta dun plan docente distribuído en catro cursos académicos. Os alumnos que completen os catro cursos, poderán conseguir o Título Propio de Graduado Señor. Desenvólvese nos dous campus da Universidade da Coruña e no de Ferrol. Os graduados/as senior teñen dereito a cursar como oíntes nun catálogo de materias das titulacións oficiais (Grao e máster) das impartidas pola Universidade da Coruña, dacordo coa oferta dos docentes.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado a este convenio foi de **12.000 euros** e participaron **719** no curso 2013-2014 e **726** no curso 2014-2015.

► Centro Asociado UNED - A Coruña

Este centro comezou a funcionar no ano 2008. A UNED non establece uns estudos previos obrigatorios para o acceso ao programa UNED sénior. A estrutura académica da UNED Sénior organízase non por cursos, senon por bloques de materias. Estas son independentes e os participantes elíxenas libremente segundo os seus intereses.

A afluencia de alumnos determina a necesidade de formar varios grupos, situados en localidades diferentes, para facilitarlles a asistencia ás clases sen forzar grandes desprazamentos, tendo en conta a dispersión poboacional en Galicia.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado a este convenio foi de **12.000 euros** e participaron un total de **205 alumnos** no curso 2013-2014 e **228** no primeiro cuadrimestre do curso 2014-2015..

► Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas do Máster en dependencia e xestión de servizos sociais.

No ano 2014 asinou a prórroga deste convenio que ten por obxecto establecer a colaboración entre os asinantes cara unha adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación do programa indicado e dar formación práctica aos alumnos de Posgrao, así como tamén actividades complementarias.

Por este convenio establécese un programa de formación práctica dos/as estudantes do Posgrao nos centros e unidades dependentes da Consellería de Traballo e Benestar e nos centros dependentes do Consorcio, baixo a titorización dun profesional titulado e que desenvolve funcións propias da súa profesión.

Non supón ningún custo para a Xunta de Galicia.

Outras colaboracións

► Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) .

Este convenio foi asinado no ano 2014 co fin de organizar o evento "TICSENIOR 2014". Este evento persegue o obxectivo global de abrir unha perspectiva dende o punto de vista dunha maior integración das persoas maiores no seu contorno próximo e incluso global, tendo un enfoque

primordialmente tecnolóxico, en canto a facilitar a demandada integración a través de redes e repositorios de coñecementos a partir das persoas que culminan a súa vida de traballo.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O orzamento destinado a este convenio foi de **9.000 euros** e asistiron **112 persoas maiores**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Foz**

O obxecto deste convenio é contribuir o financiamento das actuacións que o concello de Foz tiña previsto desenvolver durante o ano 2014, de cara a realización de programas e actividades dirixidos a atención de persoas en situación de dependencia, de prevención e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes neste concello.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **18.000 euros**.

4.4.2 Convenios na área de persoas con discapacidade

► **Mantense vixente dende o ano 2011 o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio e atención sociosanitaria, a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario.**

► **Beneficiarios e orzamento:**

Beneficiarios/as: **46 (23 homes e 23 mulleres)**.

Non supuxo ningún custo para a Xunta de Galicia.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade "Asociación Galega San Francisco" (AGASFRA).**

O obxecto deste convenio foi a colaboración por parte da Consellería de Traballo e Benestar no desenvolvemento e mantemento das actividades de atención ás persoas con discapacidade intelectual con certa autonomía e ás súas familias, que a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) desenvolve a través dos centros dos que é titular.

Duración: do 1 de xaneiro de 2014 ata o 15 de decembro do mesmo ano

Prazas: 73 (18 internado, 55 atención diurna)

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **345.000 euros**.

► **Convenio de colaboración coa Fundación Profesor Novoa Santos.**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar do Programa que desenvolve a Fundación Profesor Novoa Santos orientado a facilitar a integración social precoz dos pacientes con lesión medular atendidos na Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC como a aqueles dados de alta pero que teñen unha lesión medular crónica.

As actuacións son as seguintes:

- Mobilidade: os pacientes beneficiáanse da obtención do permiso de conducir antes da súa alta hospitalaria.
- Actividades de ocio e deporte: unha actividade extrahospitalaria á semana, alternando actividades lúdicas e ocupacionais ou deportivas
- Edición do *Boletín de Educación Sociosanitaria*, destinado aos lesionados medulares crónicos.

Orzamento:

O orzamento destinado foi de **21.500 euros**.

► **Convenio de colaboración con ASPAYM (Asociación de parapléxicos e grandes minusválidos de Galicia)**

A finalidade deste convenio é a colaboración no financiamento da Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM) co fin de prestar servizos de información, orientación e asesoramento, sevizo de transporte adaptado, apoio psicosocial ao novo lesionado medular, titorías ao lesionado medular e cursos de formación en novas tecnoloxías.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **35.827 euros**.

► **Convenio de colaboración con ASPACE (Asociación de Paralíticos Cerebrais)**

O obxecto deste convenio é a colaboración por parte da Consellería de Traballo e Benestar no financiamento do mantemento da Federación ASPACE Galicia, co fin de prestar servizos de apoio e asesoramento ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con parálise cerebral e ás súas familias desde unha perspectiva global, integral e normalizadora, para mellorar a súa autonomía persoal, as súas condicións de vida e favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade galega.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **25.000 euros**.

► **Convenio de colaboración con AUTISMO GALICIA**

O obxecto deste convenio é a colaboración por parte da Consellería de Traballo e Benestar no financiamento do mantemento da federación e das actuacións que ten previsto desenvolver AUTISMO GALICIA, orientadas á atención

das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia, que son:

- Representación institucional para a súa participación e visualización na sociedade
- Desenvolvemento de publicacións divulgativas e formativas
- Realización de eventos para a sensibilización, coñecemento e fomento da cohesión social.
- Programa de inclusión social de persoas con TEA
- Programa de apoio ás familias
- Programa de ocio e tempo libre.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **123.061 euros**.

► **Convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o financiamento de programas de formación profesional, formación ocupacional e actividades complementarias de persoas con discapacidade, no ano 2014, cofinanciamento do Fondo Social Europeo (FSE)**

O obxecto deste convenio cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE), dentro do seu programa operativo 2007-2013, é o financiamento dun programa de cursos de formación profesional dirixidos a persoas con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, dun programa de cursos de formación ocupacional dirixidos a persoas con grandes discapacidades e/ou persoas cun grao de discapacidade entre o 33% e o 65% con especiais dificultades de inserción laboral e dun programa de actividades de carácter complementario relacionadas coa difusión da formación para o emprego no colectivo de persoas con discapacidade así como para a sensibilización do tecido empresarial en relación ás capacidades para o emprego das persoas con discapacidade.

En canto ao programa de formación profesional realizáronse un total de 21 cursos, entre as modalidades de a distancia e presencial, sendo estes últimos nas seguintes localidades: Ferrol (2), Ourense, Tomiño, Xove, Santiago de Compostela, Boiro, Pontevedra (2), Lugo, Comarca de Ferrolterra, Monforte de Lemos (2), A Coruña (2), Mos, Ponteareas e Cabana de Bergantiños. Por outro lado, no programa de formación ocupacional leváronse a cabo un total de 19 cursos, impartíndose un deles na modalidade a distancia e o resto na modalidade presencial nos centros de Fingoi (Lugo) e Mos (Pontevedra).

► **Orzamento:**

A achega da Consellería de Traballo e Benestar é de **630.196 euros**, dos que 500.000 euros corresponden a fondos do Fondo Social Europeo (FSE).

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade.**

O obxecto deste convenio é contribuir ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar para o mantemento de COGAMI e das súas entidades asociadas, así como das actividades que conleva o servizo que COGAMI tiña previsto desenvolver no ano 2014, tales como: servizo de información, asesoramento e orientación, servizo de intervención social das persoas con discapacidade e as súas familias, formación e intermediación laboral das persoas con discapacidade, respiro familiar, actividades de lecer, servizo de información e asesoramento en accesibilidade, voluntariado e actividades físicas e cognitivas.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **731.398 euros**.

► **Convenio de colaboración con DOWN Galicia**

O obxecto deste convenio é contribuir ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar do mantemento de Down Galicia e das actividades que conleva o servizo que Down Galicia ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2013.

Down Galicia desenvolve o seu labor prestando un servizo de promoción da autonomía persoal organizado nas seguintes áreas: atención temperá, educación, formación e emprego, vida adulta e independente e unha área transversal. Down Galicia, na súa condición de federación, presta servizos de apoio a entidades membros que traballan na atención ás persoas con síndrome de Down e ás súas familias para mellorar a súa autonomía persoal, as súas condicións de vida e favorecer a inclusión social e laboral deste colectivo.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **410.301 euros**.

► **Convenio de colaboración con FADEMG**

A finalidade deste convenio é o apoio ás persoas con discapacidade intelectual, programa de autoxestores, en situación de desvantaxe social, adultos sós, integración social e actividades rehabilitadoras de persoas reclusas e ex-reclusas con discapacidade intelectual, programa de envellecemento e programa de ocio e vacacións.

Actividades de ocio, de formación e deportivas, orientadas á familia, actos de recoñecemento ao labor solidario e calquera outra que sexa de interés para Special Olympics e para persoas con discapacidade intelectual de toda Galicia.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **338.305 euros**.

► **Convenio de colaboración con ASPANAS**

O obxecto deste convenio é a colaboración por parte da Consellería de Traballo e Benestar no financiamento dun programa de atención ambulatoria permanente que desenvolveu a entidade ASPANAS (Asociación de Pais en Favor de Persoas con Retraso Mental de Ourense), no concello de Ourense e o seu contorno. Os obxectivos específicos do dito programa son: mellorar a calidade de vida dos/as usuarios/as, aumentar a autoestima e o autoconceito de persoas con discapacidade intelectual, fomentar a súa autonomía persoal, facilitar a súa inclusión social e adquirir e interiorizar valores e normas de comportamento básico que favorezan a súa inclusión social.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **25.000 euros**.

► **Convenio de colaboración coa fundación tutelar Sálvora**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia das actuacións relacionadas coa tutela das persoas con discapacidade intelectual da Fundación Tutelar para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA durante o ano 2014 entre as que se atopan entre outras: exercer o cargo de titor, curador ou outras figuras de garda das persoas con discapacidade intelectual encomendadas a Fundación, informar, orientar e asesorar as familias dando especial atención á muller con discapacidade embarazada e as súas familias, organizar conferencias, xornadas, mesas redondas ou seminarios para o estudo e información dos múltiples aspectos da problemática das persoas con discapacidade intelectual.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **50.000 euros**.

► **Convenio con FAXPG**

O obxecto deste convenio é contribuír por parte da Consellería de Traballo e Benestar ao financiamento do programa que a FAXPG (Federación de Asociacións de Xordos do País Galego) desenvolveu no ano 2014 entre os que destacan: o servizo de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, servizo de intérpretes de Lingua de Signos Española, servizo integral para persoas xordas, xordocegas e persoas con discapacidade auditiva. Coa prestación destes servizos preténdese favorecer o desenvolvemento persoal e autónomo deste colectivo, a súa integración no ámbito social e familiar e favorecer a distribución equitativa dos recursos sociais destinados ás persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **690.592 euros**.

► **Convenio de colaboración con FEFES**

O obxecto deste convenio é a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar con FEFES (Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia) para o seu mantemento e para o desenvolvemento das actuacións de carácter social dirixidas a este colectivo como son: o asesoramento e apoio xurídico especializado, o fomento da autonomía persoal das persoas con discapacidade como consecuencia de trastornos mentais e de atención a domicilio no rural, a coordinación do movemento asociativo e o programa de formación dirixido aos profesionais das entidades e dos centros que atenden as persoas en risco de exclusión social, coa finalidade de favorecer a adquisición de habilidades básicas na intervención con persoas con enfermidade mental e a coordinación dos recursos existentes.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **521.748 euros**.

► **Convenio de colaboración con FEGEREC**

Este convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC), ten por obxecto o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a integración sociolaboral, a autonomía persoal e a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas e ás súas familias, no ámbito de actuación de FEGEREC, de acordo co seu proxecto de "Atención integral".

Este proxecto pretende ofrecer unha rehabilitación integral ao colectivo de persoas que representa, informarlles dos servizos da federación fomentando o servizo de axuda para resolver dificultades de carácter sociosanitario e promover e potenciar as axudas e apoios para promoción da autonomía persoal destes colectivos de enfermos crónicos.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **18.500 euros**.

► **Convenio de colaboración coa Asociación Raiolas-Autismo Lugo**

A través deste convenio a Consellería de Traballo e Benestar contribúe ao mantemento da entidade no ano 2014. Esta entidade facilita servizos de apoio, orientación e información aos pais e nais que teñan algún fillo/a afectado por trastornos xeneralizados do desenvolvemento e traballar a favor da plena integración familiar, escolar e laboral das persoas afectadas polos trastornos xeneralizados do desenvolvemento.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **5.000 euros**.

► **Convenio de colaboración coa Asociación Autismo Ourense**

A través deste convenio a Consellería de Traballo e Benestar colabora o mantemento desta entidade que leva a cabo os seguintes programas: valoración e diagnóstico especiali-

zado en trastornos xeneralizados do desenvolvemento e TEA orientando e informando ás familias sobre esta problemática, atención temperá, orientación pedagóxica dos alumnos afectados por TEA, atención a adultos, creación e autorización de centros, atención ás familias.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **20.000 euros**.

► **Convenio de colaboración coa Fundación ANADE**

Este convenio contribuiu ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar dun programa creativo de obradoiros de teatro e escritura desenvolvido por persoas con discapacidade no ano 2014 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe a organización e desenvolvemento de talleres de teatro e de escritura creativa e tres actuacións do grupo de teatro Pinchacarneiro.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **12.000 euros**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)**

Asinouse este convenio para levar a cabo un programa de atención a persoas con dano cerebral e as súas familias e contribuir ao mantemento de FEGADACE e das súas entidades federadas e dos seguintes programas:

- Promoción da autonomía persoal e de recuperación funcional das persoas afectadas de dano cerebral adquirido en situación de dependencia e as súas familias a través de atención ambulatoria nas 7 grandes cidades e que implica o desenvolvemento de actividades nas áreas terapéutica, ocupacional e social.
- Programa de información e asesoramento a familias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dando especial atención á muller embarazada e ás súas familias.

► **Orzamento**

O orzamento destinado foi de **167.714 euros**.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e CERMI Galicia**

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar no mantemento do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI) composta por dez asociacións de persoas con discapacidade, que participa plenamente na vida social da Comunidade Autónoma de Galicia para defender os dereitos das persoas con discapacidade.

Esta entidade deseña políticas de actuación encamiñadas a conseguir a normalización social das persoas con discapacidade, e é unha plataforma de debate para este colectivo.

► **Orzamento:**

A achega da Consellería de Traballo e Benestar a través deste convenio foi de **12.000 euros**.

► **Convenio de colaboración coa Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)**

O obxecto deste convenio é contribuír o financiamento desta entidade, cuxo sector de intervención é o colectivo de persoas afectadas por esclerose múltiple e as súas familias.

Entre os seus obxectivos destacan: promocionar esta agrupación, sensibilizar a opinión pública, as administración e as autoridades sanitarias; potenciar canles de información e sistemas de axudas para as asociacións co fin de propiciar a integración social deste colectivo, estimular e promover a investigación científica desta enfermidade e fomentar a docencia dos profesionais, impulsar a presenza de persoal voluntario e promover intercambios e encontros con socios/as de todas as asociacións de esclerose múltiple.

► **Orzamento:**

O orzamento destinado foi de **6.500 euros**.

► **Convenio de colaboración con AGAT**

Co obxecto de contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as con discapacidade e as súas familias, asinouse o un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o que a Administración autonómica achegou unha contía de **225.000 euros**.

As persoas beneficiarias deste convenio foron nenos e nenas, de 0 a 16 anos e as súas familias, das comarcas do Deza e o Salnés, con déficits que xeran alteracións de discapacidade ou con risco de padecelos.

As actividades dos equipos de atención desenvólense nos concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces da comarca do Deza, e de Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Ribadumia, Cambados, Meaño, Meis, Sanxenxo e O Grove da comarca do Salnés, cunha poboación de 42.000 e de 110.000 habitantes respectivamente.

As dúas unidades de desenvolvemento infantil e apoio familiar (UDIAF) atenderon, no ano 2014, unha media mensual de 117 familias e realizáronse 4.286 sesións de apoio, 225 consultas de acollida e 334 sesións diagnósticas..

Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases (acollida, diagnóstico, orientación, coordinación, sesión de apoio, traballo en grupo de familias) cada unha das unidades conta con dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo. As dúas unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.

► **Acordo da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas do máster en dependencia e xestión de servizos sociais**

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre os comparecentes cara unha adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación do programa indicado e a formación práctica dos alumnos do posgrao.

Polo tanto, no convenio establécese un programa de formación práctica dos/as estudantes do posgrao nos centros e unidades dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, e nos centros do Consorcio, baixo a titorización dun profesional titulado e que desenvolve funcións propias da súa profesión.

► **Orzamento:**

Non ten contido económico.

► **Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Deputación de Ourense, para compartir os sistemas de información do SIGAD.**

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social, e a Deputación de Ourense, é a posta á disposición do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten encomendadas dentro do Sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, do contido da resolución do programa individual de atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competen-

cia municipal; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

► **Orzamento:**

Non ten contido económico.

► **Prórroga dos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e os concellos de Galicia, para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.**

A prórroga do citado convenio, cos mesmos obxectivos que o anterior, foi asinada polos 314 concellos actualmente existentes. Nos casos dos concellos que se indican a continuación, a prórroga foi asinada polas mancomunidades en que se agrupan:

- Mancomunidade agrupación Petín - Larouco, que agrupa os concellos de Petín e Larouco (Ourense).
- Mancomunidade agrupación Rubiá-Carballeda de Valdeorras, que agrupa os concellos de Rubiá e Carballeda de Valdeorras (Ourense).
- Mancomunidade de Ordes, que agrupa os concellos de Ordes, Oroso e Frades (A Coruña).
- Mancomunidade Terras de Celanova, que agrupa os concellos de Cartelle, Celanova, Gome sende, A Merca, Pontede va, Quintela de Leirado, Ramirás e Vere a (Ourense).
- Mancomunidade do Carballiño, que agrupa os concellos de Beariz, Boborás, O Iri xo e San Amaro (Ourense).
- Mancomunidade do Ribeiro, que agrupa os concellos de Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada, Leiro e Castrelo de Miño (Ourense).

► **Orzamento:**

non ten contido económico.

4.4.3 Participación e representación

Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA)

A Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA), creada pola Lei 8/1997, do 20 de agosto (DOG nº 166, do 29.08.1997), ten como obxectivo impulsar o cumprimento da normativa nesta materia, ocupándose da resolución das dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación de calquera aspecto da normativa, emitindo ditames ao respecto. Así mesmo, a CTA é o órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores e fai as propostas de resolución de sancións aos órganos colexiados competentes, de acordo co disposto no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro (DOG nº 41, do 29.02.2000).

Durante o ano 2014 a Comisión Técnica de Accesibilidade presentou a seguinte actividade:

- ▶ **Nº de xuntanzas da CTA: 8**
- ▶ **Nº de exptes. ditames técnicos: 65**
- ▶ **Nº de exptes. de denuncias en materia de accesibilidade e supresión de barreiras: 21**

Calquera persoa, entidade, institución ou asociación representativa dos colectivos de persoas afectadas pode solicitar información, consultar dúbidas ou presentar denuncias ante a Comisión Técnica de Accesibilidade.

A Comisión Técnica de Accesibilidade ten o apoio técnico e administrativo do Servizo de Promoción da Accesibilidade, e está integrada polos seguintes membros: o/a subdirector/a xeral de Promoción da Autonomía Persoal, que actúa como presidente/a; os vogais son o/a xefe/a do Servizo de Promoción da Accesibilidade, un/ha letrado/a pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia, que actúa como asesor/a xurídico/a, un/unha arquitecto/a e un/ha licenciado/a en dereito, que actúa como secretario/a.

O Servizo de Promoción da Accesibilidade, ofrece accións orientadas:

- Ao impulso do cumprimento da normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras.
- Á promoción da divulgación, información e estudo da accesibilidade e supresión de barreiras.
- Ao asesoramento a responsables institucionais, profesionais e entidades implicadas en programas de accesibilidade e supresión de barreiras.
- Ao apoio técnico e administrativo á Comisión Técnica de Accesibilidade.

Neste senso atendéronse en torno a 810 consultas de particulares e profesionais sobre o cumprimento da normativa sobre accesibilidade. Estas consultas son resoltas telefonicamente, mediante visitas ou correo electrónico, co apoio do persoal do servizo e da información publicada no apartado de accesibilidade da páxina web.


As consultas máis frecuentes versan sobre a interpretación da normativa de accesibilidade, sobre a existencia de axudas para a eliminación de barreiras en inmobles e tamén das obrigas de adaptar os elementos comúns nas comunidades de propietarios onde vivan persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos.

Ofrécese asesoramento a través da divulgación da publicación da normativa ("Accesibilidade. Normativa") que inclúe a normativa galega para a supresión de barreiras nos espazos urbanos, nos edificios de uso público e residencial, así como nos medios de transporte e no eido da comunicación. Recolle a Lei 8/1997 (DOG nº 166, do 29.08.1997) e o Decreto 35/2000 (DOG nº 41, do 29.02.2000) que a desenvolve, así como na Lei estatal 51/2003, de 2 do decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 289, do 03.12.2003). Tamén se incorpora unha relación da normativa autonómica, estatal e internacional relacionada coa promoción

da accesibilidade, o deseño para todos e a eliminación de barreiras, así como coa promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas con dependencia funcional.

Ofrécese información na rede, a través do seguinte enlace da páxina web da Xunta de Galicia:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>



Informes e asesoramento técnico

No relativo ás funcións do Servizo de Promoción da Autonomía Persoal e da Accesibilidade relativas ao cumprimento da normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras, así como as accións de promoción da divulgación, información e estudo nesta materia, durante o ano 2014, a actividade centrábase na elaboración de:

- 30 informes a instancia da Institución do Valedor do Pobo. A maioría destes informes son relativos a expedientes de queixa en materia de accesibilidade. Os restantes refírense na súa meirande parte a expedientes en relación co SGAMP-O65.
- 2 informes a instancia da Defensora del Pueblo.

Participación en órganos colexiados

O Servizo de Promoción da Autonomía Persoal e da Accesibilidade participa nos seguintes órganos colexiados:

- Comisión Estatal de Coordinación e Seguimento da Valoración do Grao de Discapacidade.
- Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo (CEVT)

Consello Galego de Benestar Social

O Consello Galego de Benestar Social, creado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18.12.2008) e desenvolvido polo Decreto 246/2011, do 15 de decembro (DOG nº 3, do 4.1.2012), é o órgano superior consultivo e de participación do Sistema galego de servizos sociais, e son os seus membros representantes de:

- a) A Xunta de Galicia
- b) As entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- c) As organizacións empresariais, centrais sindicais e organizacións profesionais agrarias máis representativas a nivel galego.
- d) As entidades prestadoras de servizos sociais.
- e) As asociacións de persoas usuarias de servizos sociais.
- f) As universidades galegas.
- g) Os colexios profesionais representativos das disciplinas directamente relacionadas cos servizos sociais.

Actualmente, o Consello está formado por 44 representantes dos anteriores sectores. As súas funcións principais son:

- a) Avaliar as políticas de servizos sociais.
- b) Emitir informe sobre os proxectos de planificación e programación e a normativa en materia de servizos sociais.
- c) Emitir ditames, por instancia do Parlamento de Galicia, no eido dos servizos sociais.
- d) Coñecer da xestión dos servizos sociais.
- e) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas.
- f) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento do emprego que, vinculadas aos proxectos de inserción, se establezan na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística.
- g) A avaliación global dos resultados da execución dos programas de inserción social previstos na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralos.

Durante o ano 2014, o Consello Galego de Benestar Social reuniuse en catro ocasións, informou tres proxectos de Decreto e tres proxectos de Orde en materia de servizos sociais así como a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.

4.5 FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) é unha entidade tutelar, constituída pola Xunta de Galicia no ano 1996, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se expoñen polo miúdo no artigo 6 dos seus estatutos. Figura inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego co número 1996/14.

O seu obxectivo principal é a protección xurídica e social das persoas maiores de idade e en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou que se atopen incursas no proceso xudicial de modificación desta capacidade de obrar, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou da administración de bens, e a prestación dun servizo de asesoramento nestas materias.


As persoas beneficiarias dos servizos da FUNGA deberán reunir as seguintes condicións:

- a) Ser maior de idade.
- b) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Ter a capacidade de obrar modificada xudicialmente ou estar incurso nun procedemento xudicial de modificación da capacidade de obrar.
- d) Estar en situación de desamparo; isto é, carecer de persoa no seu contorno familiar e social ou institución para o exercicio dos apoios determinados xudicialmente ou, de existir, que a autoridade xudicial considere que non son idóneas para o desempeño destas funcións.

Ademais, poderán ser beneficiarias todas aquelas persoas que precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da fundación.



Os recursos persoais da FUNGA concréntanse en 19 persoas e a súa estrutura organizativa responde ao seguinte organigrama:



Actividade da FUNGA no exercizo 2014

Dentro das actividades executadas no 2014 podemos destacar as seguintes:

► Protección xurídica, patrimonial e social das persoas beneficiarias

O número de beneficiarios/as da fundación continúa incrementándose anualmente, debido fundamentalmente ao desarraigo familiar, ao envellecemento da poboación e ao aumento de persoas, cada día máis novas, diagnosticadas de padecementos mentais. Concretamente no ano 2014 tal incremento con respecto ao ano anterior cifra-se en 225 persoas. No seguinte cadro ilústrase de xeito anual o incremento do número de beneficiarios/as da FUNGA dende a súa creación, diferenciándose polo tipo de apoio que se presta.

4.5 FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

► Evolución das funcións protectoras

Funcións tutelares	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Tutelas	541	600	682	735	833	926	1.016	1.114	1.198	1358	1.516
Curatelas	48	55	54	62	84	105	122	140	177	204	232
D.xudicial	218	192	197	241	245	275	323	400	485	588	588
Adm. De bens	16	5	3	6	4	6	7	11	11	17	28
Pretutela	89	103	114	125	125	129	134	141	144	155	157
Falecidos	38	45	55	76	88	84	90	92	110	112	138
Baixas	1	2	3	35	27	43	75	68	87	116	116
Total	951	1.002	1.108	1.280	1.406	1.568	1.767	1.966	2.212	2.550	2.775

► Accións de formación, información, divulgación e sensibilización dos dereitos das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada

A FUNGA durante o ano 2014 participou nas seguintes accións formativas e informativas:

- Charla Técnica sobre o procedemento de modificación da capacidade de obrar, o exercizo dos cargos protectores e, a FUNGA. Charla impartida pola FUNGA, e organizada pola Fundación Dorzán no Concello de Celanova no mes de Abril de 2014.
- Participación na impartición do curso "A enfermidade do Alzheimer, Abordaxe Multidisciplinar para Coidadores/as. Cuestións legais a ter en conta diante da Demencia" organizado pola a Asociación AGADEA (Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer), o día 20 de novembro de 2014 no concello da Estrada.

Conclusións

Un ano máis, o número de persoas beneficiarias do labor da FUNGA medrou de forma considerable. Pero non só nos referimos ao importante incremento do número de cargos tutelares e de apoio exercidos por esta fundación respecto ao ano 2012 (incremento que se cifra en 338

persoas) senón tamén ao importante número de persoas que, sen ser destinatarias directas do exercizo dos citados cargos, tamén foron neste período beneficiarias das actuacións levadas a cabo pola FUNGA. Así, debemos destacar:

- As persoas usuarias do servizo de asesoramento, tanto presencial como telefónico.
- As colaboracións levadas a cabo con diversas entidades e asociacións para a celebración e impartición de xornadas.

A FUNGA sitúase, deste xeito, como referente no eido da protección das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada, tanto mediante o exercizo directo dos cargos tutelares como a través dos servizos de formación, información e asesoramento que presta a todas aquelas persoas vencelladas a esta realidade, entre os que se atopan diversos profesionais e persoas físicas e xurídicas que exercen estes apoios de forma independente.

4.6 ACTIVIDADES FORMATIVAS E INFORMATIVAS

4.6.1 Actividades formativas

Durante o ano 2014 desenvolvéronse as seguintes accións formativas:

Curso sobre sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria

Dirixiuse ao persoal directivo persoal sanitario e xerocultores que desenvolven as súas funcións en centros de atención a persoas maiores e centros de atención a persoas con discapacidade, xestionados directamente pola Xunta de Galicia, co obxectivo de sensibilizar o persoal sobre un novo modelo de traballo vinculado á restrición de suxeicións a través do cal se pretende mellorar a calidade de vida das persoas dependentes.

▶ **Beneficiarios e orzamento:**

Número de persoas beneficiarias: **20**

Orzamento: **950 euros.**

Curso sobre nutrición, dietética e alimentación para persoas maiores:

As persoas destinatarias foron xerocultores/as, persoal de atención directa no comedor e cociñeiros que desenvolven as súas funcións en centros de atención a persoas maiores e centros de atención a persoas con discapacidade, xestionados directamente pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

▶ **Beneficiarios e orzamento:**

Número de persoas beneficiarias: **20**

Orzamento: **1.765 euros.**

Curso “As normas de accesibilidade en Galicia”

Realizado dentro do Plan de formación da EGAP os días 19,20 e 21 de novembro de 2014 impartido en colaboración con AENOR (Asociación Española de Normalización e Certificación). Curso de 20 horas lectivas no que participaron 19 alumnos que desenvolven o seu traballo no ámbito da accesibilidade. O obxectivo principal desta formación foi proporcionar os coñecementos básicos sobre as normas de accesibilidade en materia de urbanismo, edificación, transporte e comunicación.

▶ **Orzamento: 1.450 euros.**

Curso “ Formación básica en proxectos de voluntariado”

Realizado dentro do Plan de formación da EGAP os días 8 e 15 de maio e con 4 horas de traballo a distancia.

O curso ía dirixido a persoal técnico dos centros sociocomunitarios de benestar e dos servizos de atención residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade. A finalidade do curso era ensinar a elaborar e xestionar programas de voluntariado tendo en conta as características dos usuarios destes centros, e dar a coñecer as posibilidades que ten e o que poden aportar os voluntarios os usuarios destes centros.

▶ **Beneficiarios e orzamento:**

Participaron **18** alumnos e xestionouse cun orzamento de **1.270 euros.**

Curso da EGAP “ A nova aplicación informática do Censo de Persoas con Discapacidade de Galicia”

Dirixida ao persoal técnico dos EVO.

▶ **Beneficiarios e orzamento:**

Participaron **21** persoas e xestionouse cun orzamento de **1.450 euros.**

Curso da EGAP “Aplicación do baremo de valoración da dependencia para a valoración da necesidade do concurso de terceira persoa” destinado a persoal técnico dos equipos de valoración.

► **Beneficiarios e orzamento:**

Participaron **25** persoas e xestionouse cun orzamento de **820 euros**.

4.6.2 Actividades informativas

- Prevención e cuidados das úlceras por presión
 - Prevención, cuidados e tratamento das queimadura
- A localidade na que se realizou a difusión do programa foi na Coruña (C.H.U.A.-Hospital da Coruña). Estas actividades formativas non supuxeron custo ningún para a Xunta de Galicia

4.6.3 Información ao cidadán

4.6.3.1 Teléfono Social

(servizo incluído na central do 012 que presta información e atención ao cidadán)



Facilita información e orientación dos recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades dos colectivos de persoas con dependencia, persoas maiores, menores e persoas con discapacidade, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia dirixindo as súas demandas, se procede, ao departamento e/ou administración correspondente. Tamén informa dos programas desenvolvidos pola Xunta de Galicia dirixidos a estes colectivos.

En xeral, atende as persoas con graves carencias económicas, afectivas, en situación de exclusión social, situación de maltrato de maiores ou de persoas con discapacidade e ocúpase da prevención, detección e intervención en situación de maltrato ou abandono de calquera dos afectados, en función do protocolo establecido a estes efectos.

Trátase dun servizo de atención personalizada, cun horario ininterrompido de 24 horas de luns a domingo, permanente e gratuito. As chamadas son atendidas por persoal con titulación no ámbito social e debidamente formado.

Prestacións básicas do Teléfono Social

- Atención personalizada
- Información e orientación sobre recursos sociais
- Intervención en casos de risco, maltrato ou abandono, mediante a remisión de petición de informe social aos servizos sociais do concello correspondente.
- Derivación e canalización, se é o caso.

► **Orzamento**

É un recurso dependente da Consellería de Traballo e Benestar e integrado no contrato do servizo de atención e información ao cidadán na Xunta de Galicia a través do teléfono 012 e outros medios xestionado pola empresa CallCenter por un importe de 41.728 euros na área do Teléfono Social (infancia, maiores e discapacidade).

► **Estatísticas das consultas**

En 2014 o teléfono social recibiu un total de **1.477** chamadas coa seguinte distribución por áreas:

	Total de chamadas recibidas no Teléfono Social	% Total
Relacionadas	919	62,22%
Non Relacionadas	558	37,78%
Total	1.477	100%

Total de chamadas recibidas no Teléfono Social		Dependencia
Chamadas relacionadas por área		
Maior	400	43,53%
Discapacidade	170	18,50%
Dependencia	349	37,98%
TOTAL	919	100%

Clasificación das consultas

	nº	%
Información, orientación e asesoramento	886	96,4%
Denuncia	22	2,4%
Ingreso en centro	0	0,0%
Queixas e Incidencias	11	1,2%
Total	919	100%

4.6.3.2 Servizo de xestión de citas telefónicas para a valoración do grao de Discapacidade O12

Esta liña presta un servizo telefónico de comunicación aos usuarios das citas para a valoración do grao de discapacidade dos expedientes xestionados por parte das respectivas seccións de cualificación e avaliación da discapacidade dependentes da Secretaría Xeral de Política Social e dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Dende o mes de febreiro de 2014, mes no que comezou a actuación deste Servizo, o número de chamadas foi en progresivo aumento ao longo dos meses chegando ás 14.150 para a realización de 13.351 citas de valoración do grao de discapacidade.

► Tipoloxía das consultas

A tipoloxía das chamadas divídese en 5 grupos:

	nº	%
Información xeral	594	30,29%

Estado do expediente	52	2,65%
Citas	820	41,82%
Queixas e incidencias	2	0,10%
Outros	493	25,14%
Total	1.961	100%

4.6.3.3 Servizo de Atención á Dependencia. Servizo O12



Esta liña facilita información concreta sobre o estado da tramitación dos expedientes de dependencia xestionados por parte das respectivas unidades dependentes da Secretaría Xeral de Política Social e dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Durante o ano 2014 o total de chamadas que tiveron como motivo de consulta un tema relacionado co servizo ascendeu a 10.207 consultas.

A clasificación das chamadas divídese en cinco grupos:

	nº	%
Información xeral	7.139	70%
Estado do expediente	2.088	20%
Xestión de citas	670	7%
Queixas e incidencias	43	0%
Chamadas valoradores en ruta	267	3%
Total	10.207	100%

4.6 ACTIVIDADES FORMATIVAS E INFORMATIVAS

05

5.1. Familia

Marco legal e competencial

O marco legal no que a Consellería de Traballo e Benestar está a desenvolver as políticas e actuacións en materia de protección e apoio á familia vén establecido pola normativa estatal e comunitaria seguinte:

- ▶ Constitución española,
- ▶ Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras (BOE núm. 266 do 06.11.1999)
- ▶ Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 277 do 19.11.2003)
- ▶ Directivas do Consello Europeo, concretamente, a Directiva 96/34/CE do 03.06.1996.

Tamén pola normativa autonómica, fundamentalmente:

- ▶ Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais (DOG núm. 245 do 18.12.2008)
- ▶ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG núm. 134 do 13.07.2011)
- ▶ Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117 do 18.06.2001 e corrección de erros DOG núm. 223 do 19.11.2001)

- ▶ Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm 45 do 06.03.2000, modificación no DOG núm 222 do 04.11.2003 e corrección de erros DOG núm. 235, do 03.12.2003), agás o título III do dito decreto derogado pola Lei 3/2001.
- ▶ Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta. (DOG núm. 34 do 18.02.2003 e corrección de erros DOG núm. 44 do 04.03.2003)
- ▶ Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das conselleiras da Xunta de Galicia. (DOG núm. 233 do 07.12.2012)
- ▶ Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG núm. 46 do 06.03.2013)
- ▶ Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. (DOG núm. 145 do 01.08.2014)
- ▶ Orde do 12 de decembro de 2012 pola que se establece a adscrición provisional e atribución de competencias nos órganos da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG núm. 238 do 14.12.2012).

A familia, a súa evolución, novas expectativas e demandas

O artigo 39.1 da Constitución española, no que se refire á familia entendida como unidade básica da estrutura social, establece que o deber dos poderes públicos é asegurar a súa protección social, económica e xurídica.

As transformacións que nos últimos anos se veñen desenvolvendo en todos os ámbitos da sociedade están incidindo dunha forma moi directa no concepto tradicional de familia e veñen dar paso a novas formas máis variadas de familia, tanto na súa composición como nas funcións dos membros que a compoñen.

Polo tanto, o apoio á familia e aos núcleos de convivencia debe responder necesariamente á complexidade da nosa sociedade e debe dar solución ás diferentes situacións que impiden ou dificultan tanto a formación e constitución de novas familias ou grupos estables de convivencia, como o desenvolvemento integral das xa constituídas.

Así, debe darse o apoio necesario para paliar as dificultades notorias de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e procurar o sostemento da estabilidade da familia minimizando os danos derivados dos procesos de desestruturación familiar e, en particular, no que afecte aos dereitos dos fillos e fillas e os membros máis vulnerables da familia.

Liñas programáticas e actuacións do ano 2014

Neste proceso de mellorar progresivamente a calidade de vida das familias galegas a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, estableceu unhas liñas de actuación de carácter preventivo, asistencial e integrador que teñen como obxectivos:

- ▶ Apoiar e mellorar a oferta de servizos de calidade que axuden a conciliar a vida laboral, persoal e familiar.

- ▶ Promover a corresponsabilidade entre os distintos membros que compoñen a familia.
- ▶ Facilitar a adaptación da institución familiar aos cambios que se están producindo na súa configuración e nas súas funcións.
- ▶ Axudar con medidas de apoio á infancia.
- ▶ Impulsar as políticas de conciliación nas empresas.
- ▶ Fomentar as medidas para o acceso á vivenda, ao emprego, e as derivadas do abandono do mundo rural.
- ▶ Fomentar os recursos que garantan a posibilidade de ter os fillos e fillas que se desexen.
- ▶ Impulsar e coordinar a execución do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- ▶ Promover as medidas contidas na Estratexia de apoio ás familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

A Dirección Xeral de Familia e Inclusión, tendo como marco de actuación as liñas programáticas e como obxectivo fundamental mellorar a vida das familias galegas, desenvolveu unha serie de programas: de apoio económico, formalizados a través de ordes de subvencións; outros cun contido informativo de asesoramento ou de carácter educativo; e outros cun carácter meramente administrativo e que outorgan dereitos ás familias, como é a expedición do título de familia numerosa e a tarxeta de carné familiar.

5.1.1 Rede Galega de Escolas Infantís 0-3

A Rede pública de escolas infantís 0-3 de Galicia, está formada polas escolas xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, as xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as xestionadas polas corporacións locais. Esta rede complétase coas escolas infantís xestionadas polas entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro, financiadas parcialmente con fondos públicos.

As políticas que desenvolve a Consellería de Traballo e Benestar en relación coas escolas infantís teñen como obxectivos fundamentais:

- ▶ O sostemento da rede autonómica de escolas infantís 0-3 existente.
- ▶ O incremento da oferta de prazas mediante a ampliación da rede pública de escolas infantís.
- ▶ A ampliación de prazas sostidas con fondos públicos mediante unha liña de axudas para o mantemento da escolas infantís de iniciativa social.
- ▶ A subvención directa ás familias mediante o Cheque infantil, para asistir a unha escola infantil privada da súa elección cando non obteñan praza nunha escola infantil pública ou cando na súa localidade non existan centros públicos.
- ▶ O apoio económico ás corporacións locais para que, no ámbito das súas competencias, presten servizos ás familias mediante os recursos de atención á infancia de titularidade municipal.
- ▶ O equilibrio interterritorial entre o ámbito rural e o ámbito urbano, promovendo servizos de atención á infancia adaptados a ambos contextos.

5.1.1.1 A Rede de escolas infantís 0-3 “A Galiña Azul”



A Rede de escolas infantís de Galicia “A Galiña Azul” está integrada polas escolas infantís xestionadas pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Subdirección Xeral de Familia e Menores) e as xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As escolas infantís 0-3 son centros educativos que desenvolven o seu labor no primeiro ciclo da educación infantil, atendendo a nenas e nenos de 0 a 3 anos, proporcionando unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as.

Desde o recoñecemento da importancia dunha adecuada relación entre a escola infantil e as familias, como axentes educativos de primeiro nivel nestas idades, os centros cooperan estreitamente coas familias, na busca da necesaria coordinación de cara a facilitar a adecuada formación da personalidade das nenas e nenos e o seu posterior desenvolvemento como ser social.

Ademais de ser o recurso educativo por excelencia para a primeira infancia, as escolas infantís convértense, no noso contorno, nun instrumento básico de apoio ás familias, clave para a harmonización da vida persoal, profesional e familiar.

5.1.1.1.1 Escolas infantís 0-3 xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar

A consellería de Traballo e Benestar conta con 27 escolas infantís 0-3, distribuídas polas catro provincias galegas, que prestan unha atención integral a nenos e nenas de cero a tres anos de idade.



Escolas infantís e n.º de prazas

	Nº unidades	nº prazas
E.I. As Mariñas (A Coruña)	4	61
E.I. O Ventorrillo (A Coruña)	7	107
E.I. Santa María de Oza (A Coruña)	4	61
E.I. Elviña (A Coruña)	7	107
E.I. Catabois (Ferrol)	6	82
E.I. Virxe de Chamorro (Ferrol)	3	53
E.I. Santa Susana (Santiago de Compostela)	6	82
E.I. Vite (Santiago de Compostela)	9	123
Total A Coruña	46	676

E.I. Nª Señora da Purificación (Foz)	4	56
E.I. Nª Señora do Campo (Ribadeo)	7	107
E.I. Nª Sra. do Sagrado Corazón (Lugo)	5	94
E.I. Paradai (Lugo)	8	115
E.I. Casa do Mar de Celeiro (Viveiro)	3	41
Total Lugo	27	413
E.I. Antela (Ourense)	8	118
E.I. A Farixa (Ourense)	5	80
E.I. Virxe de Covadonga (Ourense)	5	72
Total Ourense	18	270
E.I. Bouzas (Vigo)	6	94
E.I. Relfas (Vigo)	5	74
E.I. Rosalía De Castro (Vigo)	7	107
E.I. Caeiro (Vigo)	5	67
E.I. A Estrela - E. Administrativo Xunta (Vigo)	3	41
E.I. San Paio (Vigo)	8	100
E.I. Campolongo (Pontevedra)	7	107
E.I. O Toxo (Pontevedra)	7	107
E.I. E.Administrativo Xunta (Pontevedra)	3	36
E.I. Marisma de Santa Mariña (Redondela)	6	94
E.I. Casa do mar de Marín (Marín)	4	61
Total Pontevedra	61	888
	152	2.247

Resumo provincial e porcentaxes de prazas

	centros	prazas
A Coruña	8	676
Lugo	5	413
Ourense	3	270
Pontevedra	11	888
Total	27	2.247



Todas as escolas infantís da Consellería de Traballo e Benestar prestan servizo 11 meses ao ano, de setembro a xullo. Non obstante, co fin de dar cobertura ás necesidades de conciliación das familias do alumnado, está previsto que durante o mes de agosto abra un centro por cada unha das cidades, sempre que exista demanda suficiente para formar unha unidade mixta de 15 alumnos ou alumnas.

Durante o mes de agosto de 2014 permaneceron abertas as seguintes escolas infantís:

- Escola infantil Santa Susana - Santiago de Compostela
- Escola infantil A Farixa- Ourense
- Escola infantil San Paio - Vigo

Escolas infantís 0-3 para fillas/os de traballadoras/es da Xunta de Galicia

A Consellería de Traballo e Benestar conta con dúas escolas infantís destinadas especificamente a fillos e fillas (menores de 3 anos) das empregadas e empregados públicos: a escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra e a escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, e reserva para este colectivo o 50 % das prazas da escola infantil de Vite en Santiago de Compostela.

Normativa:

- ▶ Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156 do 16.08.2005).
- ▶ Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG núm. 17, do 25.01. 2012).
- ▶ Decreto 91/2014, do 17 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o

régime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG núm.140 do 24.07.2014).


- ▶ Resolución do 7 de agosto de 2013 da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 153, do 12.08.2013).
- ▶ Resolución do 21 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG núm.142, do 29.07.2014).
- ▶ Orde do 17 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento de adjudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería para o curso 2014/2015 (DOG núm. 36 do 21.02.2015).
- ▶ Orde do 7 de abril de 2014 pola que se regula o procedemento de adjudicación de prazas para fillos e fillas do persoal da Xunta de Galicia nas escolas infantís dependentes desta consellería para o curso 2014/2015 (DOG núm. 72 do 14.04.2014).

5.1.1.1.2 Escolas infantís 0-3 xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar



O Consorcio pechou o ano 2014 xestionando 6.526 prazas en 122 escolas infantís distribuídas por todo o territorio. (ver mapa na páxina seguinte), das cales 5 son escolas de xestión indirecta.

	nº de centros	prazas
A Coruña	44	2.744
Lugo	12	528
Ourense	23	837
Pontevedra	43	2.417
Total	122	6.526



Ao longo do ano 2014 entrou en funcionamento 1 centro de nova creación (Ferrol - Esteiro con 82 prazas).

No curso 2014-2015 a escola de Muíños continúa pechada de forma temporal por non ter demanda suficiente. A escola de Sobrado dos Monxes tamén pecha durante este curso pola mesma situación.

Recursos humanos

As escolas do Consorcio contan, ademais de cos seus propios recursos humanos (persoal educativo e de servizos), con recursos do propio contorno sociocultural na que están situadas (asociacións, concellos...) e cos recursos humanos dos servizos centrais do Consorcio, fundamentais para garantir o bo funcionamento e xestión da Rede. Os recursos de persoal nas escolas están estruturados do seguinte xeito:

	nº
Mestres/as	286
Educadores/as	687
Persoal de servizos xerais (PSX)	156
Total	1.129

Recursos materiais

- ▶ Equipamento das novas escolas infantís.

No ano 2014 iniciáronse as obras de construción das escolas de Touro, Malpica de Bergantiños, Tomiño, Boiro, Oroso, Salvaterra do Miño, Porto do Son, Fene (Carril), Muros, Ames (Bertamiráns), Burela (A Mariña) e Marín (Seixo). E comezaron tamén as obras de ampliación da escola infantil da Laracha.

Tamén neste mesmo ano, a Fundación Amancio Ortega comezou a construción dunha escola infantil en Cambre e rematou a construción e equipamento das escolas infantís de Ferrol Esteiro e Melide, segundo o recollido no convenio asinado co Consorcio.

- ▶ Equipamento das necesidades básicas.

Ao igual que en anos anteriores, durante o ano 2014 cubríronse as necesidades básicas solicitadas polas escolas infantís a través do programa de compensación de materiais (deseñado, planificado, xestionado e distribuído polo equipo de atención educativa).

▶ Plataforma escolasinfantis.net.

No ano 2014 a Universidade de Vigo deixa de xestionar esta plataforma. No primeiro cuadrimestre deste ano adxudícase a xestión a empresa DousCents Consulting. Así mesmo a plataforma muda de enderezo web e pasa a denominarse escolasinfantisdegalicia.es

Este portal educativo permite a consulta de diversos recursos (audiovisuais, audio, artigos temáticos...) ademais de poñer á disposición de toda a comunidade educativa as experiencias educativas das escolas infantís da Rede A Galiña Azul.

Outra das ferramentas das que dispón esta plataforma é o planeta de blogs, que serve como medio de intercambio de opinións, experiencias e achegas e que vén recibindo máis de 175.000 visitas e máis de 1.000.000 de páxinas vistas.

No 2014 o equipo de atención educativa continúa coa publicación de diversos materiais no blogue "Tecendo os fíos na Rede" poñendo á disposición de toda a comunidade educativa os documentos desenvolvidos a partir da análise, valoración e posta en común do conxunto de profesionais das escolas infantís, así como o resumo do traballado nos cursos

de formación de gran formato. Neste blogue tamén se organiza unha biblioteca virtual que recolle os títulos máis vencellados á etapa educativa de 0 a 3 anos que se teñen á disposición dentro do google libros. Todos estes títulos poden ser visualizados parcialmente. Por outra banda, o blogue pon á disposición das escolas unha ligazón para ver a canle de youtube do equipo de atención educativa, no que se organizan vídeos sobre experiencias educativas, congresos, conferencias, documentais... en relación co ciclo 0-3.

Fortalecemento do proxecto educativo

O proxecto educativo marco das escolas infantís do Consorcio recolle, baseándose na lexislación vixente, os aspectos educativos mínimos que se teñen que levar a cabo en todas as escolas do consorcio.

Neste contexto, seguindo a liña de anos anteriores, o equipo de atención educativa levou a cabo unha viaxe de estudo ao centro “Parvulario Santoro” pertencente ao Pelouro “Centro Singular Experimental de Innovación Psicopedagóxica e Integración” (Decreto 198/1988: DOGA nº 151, III, pág. 3503).

Esta viaxe de estudo permitiu: ver e coñecer outra realidade e prácticas educativas no tramo 0-3 anos; posibilitar un foro de debate e intercambios de aprendizaxe con outros profesionais doutras realidades na procura da construción dunha escola de calidade; observar estas experiencias pedagóxicas e a análise e reflexión a partir delas, co obxecto de promover a renovación conceptual e o acompañamento ás escolas da nosa rede. A visión externa desta realidade educativa axudou a visualizar os puntos fortes e os puntos febles do proxecto educativo de cara a fortalecer o bo traballo desenvolvido dentro das escolas infantís. Neste senso, estase a finalizar unha guía que recolle os aspectos básicos sobre a construción dun proxecto educativo no 0-3, co obxectivo de axudar á actualización e á mellora do proxecto educativo marco desta rede de escolas.

No curso 2014-2015 establécese, para todas as escolas do Consorcio, unha proposta de período de adaptación, que parte do proxecto piloto levado a cabo sobre esta temática, en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, e posto en práctica na escola infantil de Vigo Valadares no curso anterior. Trátase dun novo deseño, planificación e organización do período de adaptación baseado na recolleita das boas prácticas realizadas noutros contextos.

No 2014 créanse 7 centros de recursos, aos que están adheridos as diferentes escolas de xestión directa do Consorcio, nas seguintes escolas: Ourense Barrocás, Vilagarcía de Arousa, Mondoñedo, Viana do Bolo, Ferrol, Silleda e Culleredo O Burgo. Trátase dun proxecto que busca achegar aos profesionais os recursos bibliográficos relacionados con referencias básicas e fundamentais para desenvolver o traballo na escola infantil 0-3. O fondo bibliográfico consta de 50 títulos de recente publicación que abordan diversas temáticas sobre a primeira infancia, tales como: psicomotricidade, movemento, xogo, psicoloxía, atención á diversidade, pedagogía, historia da educación, etc. Todas elas pretenden contribuír ao coñecemento de investigacións, estudos e experiencias sobre esta etapa da infancia. Deste xeito, as e os profesionais do 0-3 poden debater, desenvolver, reflexionar, compartir ou avaliar a propia práctica educativa diaria, e as necesidades educativas dos nenos e familias, sempre dun xeito respectuoso, crítico e responsable coa infancia en xeral, e estendendo as boas prácticas á sociedade no seu conxunto, unha sociedade cada vez máis informada e esixente coas necesidades e o coidado da infancia.

Formación continua do persoal das escolas infantís

O Plan de formación do ano 2014, deseñado en colaboración coa Dirección Xeral de Familia e Inclusión, contou cunha planificación de 22 cursos semipresenciais de 16 horas sobre diferentes temáticas: o período de adaptación,

agrupamentos heteroxéneos na escola infantil, o momento de hixiene, o momento de comedor, a maxia das palabras, a atención á diversidade...

Por outra banda, levouse a cabo un curso de gran formato en Vilagarcía de Arousa no que se formaron case 400 asistentes. Nel, afondouse na atención privilexiada dos coidados na escola infantil 0-3: relación adulto-neno/a. Contouse coa presenza de Teresa Godall (especialista na primeira infancia) para desenvolver a conferencia plenaria e con comunicacións por parte de diferentes escolas do Consorcio. Un dos obxectivos principais desta acción formativa foi o de facilitar o coñecemento e intercambio das prácticas que se están desenvolvendo no ámbito da educación infantil 0-3, tendo como eixe principal a relación adulto-neno durante o día a día na escola infantil.

Destaca como novidade deste plan a reformulación e impulso da formación en centros. Reformulouse coa intención de levar adiante unha formación máis apegada ás necesidades sentidas polos equipos das diferentes escolas, coa finalidade de mellorar a acción diaria nos centros, tentando aproveitar os recursos propios e do contorno, e enriquecer as experiencias diarias da vida da escola. Esta modalidade de formación en centros estrutúrase en dúas partes diferenciadas: por unha banda, os seminarios, que son accións formativas que se poden planificar e desenvolver nun momento puntual do curso escolar; e por outra banda, os proxectos de formación por curso, que é unha proposta de traballo conxunto e colaborativo na escola infantil, que se prolonga durante todo o curso escolar e que pretende afondar nalgún aspecto nuclear para o deseño e desenvolvemento da planificación didáctica, así como de busca de fórmulas de sensibilización dos/as integrantes do equipo con determinadas metodoloxías de traballo. Ambas modalidades poderán contar coa colaboración desinteresada de persoas do contexto próximo.

Neste tipo de formación, o modelo que se emprega é o da investigación-acción, no que o profesorado pasa de ser

obxecto da formación a ser suxeito de acción, en colaboración cos seus compañeiros e compañeiras, establecendo, baixo un marco común, un determinado concepto de desenvolvemento profesional e persoal e, por tanto, de identidade docente.

Difusión e publicacións

No mes de xuño do 2014, o equipo de atención educativa realiza unha comunicación sobre o tratamento da música na escola infantil 0-3, dentro das Xornadas de Música na Primeira Infancia, organizado pola Vicerreitoría de estudantes, cultura e formación continua da Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo, no mes de outubro levan a cabo outra comunicación en relación cos tipos de materiais na escola infantil 0-3. Tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación, dentro da materia de Organización e Xestión da aula, do Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil.

Atención á diversidade: nenas/os con necesidades educativas de apoio específico

No ano 2014 actualizouse, como cada ano, o rexistro de nenos e nenas cun diagnóstico que implica necesidades específicas de apoio educativo. Neste senso, na liña de dar continuidade ao protocolo de acción iniciado dentro da Rede de escolas para estas nenas e nenos diagnosticados/con sospeita/situacións de risco social, apostouse por dar prioridade a un maior seguimento e acompañamento aos equipos das escolas e aumentar na medida do posible a realización de contactos máis frecuentes e continuados con elas por parte do Equipo de Atención Educativa (Comisión NEAE principalmente).

Por outra banda, elaborouse un documento no que se concretou o protocolo de accións para a solicitude das nenas e nenos que son susceptibles de flexibilización nos centros do consorcio e que se trasladou a todas as escolas.

A observación e documentación por escrito das cativas e cativos, facilitou un modelo, a maiores, do Informe de observación e seguimento, no que se recolle a información a través dos distintos momentos da xornada, para que as/os profesionais da escola puidesen elixir aquel que se acomodase mellor á súa estruturación na recollida de información.

Nesta liña, continuáronse as canles de comunicación e coordinación co Equipo de Orientación Específica da provincia da Coruña e iniciáronse contactos cos das outras provincias da nosa comunidade.

Tamén se afianzou a comunicación co Equipo de Atención Temperá da Coruña a través dunha xuntanza na que se concretaron liñas de comunicación e colaboración conxunta na atención de nenos con necesidades específicas de apoio educativo xunto ás súas familias. Concretando, ademais, outras posteriores de forma continuada para o vindeiro curso.

5.1.1.2 Centros infantís 0-3 dependentes de corporacións locais

Ata o ano 2011, os centros infantís municipais concorían a unha orde anual de axudas para o seu mantemento específica para os centros dependentes das corporacións locais. En 2014, estes centros infantís municipais, destinados a nenos e nenas menores de 3 anos, puideron optar a estas axudas a través do sistema de financiamento previsto para os servizos sociais comunitarios.

Este ano 2014, subvencionáronse a través deste programa un total de 102 centros infantís municipais.


Normativa:

- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG n.º 63, do 30.03.2012).

Centros dependentes de corporacións locais subvencionados no ano 2014

Concepto: mantemento

Centros Infantís 0-3		
	nº de centros	Contía das axudas
A Coruña	38	1.011.000,00
Lugo	26	361.642,44
Ourense	12	200.476,18
Pontevedra	26	647.632,88
Total	102	2.220.751,50



5.1.1.3 Escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social


Co fin de ampliar a rede de recursos públicos para a primeira infancia de cero a tres anos, a Consellería de Traballo e Benestar publica anualmente unha convocatoria de axudas para o mantemento de escolas infantís dependentes de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Normativa:

- Orde do 28 de febreiro de 2014 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria. (DOG n.º 45 do 06.03.2014).

Escolas infantís 0-3 de entidades de iniciativa social subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar

	N.º de centros	N.º de prazas	Contía das axudas
A Coruña	17	877	928.593,88
Lugo	2	60	74.132,00
Ourense	2	43	55.599,00
Pontevedra	26	1.692	1.919.152,00
Total	47	2.672	2.977.476,88



5.1.2 Programas e servizos

5.1.2.1 Creación de novas escolas infantís 0-3

Co fin de ampliar a rede de escolas infantís de titularidade pública, no ano 2014 a Consellería de Traballo e Benestar inviste un total de 29.943,30 euros na escola infantil municipal de Meira, para a posta en funcionamento dunha escola con 41 prazas

5.1.2.2 Programa do Cheque Infantil

Como cada ano, no 2014, a Consellería publica a convocatoria do programa Cheque infantil, que se materializa nunha axuda económica directa ás familias dos nenos e das nenas que quedan en lista de espera nas escolas infantís públicas ou sostidas con fondos públicos, ou que residen en concellos nos que non existen recursos públicos, con fin

de contribuír ao pagamento total ou parcial dunha praza nunha escola infantil privada da súa elección.

Neste exercicio, o crédito para este programa ascende a un total de 1.820.941,80 euros e concedéronse 1.335 cheques, cuxas contías oscilan entre 22,5 euros/mes e 250 euros/mes, en función da aplicación do baremo que se publica na propia orde de convocatoria e dos horarios e servizos solicitados polas familias beneficiarias.

Normativa:

- Orde do 21 de abril de 2014, pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos, a través do programa Cheque infantil, e se procede á súa convocatoria (DOG nº. 79, do 25.04.2014).

5.1.2.3 Formación permanente das e dos profesionais

No ano 2014 convócase o Plan anual de formación permanente para o persoal da Rede de escolas infantís 0-3 de Galicia, orientado á actualización científica e didáctica dos profesionais das escolas infantís xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O orzamento consignado para este plan é de 20.000 euros.

A convocatoria contempla dúas modalidades de formación: os cursos de actualización científica e didáctica e a formación en centros.

A oferta de cursos de 2014, dirixida a profesionais da educación infantil de forma individual, contempla as seguintes actividades formativas:

Curso	Edicións	Prazas/curso
Atención privilexiada dos coidados na escola infantil 0-3: a relación adulto-neno/a	1	750
O momento do comedor na escola infantil 0-3	3	30
O momento da hixiene na escola infantil 0-3	2	30

Atención á diversidade: situación de risco social	2	30
A interacción adulto-neno/a na escola infantil 0-3	4	30
A maxia das palabras e dos contos na escola infantil 0-3	2	30
Descubrir xogando na escola infantil 0-3: o cesto dos tesouros e o xogo heurístico	2	30
Os agrupamentos heteroxéneos na escola infantil 0-3 anos	2	30
Os proxectos de formación por curso na escola infantil 0-3: coordinación e dinamización	1	30
A comunicación asertiva na escola infantil 0-3	2	30
O período de adaptación na escola infantil	2	30

A formación en centros constitúe unha modalidade formativa dirixida aos equipos educativos das escolas infantís que pretende servir para iniciar unha dinámica de traballo conxunta, afondar nalgún aspecto considerado nuclear para o deseño e desenvolvemento da planificación didáctica ou para sensibilizalos cunha forma concreta de traballo.

Dentro desta modalidade de formación en centros, o plan distingue entre seminarios e proxectos de formación por curso que, ademais doutras características diferenciais significativas, diferéncianse pola súa duración. Nos seminarios encádranse aquelas accións formativas que se poden planificar nun momento puntual do curso escolar, mentres que os proxectos de formación son propostas de traballo conxunto que se estenden durante todo o curso escolar.

As temáticas que se tratan, tanto nos seminarios como nos proxectos de formación por curso, deben estar directamente relacionadas co proxecto educativo e co traballo diario na escola infantil e encádranse nos seguintes eixos:

- A alimentación na escola infantil.
- O deseño de espazos e ambientes na escola infantil.
- A hixiene e o descanso na escola infantil.
- O xogo.

- O tratamento da psicomotricidade na escola infantil.
- A comunicación e a participación das familias na escola infantil.

Normativa:

- Orde do 12 de setembro de 2014 pola que se regulan as bases que rexerán o Plan de formación permanente para o persoal da Rede de escolas infantís 0-3 de Galicia e se convocan as actividades para o curso 2014 (DOG nº. 179 do 19.09.2014).

5.1.2.4 Familias numerosas

A normativa vixente en materia de familias numerosas vén recollida na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE nº 277, do 19.11.2003) e o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da dita lei (BOE nº 15, do 18.01.2006).

Entre os seus preceptos cabe salientar a clasificación das familias numerosas en dúas categorías: xeral (familias con menos de 5 fillos) e especial (familias con 5 ou máis fillos).


Esta clasificación matízase coa introdución dalgúns criterios cualitativos: a condición de discapacidade dos fillos, a renda familiar per cápita e o feito dos partos, adopcións ou acollementos múltiples.

Posteriormente, a Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, na disposición adicional décimo terceira, amplía o concepto de familia numerosa ao pai ou nai con dous/dúas fillos/as cando falecese o outro proxenitor.

A expedición do título de familia numerosa dá dereito a beneficios de diversa índole entre os que se poden destacar as reducións nas matrículas universitarias, descontos nos medios de transporte: interurbano de viaxeiros, marítimo, aéreo e por ferrocarril, compra de vivenda habitual, etc.


O número de títulos tramitados no 2014 ascende a 9.087; repartidos por provincia e categorías tal e como se reflicte na táboa que se xunta.

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	3.374	483	3.857
Lugo	678	57	735
Ourense	668	81	749
Pontevedra	3.257	489	3.746
Total	7.977	1.110	9.087



O número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2014 era de 19.081.

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	7.343	613	7.956
Lugo	1.616	95	1.711
Ourense	1.549	164	1.713
Pontevedra	7.056	645	7.701
Total	17.564	1.517	19.081



A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia (BOE nº 134, do 13.01.2011), recoñece no capítulo II a especial consideración de determinadas familias, entre as que se atopan aquelas con fillos ou fillas concibidos ou concibidas e non nados ou nadas.

Así o artigo 10 da dita lei sinala que teñen a consideración de familias numerosas aquelas que reúnan as condicións que determina a Lei 4/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Segue a dicir que, para os efectos desta lei, asimilárase a descendente, o fillo ou a filla concibido ou concibida, e sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña un maior beneficio.

Pola súa parte, o artigo 12 establece a forma en que debe acreditarse a condición de concibido ou concibida e non nado ou nada, que é mediante o carné familiar galego. Así mesmo, indícase que este documento terá efectos unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade, a asimilación á condición de familia numerosa está a realizarse mediante a emisión dun certificado que ademais dos datos persoais recolle a categoría na que se encadra a familia que se recoñece como numerosa e a data de caducidade deste.

Durante o ano 2014 foron expedidos 48 certificados, todos eles de categoría xeral.

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	36	0	36
Lugo	1	0	1
Ourense	1	0	1
Pontevedra	10	0	10
Total	48	0	48

5.1.2.5 Carné familiar

Dentro da política do Goberno en apoio á familia, a Xunta de Galicia puxo en marcha, durante o ano 2001, un novo programa de apoio ás familias numerosas denominado “carné familiar”.

Concíbese como unha medida de apoio social baseada na colaboración entre a Administración autonómica e a iniciativa privada que ten como obxectivo facilitar o acceso das familias numerosas a distintos bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxe e que amplía e complementa os beneficios que actualmente outorga o título oficial de familia numerosa.

O carné familiar é unha tarxeta non financeira, persoal e intransferible ao dispor dos membros das familias numerosas que soliciten a expedición do carné familiar.

No ano 2014 déronse de alta e de baixa entidades. Na actualidade son 1.297 entidades as que colaboran e que benefician a unhas 56.777 persoas.

O número de tarxetas por provincias en vigor ata 31/12/2014 son as seguintes:

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	23.074	2.229	25.303
Lugo	4.473	273	4.746
Ourense	5.166	582	5.748
Pontevedra	19.217	1.763	20.980
Total	51.930	4.847	56.777

O teléfono de información para este programa (981.957.027) recolle todas as dúbidas en temas relacionados co carné familiar ou co título de familia numerosa.

5.1.2.6 Transporte metropolitano de Galicia. Aplicación social para as familias numerosas

<http://benestar.xunta.es/web/portal/aplicacion-social-do-transporte-metropolitano-de-galicia>



A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Traballo e Benestar asinaron o día 7/11/2014 un acordo de colaboración para estender os descontos establecidos para o transporte interurbano de viaxeiros na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia, nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo.

Estes descontos serán do:

- 20 % - categoría xeral
- 50 % - categoría especial

Esta actuación estaba prevista no Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 na área de intervención 3, “Apoio ás familias”, obxectivo estratéxico 4, “facilitar o acceso ao transporte e á mobilidade das familias”, medida 2, “mellora do acceso ao transporte público”, e na medida 35 da Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte, “Plan de transporte metropolitano de Galicia. Programa Tarifario. Políticas sociais”, co fin de favorecer a mobilidade das familias e os seus membros e promover unha maior utilización do transporte público, en especial das familias de especial consideración recollidas na Lei 3/2011.

Persoas beneficiarias:

Calquera persoa membro dunha familia numerosa de Galicia (maior de 5 anos) que solicite a súa alta na aplicación social na Dirección Xeral de Familia e Inclusión, que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar incluída dentro dun título oficial de familia numerosa.
- Ser titular dun contrato individual de tarxeta metropolitana de Galicia (TMG) asinado coa empresa colaboradora (ABANCA). No caso de persoas menores de idade o contrato será subscrito polas persoas proxenitoras, titoras ou gardadoras.
- Cubrir o impreso de solicitude de alta na aplicación social xestionada pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Achegar, xunto coa solicitude, unha copia do contrato individual e unha copia da propia tarxeta.

Validez:

O período no que se aplican os descontos correspondentes por familia numerosa coincide co período de validez do propio título de familia numerosa. Polo tanto, cada vez que se renove o título de familia numerosa, deberá comunicarse á Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que efectúe a correspondente modificación do período de validez na aplicación social.

Bonificacións:

As bonificacións por familia numerosa comezarán a aplicarse a partir do 1 de decembro de 2014 e serán acumulables a calquera outra que lle puidese corresponder pola pertenza a outro colectivo con bonificación, cun límite máximo do 100% da viaxe.

As bonificacións percíbense sempre ao final do mes seguinte a aquel no que se xere o dereito ao desconto

correspondente, con efectividade desde o día 1 do mes seguinte. Así, os descontos acumulados no mes de decembro, serán computados a finais do mes de xaneiro e estarán dispoñibles para as persoas usuarias a partir do 1 de febreiro.

O prazo para que as persoas usuarias acepten a bonificación é de 2 meses dende a data en que esta se pon á súa disposición. De non aceptar a bonificación neste prazo, perderase o dereito a ela. Esta caducidade só afecta as bonificacións correspondentes, en ningún caso afecta o saldo da tarxeta.

As bonificacións acumuladas poderán facerse efectivas en calquera caixeiro de ABANCA e en calquera das tarxetas da persoa titular.

- ▶ O número de altas na aplicación social do transporte metropolitano de Galicia para familias numerosas no mes de decembro de 2014 ascendeu a 259.

5.1.2.7 Portal www.familiasgalegas.org

Este portal web concibiuse para crear unha canle de comunicación e información coas familias en xeral, e como espazo de traballo para a rede de profesionais da educación familiar.

Baixo a ligazón www.familiasgalegas.org desenvólvese unha páxina web pública que oferta información e servizos de especial interese para as familias.

O portal estruturárase nun menú principal e 7 seccións (trámites, guía de comunicación, preguntas frecuentes, axudas/subvencións, documentación, novas/avisos, ligazóns).

No menú principal, as familias galegas poden atopar información sobre os seguintes recursos, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, destinados ás familias:

Recursos	Número de visitas
Guía de recursos para as familias	4.801
Mediación familiar	2.856
Registro de persoas mediadoras de Galicia	789
Mediación intraxudicial	2.628
Puntos de encontro familiar *	241
Gabinetes de orientación familiar (inclúe o servizo de información en liña)	3.527
Axudas ás familias numerosas	5.095
Carné familiar	2.783
Prestación económica por filla ou fillo menor de 3 anos	7.327
Axudicación de prazas nas escolas infantís 0-3	3.730
Residencias de tempo libre	18.209

*Os puntos de encontro familiar é un contido novo, que figura no menú da páxina dende outubro de 2014.

As sete seccións están destinadas a diferentes contidos dinámicos e a trámites como a renovación do carné familiar galego e a solicitude da mediación familiar. Entre os contidos dinámicos pódense destacar as seccións de axudas e subvencións (23.793 visitas) e de novas/avisos (65.659 visitas), que son actualizadas practicamente a diario e nas que as familias galegas poden atopar información sobre calquera axuda, subvención, recurso ou beneficio que poida ser de interese para elas ou para calquera dos seus membros.

5.1.2.8 Prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Xunta de Galicia co fin de paliar, na medida do posible, os gastos dos primeiros anos de crianza dun fillo/a

estableceu, hai algúns anos, deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas polo nacemento de fillos/as. Non obstante non todas as persoas teñen obriga de efectuar a dita declaración e son precisamente as de menor capacidade económica. A través destas axudas directas, a Xunta de Galicia pretende equiparar este colectivo de persoas, con aqueles que gozan da correspondente dedución fiscal.

A disposición adicional oitava da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG n.º 249, do 31.12.2013), establece que aquelas persoas que, con data 1 de xaneiro de 2014, tivesen ao seu cargo fillos e fillas menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, durante o ano 2012, nin elas nin ningún dos membros da súa unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración polo IRPF correspondente a ese período nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

En desenvolvemento desta disposición publicouse a Orde do 11 de marzo de 2014, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión da prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos para o ano 2014 (DOG n.º. 52, do 17.03.2014).

- ▶ **No ano 2014 presentáronse 6.032 solicitudes, das que 3.106 foron favorables e 2.926 desfavorables.**
- ▶ **Orzamento: 1.186.560 euros.**

5.1.2.9 Gabinetes de orientación familiar (GOF)

O Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG n.º 45, do 06.03.2000), modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG n.º 222, do 14.11.2003) (Corrección de erros: DOG n.º 235, do 03.12.2003), e pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á fa-

milia e á convivencia de Galicia (DOG n.º 134, do 13.07.2011), no artigo 9 sinala que os Gabinetes de orientación familiar se constitúen como un recurso especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de risco que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia no título I (da familia), capítulo VI (de apoio familiar e da mediación), dedica a sección 1ª, artigos 32 e 33 ao apoio familiar entendido como un proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, á solución de problemas e á toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares.

Establece que no apoio familiar abordaranse os problemas que poidan xurdir na familia e por extensión nos membros que a compoñen, prestándolles especial atención ao interese superior e á vulnerabilidade das e dos menores, e atendendo nomeadamente:

- a) As crises do ciclo vital da familia.
- b) As situacións de conflito.
- c) A viabilidade adaptativa do grupo familiar: apoio, protección e desenvolvemento.

E indica que o apoio familiar comprenderá os seguintes niveis de atención:

- a) Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- b) Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- c) Preventivo, de preparación perante as distintas etapas

ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.

- d) Axuda persoal e emocional, ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por desgrazas inesperadas, tanto formal a través da terapia familiar como informal a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar.
- e) Orientación, acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no proceso de planificación de apoios.
- f) Terapia e tratamento, co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.

Establecendo como finalidade do apoio familiar o fortalecemento, o enriquecemento e a mellora da calidade de vida das persoas no seo familiar e da familia como grupo.

Os gabinetes de orientación (GOF) constitúense como un recurso público de carácter multidisciplinar para a atención de conflitos familiares e coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Este programa pretende axudar as familias que así o requiran a solucionar situacións de crise ou conflito, eliminando ou, cando menos, atenuando as consecuencias que estas levan aparelladas, previndo e evitando especialmente a implicación das/dos fillas/os nos conflitos dos seus pais.

Trátase dun servizo que actúa como un recurso en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Os gabinetes de orientación familiar, dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía.

Entre os seus obxectivos destácanse:

- ▶ Informar e asesorar tecnicamente as familias sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- ▶ Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizadas de convivencia.
- ▶ Dotar as familias das habilidades necesarias para afrontar as súas necesidades.
- ▶ Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflictividade.
- ▶ Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- ▶ Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopan inmersas en procesos de conflictividade familiar.

Os servizos concretos que os gabinetes de orientación familiar poñen á disposición dos usuarios, son os seguintes:

- ▶ Asesoramento sobre aqueles servizos de interese social e comunitario, públicos ou privados, que posibiliten a integración das persoas en redes de apoio social e asesoramento xurídico legal en casos de separación matrimonial, divorcio ou incumprimento de acordos e convenios reguladores.
- ▶ Mediación familiar dirixida a promover procesos de negociación entre os membros da familia co obxecto de acadar acordos que resolvan os conflitos entre outros membros da familia (pais/nais, fillas/os, avoas/ós, etc).
- ▶ Apoio e orientación psicosocial en casos de conflictividade ou crise familiar, conxugal ou interxeracional. Prevención e intervención ante crises específicas dos procesos de educación e crianza das/os fillas/os. Apoio e orientación ás familias en procesos de reestruturación por entrada ou saída dalgún membro no sistema familiar

Para o seguimento do programa, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión implementou unha aplicación informática que posibilita dispoñer en todo momento dos datos actualizados dos distintos Gabinetes.

► GOF/ Seguimento anual 2014:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Vigo	TOTAL
Demandas					
Recibidas	148	141	174	178	641
Reorientadas	8	1	0	0	9
Atendidas	148	141	174	178	641
Tipoloxía demandas atendidas					
Conflicto por ruptura de convivencia	35	58	101	60	254
Crise na parella	30	8	7	14	59
Crise materno ou paterno-filial	40	43	22	64	169
Crise de familia extensa	5	11	2	5	23
Crise mixta	11	9	10	4	34
Outra	27	12	32	31	102
Demandantes de atención					
Mulleres	126	112	165	120	523
Homes	55	61	129	84	329
Parellas	14	23	10	28	75
Grupos familiares	8	47	23	26	104

En xullo de 2012 púxose en marcha o GOF virtual, co que se pretende proporcionar ás familias ou a calquera persoa interesada, información e asesoramento gratuíto por parte de profesionais especializados no ámbito da familia e infancia sobre diversas cuestións: servizos, recursos sociais, programas, disposicións legais, etc., pero sen entrar en ningún momento a dar directrices técnicas sobre pautas de comportamento. Este servizo está dispoñible na páxina web <http://familiasgalegas.org/>, no apartado "GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR", dentro do menú principal.

O resultado do ano 2014 foi o seguinte:

	Mulleres	Homes	Total
Menores de 12 anos	-	-	0
De 13 a 18 anos	1	-	1
De 19 a 30 anos	-	-	0
De 31 a 65 anos	11	4	15
Maiores de 65 anos	-	-	0
Total	12	4	16

5.1.2.10 Programa de puntos de encontro familiar

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG n.º 134, do 13.07. 2011) e, ata o ano 2014, polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro (DOG n.º 17, do 26.01.2009) (Corrección de erros DOG n.º 33, do 17.02.2009)

En 2014, o día 1 de novembro, entrou en vigor o Decreto 96/2014, do 13 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia que derroga o anterior Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, e introduce substanciais cambios normativos, en especial no procedemento de acceso e derivación aos puntos de encontro familiar. Así, coa súa entrada en vigor, o acceso aos PEF deixa de facerse por derivación do órgano xudicial ou do órgano administrativo competente en materia de Servizos Sociais, nos supostos de menores nos que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou garda, e pasa a realizarse exclusivamente por derivación do órgano de dirección competente en materia de familia da consellería con competencia en materia de familia e menores.

En virtude do establecido no artigo 11 do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, e de conformidade co establecido no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, o órgano competente para resolver sobre a derivación dun caso aos puntos de encontro familiar de Galicia é a Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar.

Un punto de encontro familiar é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Estas asociacións actúan baixo a coordinación da Dirección Xeral de Familia e Inclusión e na máis estreita

colaboración co Poder Xudicial e co Ministerio Fiscal. Os puntos de encontro que integran a rede galega están situados nas sete grandes cidades de Galicia.

Os puntos de encontro teñen un carácter multidisciplinar e están integrados por expertos en intervención psicofamiliar, dereito de familia e mediación familiar. Ademais poderán contar coa colaboración de persoal voluntario naquelas tarefas que os profesionais dos puntos de encontro estimen axeitadas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou resulta difícil ou conflictivo o seu cumprimento.

Intervencións que se levan a cabo:

- ▶ Intercambio das/dos menores. Consiste na entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar.
- ▶ Visitas tuteladas. Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a tutela dunha persoa profesional que orienta os proxenitores e as fillas e fillos, e supervisa o desenvolvemento do tempo que comparten.
- ▶ Intercambio das/dos menores con posibilidade de permanencia no punto de encontro familiar. Está pensado para aqueles supostos nos que o proxenitor/a con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

Para o mantemento da Rede de puntos de encontro destináronse no ano 2014 un total 681.015,56 euros, que se distribuíron como segue:

PEF:	Importe en euros
A Coruña	99.198,49
Lugo	72.820,00
Ferrol	93.000,00
Ourense	85.620,57
Santiago de Compostela	79.395,74
Vigo	137.499,96
Pontevedra	113.480,80
Total	681.015,56

Dende o día 1 de novembro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014 a Dirección Xeral de Familia e Inclusión derivou un total de 42 casos aos puntos de encontro familiar.

► **Resumo do seguimento anual 2014:**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago	TOTAL
Expedientes								
Novos	63	41	26	35	75	50	47	337
Pechados	38	23	47	41	59	49	72	329
Permanecen abertos	130	97	83	124	245	158	155	992
Por violencia de xénero	70	49	12	2	63	36	54	286
Usuarios/as								
Menores	159	128	110	140	296	213	217	1.263
Adultos								
Homes	275	85	78	241	283	172	220	1.354
Mulleres	297	87	93	141	377	188	225	1.408
Tipos de intervención								
Intercambios	3.203	1.524	2.546	4.592	8.417	4.749	2.522	27.553
Visitas tuteladas	121	287	235	0	1.611	358	422	3.034
Visitas s. supervisar	742	278	432	1.160	788	512	564	4.476

Nota: Os datos refírense aos casos atendidos durante o ano 2014, incluídos os que veñen de anos anteriores.

5.1.2.11 Programa de apoio a familias monoparentais

O obxecto deste programa é a prestación de apoio ás familias formadas por un único proxenitor con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas que teñen como finalidade: potenciar a autonomía das familias monoparentais, axudar á crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de formación laboral ou formación continua e posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional, facilitar que estes proxenitores sós poidan participar en igualdade de oportunidades e dispoñan de tempo para realizar actividades sociais ou culturais e previr situacións de risco social.

O programa vense desenvolvendo desde o ano 2000. No ano 2014 asinouse un convenio coa entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.

► Orzamento e beneficiarios:

Con este convenio beneficiáronse un total de **40 familias e 60 menores**, o que supuxo un investimento total de **25.000 euros**.

5.1.2.12 Programa de apoio psicolóxico-terapéutico

Como medida de apoio psicolóxico-terapéutico a familias con nenas e nenos con enfermidades de longa duración ou terminais, o 03.12.2014 asinouse un convenio de colaboración coa Fundación Andrea (Entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten, entre outras funcións, a protección e defensa das familias que teñen nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais).

Este programa concíbese como un servizo asistencial para a normalización da convivencia para aquelas fami-

lias destes nenos e nenas que carezan de medios e recursos axeitados.

► Orzamento e beneficiarios:

Con este convenio beneficiáronse un total de **50 persoas**, o que supuxo un investimento para a Consellería de **11.564,16 euros**.

5.1.2.13 Programa de mediación familiar

A mediación familiar na nosa comunidade autónoma está regulada pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG n.º 134, do 16.06.2011), pola Lei 4/2001, do 31 de maio, de mediación familiar en Galicia (DOG n.º 117, do 18.06.2001) e o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro (DOG n.º 34, do 18.02.2003), polo que se regula a figura da/do mediadora/r familiar e créase e régúlase o Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia, no que preceptivamente deberán estar inscritas/os as/os mediadoras/es, tal como prescribe o artigo 18 da Lei 4/2001, do 31 de maio.

O artigo 18 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, recoñece o dereito á mediación gratuíta aos usuarios que reúnan ou poidan reunir a condición de beneficiarios do dereito de asistencia xurídica gratuíta de conformidade cos criterios establecidos na Lei 1/1996, de 10 xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (BOE n.º 11, do 12.11.1996).

A Orde do 3 de xuño de 2008, fixa as tarifas da mediación familiar en Galicia (DOG n.º 116, do 17.06.2008), actualizando as tarifas fixadas pola derogada Orde do 12 de xuño de 2003.

O Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia, así como a mediación familiar, está xestionado pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión e constitúe o instrumento básico de control, organización e publicidade das persoas mediadoras inscritas.

Mediación familiar

A mediación familiar é un procedemento de carácter voluntario dirixido a facilitar a comunicación entre os membros da familia co fin de que xestionen por si mesmos unha solución aos conflitos que os afecten coa intervención dunha persoa mediadora, quen actuará de forma neutral, imparcial e confidencial.

A mediación familiar pode utilizarse tanto con carácter previo á iniciación dun procedemento xudicial como para achar saída a procedementos en curso. Constitúe un recurso de axuda ás parellas que teñen ou tiveron unha relación cara a facilitar a participación activa e a responsabilidade de cada membro da parella na toma das decisións necesarias tendentes a solucionar aqueles aspectos problemáticos que se derivan da ruptura da súa unión.

Entre os principais obxectivos da mediación familiar están:

- ▶ A procura común de solucións satisfactorias e duradeiras no tempo.
- ▶ Minimizar o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia.
- ▶ Restablecer e/ou mellorar as relacións, presentes e futuras, entre as partes en conflito.
- ▶ Evitar a instrumentalización dos demais membros da familia, e, en especial, das e dos menores.
- ▶ Asegurar a protección do interese superior da ou do menor e do seu benestar.
- ▶ Favorecer a responsabilidade parenteral compartida.

Desde a entrada en vigor do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, inscribíronse no Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia 489 mediadores/as e só se produciron 8 solicitudes de baixa de xeito que as inscricións vixentes actualmente son de 481.

No ano 2014 inscribíronse un total de 78 mediadoras/es.

A súa distribución por provincias é a que segue:

	Mediadores/as	Baixas
A Coruña	209	6
Lugo	38	0
Ourense	65	1
Pontevedra	177	1
Total	489	8

O Procedemento de mediación, entre os anos 2003 e 2014 recibiu un total de 160 solicitudes, realizándose un total de 112 mediacións, das que 78 remataron con acordo total ou parcial e 34 remataron sen acordo. Destas 112 mediacións 79 foron gratuítas.

O número de solicitudes de mediación no ano 2014 foi de 12, realizáronse un total de 4, das cales 3 remataron con acordo.

Mediación familiar extraxudicial		
	2014	2003-2014
Solicitudes	12	160
Mediacións realizadas	4	112
Dereito á mediación gratuíta*	3	79
Rematadas sen acordo	1	34
Rematadas con acordo	3	78

* Durante os anos 2007 a 2010, existía o programa mediagal a través do cal, todas as solicitudes de mediación presentadas tiñan carácter gratuíta; foron 44 as realizadas a través deste programa.

A mediación familiar intraxudicial

No mes de marzo de 2009, púxose en marcha un programa de mediación intraxudicial de forma experimental en Santiago de Compostela. Para a súa implantación asinou un convenio de colaboración co Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Santiago.

No ano 2010 asinouse un novo convenio coas mesmas entidades para o desenvolvemento do dito programa de mediación intraxudicial.

A finais do ano 2010, trasladouse a experiencia de Santiago de Compostela a Ourense para o que se asinou o correspondente convenio de colaboración co Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense para poñer en funcionamento o dito programa.

Nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014, asináronse novos convenios coas mesmas entidades para o desenvolvemento do programa de mediación intraxudicial nas cidades de Santiago de Compostela e Ourense.

A mediación intraxudicial é aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado, podería ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais:

Os seus beneficios e as súas vantaxes son:

- É un proceso gratuíto e, en todo caso, diminúe o custo económico e emocional da ruptura. Con tres a oito sesións, de hora e media de duración, poderíase alcanzar un acordo duradeiro e mutuamente aceptado que só necesita ser ratificado xudicialmente. Isto evita trámites procesuais e posibles incidentes xudiciais, co conseguinte custo económico e emocional.
- É máis flexible e creativo que o ríxido proceso xudicial, admitindo todo tipo de alternativas e respectando o interese superior dos menores e os principios de orde pública e deontoloxía profesional.
- Evita a xudicialización innecesaria dos conflitos e, sobre todo, caer nunha dinámica de crecente confrontación entre os proxenitores, polo enquistamento de posicións. Tamén, se reduce o risco de que os/as menores se utilicen como moeda de cambio na negociación.

As características máis importantes do programa de mediación intraxudicial son:

- A brevidade do proceso de mediación intraxudicial que reduce a dolorosa carga emocional, asociada a todo proceso de ruptura.
- A cobertura por parte dun equipo de mediadores profesionais, provenientes do mundo do dereito e da psicoloxía, de recoñecida experiencia e capacidade que desenvolverá o proceso, atendendo aos principios de neutralidade, obxectividade, imparcialidade e confidencialidade.
- Esta mediación realízase simultaneamente ao proceso xudicial, aproveitando os tempos mortos do citado proceso sen chegar a suspendelo, agás que ambas partes o soliciten pola proximidade dun acordo.

Datos estatísticos do programa en Santiago de Compostela no ano 2014

	2014	2009-2014
Casos derivados	50	402
Sesións informativas iniciais realizadas	37	332
Mediacións aceptadas	27	238
Mediacións rexeitadas	10	94
Rematadas con acordo	16	123
Rematadas sen acordo	18	98
Trámite	10	10

Datos estatísticos do programa en Ourense no ano 2014

	2014	2011-2014
Casos derivados	101	263
Sesións informativas iniciais realizadas	68	162
Mediacións aceptadas	32	89
Mediacións rexeitadas	30	67
Rematadas con acordo	28	64
Rematadas sen acordo	6	23
Trámite	18	18

5.1.3 Residencias de tempo libre

A Consellería de Traballo e Benestar conta con dúas residencias de tempo libre xestionadas pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, unha de interior situada no municipio do Carballiño (Ourense), cunha capacidade para 163 persoas, e outra de costa, situada en Panxón no municipio de Nigrán (Pontevedra), cunha capacidade máxima de 205 persoas, prazas susceptibles de ampliación en ambas as dúas residencias segundo a distribución dos residentes.

Estas dúas residencias, nas que se ofrece un servizo completo que inclúe aloxamento e manutención, destínanse a diferentes usos segundo o período do ano do que se trate: turismo familiar no período estival coa publicación da Orde do 28 de febreiro de 2014, pola que se regula o procedemento de adjudicación de estadias nas residencias de tempo libre (DOG n.º 45, do 06.03.2014); ou ben para o desenvolvemento de programas de ocio da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (Programa de turismo social) e da Secretaría Xeral de Emigración (Programa de “Vén a Galicia”).


Ademais as instalacións están dispoñibles para institucións, asociacións, organizacións sindicais e entidades que así o soliciten mediante escrito remitido á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Os servizos que ofrecen aos usuarios inclúen inseparablemente o aloxamento, mantenza e limpeza dos cuartos, todos eles con aseo completo.

	Residencia de Panxón	Residencia do Carballiño
Turismo familiar	1.134	715
Programas propios da Dirección Xeral de Familia e Inclusión	1.220	1.002
Total participantes	2.354	1.717

5.1.4 Proxectos

5.1.4.1 Plan para a dinamización demográfica de Galicia de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020



O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020 é un documento aprobado polo Parlamento de Galicia o 8 de abril de 2013, que nace dunha clara aposta polo desenvolvemento sustentable, cohesionado e integrador de Galicia e sitúa a cuestión demográfica entre as máximas prioridades do Goberno galego.

É un plan que parte da realidade específica de Galicia e adopta unha perspectiva transversal para afrontar este problema, que pode considerarse de carácter estrutural.

O obxectivo principal deste plan é: “Promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ránking das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillas/os por muller, que se rexistra en Galicia, ata chegar á media europea situada en 1,59 fillas/os por muller”.

O plan contén un total de 69 medidas, que se corresponden con políticas e actuacións destinadas á dinamización demográfica e á mellora da calidade de vida das familias en todas as súas modalidades e dos seus membros, artelladas ao redor de catro áreas de intervención, cos seus respectivos obxectivos estratéxicos, que son as que a continuación se relacionan:

► Área de intervención 1:

A sensibilización da sociedade

A sensibilización pretende mobilizar o conxunto da sociedade galega no obxectivo da recuperación demográfica, cos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Aumentar a valorización do problema demográfico.
- Fomentar o valor social das familias, en todas as súas modalidades.
- Traballar sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica.

► Área de intervención 2:

O impulso socioeconómico da maternidade e paternidade

Todo plan que pretenda dinamizar a demografía debe conter tanto estímulos económicos á maternidade/paternidade como apoios e dispositivos de apoio a aquelas persoas que deciden ter e/ou adoptar fillas ou fillos, cos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Fomentar o acceso a estímulos económicos que apoiem a decisión da maternidade/paternidade.
- Incrementar e fortalecer a rede de recursos de información, asesoramento e acompañamento ás nais e/ou aos pais.
- Fomentar a aplicación de apoios socioeconómicos dende o ámbito empresarial.

► Área de intervención 3:

O apoio ás familias

Ademais de ofrecer apoio á decisión da maternidade/paternidade, é moi importante apoiar as persoas que deciden ter e/ou adoptar dúas/dous ou máis fillas/os, en especial, porque se achegan ao establecido para o relevo xeracional (2,1 fillas/os por muller en idade fértil); pero

este apoio debe ser constante durante os diferentes momentos da crianza das/os fillas/os, favorecendo a calidade de vida das nais/pais e o desenvolvemento integral das fillas/os.

Os obxectivos estratéxicos desta área son:

- Ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Fortalecer, fomentar e apoiar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos, das familias en todas as súas modalidades e dos seus membros.
- Favorecer o acceso, cambio ou mellora da vivenda.
- Facilitar o acceso ao transporte e a mobilidade das familias.
- Potenciar o desenvolvemento sociocultural e a calidade de vida das/os nenas/os, das familias e das súas e/ou os seus membros.
- Potenciar o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas como fórmula para o fomento da continuidade demográfica.
- Facilitar a integración social e laboral das persoas inmigrantes e retornadas.

► Área de intervención 4:

A coordinación entre administracións.

O crecemento demográfico debe converterse nunha prioridade política e social, polo tanto, debe ser incorporado de maneira transversal ao conxunto de políticas impulsadas dende Galicia e promover estratexias de cooperación conxunta entre a administración autonómica, as administracións locais e a sociedade civil co fin de promover accións relativas ás medidas recollidas no plan.

Os obxectivos estratéxicos desta área son:

- Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

- Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares, que fagan posible a transversalidade do obxectivo de rexeneración demográfica a todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia.
- Impulsar o Modelo territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento socioeconómico.

No período de case dous anos de vixencia deste plan leváronse a cabo un total de 42 accións, o que supón máis do 60 % dos obxectivos previstos.

5.1.4.2 Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020



Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

A Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 foi aprobada polo Consello da Xunta o día 21 de novembro de 2013. Este documento naceu co propósito de aglutinar e unificar todas as actuacións que está e ten previstas realizar a Xunta de Galicia a favor das familias numerosas.

Galicia está considerada como un claro exemplo do chamado inverno demográfico, xa que o índice sintético de fecundidade é de 1,1 fillas/os por muller, cando o mínimo establecido para o relevo xeracional esta en 2,1 fillas/os por muller. Este dato é moi preocupante e levou a ter en conta as familias numerosas e cualificalas como “familias de especial consideración” na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Así mesmo, a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, recoñece que cando a familia é numerosa presenta unha problemática particular polo custo que presenta para elas o coidado e educación das fillas e fillos ou o acceso a unha vivenda axeitada ás súas necesidades. Estas circunstancias obrigan a introducir medidas correctoras para que as persoas que forman parte destas familias non queden en situación de desvantaxe no que se refire ao acceso aos bens económicos, culturais e sociais.

Esta estratexia conta cun total de 53 medidas, das cales 48 son de carácter autonómico e 5 correspóndense con actuacións doutras administracións.

Das medidas de carácter autonómico, 8 encádranse dentro do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, xa que non debemos esquecer que parte deste colectivo constitúen as únicas familias que superan o índice sintético de fecundidade necesario para o relevo xeracional; e 2 forman parte do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, no eixe de actuación “cohesión social, benestar e calidade de vida”, destinado á revitalización demográfica, que impulsa os nacementos e fomenta a conciliación da vida familiar e laboral, medidas que inciden directamente sobre as familias e, polo tanto, sobre as familias numerosas.

5.2 Menores

Marco legal e competencial

O marco legal no que a Consellería de Traballo e Benestar desenvolve as súas políticas e actuacións en materia de protección á infancia vén establecido pola normativa seguinte:

a) Internacional

- Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE núm. 313 do 31.12.1990).
- Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado por Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE núm. 182 do 01.08.1995).
- Convenio europeo de adopción de menores, 27 de novembro de 2008. Ratificado polo instrumento do 16 de xullo de 2010 (BOE núm. 167 do 13.07.2011).

b) Estatal

- Constitución española
- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (Arts. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil. (BOE núm. 15 do 17.01.1996).
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 35 e 36). (BOE n.º 10, do 12.01.2000). Modificada por Lei Orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE núm. 299 do 12.12.2009)
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre

dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social tras a súa reforma por Lei orgánica 2/2009 (BOE núm. 103 do 30.04.2011).

- Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional (BOE núm. 312 do 29.12.2007).

c) Autonómica

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134 do 13.07.2011).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124 do 29.06.2006), modificada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición terceira da lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124 do 29.06.2006) e pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134 do 13.07.2011).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se re-funde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45 do 06.03.2000). Modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG núm. 222 do 14.11.2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG núm. 169 do 02.09.2008).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156 do 16.08.2005).
- Orde do 21 de marzo de 2012, pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 73 do 17.04.2012).
- Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG núm. 46 do 06.03.2013).

Programas e actuacións

5.2.1 Atención a menores en situación de desprotección social

5.2.1.1 Atención a menores en centros de protección

Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso.

Os centros de protección de menores son aqueles que ofrecen aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados a conseguir a normalización, e integración sociofamiliar dos menores acollidos.

Para o desenvolvemento deste programa a Dirección Xeral de Familia e Inclusión contaba a 31 de decembro cos seguintes equipamentos:

- ▶ 9 centros de titularidade propia dos cales 6 son de xestión directa e 3 de xestión concertada. Dous deles non tiveron actividade durante o 2014.
- ▶ 68 centros concertados dependentes de entidades colaboradoras de iniciativa social.

Á súa vez, a atención que se presta nestes centros pode ser en réxime de internado ou de atención diúrna.

O acollemento en réxime de internado é un recurso que se utiliza nos casos en que, por diversas circunstancias socio-familiares, os menores necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e non é apropiado ou non hai un contexto familiar alternativo, ou ben cando os pais ou titores solicitan á Administración que asuma a garda dos seus fillos, mantendo en todo momento o obxectivo de retorno ao seu fogar.

O acollemento en réxime diúrno constitúe un recurso alternativo ao acollemento residencial e consiste en prestar atención aos menores no marco dunha institución durante o día. Deste xeito evítase o desarraigamento, facilitando a permanencia dos menores no seu contorno familiar.

Atención en centros propios

▶ nº de centros e prazas de menores en 2014:

	N.º prazas de internado		N.º prazas de atención de día	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
San Xosé de Calasanz	31	27	9	12
Centro Ferrol I	21	27	0	0
Total A Coruña	52	54	9	12
Santo Anxo da Garda	40	19	0	0
Total Lugo	40	19	0	0
A Carballeira	52	38	8	7
Valverde (xestión concertada)	8	4	0	0
Total Ourense	60	42	8	7
O Seixo (xestión concertada)	6	14	0	10
Vivenda asistida (xestión concertada)	10	0	0	0
Total Pontevedra	16	14	0	10

	N.º prazas de internado		N.º prazas de atención de día	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
Total centros propios	144	111	17	19
Total centros propios con xestión concertada	24	18	0	10
Total	168	129	17	29
	Total prazas de internado		Total prazas de atención de día	
	297		46	

► nº total de menores atendidos en centros propios en 2014:

	En réxime de internado		En réxime de atención de día	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
A Coruña	52	54	9	12
Lugo	40	19	0	0
Ourense	60	42	8	7
Pontevedra	16	14	0	10
Total	168	129	17	29

► nº de menores atendidos en centros propios de xestión concertada en 2014:

	En réxime de internado		En réxime de atención de día	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
Ourense	8	4	0	0
Pontevedra	16	14	0	10
Total	24	18	0	10

► Orzamento: 7.779.874,68 euros.

Atención en centros concertados

► nº de centros e prazas de menores en 2014:

	N.º centros	N.º prazas de internado	N.º prazas de atención de día
Casas de familia	5	40	10
Mini-residencias	4	42	17
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	3	68	17
Vivendas tuteladas	2	16	0
Vivendas asistidas	0	0	0
Atención de día	2	0	28
Total A Coruña	16	166	72
Casas de familia	4	32	0
Mini-residencias	6	67	20
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	0	0	0
Vivendas tuteladas	1	8	0
Vivendas asistidas	0	0	0

Atención de día	3	0	41
Total Lugo	14	107	61
Casas de familia	4	32	0
Mini-residencias	2	22	4
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	0	0	0
Vivendas tuteladas	1	8	0
Vivendas asistidas	1	4	0
Atención de día	3	0	30
Total Ourense	11	66	34
Casas de familia	14	110	15
Mini-residencias	2	28	6
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	3	135	51
Vivendas tuteladas	2	14	0
Vivendas asistidas	0	0	0
Atención de día	6	0	93
Total Pontevedra	27	287	165
Total	68	626	332

► nº de menores atendidos en centros colaboradores en 2014:

En réxime de internado

	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	205	171	376
Lugo	79	58	137
Ourense	89	88	177
Pontevedra	205	144	349
Total	578	461	1.039

En réxime de atención de día

	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	46	39	85
Lugo	62	34	96
Ourense	37	32	69
Pontevedra	128	96	224
Total	273	201	474

► Orzamento: 15.840.032,64 euros

Atención a menores con características especiais

Para a atención de menores con características que requiran unha atención en centros especializados, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión colabora con outras institucións mediante a realización de contratos individualizados.

► nº de menores atendidos en centros especiais en 2014:

	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	8	7	15
Lugo	3	0	3
Ourense	0	0	0
Vigo	7	1	8
Total	18	8	26

► Orzamento: 248.582 euros.

5.2.1.2 Acollemento familiar

O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun/dunha neno/a ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.


O seu obxectivo xeral é garantir o dereito do/da neno/a a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

Os acollementos poden facerse na familia extensa do/da menor (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco), para o que se desenvolve un programa específico de captación, selección e apoio a estas familias. Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia do/a menor no seu propio ambiente.

Ademais, os acollementos poden ser remunerados ou non, en función das circunstancias socioeconómicas e persoais de menor e acolledores e do tipo de acollemento.

► Orzamento total: 2.945.314 euros

	Familia extensa	Familia allea	Total
A Coruña	1.071.497	307.599	1.379.096
Lugo	111.012	19.584	130.596
Ourense	236.728	55.081	291.809
Pontevedra	997.081	146.732	1.143.813
Total	2.416.318	528.996	2.945.314




► **Persoas beneficiarias (menores e familias) do programa de acollemento familiar:**

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		TOTAL	
	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores
Familia extensa										
Acollementos remunerados	291	394	33	42	67	94	281	365	672	895
Acollementos non remunerados	6	6	6	7	27	32	143	159	182	204
Total Familia extensa	297	400	39	49	94	126	424	524	854	1.099
Familia allea										
Acollementos remunerados	89	122	9	10	20	27	41	54	159	213
Acollementos non remunerados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total Familia allea	89	122	9	10	20	27	41	54	159	213
Total	386	522	48	59	114	153	465	578	1.013	1.312

► **Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores:**

	Tutelas	Outros	Total	Total nenos e nenas
A Coruña				
Nenos	158	93	251	522
Nenas	168	103	271	
Lugo				
Nenos	21	6	27	59
Nenas	29	3	32	
Ourense				
Nenos	63	20	83	153
Nenas	54	16	70	
Pontevedra				
Nenos	200	91	291	592
Nenas	198	103	301	
Total	891	435	1.326	1.326



Programa de familias acogedoras (acollemento en familia allea)

O obxectivo xeral deste programa é proporcionar unha atención temporal a aqueles e aquelas menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado. Para iso, trátase de seleccionar, formar e apoiar durante o proceso a persoas e familias dispostas a acoller temporalmente un/unha menor non pertencente á súa familia.

Como obxectivos específicos (no contexto persoal e familiar) establécense:

- ▶ Acadar o axeitado desenvolvemento do/da menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.
- ▶ Proporcionarlle ao/á menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.
- ▶ Promover o cambio da situación da súa familia de orixe, co obxecto de que o/a menor poida volver con ela, se é o caso, o máis axiña posible.
- ▶ Lograr que a familia acolledora lle preste unha adecuada atención ao/á menor.
- ▶ Potenciar a relación da familia de orixe e a de acollida para favorecer a futura reintegración familiar do neno, nena ou adolescente.

▶ Beneficiarios programa de familias acogedoras:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Familias que pertencen ao programa a 31/12/2014	122	30	42	73	267
Familias acollendo a 31/12/2014	67	9	13	29	118
Menores acollidos a 31/12/2014	86	13	14	34	147
Novos menores acollidos durante o ano	40	5	11	22	78
Menores que finalizaron o acollemento durante o ano	43	4	13	22	82
Familias que acolleron durante o ano	89	11	20	43	163
Menores acollidos durante o ano	124	16	27	54	221

Información do programa:

<http://www.acollementofamiliar.org>



▶ Orzamento total: 428.320,99 euros

Deste orzamento, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión achegou 300.000 euros, e a Cruz Vermella de Galicia, que colabora na súa execución, outros 128.320,99 euros.

Programa de apoio ao acollemento en familia extensa

O Programa de apoio ao acollemento en familia extensa é un recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia. Proporciona atención especializada adaptada ás necesidades dos nenos e nenas acollidos, ás persoas acolledoras e ás persoas proxenitoras, por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos menores; intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares.

As actuacións desenvolvidas consisten en: mediación familiar entre as persoas proxenitoras e as persoas acolledoras para reducir a conflitividade entre eles; orientación ás persoas acolledoras e ás persoas proxenitoras nas dificultades da convivencia cos menores; fomento das boas relacións intrafamiliares, para reforzar os vínculos afectivos, a boa comunicación e o diálogo; e entrenamento de habilidades parentais.

O programa desenvolveuse na provincia de Pontevedra no último trimestre do ano 2014.

	Familias	Nenos	Nenas	Total menores
A Coruña	18	6	8	14
Lugo	3	1	1	2
Ourense	2	1	2	3
Pontevedra	33	14	19	33
Total	56	22	30	52

5.2.1.3 Adopción de menores

A finalidade deste programa é proporcionarlles aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoal, facendo prevalecer o interese do menor sobre calquera outros.

As familias adoptantes son, previamente, valoradas polos equipos técnicos de adopción co fin de seleccionar a mellor familia para o/a menor.

Portal Galego de Adopcións

<http://adopcions.xunta.es>



O Portal Galego de Adopcións, posto en funcionamento a finais do 2010, ten por obxecto ofrecer información actualizada, práctica e interactiva tanto ás persoas interesadas en adoptar, como a aquelas que están ou finalizaron xa o proceso: requisitos e documentación necesaria para adoptar, adopcións especiais, estatísticas, información sobre os países de adopción, guía interactiva para coñecer onde adoptar. Ademais, ofrecelles as persoas usuarias a posibilidade de formular, a través do Portal, todas as consultas que desexen e inscribirse ás sesións informativas e cursos de formación sobre adopción.

Total visitas	30.361
Promedio de visitas mensuais	2.530
n.º de visitantes	16.601
n.º de consultas	127

Adopción nacional

A adopción constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste/a coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica.


Na nosa Comunidade autónoma os menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

► **Datos estadísticos de adopción nacional:**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Solicitudes abiertas	73	15	20	72	180
Solicitudes idóneas. Lista de espera	317	101	170	346	934
Resolucións de acollemento preadoptivo	21	2	13	14	50
Propostas de adopción realizadas	16	3	5	28	52
Autos de adopción producidos	9	0	5	15	29

► **Evolución:**

	Solicitudes de adopción nacional presentadas	Autos de adopción nacional producidos
2005	205	77
2006	221	33
2007	206	76
2008	180	58
2009	239	56
2010	223	59
2011	243	57
2012	158	49
2013	217	57
2014	180	29



Programa de adopcións especiais.

Existen menores tutelados pola Xunta de Galicia susceptibles de seren adoptados pero que polas súas características (idade, discapacidade ou enfermidade, formar parte dun grupo de irmáns que non deben ser separados....) teñen máis dificultade para ser adoptados.

A través do Programa de adopcións especiais, desenvolvido a nivel autonómico pola entidade Faiben en coordinación cos equipos técnicos de adopción das catro xefaturas territoriais, lévase a cabo o asesoramento e formación específica dos solicitantes de adopción, así como o seguimento e o apoio continuado durante todo o proceso adoptivo.

	TOTAL
Nº. de nenos que foron derivados en 2014	2
Nº. de nenos que estiveron no programa durante 2014 (en busca de familia)	14
Nº. de nenos que inician acollemento preadoptivo no 2014	0
Nº. de nenos en adopción/acollemento preadoptivo acompañados polo Programa	13
Nº. de familias con nenos en adopción/acollemento preadoptivo acompañadas polo programa	8
Nº. de familias acompañadas ou atendidas antes de ter un neno asinado	43

► **Orzamento total: 52.417,99 euros**

Adopción internacional

A adopción internacional concíbese como un recurso de protección para aqueles menores que non se poden integrar no seo da súa familia ou do seu propio país. Ten lugar cando se produce un traslado dun menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro Estado no que residen os pais adoptivos. Na adopción dun menor de orixe estranxeira intervén, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena.

Entidades colaboradoras de mediación en adopción internacional (ECAI)

O convenio da Haia de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, ratificado por España o 11 de xullo de 1995, prevé a posibilidade de que as funcións atribuídas á autoridade central (que na nosa comunidade autónoma lle corresponden á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión), poidan ser exercidas por organismos acreditados.

Estes organismos, entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI) deben ser habilitadas pola comunidade autónoma e polo país no que pretendan desenvolver a súa actividade.


No ano 2014, as seguintes entidades desenvolveron este traballo en Galicia:

- **AAiM - Asociación de Ayuda a la Infancia del Mundo**
Países habilitados: Federación Rusa
- **ACI - Asociación para el Cuidado de la Infancia**
Países habilitados: China, Filipinas, Vietnam
- **Adecop - Asociación de Cooperación con el Pueblo Colombiano**
Países habilitados: Colombia, Perú, Panamá, Vietnam
- **Addis-Galicia - Asociación pro Dereitos da Infancia**
Países habilitados: Etiopía, Burundi, Burkina Fasso

- **Balbalika - Asociación de Ayuda a la Infancia**
Países habilitados: Etiopía
- **Balms-Fundación para la Infancia**
Países habilitados: Colombia
- **Interadop-Galicia - Asociación de Adopción Internacional de Menores de Galicia**
Países habilitados: China, Vietnam.
- **MIMO - Asociación de Apoyo para la Adopción Internacional**
Países habilitados: Bulgaria, Hungría
- **Piao**
Países habilitados: China, Etiopía

Solicitudes e preasignación de menores comunicadas en adopción internacional - 2014:

	Solicitudes de adopción internacional presentadas	Preasignación de menores en adopción internacional
A Coruña	58	34
Lugo	12	8
Ourense	5	1
Pontevedra	15	29
Total	90	72




► **Preasignación de menores comunicadas en adopción internacional, por países - 2014:**

	TOTAL
Bulgaria	3
Burundi	3
China	23
Colombia	11
El Salvador	1
Etiopía	11
Filipinas	8
Honduras	1
Hungría	3
Vietnam	7
Total	72

► **Evolución:**

Año	Solicitudes de adopción internacional presentadas	Preasignación de menores en adopción internacional
2005	658	109
2006	618	332
2007	509	231
2008	344	175
2009	361	221
2010	364	289
2011	302	168
2012	199	136
2013	165	89
2014	90	72



5.2.1.4 Programa Mentor

O proxecto Mentor é un recurso mediante o que se proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados ou en garda pola Administración autonómica co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. Desenvólvese a través da colaboración co Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector- Igaxés-3.

Poden ser beneficiarios do programa todos os maiores de 16 anos e menores de 21 que estean ou teñan estado baixo a tutela ou garda da Administración autonómica, acollidos en centros residenciais ou noutros dispositivos asistenciais no ámbito de menores.

Os obxectivos principais do programa son os de:

- Facilitar aos mozos o acceso a cursos de formación ocupacional de acordo coas súas habilidades.
- Asesoralos e acompañalos na súa inserción laboral.
- Preparalos, a través do acollemento en vivendas tuteladas, para o desenvolvemento dunha vida cotiá plenamente autónoma.

No ano 2014, a poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por un total de 459 mozos e mozas cos que se desenvolveron accións encamiñadas cara á súa inserción laboral.

	Mozos	Mozas	Total
A Coruña	84	54	138
Lugo	55	28	83
Ourense	49	41	90
Pontevedra	88	60	148
Total	276	183	459

- **Orzamento: 1.540.337,04 euros.**

5.2.1.5 Programa de integración familiar (PIF)

Trátase dun programa de intervención con menores e as súas familias, co obxectivo de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. Traballa nunha dobre vertente con dúas finalidades diferenciadas:

- ▶ Acadar a integración familiar de menores que foron separados das súas familias por atoparse en situación de desprotección.
- ▶ Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores que ofrecen evidentes indicadores de risco de desprotección.

▶ Familias e menores atendidos

Nena/os atendidos:

		Reunificación familiar	Preservación familiar	Total nenos atendidos
A Coruña	nenos	16	57	73
	nenas	15	39	54
Lugo	nenos	14	25	39
	nenas	12	18	30
Ourense	nenos	9	25	34
	nenas	7	21	28
Pontevedra	nenos	37	17	54
	nenas	27	26	53
Total nenos		76	124	200
Total nenas		61	104	165
Total		137	228	365

Familias atendidas:

	Reunificación familiar	Preservación familiar	Total familias atendidas
A Coruña	21	43	64
Lugo	13	25	38
Ourense	12	37	49

Pontevedra	37	24	61
Total	83	129	212

▶ Orzamento: 577.212,83 euros.

Deste orzamento, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión achegou 380.000 euros e a Fundación Meniños, que colabora na súa execución, 197.213 euros.

5.2.1.6 Programa socio educativo "Na Rúa"

Está destinado a nenos/as, preferentemente adolescentes de 15 a 18 anos, e as súas familias.

Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inserción social de menores e familias, a través dunha intervención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. Préstanse servizos de atención individualizada e grupal: obradoiros socioeducativos, oferta de actividades de lecer, mediación escolar, reforzo educativo, mediación familiar e intervención comunitaria. Desenvólvese nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo, a través da Fundación Juan Soñador.

Total de menores atendidos	
A Coruña	25
Lugo	22
Vigo	22
Total	69

5.2.1.7 Programa "Espabila"

Presta unha especial atención no tempo de ocio aos nenos e nenas que se atopan en situación de risco ou desprotección social, ofrecéndolles a posibilidade de participar nas diversas actividades que promoven o desenvolvemento persoal e social. Céntrase principalmente no apoio escolar e de lecer e desenvólvese nos concellos da Coruña, Lugo Ourense e Vigo, a través da Fundación Juan Soñador.

Total de menores atendidos	
A Coruña	20
Lugo	28
Vigo	37
Ourense	58
Total	143

5.2.1.8 Programa de Avaliación e Tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo

Este programa de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos Equipos técnicos de Menores. Son beneficiarios os menores con expediente aberto no Servizo de Protección das catro provincias galegas que amosen desaxustes emocionais e conductuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron. Poderán ser beneficiarios igualmente a familia biolóxica ou acollidora do menor e os profesionais que se ocupan del.

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	26	28	54
Lugo	17	17	34
Ourense	10	10	20
Pontevedra	28	27	55
Total	81	82	163

5.2.1.9 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social

Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de

drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc. O seu obxectivo é realizar un labor preventivo tratando de minimizar as condutas problemáticas, co fin de evitar o seu agravamento e reducir a probabilidade dunha intervención máis intensa. O programa desenvólvese na cidade de Vigo, a través da colaboración da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga - ACLAD Alborada.

- ▶ **Beneficiarios: 97 menores atendidos, 45 nenas e 52 nenos.**

5.2.1.10 Teléfono da infancia



O teléfono da infancia constitúese como unha liña gratuita que ademais de proporcionar unha atención inmediata a situacións urxentes e problemáticas, pode facilitar aos menores unha vía de apoio, escoita ou de simple coñecemento das súas inquietudes e necesidades. Os usuarios do servizo son os menores que precisen axuda e orientación, así como as súas familias.

Ademais o teléfono da infancia está dirixido a todas as persoas que coñezan casos de malos tratos á infancia ou que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas referentes aos dereitos da infancia. Funciona durante as 24 horas, os 365 días do ano.

- ▶ **Total das chamadas por provincias:**

	Total	%
A Coruña	349	27,4
Lugo	84	6,6

Ourense	80	6,3
Pontevedra	314	24,6
Resto España	9	0,7
Outras/sen clasificar	439	34,4
Total	1.275	100

► **Tipoloxía das chamadas:**

	Total	%
Internamento	81	6,4
Comunicación/sospeita de maltrato	117	9,2
Problema de conduta	31	2,4
Asesoramento	314	24,7
Dificultades na estrutura ou dinámica familiar	56	4,4
Dificultade na relación cos pais	18	1,4
Dificultade na relación con outras persoas	7	0,5
Problemas escolares	14	1,1
Problemas xudiciais	17	1,3
Información	320	25,1
Outros	285	22,4
Coordinación	15	1,2
Total	1.275	100

► **Procedencia da chamada segundo o interlocutor:**

	Total	%
Menor	172	13,5
Pai/ nai ou titor	317	24,9
Outro familiar	112	8,8
Veciño/coñecido	73	5,7
Profesional	232	18,2
Anónimo	192	15
Outros	177	13,9
Total	1.275	100

► **Tipoloxía das comunicacións/sospeitas dalgunha situación de maltrato:**

	Total	%
Maltrato físico	23	19,7
Maltrato emocional	26	22,2
Abandono físico e/ou negligencia	43	36,7
Abuso sexual	2	1,7
Situación risco social	15	12,8
Abandono	3	2,6
Explotación laboral	0	0
Corrupción de menores	0	0
Maltrato prenatal	0	0
Síndrome de Münchausen	0	0
Outras	5	4,3
Total	117	100%

5.2.1.1 Rexistro Unificado de Malos Tratos (RUMI)

O RUMI é un instrumento informático de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un/unha menor.

O rexistro está actualmente a disposición de dous colectivos fundamentais:

- Os profesionais do ámbito educativo, isto é: profesores, mestres, educadores, psicólogos, pedagogos e traballadores sociais dos equipos de orientación de colexios, escolas infantís e demais centros educativos non universitarios.
- Os profesionais das forzas de orde pública: policía nacional, garda civil, policía autonómica, policía local e grupos especializados en menores como os Grupos de Menores dependentes da Policía Xudicial ou os Equipos de Muller e Menor da Garda Civil.

	Nº de profesionais con acceso á aplicación	Nº de notificacións no 2014
Ámbito policial	220	0
Ambito educativo	1.848	15
Total	2.068	15

5.2.2 Xustiza Penal Xuvenil

Son múltiples e variadas as causas ou circunstancias que levan a un menor a delinquir, tal como se recolle no Dita-me do Comité Económico e Social Europeo sobre a prevención da delincuencia xuvenil, os modos de tratamento da delincuencia xuvenil e o papel da xustiza do menor na Unión Europea, subliñando as seguintes como as máis aceptadas e que se refiren especialmente a factores socioeconómicos e socioambientais: desestruturación das familias, marxinación socioeconómica, absentismo e fracaso escolar, desemprego, consumo de drogas, violencia, trastornos de personalidade, falta de valores sociais e cívicos, etc.

As causas mencionadas fan pensar na necesidade de combinar distintas estratexias de intervención (preventivas, educativas, xudiciais...) para paliar o comportamento violento e facer fronte á delincuencia xuvenil.

5.2.2.1 Normativa básica

- ▶ Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 11, do 13.01.2000), modificada pola Lei orgánica 8/2006 de 4 de decembro (BOE nº 290, do 05.12.2006).
- ▶ Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 209, do 30.08.2004).

Suxeitos sobre os que se aplica a normativa

A lei aplicarase para exixir a responsabilidade das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaaioito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as lei penais especiais.

5.2.2.2 Programas de execución de medidas xudiciais

A Dirección Xeral de Familia e Inclusión a través do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil, leva a cabo as actuacións necesarias para a execución das medidas previstas na Lei orgánica 5/2000, así como na normativa vixente relacionada, a través do Programa de execución de medidas xudiciais de internamento e do Programa de execución de medidas xudiciais en medio aberto.

Esta capacidade de actuación vén dada en virtude do artigo 45 da mencionada lei no que se establece que corresponde ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes podendo establecer estas os convenios ou acordos de colaboración necesarios con entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, local ou doutras comunidades autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, baixo a súa supervisión, sen que isto supoña, en ningún caso, a cesión da responsabilidade derivada da dita execución.

▶ Datos xerais sobre a execución das medidas ano 2014

	De internamento	En medio aberto	Total
A Coruña	160	425	585
Lugo	70	141	211
Ourense	63	105	168
Pontevedra	58	236	294
Total	351	907	1.258

► **Evolución da execución das medidas xudiciais**

	De internamento	En medio aberto	Total
2010	333	1.110	1.443
2011	396	1.187	1.583
2012	437	1.125	1.562
2013	419	1.024	1.443
2014	351	907	1.258

Datos xerais sobre menores afectados

As medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2014 afectaron a un total de 775 menores maiores de catorce anos.


► **Menores segundo sexo:**

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	266	106	372
Lugo	98	24	122
Ourense	83	24	107
Pontevedra	143	31	174
Total	590	185	775

► **Idade dos menores no momento da comisión dos feitos delituosos:**

14 anos	15 anos	16 anos	17 anos
142	194	273	277

Nota: a suma total dos menores por tramos de idade non coincide co número total de menores que estiveron executando medidas xudiciais porque houbo menores que cometeron varios feitos delituosos no mesmo ano pero con idades diferentes



► **Idade dos menores durante a execución das medidas:**

14-15 anos	16-17 anos	Máis de 17 anos
38	259	478

► **Evolución do número de menores que executaron medidas xudiciais**

	Homes	Mulleres	Total
2010	820	126	946
2011	842	167	1.009
2012	808	193	1.001
2013	722	189	911
2014	590	185	775

Delitos e faltas

Os tres delitos e faltas máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais durante o ano 2014 foron:

- **Delitos:**
Roubo con violencia ou intimidación nas persoas, roubo con forza nas cousas e malos tratos no ámbito familiar.
- **Faltas:**
Lesións, furto e ameazas.

► **Orzamento programas de execución de medidas xudiciais 2014**

	importe en euros
Programa de execución de medidas xudiciais en medio aberto	1.260.915,20
Programa de execución de medidas xudiciais de internamento	9.367.807,24
Total	10.628.722,44

► Programa de execución de medidas xudiciais de internamento

Ten por obxecto a execución das medidas de internamento impostas polos xuíces de menores e recollidas no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000 (BOE nº 11, do 13.01.2000) en centros que, cumprindo a normativa, dispoñan dun ambiente axeitado para que o menor poida reorientar o seu comportamento antisocial. As ditas medidas son: internamento terapéutico (en réxime pechado, semiaberto e aberto), internamento pechado, internamento semiaberto, internamento aberto e permanencia de fin de semana en centro.

Coa excepción da permanencia de fin de semana en centro, o resto das medidas poden ser impostas tanto de xeito cautelar como en sentenzas firmes.

► Medidas de internamento en execución por tipo de medida

	Total
I. Terapéutico cautelar (pechado, semiaberto e aberto)	11
I. Pechado cautelar	16
I. Semiaberto cautelar	16
I. Aberto cautelar	3
I. Terapéutico (pechado, semiaberto e aberto)	45
I. Pechado	40
I. Semiaberto	156
I. Aberto	8
Permanencia fin semana en centro	56
Total	351

► Menores afectados por medidas de internamento e provincia de xestión

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
106	43	43	39	231

Nota: O cómputo total de menores con medidas de internamento e medio aberto non coincide co número total de menores que executaron medidas (775), xa que hai menores que executaron medidas dos dous tipos (de internamento e de medio aberto)

► Recursos para a execución das medidas de internamento e menores atendidos

Centros de Internamento

Centros de Internamento	Prazas	Menores atendidos
C. Reed. Concepción Arenal		
Réxime: Pechado, semiaberto e aberto Provincia: A Coruña Titularidade: Pública Xestión: Privada, Fundación Camiña Social	35	83
C. Reed. Monteledo		
Réxime: Pechado, semiaberto e aberto Provincia: Ourense Titularidade: Pública Xestión: Privada, Fundación Camiña Social	37	74
C. Educativo de Atención Específica Montefiz		
Réxime: Terapéutico Provincia: Ourense Titularidade: Pública Xestión: Privada, Fundación Internacional O'Belén	23	37
C. Educativo Avelino Montero		
Réxime: Aberto e semiaberto Provincia: Pontevedra Titularidade: Pública Xestión: Pública. Consellería de Traballo e Benestar	30	59
Total	125	253

Nota: A suma dos menores (253) non é coincidente co número total de menores que executaron medidas de internamento (231) porque algúns deles estiveron en varios centros.

► Evolución das prazas autorizadas de internamento

	Total
2010	106
2011	110
2012	119
2013	125
2014	125

► Outras actuacións en internamento no ano 2014

- O artigo 56 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, sinala o dereito dos menores internados en centros a unha "formación laboral axeitada". Para

dar cumprimento a este dereito existe o programa "Organización do traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores infractores internados en centros de reeducación" incluído dentro PO FSE Galicia 2007-2013, Eixe 2, Tema prioritario 71 (Expediente PA 26/2013). A este programa, que se desenvolve nos catro centros de internamento da comunidade autónoma, participaron no ano 2014 un total de 163 menores, 16 mulleres e 147 homes.

- Data da prórroga do contrato: 22/12/2014

► Orzamento internamento 2014:

9.367.807,24 euros.

► Medidas de medio aberto en execución durante o ano 2014

Ten por obxecto a execución de aquelas medidas xudiciais descritas no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000 (BOE nº 11, do 13.01.2000) que non supoñen privación de liberdade. A intervención educativa desenvólvese na propia comunidade adoptando, esta última, un papel normativo e de integración social dos menores.

Á Dirección Xeral de Familia e Inclusión correspóndelle executar as seguintes medidas de medio aberto:

- Tratamento ambulatorio: consiste na asistencia ao centro asignado coa periodicidade requirida polos facultativos seguindo as pautas fixadas para o axeitado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas ou alteracións da percepción que padezan.
- Asistencia a un centro de día: as persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro plenamente integrado na comunidade, para realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio.

- Permanencia de fin de semana no domicilio: as persoas sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ata un máximo de 36 horas, entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción do tempo que deban dedicar ás tarefas socioeducativas asignadas polo xuíz.
- Liberdade vixiada: implica o seguimento da actividade da persoa sometida a ela e da súa asistencia á escola, ao centro de formación profesional ou lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudala a superar os factores que determinaron a infracción cometida. Esta medida obriga, de ser o caso, a seguir as pautas socioeducativas sinaladas pola entidade pública ou polo profesional encargado do seu seguimento, de acordo co programa elaborado e aprobado polo xuíz de Menores. A persoa sometida a esta medida tamén queda obrigada a manter co dito profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, no seu caso, as regras de conduta impostas polo xuíz.
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo: a persoa a que se lle impón esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta da súa, ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionado para orientala no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade: esta medida non se poderá impoñer sen o consentimento da persoa sometida a ela. Consiste na realización de actividades non retribuídas que se lle indiquen de interese social, en beneficio de persoas en situación de precariedade. Buscarase relacionar a natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos polo menor.
- Realización de tarefas socioeducativas: a persoa sometida a esta medida deberá realizar sen internamento nin liberdade vixiada, actividades específicas

de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social.

Medidas en medio aberto en execución por tipo de medida

	Total
Tratamento ambulatorio	34
Asistencia a centro de día	20
Permanencia fin semana en domicilio	11
Liberdade Vixiada	
L.V. Cautelar	18
L.V. 2º período	151
L.V.	420
Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo	
Convivencia... cautelar	3
Convivencia...	8
Prestacións en beneficio da comunidade	91
Tarefas socioeducativas	151
Total	907

Menores afectados por medidas de medio aberto e provincia de xestión

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
334	107	92	167	700

Nota: O nº. total de menores que executaron medidas de medio aberto non coincide coa suma dos menores que executaron medidas nas distintas provincias debido a que hai menores que executaron medidas en máis dunha provincia.

Recursos para a execución das medidas de medio aberto

- Equipos de xestión de medidas xudiciais das Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Nota: O equipo de xestión de medidas xudiciais da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo (Pontevedra) conta con dous educadores para a execución das medidas xudiciais de medio aberto

- Centros de Intervención Educativa en medio aberto (C.I.E.M.As):

Localidade	Entidade	Prazas
C.I.E.M.A		
(Centro de Intervención Educativa en medio aberto)		
A Coruña	Fundación Camiña Social	10
Lugo	Dignidade	10
Vigo	Arela	10
Pontevedra	Arela	10
Ourense	Trama	10

Nota: O persoal dos centros de día tamén colabora na execución das outras medidas xudiciais de medio aberto.

- Entidades públicas e privadas que colaboran na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade:

Cruz vermella, Entidade Igrexa Evanxélica Exército de Salvación, Aspnaís, Fundación San Rosendo, Cogami e Asociación Integro

- Concellos colaboradores para a execución da medida xudicial de P.B.C. (Protocolo xeral entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinado o 9 de xuño de 2006): en total **73 concellos**.

Orzamento medio aberto 2014:

1.260.915,20 euros

5.3 Inclusión, Inmigración e Acción Social

5.3.1 Prestacións

5.3.1.1 Subvencións a entidades de iniciativa social

Axudas económicas a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social.

► Normativa

Orde do 25 de abril de 2014, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede a súa convocatoria para 2014 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo) (DOG nº. 82, do 30 de abril de 2014).

► Orzamento e entidades beneficiarias

O número das actuacións (mantemento de centros e promoción de actividades e programas) das diversas entidades ás que se lle concedeu a axuda acadaron en 2014 un total de 93. O importe total das subvencións concedidas segundo o ámbito territorial das entidades beneficiarias e segundo a finalidade para a que se concederon foi a seguinte:

	Mantemento de Centros (Tipo A)	Programas (Tipo B)	Total
A Coruña	767.207,00	116.155,00	883.362,00
Lugo	10.950,00	40.110,00	51.060,00
Ourense	183.600,00	18.303,06	201.903,06
Pontevedra	236.747,00	137.332,99	374.079,99
Total	1.198.504,00	311.901,05	1.510.405,05

Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.

O obxecto do convenio é a colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar coa Fundación Monte do Gozo para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á inserción sociolaboral, englobadas nun programa marco denominado "Proxecto Home", de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas, atendendo, no marco de accións do II Plan galego de inserción social (PGIS), especialmente aos principios de anonimato, voluntariedade e gratuidade da asistencia.

A colaboración regulada no convenio céntrase no sosteimento dos servizos e accións que se desenvolven na fase de reinserción social dos programas elixibles no marco do convenio, nos distintos dispositivos dos que dispón a Fundación Monte do Gozo en Galicia. Esta fase desenvólvese en réxime ambulatorio, semi-residencial ou residencial, tendo por obxecto a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas a tratamento nos distintos programas.

Establécese o financiamento neto anual do 100% de 12 prazas na fase de reinserción social, a razón de 942,96 euros mensuais, en calquera dos programas elixibles no marco do convenio, que poderá incluír alternativas residenciais, talleres ocupacionais encamiñados á mellora das habilidades e destrezas e actividades enfocadas á consecución dun emprego normalizado, incluída a intermediación laboral.

- O orzamento previsto no Convenio ascende a 135.786,34 euros.

Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Bancos de Alimentos para o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas.

O obxecto do convenio é a colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Bancos de Alimentos para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou beneficiarias constituídas con esta finalidade.

A colaboración regulada no convenio céntrase no financiamento da actividade de captación e repartición de alimentos ás institucións ou entidades benéficas, que, en último termo, fan posible que as persoas poidan satisfacer as súas necesidades alimenticias básicas.

A Federación realiza un seguimento continuo das entidades ás que se reparten alimentos comprobando, en todo momento, que son sociais e asistenciais, sen ánimo de lucro ou benéficas, e que levan a cabo un proxecto de intervención social con calquera colectivo en risco de exclusión social. Estas entidades benéficas poden ser de consumo (comedores sociais, asilos, centros asistenciais, etc) e de repartición (cáritas, parroquias, etc.)

- ▶ **O orzamento previsto no convenio ascende a 50.000 euros cos que se financian gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das actividades.**

5.3.1.2 Renda de inclusión social de Galicia (RISGA)

A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

▶ **Normativa**

- Lei 10/2013, do 27 de decembro, de inclusión social de Galicia (DOG nº. 249 do 31 de decembro de 2013).

▶ **Tipoloxía**

A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

▶ **Beneficiarios**

Desde o inicio desta prestación en 1992 o número de persoas beneficiarias variou considerablemente pasando dos 554 iniciais a 9.164 no ano 2014.

Distribución das persoas beneficiarias en 2014 por provincias

	Beneficiarios	Porcentaxe
A Coruña	2.345	25,59%
Lugo	1.169	12,75%
Ourense	1.445	15,77%
Pontevedra	4.205	45,89%
Total	9.164	100,00%

▶ **Orzamento**

O orzamento destinado ao pagamento desta prestación en 2014 foi de **44.050.149,79 euros**. O subsidio básico da renda de integración social de Galicia en 2014 foi de 399,38 euros, cuns complementos familiares de 74,55,

63,90 e 53.25 euros polo primeiro, segundo e terceiro e máis membros adicionais respectivamente, ata o tope do 120% do IPREM, fixado en 639,01 euros en 2014.

As contías medias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) no 2014 foron as seguintes:

Nº convivintes			
1	2	3	4
399,38	473,93	537,83	591,06

▶ Perfil das persoas beneficiarias

O perfil típico da persoa beneficiaria de RISGA corresponde a unha muller menor de 44 anos de idade, solteira ou separada, que vive coa familia propia nuclear e que reside na súa meirande parte no medio urbano.

5.3.1.3 Axudas de inclusión social

As axudas de inclusión social son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

As axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

▶ Normativa

- Lei 10/2013, do 27 de decembro, de inclusión social de Galicia (DOG núm. 249 do 31 de decembro de 2013).

▶ Tipoloxía

As axudas de inclusión social segundo a súa finalidade, poderán ser dos seguintes tipos:

- Vinculadas ao uso da vivenda
- Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual
- Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda
- Axudas para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico
- Axudas para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais
- Axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación
- Axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal.

▶ Orzamento e axudas concedidas

En 2014, a Consellería de Traballo e Benestar destinou a esta prestación a cantidade total de **3.046.915,74 euros**, concedéndose un total de **2.814 axudas**.

Distribución do número de concesións en 2014 por provincias

	Beneficiarios	Porcentaxe
A Coruña	297	10,55%
Lugo	519	18,44%
Ourense	635	22,57%
Pontevedra	1.363	48,44%
Total	2.814	100,00%

5.3.1.4 Pensións non contributivas

Son pensións que se configuran como dereitos subxectivos a favor daquelas persoas maiores de 65 anos ou menores de 65 anos e maiores de 18, as menores de 65 anos deben ter recoñecido un grao de discapacidade maior ou igual aos 65%, que non poden acceder a unha pensión contributiva do sistema da Seguridade Social, por non ter cotizado nunca ou non facelo o tempo necesario, e que carezan de recursos económicos suficientes para a súa subsistencia.

O seu obxectivo é estender a todos os cidadáns o réxime público da Seguridade Social, garantíndolles non só unha renda económica, senón tamén a asistencia médico-farmacéutica e os servizos sociais.

Normativa

- Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas (BOE n.º. 306, do 22.12.1990).
- Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro (BOE n.º. 69, do 21.03.1991).
- Real decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE n.º 154, do 29.06.1994).
- Artigo 46.2 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014 e Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, relativos ao recoñecemento do complemento a persoas titulares de pensións non contributivas que residan nunha vivenda alugada.
- Decreto 163/2014, do 26 de decembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas receptoras do fondo de asistencia social

e de persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos (DOG núm. 249 do 30.12.2014).

Tipoloxía

As pensións non contributivas contemplan os seguintes tipos de medidas:


- ▶ Pensión de xubilación na súa modalidade non contributiva, para persoas maiores de 65 anos.
- ▶ Pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva, para persoas de idade comprendida entre os 18 e os 65 anos cun grao de discapacidade determinado.
- ▶ Complemento por residencia en vivenda alugada ás persoas titulares destas pensións.

Beneficiarios

No período comprendido entre decembro de 1992 e decembro de 2014, o número de persoas beneficiarias das pensións non contributivas incrementouse en 31.479 persoas, acadando un total de 42.708 pensionistas.

Distribución provincial segundo o tipo de pensión

	Invalidez	Xubilación	Total
A Coruña	5.977	11.045	17.002
Lugo	1.727	3.291	5.018
Ourense	2.265	3.812	6.077
Pontevedra	6.006	8.585	14.591
Total	16.282	26.733	42.708



► Orzamento

O orzamento destinado en Galicia ao pagamento destas pensións pasou de 32.755.033 euros en 1992 a **222.063.339,84** euros en 2014.

O importe máximo das pensións non contributivas en 2014 tanto na modalidade de xubilación como de invalidez, foi de **365,90 euros/mes**.

Na pensión de invalidez se o grao de discapacidade é superior ao 75% e, ademais, se cumpren os requisitos establecidos nun baremo específico, a pensión increméntase co complemento de necesidade de terceira persoa que representa un importe do 50% máis, ascendendo esta contía en 2014 a 182,95 euros/mes.

No ano 2014 estableceuse unha axuda social de carácter extraordinaria consistente nun pagamento único de 206 euros, da que se beneficiaron un total de 41.409 pensionistas.

Tamén en 2014 percibiron en Galicia o complemento por aluguer de vivenda, que consiste nun pagamento único de 525 euros, un total de 1.438 persoas titulares de pensións non contributivas, acadando un importe total de 754.950 euros.

En canto á evolución do número das persoas beneficiarias é de salientar que ata o ano 2003 tiña unha tendencia á alza e a partir dese ano produciuse unha paulatina diminución que se mantén no ano 2014.

5.3.2 Inclusión Social e Acción Social

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) constitúe unha iniciativa integral promovida pola Consellería de Traballo e Benestar co obxectivo de promover a inclusión social e facilitar o acceso e a reincorporación ao traballo daquelas persoas que se atopan nunha situación aguda de exclusión social e/ou paro estrutural.

O plan está financiado polo Fondo Social Europeo e outros recursos externos que operan parcialmente procu-

rando, en todo caso, un desenvolvemento transversal e interrelacionado da poboación afectada por este plan.

Aínda que o período de execución para os Fondos Europeos era o comprendido entre o 2007 e 2013, o gasto deste período ampliouse a 2014, nun momento de transición de cara a execución dos novos fondos que abarcarán o período 2014-2020. O 18 de decembro de 2014 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia de inclusión social de Galicia para o dito período. Esta estratexia constitúe un marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as persoas destinatarias acaden a súa inclusión social e laboral.

Un dos retos fundamentais do plan é ofertar oportunidades reais para que estas persoas adquiran as habilidades necesarias para conseguir un emprego, non só cómo vía principal para saír da pobreza e da exclusión, senón como medio de evitala.

O plan reforza e complementa as medidas de carácter prestacional, especialmente a RISGA. Os seus obxectivos xerais van encamiñados a mellorar a cobertura territorial, as dotacións materiais e a coordinación a través da participación. Así mesmo o plan trata de integrar e complementar a estratexia da inclusión social e de atención á dependencia, especialmente nas áreas territorialmente deprimidas e a incidir na mellora da inclusión social de colectivos e grupos cronicamente vulnerables: comunidade xitana, persoas sen fogar, etc., fomentar a participación das organizacións de solidariedade e iniciativa social (ONG) no desenvolvemento das actuacións e dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión.

O plan recolle liñas de acción específicas, impulsadas polo propio plan e o departamento responsable dos sistemas de servizos sociais de Galicia e ademais con liñas de acción dos diferentes departamentos do Goberno da

5.3 INCLUSIÓN, INMIGRACIÓN E ACCIÓN SOCIAL

Xunta de Galicia. Conta cun orzamento propio, financiado polo Fondo Social Europeo e en 2013 desenvóléronse as seguintes liñas de actuación:

- ▶ **Mantemento da Rede de equipos de inclusión sociolaboral**
- ▶ **Apoio e potenciación ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais**
- ▶ **Programas dirixidos a colectivos específicos:**
 - Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da Comunidade Xitana
 - Programas de atención a persoas "sen teito" e/ou situacións de extrema precariedade económica
 - Programa de atención a persoas con discapacidade
- ▶ **Programa Symbios.**

▶ Orzamento

O orzamento xestionado polo Servizo de Inclusión e Acción Social da Dirección Xeral de Familia e Inclusión en 2014 para o desenvolvemento destes programas, foi o seguinte:

Programas:	euros
Equipos de inclusión social de ámbito comarcal	1.647.826,33
Equipos de inclusión social nas cidades e Consorcio As Mariñas	335.582,47
Total mantemento da rede de equipos	1.983.408,8
Actuacións específicas dirixidas ao colectivo de etnia xitana	734.107,00
Actuacións específicas dirixidas a persoas sen teito	
Actuacións específicas dirixidas a persoas con discapacidade	299.515,50

Actuacións específicas dirixido a persoas con outros factores de exclusión	213.298,99
Apoio ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais (Orde anual de subvencións)	1.279.093,32
Convenio Fundación Secretariado General Gitano (ACCEDER)	150.000
Plan de desenvolvemento xitano	584.107,00
Convenio Cruz Vermella. Programa Sen teito	150.000
Total programas para colectivos con especiais dificultades de inserción	884.107,00
Programa Symbios	118.760,22
Total	4.701.027,33

5.3.2.1 Mantemento da Rede de equipos de inclusión sociolaboral

Os equipos de inclusión sociolaboral son un total de vinsete. Dezanove equipos están distribuídos comarcalmente e que dependen do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar (un, situado no Módulo xove do Centro penitenciario de Teixeiro). Xunto cos anteriores o plan conta cun equipo coordinador dos equipos dependentes do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, que ten como finalidade coordinar as distintas accións desenvolvidas polos equipos de ámbito comarcal e facer o seguimento e valoración destas. Os sete dispositivos restantes traballan nas cidades galegas e no Consorcio As Mariñas e dependen das corporacións locais. Estes últimos equipos foron subvencionados a través da Orde do 1 de agosto pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión (DOG nº. 145 do 01.08.2014), para o desenvolvemento de intervencións sociais individuais e especí-

ficas de persoas beneficiarias (directas ou indirectas) da renda de integración social de Galicia (Risga), que conteñan actuacións dirixidas a facilitar a inserción sociolaboral dos participantes nas accións deseñadas nun itinerario de inclusión sociolaboral. Estes itinerarios incluíron as accións necesarias para o deseño, acompañamento e a mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal, técnicas, busca de emprego, etc.

Estes profesionais traballan de xeito coordinado coa rede de Servizos Sociais Comunitarios Básicos e as Unidades Tramitadoras da RISGA (UTA) e atenden as persoas orientando, acompañando e procurándolles os recursos necesarios para rematar con éxito os seus procesos individuais de integración social e laboral.

► Beneficiarios

Durante o ano 2014, incorporáronse, a través dos equipos de inclusión de ámbito comarcal, un total de 2.475 persoas ao plan, o 52,57% son mulleres e o 47,43% son homes. O 36,44% das persoas foron incorporadas polos equipos de intervención da provincia de Pontevedra, o 32,5% polos da provincia da Coruña, o 17,45% polos da provincia de Ourense e o 13,58% polos da provincia de Lugo.

Equipos Comarcais	Homes	Mulleres	Total
Arzúa	17	11	28
As Pontes	139	84	223
Carballo	79	62	141
Ames	67	54	121
Noia	101	95	196
Módulo Xove Teixeiro	8	88	96
Mondoñedo	57	52	109
Monforte	50	59	109
Baralla	19	18	37
Begonte	47	34	81
Xinzo de Limia	56	65	121
O Carballiño	53	44	97
Celanova	86	64	150
A Rúa	39	25	64
Gondomar	99	94	193

Marín	89	78	167
O Porriño	120	106	226
Vilagarcía de Arousa	104	93	197
Lalín	71	48	119
Total	1.301	1.174	2.475

A través dos equipos de inclusión social de ámbito local, realizáronse un total de 272 intervencións sociais no marco dos 9 programas subvencionados dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión social, o 57,35% das persoas foron mulleres e o 42,64% homes. Dous dos programas estiveron dirixidos de forma específica a mulleres receptoras da Renda de Integración Social de Galicia.

Equipos de ámbito local	Homes	Mulleres	Total
Santiago de Compostela	15	19	34
Ourense	9	7	16
Ferrol	22	8	30
Vigo	23	18	41
A Coruña	49	31	80
Pontevedra	12	4	16
Consortio As Mariñas	26	29	55
Total	156	116	272

O número total de persoas coas que traballaron nos equipos comarcais ao longo de 2014 (número de persoas incorporadas neste ano máis número de persoas incorporadas en anos anteriores pero que en 2014 continúan no dispositivo), foi de 10.621, o 55,04% son mulleres.

Atendendo as principais causas que provocan a exclusión social que afectan as persoas incorporadas ao plan polos equipos comarcais, destaca que o 45,5% 45,41% das persoas incorporadas teñen como causa principal a escaseza de recursos. A segunda causa de exclusión social máis numerosa é o paro de longa duración (18,02%) onde o número de homes é superior ao de mulleres (54,17%) (54,48%). Séguelle en importancia o factor de exclusión "inmigrantes" (10,75%), onde o 61,28% son mulleres.

5.3 INCLUSIÓN, INMIGRACIÓN E ACCIÓN SOCIAL

Por sexos, a porcentaxe de mulleres é maior que a de homes no caso das categorías “Inmigrantes/refuxiados”, “Escaseza de recursos” e “Emprego precario”. Nas categorías “Adicións” e “Paro máis dun ano” a porcentaxe de homes é maior que a de mulleres.

No caso do programas de intervencións sociais das cidades e do Consorcio As Mariñas todas as persoas eran perceptoras da Renda de Integración social de Galicia e o 16,54% eran inmigrantes, o resto de persoas estaban afectados por outros factores de exclusión social.

Factor principal de exclusión social	Homes	Mulleres	Total
Discapacidade	52	60	112
Inmigrantes/Refuxiados	163	103	266
Paro máis dun ano	203	243	446
Paro menos dun ano	16	19	35
Emprego precario	34	14	48
Escaseza de recursos	642	482	1.124
Minorías étnicas	67	61	128
Adicións	15	31	46
Emigrantes retornados	14	13	27
Reclusos	8	87	95
Exreclusos	3	14	17
Sen teito	1	5	6
Prostitución	1	0	1
Violencia de xénero	26	0	26
Exclusión territorial	15	12	27
Outros	41	30	71
Total	1.301	1.174	2.475

O número total de perceptores directos da Renda de integración social de Galicia, incorporados este ano a través destes dispositivos é dun total de 1.321, o que supón o 43,72% do total de incorporacións. No ámbito comarcal o total de persoas perceptoras directas da Risga incorporadas foi de 989, o 54,90% mulleres. A través das cidades incorporáronse un total de 332. O número de persoas perceptoras da RISGA incorporadas aumentou con respecto ao ano pasado, debido a situación económica actual e á posta en marcha dos equipos de inclusión sociolaboral nas cidades.

O equipo de inclusión sociolaboral que desenvolve o seu traballo no cárcere de Teixeira, traballou en 2013 cun total de 121 homes e 6 mulleres. Realizaron, principalmente, actuacións de información, orientación, asesoramento e formación.

Contratacións laborais

Unha baixa do plan de inclusión por inserción laboral contabilízase cando o contrato laboral ou a suma dos contratos laborais, alcanzan ou superan os 12 meses, nun período de 18 meses. As insercións laborais poden ser acadadas por persoas incorporadas en 2014 ou en anos anteriores.

En 2014, 1.224 persoas incorporadas por equipos de ámbito comarcal, acadaron un contrato laboral. O 53,19% foron mulleres e o 46,81% homes. O 40,52% das insercións acadáronse na provincia de Pontevedra e o 21,65% na provincia da Coruña; 33 das insercións laborais foron por autoemprego.

Insercións laborais 2014			
Equipos comarcais	Homes	Mulleres	Total
Arzúa	17	7	24
As Pontes	57	26	83
Carballo	16	16	32
Ames	45	21	66
Noia	34	18	52
Módulo Xove Teixeira	0	8	8
Mondoñedo	8	30	38
Monforte	22	21	43
Baralla	10	8	18
Begonte	18	23	41
Xinzo de Limia	61	36	97
O Carballiño	56	38	94
Celanova	54	37	91
A Rúa	20	21	41
Gondomar	66	80	146
Marín	41	67	108
O Porriño	63	48	111
Vilagarcía de Arousa	53	63	116
Lalín	10	5	15
Total	651	573	1.224

► Orzamento

Rede de equipos comarcais (Consortio): **1.647.826,33**

Rede de equipos nas cidades: **335.582,47 euros**

5.3.2.2 Apoio e potenciación ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais

Nesta liña publicouse a Orde do 25 de abril de 2014 (DOG nº 82 do 30.04.2014) pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social, subvencionándose un total de 60 entidades.

O 31,82% das actuacións subvencionadas desenvolvéronse na provincia da Coruña, o 27,27% na provincia de Pontevedra, o 23,86% na provincia de Ourense e o 17,05% na provincia de Lugo.

En concreto subvencionáronse 176 actuacións. Destacamos os 24 programas dirixidos de maneira específica a traballar co colectivo de persoas con discapacidade, 6 proxectos dirixidos a persoas de etnia xitana, 10 actuacións dirixidas ás persoas sen teito e 2 actuacións desenvolvidas con persoas reclusas e 2 actuación para realizar acompañamento social. O resto de proxectos subvencionados desenvolveron actuacións con persoas en situación ou risco de exclusión social, de forma xeral.

► Beneficiarios

O número total de participantes nas actuacións foi dunhas 1.700 persoas. Subvencionouse un total de 46 actuacións dirixidas a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais realizadas a través de itinerarios personalizados de inserción laboral, para diferentes colectivos en situación de exclusión social, o que supuxo a realización duns 859 itinerarios de inserción, 50,40% son mulleres.

► Orzamento

Orde de subvención a entidades de iniciativa social:

1.714.751,31 euros

5.3.2.3 Programas dirixidos a colectivos específicos

Plan galego de convivencia intercultural, inclusión e desenvolvemento da comunidade xitana

- **Plan de desenvolvemento xitano:** actuacións desde os servizos sociais comunitarios municipais. En colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as corporacións locais.

O obxectivo do dito plan é o de mellorar a calidade de vida e de benestar dos xitanos e xitanas, favorecer a súa participación na vida pública e social, propiciar unha maior convivencia entre os distintos grupos sociais e culturais e combater posibles situacións de discriminación e racismo, a través de proxectos de intervención social de carácter integral para a atención, prevención e inserción do pobo xitano.

No ano 2014, a través da Orde do 28 de xullo de 2014 (DOG nº145 do 01.08.2014) participaron no plan 24 concellos da comunidade autónoma (cun total de 24 programas), realizando actividades simultáneas de intervención social nas áreas de acción social, educación, formación-emprego (deseño e seguimentos de itinerarios de inserción, apoio na busca de emprego e outras), saúde, vivenda e cultura ademais de realizar acompañamento social ás familias.

- **Convenio coa Fundación Secretariado General Gitano.** A través deste convenio desenvólvese un programa específico, que ten por finalidade a realización de accións dirixidas ás minorías étnicas cara a promover a inclusión social e a súa integración sociolaboral. Este programa, denominado ACCEDER, conta con catro dispositivos de intervención, situados

nos concellos de Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, coa finalidade de realizar accións de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego e accións de sensibilización dirixidas a empresarios.

- ▶ **Apoio a entidades de iniciativa social** que traballan de forma específica a inclusión social de xitanos/as. A través da Orde do 25 de abril (DOG nº. 82 do 30.04.2014) subvencionáronse actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social que traballan directamente co colectivo xitano, en diferentes zonas de Galicia.

▶ **Beneficiarios**

- Nas actuacións desenvolvidas polos servizos sociais comunitarios dos 24 concellos subvencionados, a través do Plan de desenvolvemento xitano, participaron un total de 2090 persoas entre tanto en accións formativas como persoas ás que se lles acompañou no seu itinerario de inserción sociolaboral. O 55,40% son mulleres e o 44,59% son homes.
- A través das actuacións desenvolvidas en 2014 no marco do convenio asinado coa Fundación Secretariado Gitano, para o desenvolvemento do Plan ACCEDER, foron atendidas 1.045 persoas, das cales 809 son de etnia xitana e o 48,1% son homes. Deste total 239 persoas foron incorporadas por primeira vez. En total, desenvolvéronse accións formativas con 429 persoas.
- En 2014, os participantes do programa ACCEDER asinaron un total de 348 contratos laborais (229 deles son persoas de etnia xitana), a duración media dos contratos é de 45,31 días, o que supón unha contratación de máis baixa calidade, que en anos anteriores. A suma total de contratos acadados polos participantes desde 2001, ascende a 2.884.

- A través da Orde de subvencións para entidades de iniciativa social, subvencionáronse seis programas dirixidos ao colectivo de etnia xitana, nos que participaron un total de 83 persoas 30 persoas en actuacións formativas e 68 realizaron un itinerario de inserción sociolaboral.

▶ **Orzamento**

- Convenio Fundación Secretariado General Gitano. Programa ACCEDER: **150.000** euros
- Plan de desenvolvemento xitano: **584.107** euros
- Orde, actuacións específicas para a comunidade xitana: **72.843,50** euros.

Actuacións dirixidas ao colectivo de persoas sen teito

- ▶ **Programa de atención a persoas “sen teito” en situacións de exclusión e pobreza cronificada.** Este programa, financiado a través dun convenio asinado coa Cruz Vermella en Galicia, pon en marcha unha serie de actuacións que teñen como obxectivo mellorar a situación social e sanitaria das persoas que viven na rúa ou en infravivendas (persoas “sen teito” ou en situación de exclusión e pobreza cronificada), a través de procesos de información, orientación, formación e acompañamento individualizado. Contan co apoio da rede de recursos de atención ao colectivo, entre eles os equipos de intervención existentes nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo, financiados a través do dito convenio.

As áreas de traballo dos equipos locais de intervención de cada un dos concellos foron a información, asesoramento e acompañamento individualizado, formación, promoción da saúde, aproveitamento positivo do ocio e do tempo de lecer, sensibilización social e fortalecemento da rede de traballo coordinado inter-extra institucional.

- ▶ **Apoio a entidades de iniciativa social** que desenvolven programas dirixidos de forma específica ás persoas “sen teito” a través da Orde do 25 de abril (DOG nº 82 do 30.04.2014).

▶ Beneficiarios

- No ano 2014 incorporáronse ao Programa “sen teito” desenvolvido pola Cruz Vermella en Galicia, un total de 697 844 persoas. O 26,30 das persoas incorporadas ao dispositivo foron incorporadas polo equipo de Ourense, o 20,02% polo equipo da Coruña, o 18,48% polo equipo de Santiago de Compostela, o 18,12% polo equipo de Vigo e e só 14,06% polo equipo de Lugo. O número de homes é maior ao de mulleres, supoñen o 81,92% 79,14% do total. O número total de persoas atendidas por este dispositivo en 2004 foi de 1.261 e iniciáronse un total de 253 itinerarios de inserción.
- Nas accións subvencionadas a través da Orde de subvencións realizáronse 32 90 itinerarios de inserción e 41 39 persoas participaron en accións formativas de carácter ocupacional.

▶ Orzamento

- Convenio Cruz Vermella. Programa “sen teito”: **150.000** euros
- Orde, programa específico para persoas sen teito: **149.515,50** euros.

Actuacións dirixidas ao colectivo de persoas con discapacidade

- ▶ **Apoio a entidades de iniciativa social** que desenvolven programas dirixidos de forma específica ás persoas con discapacidade a través da Orde de 25 de abril de 2014 (DOG 82 do 30.04.2014).

▶ Beneficiarios

- A través da Orde de subvención do 25 de abril subvencionáronse 24 programas específicos para persoas con discapacidade ou enfermidade mental, nos que participaron un total de persoas Do total, a 174 realizóuselle un itinerario de inserción e 97 participaron en actuacións formativas.

▶ Orzamento

- Orde, programas específicos para persoas con discapacidade: **213.298,99** euros.

5.3.2.4 Proxecto Symbios

<http://www.proxectosymbios.eu/>



No ano 2012 comezouse a tramitar o proxecto SYMBIOS, enmarcado no eixo 4, tema prioritario 80 do Fondo Social Europeo. Este proxecto céntrase nos efectos sociais da crise demográfica e, concretamente, no seu vínculo coa exclusión social e territorial. Entre os seus obxectivos está identificar, analizar e establecer modelos coas experiencias orientadas á inclusión social e laboral que poidan incrementar as expectativas de futuro das poboacións en declive e envellecemento demográfico e facilitar recomendacións e criterios de planificación dos servizos públicos de benestar e innovación para dotar de servizos suficientes e de calidade aos territorios vulnerables.

A Xunta de Galicia promoveu, en 2012, a creación dunha rede de traballo con vertente autonómica, interrexional e transnacional, para intercambiar experiencias e metodoloxías.

Beneficiarios

- O 19 de xuño de 2014 tivo lugar en Santiago de Compostela o II Seminario A Inclusión Socioterritorial: Análise de experiencias a prol duns territorios inclusivos, intelixentes e sustentables. Asistiron un total de 75 persoas representantes de organismos e entidades colaboradoras da Rede.
- Dúas visitas de estudo. A primeira delas foi á Cooperativa L'Olivera no mes de xullo de 2014 que combina a elaboración de viños e aceites cunha componente social, a inclusión de persoas con discapacidade intelectual; e a outra realizada, en Bilbao no mes de outubro, no marco da IX Convención Europea da Montaña "Calidade desde as montañas: prosperidade para as persoas e os territorios", na que se levaron a cabo unha serie de visitas dirixidas ao estudo de iniciativas/emprendementos das cadeas agrícolas nas diferentes áreas da montaña de Euskadi.
- Identificación de preto dun cento de experiencias que podan favorecer a inclusión social en territorios afectados pola crise demográfica
- Realizouse un estudo de pre-factibilidade de cara á creación dunha comunidade sostible nunha aldea en risco de ser abandonada (O Couto).
- Estudo e deseño dun sistema avanzado de información e interacción en-liña no territorio dos Ancares.

Orzamento

- Total Proxecto SYMBIOS: **250.000** euros
- Gasto no ano 2013 en SYMBIOS: Gasto no ano 2014 en SYMBIOS: **118.760,22** euros.

5.3.3 Inmigración

Segundo o *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2014* do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas estranxeiras empadroadas en Galicia é de 98.245 (un **68,27%** de incremento con respecto aos **58.387** empadroados en 2004 e un decremento de **-10,66%** con respecto aos **109.962** empadroados en 2013) o que representa unha porcentaxe do 3,57%. Destas persoas, 58.318 proceden de países extracomunitarios e 39.927 pertencen a países da Unión Europea (UE-28).

Poboación estranxeira a 1 de xaneiro de 2014

A Coruña	35.259	3,11%
Lugo	13.604	3,97%
Ourense	14.586	4,53%
Pontevedra	34.796	3,66%
Galicia	98.245	3,57%
España	5.023.487	10,74%

As principais nacionalidades en Galicia son portuguesa, rumana, brasileira, marroquí e colombiana por esa orde, e os concellos nos que se rexistra unha maior porcentaxe de poboación extracomunitaria son:

27902-Burela	10,42
27066-Viveiro	3,93
27019-Foz	3,81
27028-Lugo	3,64
15030-Coruña, A	3,59
32085-Verín	3,58
15005-Arteixo	3,53
36026-Marín	3,51
15073-Ribeira	3,45
36053-Soutomaíor	3,43
15002-Ames	3,29
15075-Sada	3,19
36057-Vigo	3,02
32032-Xinzo de Limia	3,01

As principais actuacións en materia de inmigración canalizáronse a través das órdes de convocatorias que no ano 2014, de maneira conxunta foron convocadas para financiar programas de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social dirixidos a colectivos en risco de exclusión, realizados tanto por entidades de iniciativa social como por corporacións locais, e onde existía una liña específica para programas con colectivos de inmigrantes.

5.3.3.1 Promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto en favor da poboación inmigrante, realizados por entidades de iniciativa social

Incúense neste apartado o desenvolvemento de programas de inclusión social que contribúen de forma maioritaria a incrementar a participación das persoas inmigrantes no mundo laboral.

► **Normativa**

Orde do 25 de abril de 2014 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (cofinancia-

da parcialmente polo Fondo Social Europeo) (DOG nº 82, do 30.04.2014).

► **Orzamento e entidades beneficiarias**

O número de actuacións singularizadas co colectivo de persoas inmigrantes ás que se lle concedeu a axuda en 2014 foron un total de 51, realizadas por 22 entidades de iniciativa social, todas elas inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Dentro de estas actuacións, 10 consistiron na realización de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, 4 servizos de información e asesoramento, 19 destinados á alfabetización e formación lingüística, 1 curso destinado a adquirir a formación necesaria para acreditar o esforzo de integración, 15 cursos para adquisición de formación básica e de tipo laboral específica, e 2 cursos de alfabetización dixital.

Nestas actuacións participaron **744** persoas.

O perfil de participante podería dicirse que é o de muller inmigrante desempregada na franxa de idade comprendida entre 25 e 54 anos.

Orzamento total destinado a programas de inmigrantes: **484.603,63** euros.

5.3.3.2 Programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación inmigrante

Recóllense actuacións de asesoramento xurídico en materia de estranxeiría, accións formativas que traten de compensar as carencias e necesidades do alumnado inmigrante que se incorpora ao sistema educativo, apoio aos adultos na aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida para adultos, accións formativas dirixidas a acreditar o esforzo de integración, accións formativas de tipo laboral teórico así como intervencións sociais realizadas a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados.

► Normativa

Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2014 cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013 (DOG nº 145 do 1.08.2013).

► Orzamento e entidades beneficiarias

Subvencionáronse un total de 19 entidades locais que levaron a cabo 30 programas de inclusión social dirixidos á poboación inmigrante, dos cales 18 eran programas de asesoramento técnico especializado a inmigrantes en materia de estranxeiría y 12 foron programas de integración nos que se inclúe formación lingüística e refuerzo educativo a inmigrantes, alfabetización dixital, itinerarios personalizados de inserción sociolaboral e cursos destinados a adquirir a formación necesaria para acreditar o esforzo de integración.

Nos programas de asesoramento técnico especializado atendéronse a **3.093** persoas e nos programas de integración participaron **598** persoas.

O orzamento total destinado a programas de inmigrantes realizados polas corporacións locais foi de **373.260** euros.

5.4 Servizos sociais e xestión económica

5.4.1 Coordinación de servizos sociais comunitarios

Os servizos sociais comunitarios, de carácter local, forman unha rede integrada a través dos centros de servizos sociais e as unidades de traballo e educación social, de maneira que constitúen a porta de entrada ao Sistema Galego de Servizos Sociais. Este nivel primario de atención asegura uns servizos de proximidade, nos que se presta atención básica e nos que se desenvolven programas de servizos sociais acordos coas necesidades da poboación de cara á prevención, o tratamento personalizado e integral das demandas sociais básicas e a reinserción das persoas na súa contorna comunitaria.

• Normativa de aplicación

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18.12.2008)
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30.03.2012). No ano 2014 publicouse o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo (DOG nº 228, do 27.11.2014), coa finalidade de mellorar e actualizar algunhas das súas disposicións.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Nese nivel básico

cómpre salientar o importante grao de implantación logrado en Galicia por varios programas e servizos fortemente consolidados, tales como os ata agora denominados de información e orientación, de axuda no fogar e de educación familiar. O segundo dos citados, ademais, foi recentemente reforzado a partir da súa catalogación como recurso incluído dentro do sistema de atención á dependencia que establece a citada Lei 39/2006, do 14 de decembro, lei que identifica un conxunto de servizos e prestacións que, posteriormente, a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, integra como parte nuclear do sistema galego de servizos sociais.

Cómpre indicar que o Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais articula, desde 1988, unha cooperación económica e técnica na que se integran as corporacións locais, prestadoras directas dos distintos programas, garantindo unha rede pública de servizos sociais través dos concellos, de acceso fácil e efectivo a todas as persoas, familias e colectivos, especialmente aos que se atopan en situacións de necesidade.

De acordo co Decreto 99/2012, entre as finalidades máis salientables dadas polos servizos sociais comunitarios están:

- A elaboración de estudos e dun diagnóstico social da comunidade e análise das súas necesidades e demandas.
- A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- A atención das situacións individuais e familiares, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso.

- ▶ A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na memoria específica en materia de inclusión social.
- ▶ A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.
- ▶ A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- ▶ O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.
- ▶ O mantemento actualizado do sistema de información das persoas usuarias

5.4.1.1 Financiamento coordinado dos servizos sociais comunitarios

O Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais constitúe un instrumento fundamental de financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, enfocado a garantir prestacións básicas aos cidadáns en situacións de necesidade. Non obstante, para o financiamento da prestación do servizo de axuda no fogar en favor de persoas en situación de dependencia a través dos servizos sociais comunitarios, a achega financeira máis relevante provén dos fondos destinados á atención de persoas en situación de dependencia.

A raíz do Decreto 99/2012, no financiamento da rede de servizos sociais comunitarios municipais establécese, baixo os principios da coordinación e complementariedade, un reparto de funcións entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais. Concretamente o dito De-

creto, en desenvolvemento do artigo 63 da Lei 13/2008, asígnalles ás deputacións provinciais un papel específico e complementario como axentes financiadores dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Máis en concreto, de acordo co seu artigo 31, correspóndelles ás deputacións, de maneira prioritaria, cofinanciar o servizo de axuda no fogar para persoas non valoradas como dependentes (o denominado SAF básico) e, ademais, o financiamento do persoal técnico dos equipos profesionais deses mesmos concellos cun perfil diferente ao de traballador social.

Esta competencia cofinanciadora das deputacións provinciais materializouse a través dos convenios de colaboración para a coordinación da prestación dos servizos sociais comunitarios municipais da provincia e para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados e desempregadas que lles foron propostos desde a consellería a cada unha das catro deputacións e que finalmente foron subscritos polas Deputacións Provinciais da Coruña, Ourense e Pontevedra.


▶ Financiamento

A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración co Ministerio de Sanidade, Servizos sociais e Igualdade e executou nesta área de actuación, en 2014, a cantidade de 50.862.982,53 euros o que supón un incremento do 2,97% respecto aos 49.394.637,74 euros executados en 2013.

En todo caso, este financiamento conxunto permite manter a atención á totalidade dos concellos da comunidade autónoma, o que supón a cobertura do 100% da poboación galega.

A distribución provincial do financiamento por conceptos sería a seguinte:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Persoal	402.952,44	63.245,72	158.661,05	203.745,90	828.605,11
Axuda no fogar (Prestación básica)	14.656.262,11	9.098.010,66	6.350.932,09	7.950.063,04	38.055.267,90
Axuda no fogar (Dependencia)	3.227.014,01	1.363.918,00	1.584.692,50	2.107.783,97	8.283.408,48
Xestión programas	1.056.000,00	397.766,44	218.538,18	689.276,26	2.361.580,88
Plan xitano	239.775,94	109.600,00	172.641,56	100.598,89	622.616,39
Inclusión de beneficiarios/as de RISGA	233.387,77	0,00	50.000,00	59.640,00	343.027,77
Inclusión de inmigrantes	122.100,00	80.550,00	79.480,00	86.346,00	368.476,00
Total	19.937.492,27	11.113.090,82	8.614.945,38	11.197.454,06	50.862.982,53



5.4.1.2 Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

É un servizo público que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desintegración familiar facilitando a permanencia no seu propio contorno.

▶ Contido do servizo

No Servizo de Axuda no Fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de atencións de carácter básico:

- ▶ Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- ▶ Acompañamento persoal para a realización de actividades ou trámites urxentes ou sanitarios
- ▶ Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda: servizos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

Así mesmo, poderán prestarse servizos de carácter complementario como: de desenvolvemento de hábitos saudables, servizo de podoloxía, fisioterapia ou teleasistencia, etc.

En todo caso as atencións prestadas teñen un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa ou persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilita e promove a súa autonomía.

► Destinatarios principais



- As persoas en situación de dependencia valorada, no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
- A familia, nos casos de enfermidade, hospitalización e outras causas de impedimento temporal dalgún dos membros esenciais para o normal funcionamento da vida familiar.
- Persoas maiores, proporcionando un apoio que lles permitan vivir autonomamente no seu domicilio.
- As persoas discapacitadas ou enfermas, sen total autonomía coa realización de tarefas persoais e domésticas ou de atención e vixilancia continua.

- A infancia, nas situacións de conflito psico-familiar grave ou de vixilancia e atención necesarias cando os membros da familia non poidan garantilas.
- Os drogodependentes suxeitos a tratamentos domiciliarios de desintoxicación.

► Orzamento e beneficiarios

O importe total destinado ao financiamento do SAF durante exercicio 2014 con cargo aos créditos dos orzamentos de gastos desta consellería para o ano 2014 ascendeu a 38.883.873,01 euros, o que supón un incremento de 1.606.392,16 euros con respecto aos 37.277.480,85 euros do ano 2013. Este incremento é consecuencia do maior número de persoas en situación de dependencia atendidas. De feito, como se observa no seguinte cadro, a atención á dependencia absorbe xa 97,87% do esforzo orzamentario da Xunta de Galicia para o financiamento deste servizo.

	Financiamento SAF Prestación básica	Financiamento SAF Dependencia	Total
A Coruña	402.952,44	14.656.262,11	15.059.214,55
Lugo	63.245,72	9.098.010,66	9.161.256,38
Ourense	158.661,05	6.350.932,09	6.509.593,14
Pontevedra	203.745,90	7.950.063,04	8.153.808,94
Total	828.605,11	38.055.267,90	38.883.873,01



5.4.1.3 Sistema de Información de Usuarios de Servicios Sociais (SIUSS)

O Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS) é o programa informático da ficha social, soporte documental técnico dos profesionais de traballo social que está instalado en todos os concellos de Galicia.

A ficha social informatizada permítelle ao Sistema Galego de Servizos Sociais coñecer o perfil dos usuarios dos servizos sociais comunitarios municipais e constitúe un elemento importante de cara á planificación e avaliación do dito sistema.

O SIUSS constitúe un instrumento de axuda para acreditar a tarefa do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, sistematiza a información, valoracións, demandas e recursos e proporciona unha información fiable e contrastada.

Ao longo do ano 2014 rematou o proceso de migración das U.T.S. que aínda traballaban na versión 4 de SIUSS (bases de datos locais en access instaladas en cada concello) cara á nova versión da aplicación en entorno web, SIUSS V.5, culminando un proxecto no que se traballou ao longo dos últimos catro anos (2011, 2012, 2013 e 2014) e que tivo unha duración prolongada, debido á cantidade de novas funcionalidades demandadas polas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios de todas as comunidades autónomas que utilizan esta aplicación.

A nova versión SIUSS V.5 introduce importantes melloras nesta aplicación, sendo salientables as seguintes:

- ▶ Permite o acceso practicamente dende calquera sitio con conectividade á internet, polo que a información sempre está dispoñible.
- ▶ Os distintos profesionais do sistema deberán dispoñer dun certificado dixital admitido polo MSSSI para acceder á aplicación, como elemento de seguridade, confidencialidade e autenticación.

- ▶ Así mesmo, esta nova versión introduciu novas funcionalidades, demandadas polos/as profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios.
- ▶ A actualización automática e transparente da versión para as/os profesionais, sen operacións ou instalacións especiais, asegurando que todos os usuarios traballan coa última versión da aplicación.

Durante todo o proceso de creación desta nova versión foron mellorándose aspectos técnicos, tanto no troncal da aplicación como nos módulos de axuda no fogar, violencia de xénero e de maltrato infantil, de xeito que mellora a súa visualización (introdúcese a cor) e facilita a súa cobertura por parte dos/as profesionais; ao mesmo tempo, estes/as poden ter os datos gravados desde o inicio da súa introdución, sen necesidade de ter realizada unha intervención completa para que o sistema grave o expediente.

No 2014 estiveron a funcionar co SIUSS, 418 unidades de traballo social (UTS) en 265 centros de servizos sociais (CSS) dos 314 concellos de Galicia, coa seguinte distribución provincial:

	UTS
A Coruña	156
Lugo	74
Ourense	96
Pontevedra	92
Total	418

5.4.1.4 Manual de traballo, información e asesoramento de servizos sociais (MATIASS)

Este manual, en soporte web, pretende ser un instrumento axeitado á realidade da intervención social diaria e que se pode utilizar no ámbito de información, asesoramento, apoio aos/ás profesionais da intervención social, tanto nos servizos sociais comunitarios como nos servizos sociais especializados, de iniciativa pública e/ou social.

O contrato entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia, obriga a esta entidade á actualización dos contidos desta ferramenta informática destinada aos servizos sociais comunitarios.

Ademáis de todos os servizos sociais comunitarios dos concellos de Galicia, tamén teñen acceso ao MATIASS as entidades prestadoras de servizos sociais, rexistradas como tales no rexistro de entidades da Consellería de Traballo e Benestar, acadando en decembro do ano 2014 un total de 939 entidades con chave de acceso ao Manual de traballo información e asesoramento de servizos sociais.

Obxectivos do manual

- ▶ Servir como instrumento de traballo para os profesionais dos servizos sociais comunitarios.
- ▶ Ser unha ferramenta axeitada a toda as funcións propias dos servizos sociais, non só a nivel de xestión de prestacións.
- ▶ Promover a coordinación dos diferentes traballadores/as dos servizos sociais comunitarios entre eles e con outros profesionais ou organismos.
- ▶ Prover instrumentos de utilidade aos técnicos que traballan nos servizos sociais comunitarios para a promoción do tecido social (asociacionismo, iniciativa social...).
- ▶ Ofertar aos técnicos unha guía de recursos e prestacións relacionadas cos servizos sociais, actualizada e manexable.
- ▶ Prestar información sobre prestacións e recursos sociais, soportes documentais de traballo social, pautas e metodoloxía de traballo social, así como enderezos de interese, enlaces coa internet, convocatorias de axudas nas diferentes áreas de actuación, exemplos prácticos, formación e normativa europea, estatal, autonómica e local.

5.4.1.5 O Plan de formación continua

O plan de formación dos/as profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios é deseñado e desenvolvido dende o Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios.

As accións formativas propostas aos/ás profesionais inclúen: cursos presenciais de servizos sociais xerais, de técnicas, de atención a colectivos específicos, así como cursos sobre o SIUSS. Ademais inclúe outras accións formativas a distancia.

En 2014 leváronse a cabo dez accións formativas destinadas aos profesionais dos servizos sociais comunitarios, todas elas presenciais:

- ▶ Un curso presencial, denominado “Modelos de intervención profesional no ámbito da inclusión social de servizos sociais comunitarios”, encadrado dentro da epígrafe denominada de servizos sociais xerais. Beneficiáronse desta acción formativa 25 profesionais dos servizos sociais comunitarios.
- ▶ Tamén na modalidade presencial realizáronse outras sete xornadas formativas, de oito horas de duración cada unha, sobre o programa SIUSS V.5, co obxecto de iralles achegando aos/as profesionais a formación sobre a nova versión de SIUSS :
- ▶ Nas ditas xornadas, realizadas en Santiago, abordáronse todas as novidades da nova versión. Ás sete xornadas formativas de SIUSS asistiron 135 persoas.
- ▶ Tamén na modalidade presencial realizáronse outras sete xornadas formativas, de oito horas de duración cada unha, sobre o programa SIUSS V.5, co obxecto de iralles achegando aos/as profesionais a formación sobre a nova versión de SIUSS:

Nas ditas xornadas, realizadas en Santiago, abordáronse todas as novidades da nova versión. Ás sete xornadas formativas de SIUSS asistiron 135 persoas

En total, o número de profesionais formados/as dentro do “Plan de formación dos servizos sociais comunitarios 2014” foi de 188 persoas, ás que habería que engadir as 19 profesionais dos servizos sociais comunitarios de Galicia que remataron a formación SIUSS on-line. A maiores do mencionado anteriormente, o persoal dos servizos sociais comunitarios da Comunidade Autónoma de Galicia tamén ten a a posibilidade de acceso aos cursos de teleformación que forman parte do “Plan anual de formación continua dos/das profesionais dos servizos sociais comunitarios”, posto en marcha polo Ministerio en colaboración coas CC.AA.

Ademais, 274 profesionais dos servizos sociais comunitarios de Galicia recibiron formación na modalidade en liña de servizos sociais xerais.

- ▶ Cursos presenciais:
 - “Modelos de intervención profesional no ámbito da inclusión social de Servizos Sociais Comunitarios”.
 - Módulo de maltrato a infancia do Sistema de información de usuarios de servizos sociais SIUSS.
- ▶ Xornadas SIUSS.5 (sete edicións):
 - Modulo de maltrato a infancia do Sistema de información de usuarios de servizos sociais SIUSS (tres edicións).
 - Modulo de axuda no fogar do Sistema de información de usuarios de servizos sociais SIUSS (catro edicións).
- ▶ Modalidade on-line:
 - Curso SIUSS.

5.4.2 Rede galega de centros sociocomunitarios de Benestar

No marco dos servizos sociais comunitarios específicos a Xunta de Galicia xestiona a Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar.

Trátase dun servizo social dirixido a desenvolver accións de participación, integración social e convivencia interxeracional, cunha especial dedicación ás accións relacionadas coa prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, e a proporcionar información e orientación sobre os programas, recursos e actividades que se ofertan dende a Xunta de Galicia

Estes centros teñen entre as súas funcións a de prestar información e orientación sobre programas, actividades e recursos do Sistema Galego de Benestar, coordinar e desenvolver accións de participación e de promoción da integración social e promover actuacións que estimulen a convivencia interxeracional, a promoción da autonomía persoal e a integración social.

Poderá acceder a estes centros toda a poboación á que van dirixidos os diferentes programas e actuacións que neles se leven a cabo, en consonancia co carácter aberto a toda a colectividade.

A Rede galega de centros sociocomunitarios de benestar conta cun total de 45 centros, distribuídos entre as catro provincias.

En todos estes centros leváronse a cabo ao longo do ano cursos, talleres, charlas informativas e programas xestionados desde os respectivos servizos provinciais de coordinación de centros e a Subdirección Xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica, así como programas feitos en colaboración con outras entidades.

Na actualidade en Galicia hai un total de 45 centros sociocomunitarios de benestar, distribuídos entre as provincias do seguinte xeito: A Coruña (13 centros), Lugo (4 centros), Ourense (11 centros) e Pontevedra: (17 centros).

Convenio de colaboración coa Fundación “La Caixa”

A Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación La Caixa asinaron, o 14 de abril de 2014 un convenio de colaboración para o desenvolvemento dos proxectos de persoas maio-

res, (Gente 3.0), co obxecto de continuar a situar as persoas maiores como actores na sociedade, promover un envellecemento activo e saudable con actividades que fomenten a súa participación, para investir o tempo, experiencia e aprendizaxe destas persoas en beneficio da comunidade.

Os centros sociocomunitarios de benestar, de titularidade da Consellería de Traballo e Benestar incluídos neste convenio son: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Carballo, As Pontes de García Rodríguez, A Pobra do Caramiñal, Santa Comba,, Vilalba, Mondoñedo, Pontepelamios, Xinzo de Limia, Verín, Ribadavia, Maceda, Redondela, Marín, Bouzas, Calvario e Coia.

Destes centros 16 contan cun EspacioCaixa e están colocados 140 equipos informáticos.

O obxecto deste convenio asinado no 2014 é o desenvolvemento do Programa de persoas maiores na rede de centros sociocomunitarios de benestar. A Fundación "A Caixa" continuará co desenvolvemento do programa Gente 3.0 na rede de centros sociocomunitarios incluídos no convenio e tamén desenvolverá novas actividades. En conxunto, as actividades que inclúe son:

- ▶ Proxectos de formación en tecnoloxías de la información y Comunicación (TIC: "Aproximación ás novas tecnoloxías"; "Creación de proxectos dixitais, I"; "Creación de proxectos dixitais II"; "Redes sociais" e "A rede, no noso día a día".
- ▶ Proxectos de participación social e voluntariado: "Grandes lectores", "Acción local", "Actividades interxeracionais", "Recursos formativos en tecnoloxías de la información y comunicación" e "Aula aberta de ActivaLaMente".
- ▶ Talleres de promoción da saúde e benestar: "Grandes lectores", dinamizado por profesionais, "Espertar cun sorriso", "Actívate", "Menos dor, máis vida" e "Agora tamén".

Inclúe tamén a continuidade dos proxectos de voluntariado, como Aulas Abertas, CiberCaixa Solidarias, entre outros, que se están a realizar nos centros ou fóra deles, mediante a participación da Asociación de Voluntarios Informáticos de Galicia (ASVIGAL).

Durante todo o ano 2014 realizáronse un total de 549 actividades, das cales 393 foron dinamizadas por profesionais e 156 por persoal voluntario. Nas actividades dinamizadas por profesionais participaron 6.011 persoas usuarias dos 23 centros sociocomunitarios de Galicia en convenio e nas dinamizadas por persoal voluntario participaron 21.194.

Para cada centro destináronse 12 horas de dinamización do voluntariado por trimestre, polo que se empregaron un total de 1.104 horas de dinamización.

5.4.3. Accións en materia de desafiuzamentos.

5.4.3.1. Convenio de Colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten sido pioneira nesta materia, ao impulsar a sinatura, o día 8 de abril de 2013, dun convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e coa FEGAMP coa finalidade de garantir a actuación coordinada dos xulgados, dos diversos órganos da Administración autonómica con competencia nesta materia (Vicepresidencia, Dirección Xeral de Xustiza, Consellería de Traballo e Benestar-Dirección Xeral de Familia e Inclusión e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas-IGVS) e dos servizos sociais comunitarios municipais, que permita a rápida adopción de medidas de carácter social para atender as familias en situación de es-

pecial vulnerabilidade por ter sido obxecto da execución dun desafiuzamento na súa vivenda familiar.

Ao abeiro deste convenio faise posible que os xulgados, logo de constatar, polos seus propios medios ou pola información facilitada polos servizos sociais municipais ou autonómicos, que a unidade familiar afectada pola sinalada execución dun desafiuzamento se atopa nunha situación de especial vulnerabilidade social, trasladen o caso á Consellería de Traballo e Benestar ou aos servizos sociais do correspondente concello para que se poidan adoptar as medidas de protección social necesarias para responder adecuadamente á dita situación de vulnerabilidade social. Se é o caso o xulgado poderá suspender por un prazo máximo de 10 días a execución do dito desafiuzamento para que se poida levar a cabo a adopción das devanditas medidas.

Deste xeito, con fundamento no informe social dos traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios municipais, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión activa, segundo os casos, a tramitación prioritaria de prestacións económicas da área de inclusión (RISGA, AIS) e dos servizos e prestacións do sistema de dependencia,, a adopción de medidas de protección dos/as menores de idade que integran a unidade familiar e respecto dos que se constate un risco de desprotección ou desamparo, ou o traslado do expediente ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS) para a busca dunha vivenda alternativa, ben a través do seu programa de realoxo de familias desafiuzadas por unha execución hipotecaria, ou ben a través da vía excepcional prevista no Decreto 235/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que, na sección segunda do seu capítulo VII (artigos 47 e seguintes), establece un procedemento especial de adjudicación de vivendas para satisfacer as necesidades específicas de persoas individuais ou de colectivos determinados entre os que se inclúen as persoas en risco de exclusión social.

Desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2014, 202 concellos adheríronse ao convenio (70 A Coruña; 37 Lugo; 58 Ourense; 37 Pontevedra) e foron 33 os casos comunicados e atendidos no marco deste convenio, dos cales 17 tiveron lugar ao longo do ano 2014

5.4.3.2. Programa Reconduce de apoio ás familias para a prevención do risco de desafiuzamento por execución hipotecaria

Como reforzo do Convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social, pero cun enfoque preventivo destas situacións de vulnerabilidade nas familias obxecto de desafiuzamento, a Xunta de Galicia, puxo en marcha o día 15/10/2013, o programa Reconduce, coa finalidade de crear un marco integrado de coordinación dos servizos das diferentes consellerías que van poñerse a disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento.

O programa Reconduce está a desenvolverse a través dunha Oficina de asesoramento central, en Santiago de Compostela, integrada por técnicos especializados en dereito, en economía financeira, un traballador/a social, un psicólogo/a e un administrativo de apoio.

A través deste programa, a Xunta de Galicia vai dar unha resposta específica para a abordaxe destas situacións de risco de desafiuzamento mediante a prestación integrada dos seguintes servizos:

- ▶ asesoramento xurídico e económico ás familias afectadas, que inclúe a realización de actuacións de mediación coa entidades financeiras e cos arrendadores, así como o redeseño da economía familiar.

5.4 SERVIZOS SOCIAIS E XESTIÓN ECONÓMICA

- ▶ atención social específica
- ▶ apoio psicolóxico
- ▶ orientación laboral
- ▶ e, cando se reúnan os requisitos específicos:
 - xestión da asistencia xurídica gratuíta
 - busca de vivenda alternativa

Tanto a FEGAMP como o sector financeiro en Galicia sumáronse decididamente ao esforzo requirido para aliviar a difícil situación económica e social de moitas familias galegas coa posta en marcha do Programa, asinando sendos protocolos de colaboración coa Xunta de Galicia:

- ▶ Protocolo de colaboración para o establecemento dun sistema de intermediación en materia hipotecaria destinado ás persoas e familias en risco de desafiuzamento, asinado o 8 de outubro 2013 en colaboración con sete das principais entidades financeiras de

Galicia. A esta dinámica de interlocución, adheríronse con posterioridade, catro entidades financeiras máis.

- ▶ Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o establecemento de mecanismos de coordinación cara o desenvolvemento do programa Reconduce de apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento por execución hipotecaria da súa vivenda habitual, asinado o 8 de outubro 2013.

A oficina do programa reconduce atendeu, en 2014, 239 familias en risco de desafiuzamento que se puxeron en contacto coa oficina en demanda de asesoramento diverso. A todos os que chegaron á oficina se lles ofreceu asesoramento de tipo legal ou financeiro e a elaboración de cadros teóricos de amortización de novas posicións debedoras, sen descoidar o apoio psicolóxico.

06

Xuventude e voluntariado

6 XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Introdución

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar desenvolve as súas funcións en coordinación coa Secretaría Xeral de Política Social realizando actuacións en materia de Xuventude e Voluntariado.

Na Área de xuventude establécense e desenvólvense políticas xuvenís de carácter interdepartamental. Ademais, foméntase a participación da xuventude na vida social a través da elaboración e programación de distintas actividades que se realizan, ben directamente, ben en colaboración con outras institucións ou entidades.

Na Área de voluntariado, as accións desenvolvidas concréntanse na elaboración e seguimento do Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria, na xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria e todas aquelas referenciadas segundo o disposto na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

No ano 2012 tivo lugar a aprobación da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia. Con ela creouse un

novo marco legal que ordena a dispersión normativa que regulaba os diferentes instrumentos en materia de xuventude. A lei pivota sobre os seguintes eixos básicos:

- ▶ O reforzamento da transversalidade e a coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, coa creación de dous instrumentos que farán posible a súa consecución: o Plan estratéxico de xuventude de Galicia e o Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- ▶ A participación da mocidade na sociedade, xa sexa dun modo individual como a través de fórmulas asociativas e mediante grupos informais. Así, créase o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e impúlsase a creación de consellos locais de xuventude.
- ▶ A información e formación continua da mocidade, como elementos imprescindibles para unha efectiva participación. Con este fin, regúlanse a Rede Galega de Información Xuvenil, o Instituto da Xuventude de Galicia e a Escola Galega de Xuventude.
- ▶ A eficacia e eficiencia administrativa.

A información de toda a política levada a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado canalízase a través de:

► **Portal de xuventude (www.xuventude.xunta.es) e redes sociais**

a) O portal <https://xuventude.xunta.es> naceu no 2007 coa finalidade de facilitar á mocidade o acceso á información do seu interese e ser unha vía de comunicación entre a administración autonómica e a xuventude.

Durante o ano 2014, a páxina web de Xuventude incrementou notablemente a súa influencia: visitaron a páxina 293.700 usuarios, que chegaron a realizar un total de 676.100 visitas a 2,2 millóns de páxinas.

As seccións máis visitadas son, por este orde, as de novas e anuncios, carné xove, emprego, acción de verán, rede galega de información xuvenil e bolsas e ensino. Como cabe supoñer, máis do 90 por cento do tráfico procede de Galicia, sendo Madrid e Cataluña as seguintes comunidades con máis accesos. Entre os países estranxeiros que tamén visitan o portal destaca o Reino Unido, Alemaña, Arxentina e Portugal.

En 2009 a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, apostou polo reforzo da internet como vehículo para a información e a interacción coa mocidade. Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas con presenza institucional do seu departamento de Xuventude nas redes sociais.

b) En canto ás redes sociais, Facebook é a que conta con máis seguidores, cun total de 10.170 fans. Unha media de máis de 170 usuarios interactúan todas as semanas no perfil, ben premendo “me gusta”, ben comentando un estado ou compartindo os contidos. O 69% dos seguidores son mulleres, un 29% homes e o resto colectivos. Por idades, máis do 75 por cento dos seguidores que publican a súa data de nacemento teñen entre 18 e 34 anos.

O perfil de Twitter da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado conta con 7.041 seguidores e as mensaxes chegan a case 14.000 contas diferentes. O número de listas nas que foron incluídos os Twitts da Xuventude é de 132, mentres o índice Klout de influencia social sitúa este perfil nun 57 sobre 100.



Ademáis, non hai que esquecer a rede social máis xuvenil, tuenti, na que case 850 persoas, entre amigos e seguidores, acceden diariamente aos contidos compartidos pola Dirección Xeral.

E a todas estas sumóuselle aquelas que coñeceron a nosa actividade grazas a todos os nosos seguidores que compartiron a información que emitimos na rede, o cal ten un efecto multiplicador inmediato.

O perfil de Twitter da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado conta con 5.461 seguidores e as mensaxes chegan a case 14.000 contas diferentes. O número de listas nas que foron incluídos os Twitts da Xuventude é de 102, mentres o índice Klout de influencia social sitúa este perfil nun 61 sobre 100.

Ademáis, non hai que esquecer a rede social máis xuvenil, tuenti, na que case 2.000 persoas, entre amigos e seguidores, acceden diariamente aos contidos compartidos pola Dirección Xeral.

E a todas estas sumóuselle aquelas que coñeceron a nosa actividade grazas a todos os nosos seguidores que compartiron a información que emitimos na rede, o cal ten un efecto multiplicador inmediato.

Portal do Voluntariado

www.voluntariadogalego.org

O portal www.voluntariadogalego.org naceu coa finalidade de contar cun portal activo que permite un continuo fluxo de información e comunicación entre a Administración autonómica e as entidades de acción voluntaria para, deste xeito, lograr un contacto permanente entre ambas e poder dotar a estas últimas de ferramentas informativas actualizadas.



6.1 Programas e actuacións no ámbito da xuventude

6.1.1 Plan de formación

6.1.1.1 Escolas de tempo libre (ETL)

As escolas de tempo libre constitúen centros de formación, perfeccionamento e especialización de educadores e educadoras, nas actividades e técnicas orientadas á promoción e adecuada utilización do lecer.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado asume, en relación coas escolas de tempo libre, as seguintes competencias:

- ▶ Posta en funcionamento: no ano 2012 substitúese, mediante a entrada en vigor do Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, o sistema de recoñecemento oficial coa presentación dunha declaración responsable de inicio de actividade, co fin de simplificar trámites e favorecer o exercicio das actividades de servizos en cumprimento da directiva comunitaria 2006/123/CE.
- ▶ Ao longo do ano 2014 iniciaron a súa actividade 11 novas escolas de tempo libre: Aloumiña, Hebe Escola, Eduardo Pondal, Academia Elisa, ICA ETL, 1mas1son3, Campa, Escola do Eume, Santa Apolonia, Bergando e Blanco Nájera. No rexistro desta dirección xeral figuran inscritas a finais do ano 2014 un total de 64 escolas.
- ▶ Determinación das ensinanzas que se poden impartir nelas. As modalidades de ensino que poden impartir as escolas de tempo libre son:
 - Primeiro nivel: monitores/as de actividades de tempo libre. No ano 2014 as escolas impartiron 102 cursos deste tipo.
 - Segundo nivel: existen dúas modalidades:
 - Directores/as de actividades de tempo libre.

No 2014 as escolas impartiron 9 cursos desta modalidade.

- Directores/as de campos de traballo: durante o ano 2014 as escolas impartiron 1 curso desta modalidade.

- ▶ Aprobación dos seus programas de formación.
- ▶ Expedición dos títulos acreditativos das ensinanzas recibidas nas ditas escolas. Esta dirección xeral emitiu no ano 2014 un total de 1794 títulos, dos cales 60 foron duplicados, e ademais homologou 17 títulos doutras comunidades autónomas.
- ▶ Así mesmo, tamén lle corresponde a esta dirección xeral inspeccionar as actividades que desenvolvan as escolas de tempo libre rexistradas.

6.1.1.2 Plan de formación continua de tempo libre 2014

Este plan de formación no eido do tempo libre foi desenvolvido ao longo do 2014 cunha oferta total de 23 accións formativas. Os cursos fan dirixidos á mocidade en xeral, non obstante déuselle preferencia para acceder aos cursos, a monitores/as e directores/as de tempo libre e as persoas posuidoras do carné xove.

Organizáronse cursos de carácter activo e participativo, nas distintas modalidades, tanto presencial como en liña. Entre os realizados no ano 2014 a empregabilidade no tempo libre, o coaching, o autoemprego no tempo libre, as novas tecnoloxías, atención a persoas con discapacidades, medio natural, etc. O total de prazas foi de 780.

O desenvolvemento destes cursos tivo lugar entre os meses de febreiro e decembro do 2014.

6.1.1.3 Cursos de idiomas

Cursos dirixidos a persoas entre 14 e 30 anos que desexan aprender ou mellorar os coñecementos do idioma elixido.

Inclúe o ensino, o aloxamento e as comidas, na maioría das veces. Ademais, realízanse actividades sociais e deportivas. Existen distintas variedades de aloxamento; a máis común é aloxarse en familia aínda que tamén pode ser en residencias ou pisos de estudantes. Os idiomas que se ofertan son o alemán, francés, inglés, italiano, portugués e ruso.

No 2014 participaron neste programa un total de 11 estudantes, aloxados maioritariamente en familia e cunha duración media de dúas a tres semanas, viaxando a destinos como Alemania, Gran Bretaña, Irlanda e Estados Unidos. Os idiomas escollidos por orde de preferencia foron inglés, alemán e francés.

6.1.2. Tipos de carnés

► Carné de alberguista.



Poden adquirirse nos puntos de información xuvenís así como nos albergues xuvenís de Galicia.

Requisitos: achegar unha fotografía de tamaño carné e pagar a taxa que corresponde a cada categoría (dende 6 euros o de mozos/as ata 21 euros o familiar).

No 2014 expedíronse un total de 806 carnés de alberguista.

Carné de alberguista: tipos	Nº expedicións
<25 anos	410
> 25 anos	120
Adulto/a	220
Familiar	26
Grupo	30
Total	806

► Outros carnés.

Ofrece descontos en transportes, aloxamentos e servizos culturais de case todos os países.

- **Carné de estudante internacional** (ISIC= International Student Identity Card).

Requisitos: ser estudante, achegar unha fotografía de tamaño carné e pagar unha taxa de 9 euros. Ten unha validez dun curso académico (do 1 de setembro a 31 de decembro do ano seguinte).

Total de carné ISIC expedidos no 2014: 1.340.

- **Carné teacher ou de profesor** (ITIC= International Teacher Identity Card).

Equivale ao de estudante pero está especialmente pensado para os profesores.

Requisitos: achegar unha fotografía de tamaño carné, unha nómina e pagar a taxa de 9 euros.

Total de carné ITIC expedidos no 2014: 320.

- **Carné internacional para non estudantes** (IYTC, (International Youth Traveller Card).

Está recoñecido internacionalmente e achega descontos á mocidade a nivel internacional, dende billetes de avión ata entradas de cine.

Requisitos: Ser menor de 31 anos, achegar unha fotografía de tamaño carné e certificar a idade, e pagar unha taxa de 9 euros.

Total de carné IYTC expedidos no 2013: 25.

- **O total de carnés ISIC+ITIC+IYTC que se expediron durante o ano 2014 foi de 1.685.**

Carnés internacionais	Nº expedicións
ISIC	1.340
ITIC	320
IYTC	25
Total	1.685

6.1.3 Actividades programadas

6.1.3.1 Acción de verán 2014



A Campaña de Verán 2014 abrangue unha oferta de actividades de lecer e tempo libre para a xuventude galega durante o período de tempo comprendido entre o 15 de xuño ata o 30 de setembro do ano 2014, incluíndo actividades tanto en Galicia como noutras comunidades autónomas.

A finalidade perseguida é ofertar un ocio saudable e comprometido coa natureza, a tolerancia, a solidariedade, a cultura e a igualdade, constituíndo unha oferta lúdica que complementa a educación regrada da mocidade.

Os programas ofertados foron os seguintes:

1 Programa de actividades en Galicia, para nenos/as de 9 a 17 anos: actividades que inclúen aloxamento (en albergues, residencias ou campamentos xuvenís), material necesario para cada actividade, equipo técnico especializado, atención sanitaria e seguro de responsabilidade civil.

Organizáronse 58 campamentos de verán en 19 instalacións xuvenís, con accións relacionadas co mar, a bicicleta, os deportes náuticos, campamentos de teatro, aventuras na natureza e outros. Ofertáronse un total de 5.075 prazas nos campamentos galegos.

2 Programa de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas: É unha proposta que permite que os nosos rapaces e rapazas convivan con outros grupos e coñezan a realidade social e cultural das comunidades anfitriñas. No ano 2014, realizáronse intercambios con Álava, Castela e León, Estremadura e A Rioxa.

Proporcionou unha variedade de actividades de lecer e tempo libre baseadas en temáticas de multiaventura, náutica, rock e cómic distribuídas en 6 campamentos desas catro comunidades autónomas. Ofertáronse un total de 173 prazas para a xuventude galega con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos, ambos os dous inclusive. A ocupación foi de 170 prazas.

Como contrapartida, nas instalacións de Gandarío, Virxe de Loreto, Area e As Sinas, ofertáronse 169 prazas para participantes desas comunidades con idades comprendidas entre os 13 e os 15 anos. A ocupación foi de 167.

3 Actividades de 18 a 35: actividades de ocio e tempo libre nas catro provincias galegas, distribuídas en 2 programas, destinadas a mozos e mozas de idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Ofertáronse 265 prazas, incluíndose 4 prazas para persoas con discapacidade. Ocupáronse un total de 99 prazas.

4 Campos de traballo 2014

Os campos de traballo son unha proposta para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que ao longo do verán, en períodos de dez ou quince días, coñecen outras realidades e vivencias a través da súa colaboración desinteresada en tarefas de índole diversa.

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

Son actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países, baixo o patrocinio, control ou organización de entidades e organismos oficiais, asociacións xuvenís, culturais, humanitarias, etc. Entre a oferta deste ano podemos atopar campos de traballo:

- Culturais e etnográficos (participación na organización de festas ou eventos culturais, recuperación de tradicións, utensilios antigos...).
- Ambientais (recuperación de camiños, espazos naturais...).
- Arqueolóxicos (recuperación, estudo ou conservación de xacementos ou monumentos).
- Do audiovisual (aproximación aos distintos aspectos formativos do mundo visual)
- De bioconstrución e autoconstrución
- Dinamización emprendedora xuvenil.

No ano 2014 a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organizou 14 campos de traballo distribuídos en 17 quendas durante os meses de xullo e agosto, cun total de 400 prazas distribuídas do seguinte xeito: 148 prazas para voluntarios e voluntarias procedentes do estranxeiro, 2 prazas para integración, 20 prazas para mozos e mozas da Galicia exterior, 122 prazas para mozos e mozas de Galicia e 108 prazas repartidas entre as distintas comunidades autónomas.

Os voluntarios e voluntarias puideron asistir aos seguintes campos de traballo:

- ▶ **Roís**, de contido arqueolóxico e ámbito internacional;

a actividade consistiu principalmente na intervención arqueolóxica no castro de Socastro, na escavación, prácticas de limpado, siglado e debuxo arqueolóxico.

- ▶ **Conca do Acheiro e Conca do Bradoso** (A Larracha), campos medioambientais, etnográficos e patrimoniais nos que se fixeron traballos de limpeza da maleza e restrollos do roteiro así como a súa sinalización, identificación da flora, cecollida de lixo, acondicionamento do muíño do que se explicou o seu funcionamento así como os costumes e tradicións que existen arredor dos muíños.
- ▶ **Dragal** (Boqueixón), un campo relacionado coa posta en valor da zona a través da creatividade (escultura, pintura, videocreación, deseño gráfico...).
- ▶ **Hospitaleiros no camiño** (Melide), campo de dinamización cultural baseado no fomento intercultural do Camiño de Santiago.
- ▶ **Areoso Val de Bergantiños** (Ponteceso), de contido etnográfico e cultural para contribuír á recuperación ambiental do contorno natural da Praia de Valarés.
- ▶ **O Camiño** (Portomarín), campo de dinamización turística e axuda ás persoas peregrinas.
- ▶ **As Corcerizas** (Vilar de Barrio), un campo para a formación práctica en bioconstrución e autoconstrución.
- ▶ **A Peroxa**, un campo medioambiental e social para a conservación e mellora do contorno onde se localiza a dinamización das residencias de maiores.
- ▶ **Conservación dos Soutos** (Riós), campo de traballo medioambiental para o achegamento ao cultivo e aproveitamento dos soutos e á cultura do castiñeiro

- ▶ **Audiovisual Galego** (Celanova), un campo que permitiu aos participantes coñecer os diversos aspectos formativos do audiovisual.
- ▶ **Aldea de Salgueiro** (Muíños), campo medioambiental onde se contribuíu a rexenerar o contorno queimado da zona e se limparon e prepararon as antigas eiras onde se traballaba o centeo, o antigo forno e muíño e os camiños que acceden a eles.
- ▶ **Illas Cíes** de contido medioambiental, colaborando nas tarefas de limpeza, de vixilancia de incendios e de información e sensibilización do visitante.
- ▶ **Emprendemento verde no rural** (Cotobade), campo medioambiental para a conservación da zona histórica “Carballeda de San Xusto”.

A ocupación de campos de traballo en Galicia foi de 368 prazas (un 92 % das prazas ofertadas). Acudiron voluntarios e voluntarias de Galicia, de países como Rusia, Ucraína, Turquía, Francia, Cuba, Arxentina, Italia, República Checa, México, Corea do Sur, Uruguai, Grecia, Venezuela, Estonia, Brasil, Países Baixos, Dinamarca, Alemaña, Serbia, Lituania, Líbano e Taiwan e de comunidades autónomas como Estremadura, A Rioxa, Andalucía, Castela A Mancha, Comunidade Valenciana, País Vasco, Castela e León, Cantabria, Cataluña, Canarias, Madrid e Aragón.

Como contrapartida, os voluntarios e voluntarias de Galicia tiveron a posibilidade de acudir ao estranxeiro cunha oferta inicial de 148 prazas en total, das cales se cubriron 96, e ao resto de comunidades autónomas de España cunha oferta inicial de 99 prazas, das cales se cubriron 84.

No estranxeiro os voluntarios e voluntarias repartíronse da seguinte forma:

Lugar	Nº Participantes
Alemaña	10
Bélxica	2

Bielorussia	2
Corea do Sur	2
Francia	17
Finlandia	1
Grecia	3
India	2
Islandia	6
Italia	7
Lituania	1
Marrocos	3
Polonia	1
Reino Unido	2
República Checa	4
Rusia	3
Servia	4
Suíza	1
Turquia	12
Vietnam	2
Xapón	1
Estados Unidos	2
Estonia	3
Países Baixos	1
Taiwan	3
Total	96

Nas comunidades autónomas a ocupación foi:

Lugar	Nº Participantes
A Rioxa	7
Andalucía	13
Aragón	6
Canarias	6
Cantabria	7
Castela e León	1
Castela A Mancha	5
Cataluña	2
Ceuta	2
Comunidade Valenciana	14

Estremadura	9
País Vasco	7
Madrid	4
Murcia	1
Total	84

5 Oferta concertada: o obxecto foi facilitar á mocidade o acceso a instalacións xuvenís, das que é titular a Consellería de Traballo e Benestar, para o desenvolvemento de programas de lecer e tempo libre.

Os destinatarios foron:

- asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e escolas de tempo libre constituídas e legalizadas
- os consellos locais e municipais de xuventude
- as corporacións locais
- entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude
- grupos de mozos e mozas galegos/as non asociados/as que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro e para os efectos de realización dun programa de actividades.

O servizos que se ofertaron foron:

- auga, luz, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa
- material (excepto o correspondente ás actividades específicas) que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.
- xerencia e persoal de servizo.

Na campaña do 2014, ofertáronse 1.725 prazas, distribuídas en 11 instalacións e 18 quendas. Prazas ocupadas: 1.349.

▶ **O total das prazas ofertadas en todos os programas e actividades da campaña de verán 2014 acadaron as 8.268.**

6.1.3.2 Programa carné xove



O carné xove é unha tarxeta persoal á disposición dos mozos/as de 12 a 30 anos.

Para obtelo, precísase cubrir un impreso, presentar o DNI e pagar 6 euros. Conta cunha vixencia de 2 anos contados a partir da súa expedición ou ata que o seu titular cumpre os 30 anos de idade.

O carné xove pódese expedir como modelo clásico (só descontos) ou ben incorporar, de xeito opcional para os solicitantes, as prestacións dunha tarxeta financeira, no modelo combinado Carné xove/ tarxeta bancaria.

Permite aos titulares un acceso privilexiado a descontos en toda Galicia, no resto das comunidades autónomas e en 40 países europeos adheridos que abranguen ámbitos tan dispares como o cultural, deportivo, actividades lúdicas, espectáculos, servizos de aloxamento, transporte, comercial e outros. Así mesmo, conta cun seguro de balde que cobre o maior número de continxencias nos seus desprazamentos.

A finais do ano 2014 hai en Galicia 56.496 carnés en vigor. No ano 2014 emitíronse en Galicia un total de 27.907 carnés clásicos:

▶ **Establecementos adheridos: sorteos, promocións e ofertas especiais**

Así mesmo, no ano 2014, adheríronse ao programa 62 novos establecementos, que se uniron aos case 2.326 existentes que xa ofertan descontos aos usuarios.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado efectuou descontos de ata un 25 % aos posuidores do Carné Xove, en todos os seus programas e actividades.

Este ano continúa o programa de sorteos para os usuarios do Carné Xove. Mediante a cumplimentación dun formulario participan nos sorteos de diversos premios (produtos ou actividades interesantes para a mocidade). Sorteáronse entradas para cine, eventos musicais e deportivos, roteiros e actividades multiaventura e tamén prazas para os programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, entre outros premios.

Continuamos tamén coas promocións do carné xove, dirixido a entidades especializadas en actividades de ocio e tempo libre, interesadas en ofrecer as súas propostas de actividades a través do Programa do carné xove, comprometéndose a aplicar descontos para os titulares do carné.

Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2014, 15 entidades ofertaron un total de 35 programas (5 programas de actividades na neve, 6 de multiaventura, 22 de actividades formativas e 2 de actividades de verán).

Baixo o nome Ofertas especiais temos a convocatoria dirixida a aqueles establecementos que queiran ofertar descontos temporais en bens e servizos para as persoas usuarias do carné xove. Deberá tratarse de ofertas de especial interese ou entidade para a mocidade galega. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado comprometeuse á difusión da publicidade do establecemento entre a mocidade galega a través da súa páxina web xuventude.net e das redes sociais. Participaron neste programa 2 empresas ofrecendo descontos en eventos deportivos e un máster.

► **Campañas informativas e de difusión do carné xove.**

Dentro das campañas de difusión das vantaxes do carné xove editáronse trípticos informativos coa información relevante do carné xove. Un equipo de dinamizadores desprazouse por diversas localidades de Galicia

explicando aos mozos e mozas os beneficios do carné xove e difundindo os programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

► **Convenios**

Segue vixente o convenio coa entidade financeira Novagalicia Banco ata o 28 de agosto do 2015.

Ao abeiro deste convenio, entre outras actuacións, púxose en marcha un plan de dinamización consistente en campañas informativas que se levaron a cabo en cinco eventos "Coruña corre en pista", "Festival Port América", "Festival con V de Valarés", "Volta Ciclista a España-Etapa final" e "Carreira Coruña 10" con afluencia masiva de xente nova, co obxecto de incrementar o número de usuarios.

► **Formación**

Os usuarios do carné xove gozaron dun desconto do 6% nos prezos dos cursos de idiomas no estranxeiro.

6.1.3.3 Residencias xuvenís

As residencias xuvenís son un instrumento ao servizo da mocidade e, en particular, dos mozos/as estudantes durante o curso académico. Ofréceselles aloxamento e manutención, ademais dunha serie de actividades convivenciais e educativas, a través das que se intentan fomentar os valores sociais, culturais e deportivos da mocidade residente e de calquera que puidese beneficiarse do labor sociocultural nas actividades que se programan.

- 1 Orde pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da consellería de traballo e benestar para o curso 2014/15

Coa finalidade de facilitar o uso das residencias xuvenís ás mozas e aos mozos estudantes e/ou traballadores/as, esta consellería convocou a oferta de prazas nas ditas residencias dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2014/15, no réxime

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

de internado. Convocáronse 225 prazas para persoas residentes:

Residencia	Número de prazas
Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo)	76
Florentino L. Cuevillas (Ourense)	55
Altamar (Vigo)	94
Total	225

Do total de prazas resérvase un 9% para mozos e mozas que desempeñen unha actividade estatutaria, funcional ou laboral, tanto se é por conta propia como allea.

As prazas ofértanse en réxime de internado (con aloxamento e manutención), durante unha estancia máxima de 11 meses, excluídos os períodos vacacionais de Semana Santa e Nadal.

- Orde pola que se convocan prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2014/15

É vontade da Consellería de Traballo e Benestar favorecer o acceso ao ensino universitario dos/das estudantes con escasos recursos e, ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial ás residencias xuvenís dependentes dela. Por iso, convoca prazas de persoas colaboradoras-bolseiras, en réxime de concorrencia competitiva, para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, para o curso académico 2014/15. As prazas convocadas son:

Residencia	Número de prazas
Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo)	4
Florentino L. Cuevillas (Ourense)	5
Altamar (Vigo)	6
Total	15

Os destinatarios e destinatarias das bolsas son os/as estudantes españois/españolas, nacionais dun país membro da Unión Europea, ou estranxeiros/as residentes en

España, con idades comprendidas entre os 18 anos e os 30 anos, que cursen estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior.

A concesión da bolsa implica, para as persoas beneficiarias, ademais do aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil (durante unha estancia máxima de 11 meses, excluídos os períodos vacacionais de semana santa e nadal), contar coa asistencia dun titor ou titora que coordine e dirixa as funcións que desenvolva como bolseiro/a na residencia, funcións que estarán relacionadas coa dinamización do centro, incluídas actividades de información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras.

6.1.4 Emancipación xuvenil



A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, apoia o desenvolvemento da actividade xuvenil, destacando entre as súas competencias, segundo o disposto no artigo 34.1 a) do Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a xestión, en coordinación coa Secretaría Xeral de Política Social, das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, ademais do fomento da participación da xuventude na vida social.

Neste contexto, con data do 6 de xullo de 2011, asinouse o Convenio de colaboración entre o Instituto de la Juventud, do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad (INJUVE) e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, para a promoción

da igualdade de oportunidades da mocidade mediante o desenvolvemento de programas de promoción da emancipación xuvenil para o ano 2011.

A Oficina de Emancipación Xuvenil creada ao abeiro deste convenio e situada no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, en Santiago de Compostela seguiu a realizar durante o ano 2014 accións de orientación, información e asesoramento en materia de vivenda e emprego aos seus usuarios,

O servizo complementábase cunha oficina virtual de emancipación que ofrece información actualizada e asesoramento aos mozos e mozas galegos/as na páxina web: www.xuventude.net cun enlace específico á páxina web:

<http://xuventude.xunta.es/emancipacion-xove.html>

Rede de animación e dinamización xuvenil.

No ano 2014 continuou en funcionamento a Rede de animación e dinamización xuvenil, catalizadora do talento xuvenil.

A Rede de dinamización pon o acento na animación e a participación, como métodos para que os nosos mozos e mozas poidan desenvolver todas as súas capacidades.

- ▶ **Obxectivos acadados:**
 - Contribuír á dinamización da mocidade galega a partir da difusión da información do seu interese e da posta en marcha de actividades que responden ás súas inquiredanzas e intereses.
 - Incrementar a participación activa dos mozos e mozas, creando espazos para o debate e a participación e traballando estratexias e recursos que lles faciliten unha maior implicación.

- Contribuír a canalizar o protagonismo e capacidade de liderado dos mozos e mozas e xerar unha visión positiva da mocidade no seu ámbito territorial.
- Motivar a xuventude co obxecto de fomentar a súa participación na sociedade como cidadáns activos.
- Posibilitar un proceso máis favorable á emancipación e autonomía dos mozos e mozas a partir da información.
- Incidir na igualdade de oportunidades da xuventude a través do acceso á información.
- Organizar actividades a partir dos intereses e necesidades da mocidade.
- Crear unha canle de difusión, axeitada á xuventude, dos recursos e servizos xuvenís de que dispoñen.

- ▶ Leváronse a termo as seguintes actuacións:

1 Obradoiros de xuventude nos concellos (Programa Activa).

Obradoiros formativos realizados nun total de 80 concellos. As temáticas ofertadas foron as seguintes: Emprendendo desde a rede, Liderado para o éxito, Activando o teu futuro, Empoderamento xuvenil, Oratoria motivacional ou coaching, Discurso público e oratoria

2 Programa Laboratorio de proxectos (Universidade):

O programa consiste nunha serie de obradoiros eminentemente prácticos nos que se traballou en puntos básicos para a redacción de proxectos de participación xuvenil. Realizáronse 27 xornadas.

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

3 Programa Taller de Ideas: cara o emprendemento dende a participación (concellos)

O seu obxectivo é a consolidación destes programas como elementos dinamizadores do tecido asociativo, impulsores de iniciativas innovadoras e elementos valiosos no currículo non formal da mocidade.

Os obradoiros están dirixidos a mozos e mozas, animadores xuvenís, técnicos locais de emprego, axentes de desenvolvemento local, concelleiros/as de xuventude, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas, e en xeral a calquera colectivo interesado en programas de participación xuvenil. Realizáronse 48 xornadas.

4 en colaboración coa Universidade a través de:

- Organización de obradoiros específicos para dar a coñecer os programas, bolsas e axudas en materia de estudos da Xunta de Galicia.
- Participación nas feiras e eventos universitarios para achegar os programas en materia de xuventude ás/aos estudantes e ás asociacións universitarias.
- Campaña de promoción das residencias universitarias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

5 en colaboración con centros educativos

O contacto directo cos centros educativos galegos foi fundamental para o noso traballo. Durante o ano 2014 tiveron lugar algún dos foros de Lidera a túa idea para informar sobre o programa Iniciativa Xove e facer unha introdución á redacción de proxectos.

Outra das prioridades referentes aos IES foi a creación de asociacións estudiantís, polo que se volveu a informar a algúns centros educativos dos trámites e beneficios de crear unha entidade.

A difusión nos centros dos programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado tamén xogou un papel fundamental.

6 en colaboración con concellos

Unha das áreas prioritarias de traballo foi o contacto directo coas OMIX e os concellos. Nesta liña a importancia de fomentar a creación de consellos locais de xuventude fixo que o equipo da Rede galega visitase concellos para conseguir facilitar a información precisa para animar as corporacións municipais á creación deste ente local. Mantívose contacto con diferentes concellos e os seus representantes políticos para sondear a posibilidade do establecemento dos xa mencionados consellos, fíxose promoción do carné xove e outros programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

7 Encontros comarcais nos Espazo Xove

Con asociacións xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude (culturais, deportivas, ambientais...).

Con informadores municipais e persoal técnico.

8 Programa Xplora xuventude

Carpa informativa que se desprazou a 100 concellos galegos para dar a coñecer e proporcionar asesoramento sobre os recursos e os programas que ten en marcha para todos os mozos e mozas de Galicia nos diferentes lugares. En total visitaron a carpa ao redor de 50.000 persoas.

6.1.5 Difusión cultural

6.1.5.1 Xuventude Crea



Xuventude Crea, o Certame de Creadores Novos, iniciouse co obxecto de dar apoio á mocidade con inxerencias artísticas, incentivando a súa creatividade tanto individual como colectiva nas distintas actividades do programa. Participaron mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, aínda que se permitiu a participación de ata un 25% de entre 14 e 16 anos e superar os 30 anos.

Na edición do 2014 o certame incluíu as seguintes especialidades: teatro, artes plásticas, música, relato breve, poesía, vídeo creación, banda deseñada, graffiti, carteis, deseño de xoias e moda. Presentáronse un total de 263 obras. Premiáronse un total de 43 obras (premios en metálico e mencións de honra). Os premios en metálico foron de 3.000, 1.500 e 1.000 euros para o 1º, 2º e 3º premio, respectivamente.

6.1.5.2 Concurso de deseño do cartel do certame Xuventude Crea 2014

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, con motivo do certame de creadores novos Xuventude Crea 2014, convocou un concurso co fin de elaborar o cartel do dito certame.

Os requisitos para poder participar foron ter entre 18 a 30 anos, ambos os dous inclusive, e residentes en Galicia.

O tema e a técnica foron libres. As obras debían incluír obrigatoriamente o texto "Certame Xuventude Crea 2013" así como as especialidades que o compoñen: artes plásticas, banda deseñada, carteis, deseño de xoias, graffiti, música, poesía, relato breve, teatro e videocreación. Cada autor/a ou autores/as puideron participar con dúas obras orixinais, inéditas e en galego.

Admitíronse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo.

- Participaron un total de 24 persoas. O premio foi de 500 euros para o cartel gañador.



6.1.5.3 Parlamento Xove

O proxecto Parlamento Xove fórmalo un conxunto de actividades que tiveron por obxecto fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. Potenciáronse habilidades individuais e en grupo entre as que destacaron o desenvolvemento da capacidade de selección de información, a expresión escrita, a expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia. Asemade, fomentou a lectura, escritura, emprego das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais.

As ditas actividades tiveron como fío común debater acerca dun tema formulado pola organización, a realización dun dossier de investigación do tema tratado e debates dialécticos. Nas xornadas preliminares que percorreron durante o mes de febreiro, os equipos debateron sobre igualdade e a prevención da violencia de xénero e así o debate xirou sobre a interrogante: “Sofren as novas xeracións un retroceso sexista e na tolerancia ás diferenzas persoais?”. E na fase final, na categoría de ESO o tema de debate foi “Lemos máis ou menos dende a irrupción da internet na nosa vida cotiá?, mentres que en bacharelato a temática centrouse no interrogante: “Debe primar a seguridade dun país sobre o dereito á intimidade?”.

No ano 2014 participou o alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato dos centros de ensino de Galicia.

- O número de equipos participantes sumou un total de 43, 22 de bacharelato e 21 de ESO.
- O número de mozos e mozas que participaron foi de 215 en total.
- O número de xuíces que participaron nos debates foi de 18 en total.



Os debates realizáronse en dúas fases: unha primeira clasificatoria, (os días 7 e 8 de febreiro para os alumnos da ESO e o 14 e 15 de febreiro para os de bacharelato), no Pazo de Mariñán e na Deputación da Coruña nos que xurdiron os oito equipos finalistas de bacharelato e os catro finalistas de ESO que se enfrontaron na fase final que se celebrou no salón de plenos do Parlamento de Galicia o día 26 de abril.

O colexio La Salle de Santiago de Compostela foi o gañador na categoría de bacharelato e o IES a Pinguela de Monforte de Lemos na categoría da ESO. O premio foi unha viaxe valorada en 5.000 euros, no caso do grupo gañador de bacharelato, e de 3.000 euros, no caso do gañador na categoría de ESO.

6.1.6 Programas europeos

6.1.6.1 Erasmus+ Xuventude en acción

http://ec.europa.eu/youth/programme/index_en.htm



<http://xuventude.xunta.es/programas-eu.html>



O programa europeo Erasmus+, o novo programa da Unión Europea para a educación, a formación, a mocidade e o deporte, con vixencia 2014-2020, ten entre os seus obxectivos específicos mellorar o nivel de aptitudes e competencias dos mozos e mozas; promover a participación na vida democrática en Europa e no mercado de traballo; a cidadanía activa; o diálogo intercultural; a inclusión social e a solidariedade; posibilitar ás persoas que traballan no ámbito da xuventude e aos mozos e mozas maiores, oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe; potenciar a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel dos traballadores e organizacións no eido da xuventude como estruturas de apoio aos mozos e mozas. O programa fomenta a mobilidade dentro e fóra dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe

non formal e o diálogo intercultural e tamén apoia a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas independentemente do contexto social, educativo ou cultural ao que pertencen.

O programa diferencia tres liñas de acción:

Acción Clave 1. Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe

Esta acción conta con dous tipos de actividades:

- Mobilidade dos mozos, que inclúe as seguintes accións:
 - Intercambios xuvenís, que permiten aos mozos e mozas participantes desenvolver competencias, sensibilizarse sobre temas sociais, descubrir novas culturas, costumes e estilos de vida, consolidar valores como a solidariedade, a democracia, a amizade, etc. Hai que destacar que o proceso de aprendizaxe se realiza a través de métodos de educación non formal.
 - Servizo Voluntario Europeo: busca fomentar a participación da mocidade en distintas formas de actividades de voluntariado, dentro e fóra da Unión Europea. Os mozos e as mozas poden participar individual ou colectivamente en actividades non remuneradas e sen ánimo de lucro.
- Mobilidade dos traballadores no ámbito da mocidade: apoia o desenvolvemento profesional dos traballadores no ámbito da mocidade en forma de participación destes traballadores en seminarios, cursos de formación, actividades de posta en contacto, visitas de estudos, etc

Acción clave 2. Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas

Esta acción apoia as asociacións estratéxicas no ámbito da educación, a formación e a mocidade. Teñen por

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

obxecto apoiar o desenvolvemento, a transferencia ou a implementación de prácticas innovadoras a escala organizativa, local, rexional, nacional ou europea.

Acción clave 3. Apoio á reforma de políticas

Baixo esta acción poden realizarse actividades de diálogo estruturado: reunións entre mozos e responsables da toma de decisións no ámbito da mocidade.

O programa está aberto á participación de calquera persoa de entre 13 e 30 anos. É liña prioritaria fomentar e potenciar a participación dos mozos e mozas con menos oportunidades, ben sexa por razóns de índole xeográfica, cultural ou socioeconómica, ou ben sexa por seren persoas con discapacidade.

Os proxectos preséntanse na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dentro de cada unha das tres convocatorias anuais establecidas. Avalíanse na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e remítense á Axencia Nacional, que fai a proposta definitiva de aprobación. É a Comisión de Avaliación a que definitivamente aproba os proxectos.

A maioría dos proxectos presentados e aprobados no ano 2014 centráronse nos intercambios e no servizo voluntario europeo. Polo que respecta á participación, un total de 1.506 mozos participaron neste tipo de proxectos, tanto galegos como mozos entre participantes galegos pertencentes a diferentes países da Unión Europea e a países veciños.

Durante o ano 2014 aprobáronse un total de 43 proxectos na nosa comunidade autónoma, cun importe total de subvencións de 920.781 euros distribuídos da seguinte maneira:

- ▶ 10 Intercambios xuvenís onde participaron 450 mozos/as e cun importe de 134.166 euros
- ▶ 23 proxectos de servizo voluntario europeo onde participaron 56 mozos/as e cun importe de 363.843 euros

- ▶ 4 proxectos de mobilidade de traballadores no ámbito da mocidade onde participaron 200 traballadores xuvenís cun importe de 80.080 euros
- ▶ 1 proxecto de actividades combinadas onde participaron 200 mozos/as, cun importe de 32.512 euros
- ▶ 3 proxectos de asociacións estratéxicas onde participaron 400 mozos/as, cun importe de 261.370 euros
- ▶ 2 proxectos de apoio á reforma das políticas onde participaron 200 mozos/as, cun importe de 48.810 euros.

6.1.6.2 Euroscola 2013

<http://www.euro-scola.com/>



A Oficina do Parlamento Europeo en España convocou a XV edición do Concurso Euroscola, en colaboración coa representación en España da Comisión Europea e a Secretaría do Estado para a Unión Europea.

O concurso é un xogo en liña de habilidades, destrezas e coñecementos vinculado a temas de gran transcendencia europea que fomenta o uso da internet como ferramenta educativa, informativa e comunicativa e a aprendizaxe doutra lingua, fundamental para unha Europa unida; por iso, o xogo desenvólvese en dúas versións lingüísticas, castelán e inglés. As persoas participantes puideron optar a calquera dos dous idiomas.

Euroscola destínase a persoas, entre 15 e 18 anos, que estudan educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato ou ciclos de formación profesional de grao medio en centros educativos españois.

Para participar é necesario inscribirse por equipos formados por 10 alumnos/as e un profesor/a, que é o/a líder e responsable do equipo. Cada centro escolar pode presentar tantos equipos como queira, aínda que só un por centro pode aspirar a gañar o premio. Por cada comunidade autónoma hai un finalista. Os 9 equipos mellor clasificados de entre todos os finalistas son os gañadores da viaxe e cada equipo gañador ten que ser dunha comunidade autónoma diferente.

O tema central desta edición foi o papel do Parlamento Europeo como órgano democrático e as eleccións ao Parlamento Europeo. O concurso nesta convocatoria centrouse en achegar a mocidade ao Parlamento Europeo e coñecer o seu papel na toma de decisións que inflúen na vida cotidiá dos máis de cincocentos millóns de habitantes da Unión Europea. Tamén se analizou a relevancia das eleccións europeas de maio de 2014

- ▶ O equipo gañador de Galicia Euroscola 2014 foi o IES García Barros da Estrada (Pontevedra).

Obtivo como premio a participación na iniciativa Euroscola do Parlamento Europeo na súa sede en Estrasburgo (Francia) e unha axuda económica para sufragar parte dos custos da viaxe. O premio da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado foi unha mochila con material didáctico para cada un dos membros do equipo, así como unha axuda de 2.500 euros para sufragar parte dos gastos de viaxe e estancia en Estrasburgo.

6.1.6.3 Bolsas Leonardo da Vinci: Proxecto Leonardo de Transferencia e Innovación (TOI): Xuventude Emprendedora en Europa (JE_EU)

<http://xuventude.xunta.es/leonardo-da-vinci.html>



Proxecto que promoveu a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado xunto coa Asociación Empresarial da Rexión de Viseu, en Portugal.

Este proxecto que vai do 2011 a 2014 rematou o primeiro trimestre do 2014 e contou cunha dotación económica de **154.903,55 euros**. Participan no proxecto ademais da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a Institución do distrito industrial da provincia de Arezzo, Asociación Integra da Coruña e Globaladamastor de Viseu (Portugal).

O proxecto está financiado pola Comisión Europea a través do Programa de aprendizaxe permanente Leonardo da Vinci de transferencia e innovación. Obxectivos: facilitar as ferramentas necesarias a todos os mozos e mozas interesados en recibir as transferencias de empresas e prestar formación específica aos informadores dos concellos tanto galegos como portugueses.

Con este proxecto conseguiuase que todas aquelas persoas que desexaron continuar coa actividade empresarial (empresa transferida), calquera que fose o seu sector, se lles prestase asistencia nos pasos que deberían seguir tanto a nivel organizativo como na propia transferencia, conseguindo así un nivel óptimo de asentamento e viabilidade da empresa.

Aínda que o proxecto foi destinado a todas as actividades, especialmente foi dirixido aos colectivos artesanais ou de oficios tradicionais con risco de desaparecer, por non ter estes sectores, seguidores que consideren atractiva a súa continuidade como empresarios/as.

6.1.6.4 Leonardo da Vinci. Mobilidade de persoas no mercado laboral PLM. Proxecto EUROGAL

<http://xuventude.xunta.es/leonardo-da-vinci.html>



6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar ofertou 45 prazas de Leonardo da Vinci (PLM) para a realización de prácticas laborais non remuneradas en seis países da Unión Europea entre o mes de setembro e decembro de 2014, no marco do proxecto "Europeizando Galicia", EUROGAL, promovido ao abeiro do Programa europeo de aprendizaxe permanente (PAP). Os obxectivos que se propuxeron eran dar apoio á xuventude en actividades de formación para adquirir coñecementos, competencias, habilidades e cualificacións que complementasen o desenvolvemento persoal e profesional; incrementar as posibilidades laborais de mozas e mozos galegos, posibilitar o coñecemento do mundo laboral en diferentes países estranxeiros mediante o desenvolvemento de tarefas profesionais en empresas no país de destino e proporcionar a iniciación e/ou perfeccionamento das habilidades lingüísticas do idioma do país de destino. As mozas e mozos que solicitaron estas estancias deberon ter entre 18 e 30 anos de idade, no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ser galegos/as residentes nun concello de Galicia, ter titulación universitaria ou de formación profesional nos sectores especificados segundo o país de realización da estada e non ter sido beneficiario de ningunha outra bolsa Leonardo da Vinci PLM.

Resultaron beneficiados 23 mozas e 21 mozos que estiveron realizando actividades socioculturais e prácticas laborais en empresas de Francia, Irlanda, Italia, Hungría, Polonia e República Checa.

O orzamento foi de 120.833.05 euros financiado polo Programa europeo de aprendizaxe permanente dentro dos proxectos de mobilidade Leonardo da Vinci PLM e cofinanciado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

6.1.6.5 La Ida

<http://xuventude.xunta.es/2014061113489/programa-la-ida-prazas-para-a-realizacion-de-practicas-laborais-non-retribuidas-en-alemana.html>



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar en colaboración coa Fundación Paideia ofertaron 10 prazas para a realización de prácticas laborais en Karlsruhe (sureste de Alemaña) durante unha estancia de 4 semanas, a partir de outubro de 2014. As prácticas realizáronse nos seguintes sectores: metal, gastronomía, comercio, xardinaría e impresión gráfica.

Esta actividade enmárcase dentro do programa de carácter transnacional La IDA do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais alemán, que a Fundación Paideia desenvolve en colaboración co IBI (Institut für Bildung in der Informationsgesellschaft e. V.) e cofinanciada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Os destinatarios deste programa foron os mozos e mozas galegos e galegas con idades entre os 18 e 30 anos de idade, que cumpriran os seguintes requisitos: estar en situación de desemprego laboral superior a seis meses, sen titulación académica ou con titulación equivalente ou inferior ao ciclo medio de formación profesional e con experiencia laboral nos sectores ofertados.

- ▶ Participaron 10 persoas.

6.1.6.6 Proxecto NoNEETs



A finalidade do proxecto é contribuír á plena inclusión da mocidade na sociedade a través de previr o abandono escolar prematuro e a reintegración dos mozos; o apoio á educación e á formación como unha tarefa de transición; o fomento da empregabilidade dos máis novos; e a eliminación das barreiras actuais e promover a inclusión e a motivación.

Ten como obxectivos específicos: proporcionar unha comprensión real e útil dos adultos NINIs en función das súas propias demandas e necesidade identificadas; analizar este fenómeno, tanto nas particularidades como nos patróns comúns a escala europea; deseñar, expoñer e explotar un programa conxunto (metodoloxía de formación e contido común) baseado na demanda dos beneficiarios finais que serán facilmente transferibles a outras áreas; mellorar a integración, a motivación e a creatividade dos mozos NINIs mediante o desenvolvemento de habilidades para acceder ao traballo; facilitar a súa transición ao mercado de traballo ou o acceso a programas de capacitación ou formación; aumentar a conciencia das comunidades locais, empresarios, responsables políticos e outras partes interesadas sobre a importancia do proceso de aprendizaxe permanente e a reintegración social do colectivo NINIs, cara a asegurar a súa inclusión social.

Son socios deste proxecto xunto coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o Centro Regional de Información de la Juventude Midi-Pyrénées (CRIJ, Tolouse-Francia); Acción Coordinada de Formación e Inserción-Federación Iniciativs y Acción Social (ACFI-FIAS, Bruselas-Bélxica-); Cooperativa Social Atlante (ATLANTE, Ca-

labria-Italia-), Agencia de Desarrollo Regional de Muntnia Sur (SMRDA, Munteia-Romanía-) e DEX Chequia (Praga República Checa-).

6.1.6.7 "Aval Xóvenes" (Proxecto piloto de Garantía xuvenil)

O proxecto "Aval Xóvenes" (O traballo dos mozos, aval para o futuro dos territorios rurais) foi presentado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ante a Dirección Xeral de Empego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea na convocatoria específica de 2012 dentro da nova Estratexia europea de garantía xuvenil, enmarcado no Eixo C: enfoques innovadores para os/as mozos/as que se atopan con múltiples barreiras de cara á súa inserción laboral. O proxecto forma parte dun número moi reducido de proxectos pilotos aprobados pola Comisión Europea no conxunto da Unión Europea. O período de execución do proxecto foi do 1 de decembro de 2013 ao 30 de novembro de 2014.

O obxectivo do proxecto foi fomentar a inserción laboral e mellorar a empregabilidade de 50 mozos e mozas de entre 18 e 25 anos. A iniciativa estivo orientada especialmente ao emprendemento e autoemprego, aproveitando as oportunidades das zonas rurais; que os mozos/as participantes se cualifiquen como emprendedores ou experimentados en descubrir oportunidades, promover iniciativas e abrir novas vías profesionais. E que, finalmente, se encontren e se identifiquen cos valores dos seus territorios e se recoñezan con eles e cal ou cales poden ser as súas contribucións para elevar as súas cotas actuais de renovación e progreso.

A metodoloxía do proxecto baséase en tres ítems: itinerario formativo, traballo práctico e taller de proxectos. Os destinatarios foron 50 mozos e mozas galegos entre 18 e 25 anos que participaron en dous grupos de traballo ubicados en Melide e Coristanco.

6.1.6.8 Proxecto Eurocidade

Proxecto aprobado ao abeiro do Programa de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP), financiado con fondos Feder, cun orzamento de 155.600 euros, e na que son socios a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, o Instituto Português do Deporto e Juventude, o Concello de Verín e a Câmara Municipal de Chaves.

O principal obxectivo deste proxecto é promover a cooperación institucional en materia de políticas de xuventude, para que os/as mozos/as queden a vivir e traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa. Por este motivo, conta coa colaboración de entidades que apoian unha nova liña de actuación de promoción do espírito emprendedor da xuventude, e que programan actividades dirixidas a todos/as mozos/as que precisan dunha formación adicional ou dunha serie de ferramentas de cara á participación en programas europeos ou dar os primeiros pasos para a creación dunha empresa, ou do seu futuro profesional e laboral.

Durante o ano 2014 leváronse a cabo as seguintes actividades:

a) Stoa raiana: de aqua flaviae-baroncelli á eurocidade

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convocou Obxectivos: informar, comunicar e realizar

Resultados:

- 1 informar: a través do Boletín Transfronteirizo: o seu formato preséntase na páxina de facebook de espazo xuvenil. Difúndese entre os colectivos integrantes do foro transfronteirizo, cun compendio daquelas axudas que, polos seus requisitos, poidan interesar a todos os colectivos: convocadas polas administracións portuguesa e española (xeral e autonómica), así como os concursos a nivel municipal ou as ofertas de fundacións doutras entidades públicas ou privadas.

Nº de repectores: 283.

- 2 comunicar: de “salto” á “stoa”: un grupo de whatsapp (“stoa raiana”). unha rede social gratuíta, dispoñible en calquera teléfono móbil, e polo tanto accesible desde calquera lugar e para calquera mozo que teña dúbidas, propoña proxectos, propicie parcerías, etc.
- 3 realizar: desde a constitución da stoa raiana creouse este lugar como espazo de intercambio de ideas e xeración de novas iniciativas.

b) Música na raia

Foi unha iniciativa destinada á formación e promoción dunha banda xuvenil integrada por compoñentes de ambos lados da fronteira.

O seu obxectivo principal era promover a cooperación transfronteiriza no ámbito da xuventude a través da música e tiña como obxectivos específicos: promover a mobilidade e as transferencias culturais a través da música entre Galicia e o Norte de Portugal; facilitar o tránsito de ideas, proxectos e iniciativas entre mozos de ambas marxes da fronteira para o seu posterior desenvolvemento na eurocidade; avanzar na construción dunha identidade e cidadanía europeas desde o local, desde o reforzo da cooperación transfronteiriza; ofrecer novas oportunidades aos mozos emprendedores no campo das carreiras musicais, ampliando o horizonte de oportunidades á localidade veciña.

Os seus destinatarios foron mozos da eurocidade Verín-Chaves (18-30 anos) que formase parte dalgunha agrupación musical ou con formación específica. A participación final foi de 20 mozos e 5 concertos programados.

Con respecto aos primeiros resultados colectados por “música na raia”, estes son a axenda dunha pequena xira de concertos polos pubs e locais da eurocidade nos meses de xuño, xullo e agosto. Tamén se constituírons grupos e bandas conxuntas.

c) Local de ensaio e oficina transfronteiriza de información xuvenil

O traballo desenvolvido polas asociacións que o asesoran e apoian (referente asociativo) a involucración dos mozos da zona foi todo un éxito, con grandes achegas en equipamento e cunha forte resposta a todas as actividades programadas. O traballo de todos eles foi aglutinar e coordinar todo o tecido xuvenil interesado na eurociudade.

Desde as asociacións mantivéronse moitas reunións con colectivos xuvenís e mozos informais interesados en levar adiante o proxecto eurociudade. Tense especial relación coas asociacións que mostraron o seu interese inicial en dirixir o proxecto e trabállase conxuntamente para o seu bo desenvolvemento. Entre todos redáctanse informes sobre as actividades que se poderían levar a cabo e preséntanse á dirección xeral de xuventude e voluntariado da Xunta de Galicia.

Púxose en marcha unha páxina de facebook para dinamizar e comunicar aos mozos todo o relacionado coa oficina e o local de ensaio.

A afluencia de mozos é constante e as súas cuestións moi diversas, así, as visitas á oficina aumentaron cada trimestre unha media dun 35% e un 40%.

Respecto ao local de ensaio, as solicitudes dos grupos xa inscritos, tamén foron en aumento durante estes anos. Por outro lado, incrementábase preto dun 30% cada trimestre o número de novos grupos que solicitan a inscrición, indispensable para a utilización do local.

Ao longo destes anos podemos dicir que acudiron á oficina ou solicitaron consultas unhas 1.750 persoas e a cidadanía ten cada vez máis coñecemento desta oficina e das súas finalidades.

Das aproximadamente 350 visitas ao local de ensaio, uns 15 grupos musicais son asiduos (9 españois e 6 portugueses).

Tamén se coordina xunto con outros mozos o perfil en facebook cuns 314 amigos. Tanto perfil como páxina aparecen co nome: espazo xuvenil verín.

d) Obradoiros de innovación turística (INNOVATUR)

Innovatur: obradoiros innovación turística foi un proceso creativo para mozos de 18 a 30 anos que se desenvolveu na Eurociudade Chaves - Verín durante os meses de marzo e novembro de 2014. Este programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pretendía como obxectivo principal crear unha actividade multidisciplinar para mozos que querían intercambiar experiencias no sector da innovación turística no marco do espírito emprendedor co apoio á creación de produto turístico na Eurociudade e o seu posible desenvolvemento real a partir da innovación.

Con isto pretendíase: dar a coñecer a zona transfronteiriza con especial énfase no desenvolvemento turístico promovido pola xuventude; apoiar proxectos de innovación turística e considerar fórmulas creativas e innovadoras baseadas en emprendemento turístico a través de proxectos dirixidos a diferentes sectores de poboación.

Tras 9 meses de traballo (xornadas presenciais, titorías presenciais, asistencia a cursos, titorías vía electrónica...) 12 foron finalmente os mozos participantes e os resultados obtidos moi positivos, destacamos:

- Lar xestión: empresa creada que non tiña movemento. Comeza de novo a súa andaina e solícitanos a creación dun espazo web (www.larxestion.org) e material promocional diverso; nel, podemos ver os novos produtos que ofrece esta consultoría turística. Son dúas socias.
- Resfa eventos: creación desta microempresa que se dedica a organizar todo tipo de eventos en relación co turismo e outros sectores da eurociudade. Realízase a páxina web www.resfaeventos.com e material promocional diverso.

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

- Desfruta naturalmente Galicia: proxecto madurado durante anos pola súa impulsora. Con innovatur obtivo o apoio e forza para iniciar o seu negocio. Obtivo asesoramento, creación da páxina web e folletos publicitarios www.disfrutagalicianaturalmente.com
- Activa-t.: é o último proxecto que tivo forma de negocio e que está comezando. Ofrece servizos de lecer adulto para que as persoas maiores poidan gozar do seu tempo libre. www.activat-ocio.com
- Módulo 2, práctica: obradoiros e dinámicas de coaching e liderado. Márketing en liña
- Módulo 3, proxecto: creación dun proxecto propio e integración na web 2.0

6.1.6.10 "Imaxina Atlántica 3.0"

Programa de intercambio de mozos e mozas profesionais na arte dixital, enmarcado dentro do proxecto Espazo Atlántico, territorios creativos e innovadores, recoñecido polo acrónimo Imaxina Atlántica, proxecto que se desenvolveu no marco do Programa de cooperación transnacional Interreg IV B Espazo Atlántico 2007-2013, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Programa de estadias que tivo como finalidade promover e estimular a innovación e a profesionalización de mozos e mozas galegos e galegas dentro dos parámetros da creatividade e o emprendemento; fomentar, a través dunha actividade, un traballo de investigación, de cooperación na xuventude expoñer e divulgar a creatividade dos/as mozos/as galegos/as tanto en Galicia coma fóra das súas fronteiras.

Foron destinatarios desta iniciativa os mozo/as galegos/as con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, ambas as dúas inclusive. As prazas convocadas foron 21: 7 para Porto (Portugal), do 27 ao 31 de xaneiro; 6 para Asturias (Xixón e Avilés) do 3 ao 6 de febreiro; 2 para Donegal (Irlanda) do 10 ao 14 de febreiro; e 6 para Angoulême (Francia) do 17 ao 22 de febreiro.

6.1.6.9 Mocidade emprendedora da Eurorexión (Emprende)

Programa de Cooperación Transfronteirizo España-Portugal, área Galicia-Norte de Portugal. Integración socioeconómica.

O proxecto Emprende, financiado polo Programa de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal (POCTEP), ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais.

Actividades 2014:

a) Xornadas de Emprendemento

Ao abeiro do proxecto Emprende realizáronse dúas xornadas en Ribadavia (29 de novembro) na OMIX e en Cangas o 13 de decembro de 2014. O número total de participantes foi de 14.

O curso baseouse en 3 módulos:

- Módulo 1, teoría: o emprendemento de actuacións e características. Aquí ademais focalizáronse os intereses particulares de cada participante nos ámbitos de emprendemento que máis lles interesaban. Céntrase nas habilidades sociais e comunicativas necesarias para o óptimo emprendemento.

6.1.7 Programas de mobilidade

6.1.7.1 Proxecto Galeuropa

A Dirección Xeral de Xuventude puxo en marcha un ano máis o programa de mobilidade galega "Galeuropa", programa de axudas a mozos e mozas galegos e galegas para estancias de 8 semanas de duración para a realización de prácticas formativas non remuneradas en empresas de calquera estado ou país estranxeiro, agás España

Foi destinado aos mozos e mozas galegos e galegas, de entre 18 e 30 anos, con coñecemento da lingua do país de destino elixido para a realización da práctica formativa e en posesión do título universitario de grao ou equivalente, título de grao medio ou superior de técnico/a ou técnico/a superior de formación profesional, de ensinanzas profesionais de Artes plásticas e deseño ou de ensinanzas deportivas.


As estadias teñen como finalidade apoiar as persoas participantes en actividades de formación para adquirir os coñecementos, competencias e cualificacións que complementen o desenvolvemento persoal e profesional, facilitando a mobilidade dos/as traballadores/as polos distintos países a nivel mundial e promover o desenvolvemento e a súa transferencia entre os países participantes ao mesmo tempo que perfeccionar as habilidades lingüísticas nun idioma estranxeiro, salvo que o país de destino sexa un país de fala hispano-portuguesa

A contía da axuda estivo en función do país de destino, oscilando segundo a táboa que recolle a orde de convocatoria entre un mínimo de 1.465 euros (Bulgaria) e un máximo de 2.400 euros, para países como Reino Unido, Dinamarca ou países iberoamericanos. Estivo previsto un anticipo dun 80% da axuda.

► Solicitantes e beneficiarios do programa:

Solicitantes: 876

Beneficiarios	homes	mulleres	Total
Formación profesional	25	19	44
Universitarios	66	121	187
Total	91	140	231



O proxecto foi financiado integramente pola Dirección Xeral cun importe de **600.000 euros**.

6.1.7.2 "Deseñando o teu futuro": Proxecto piloto de estadias-visitas en empresas

Deseñando o teu futuro é un proxecto de educación non formal de estadias-visitas en centros de traballo, ten por obxectivo dar apoio á educación non formal da mocidade como complemento da educación regrada, co obxecto de contribuír á aprendizaxe permanente.

Os participantes puideron realizar estadias-visitas en empresas dos sectores: da xardinaría e viveirismo, mecánica, deseño gráfico, mantemento e limpeza, restauración e turismo e servizos sociais. Con estas estadias-visitas preténdese que os/as mozos/as se aproximen ás distintas tipoloxías de postos de traballo existentes no mercado laboral, axudarlles na toma de decisión do seu futuro perfil profesional, para os efectos de que coñezan "a realidade da empresa" previamente a decidir a súa traxectoria formativa profesional, así como achegalos ao mundo sociolaboral adquirindo coñecementos e habilidades que os axuden a complementar o seu desenvolvemento persoal e futura formación profesional.

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

Para o desenvolvemento das estadías visitas contouse coa colaboración da Fundación Paideia. Realizáronse do 22 de setembro ao 22 de outubro e tiveron unha duración de 10 a 13 días hábiles cunha duración máxima de 32 horas semanais.

O número de participantes ascendeu a 15.

6.1.7.3 Programa galego de mobilidade “Xuventude no mundo”

A “Xuventude no mundo” é un programa de mobilidade xuvenil organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que pretendeu que os mozos e mozas de Galicia poidesen desenvolver un programa de actividades de interese para a xuventude noutras partes do mundo. Pretendeu tamén facilitar o coñecemento doutras realidades socioculturais e lingüísticas para a comprensión da diversidade cultural e favorecer e potenciar a adquisición de habilidades e competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal.

O programa foi destinado á mocidade residente en Galicia, que tivese entre 18 e 30 anos.

Os intercambios fixéronse nos seguintes países:

- Alemaña-Berlín (Distrito de Reinickendorf-Casa da Xuventude de Fuchasbau) do 20 ao 27 de xuño
- Xapón (en Wakayama na Perfectura de Wakayama) do 20 ao 27 de agosto

Ofertáronse un total de 20 prazas.

6.1.8 Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Desde o Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil prográmanse os distintos cursos e actividades para a formación tanto do persoal da Rede galega de información xuvenil (RGIX), como o das oficinas municipais de Información Xuvenil (OMIX) ou outro persoal das Administracións públicas (AAPP) e tamén para a formación da xuventude e outras persoas interesadas.

Durante o ano 2014, nas distintas modalidades de presencial, semipresencial e a distancia, realizáronse os seguintes cursos dende o centro coordinador e as casas de xuventude:

Nome do curso	Edicións	Nº prazas
Fomento e apoio asociativo	1	30
Taller formativo para a análise das posibilidades de dinamización de espazos promotores de saúde nas entidades xuvenís	1	25
Mediación en conflitos xuvenís	1	25
Organización de accións socioeducativas dirixidas á mocidade no marco da educación non formal	1	30
Organización e xestión de acción de dinamización da información para a mocidade	1	30
Formación básica en materia de xénero e igualdade para persoas que traballan coa mocidade	1	25
Formación de mediadores/as xuvenís en promoción de hábitos e estilos de vida saudables	1	25
Taller formativo en igualdade de xénero para mediadores e mediadoras xuvenís	1	25
Organización e xestión de servizos de información de interese par a a mocidade	1	30
Mediación en conflitos xuvenís	2	25
Inglés para viaxar	1	20
O sistema sexo-xénero e a súa implicación nos hábitos de saúde da mocidade	1	25
Formación específica para a dinamización da igualdade de xénero dende as entidades xuvenís	1	25
Total	14	340

6.1.8.1 Servizo de información xuvenil

Na Oficina de Información Xuvenil aténdense consultas de forma presencial, telefónica e por correo electrónico e dáse información xeneralizada sobre temas de interese para a mocidade.


As consultas máis demandadas son sobre actividades, cursos, bolsas, axudas, estudos, carnés, oposicións, idiomas, voluntariado, traballo, vivenda e programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Atendéronse no ano 2014 un total de 28.414 usuarios e 31.759 consultas coa seguinte distribución:

	Consultas	Porcentaxe
Presenciais	21.612	68%
Telefónicas	6.629	21%
Correo electrónico	3.518	11%
Total	31.759	100%

Información sobre os distintos programas que convoca a Dirección Xeral	27%
Bolsas	9%
Cursos	11%
Actividades	9%
Axudas e subvencións	7%
Carnés	13%
Estudos	5%
Oposicións	1%
Vivenda	1%
Idiomas	10%
Voluntariado	2%
Outras consultas	5%
	100%

As porcentaxes das consultas presenciais, en canto á súa distribución por sexo e idade foron:



A asesoría de programas europeos, tivo 369 consultas presenciais, 200 telefónicas e 179 por outros medios, facendo un total de 748 consultas. As visitas presenciais totais relacionadas con este tema foron 348. O Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil tamén coordinou e asesorou un total de 31 programas europeos e 3 proxectos do Programa galego de mobilidade: A xuventude no Mundo. Nos proxectos participou a mocidade galega cun total de 197 persoas. A mocidade estranxeira participante en proxectos en Galicia sumou un total de 231.

Polo que atinxe á Oficina de Emancipación xuvenil, atendeu no tema de vivenda un total de 87 usuarios, e 228 foron consultas sobre emprego

O número de consultas a informadores xuvenís foron un total de 7.084, sendo presenciais unhas 740, telefónicas 3.516 e por e-mail 2.828.

Os paneis informativos tiveron un total de 2456 visitas.

Elaboráronse un total de 176 dossier, propios 124 e con colaboracións 52. Tamén se elaboraron un total de 52 boletíns oficiais.

O total de usuarios da sala de lectura foi de 2.644 usuarios.

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE


6.1.8.2 Oficina TIVE

A oficina TIVE presta servizos ás persoas estudantes e á mocidade relacionados con actividades de lecer e tempo libre e o turismo nacional e internacional. A actividade fundamental é a expedición de carnés que proporcionan distintos tipos de vantaxes.

O número total de carnés expedidos na oficina TIVE durante o ano 2014 foron 3.280 coa seguinte distribución:

	Nº carnés
Carné xove	2.823
Carné ISI	305
Carné TEACHER	43
Carne fiyto	2
Carné de alberguista	107
Total	3.280

Durante o no 2014 atendéronse 8.947 consultas sobre os distintos tipos de carné, coa seguinte distribución de usuarios por idades e sexo:



6.1.8.3 Comunícate

Este programa ten por obxecto difundir a internet entre a mocidade. A prestación é gratuíta para os posuidores de calquera carné expedido na oficina TIVE.

Conta con 20 postos e cun amplo horario que facilita as consultas a aquelas persoas que non contan con acceso á internet na súa casa.

Horario: de 8:30 a 20:15 h de luns a xoves e de 8:30 a 15:00 e de 16:30 a 20:30 h os venres

Utilizaron este servizo no ano 2014 un total de 11.423 persoas, das que o 52% eran mozas e un 48% mozos.

6.1.8.4 Documentación

O traballo de documentación que se fai no centro, consiste en recoller aqueles documentos que poden ser de interese para as distintas seccións da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Para iso repásanse boletíns, prensa e documentos co fin de facer un baleirado para a súa posterior catalogación e clasificación.

Durante o ano 2014 fíxose o baleirado, catalogación, clasificación e escaneado dun total de 4.263 artigos de prensa escrita e dixital. Levouse a cabo a clasificación e catalogación e escaneado de 15 manuais, folletos, DVD e outros materiais. Fixéronse labores de expurgo de 4.458 artigos de prensa, manuais, revistas, folletos, DVD, dossiers, e outro material. Elaboráronse 277 dossiers, xestionáronse 375 correos electrónicos e realizáronse 577 buscas e descargas da internet sobre lexislación, manuais, información e documentación.

6.1.8.5 Préstamos de salas e recursos para actividades e recursos multimedia.

Os medios espaciais do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia son os seguintes: un salón de actos, dúas salas de usos múltiples e unha sala de informática. Esta infraestrutura ponse, logo da súa solicitude, á disposición de asociacións e colectivos para a realización das súas actividades.

No ano 2014 solicitaron o uso destes medios espaciais distintas entidades para actividades diferentes: para 55 actividades a Dirección Xeral de Xuventude, 16 os centros

Quérote+, 27 Médicos sen Fronteiras, 7 Asociacións, 3 Consellería de Traballo, 1 Instituto Galego de Consumo, 8 Colexio de Arquitectos, entre outros.

O Centro Coordinador prestou ordenadores e proxectores ás OMIX (oficinas municipais de información xuvenil) e asociacións que o solicitaron.

6.1.8.6 Exposicións

- ▶ Xuventude Crea.
- ▶ Exposición dos carteis presentados ao concurso para elixir o logotipo de Xuventude Crea

6.1.8.7 Os Centros Quérote Máis

<http://xuventude.xunta.es/querote-mais.html>



Os centros Quérote+ son un servizo que dá resposta a un serio compromiso que a Administración pública adquire co benestar da mocidade galega, proporcionando un servizo profesional e de calidade aos mozos e mozas de Galicia.

Os centros responden a unha demanda social manifesta. Día a día o equipo de traballo de Quérote+ atendeu consultas referentes a dificultades, preocupacións ou curiosidades que mozos e mozas teñen en relación coa sexualidade e a afectividade, a imaxe corporal e a autoestima, a convivencia e as relacións sociais no espazo físico e no virtual e en relación ao consumo de certas substancias.

Quérote+ traballou con base nuns piares fundamentais que fan que sexa un servizo de calidade e único: a atención global e integral, a interdisciplinariedade, as actuacións baseadas no criterio da construción persoal propia e o fomento da autonomía persoal, o mantemento da ética profesional, a igualdade, a atención de forma con-

fidencial, anónima e gratuíta, as actuacións educativas e preventivas, a ética profesional e a coordinación cos demais servizos.

Os obxectivos que perseguiu o servizo son:

- ▶ Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas necesidades, intervindo nos procesos de xeito preventivo
- ▶ Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente
- ▶ Facilitar que os mozos e as mozas dispoñan do maior número de ferramentas e habiliddes para poder construírse de xeito satisfactorio
- ▶ Dotar de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade

Os centros contan cun equipo formado por traballadoras e traballadores sociais, educadores e educadoras sociais, e psicólogos e psicólogas.

Carta de servizos

1. Servizo de información e asesoramento especializado.

Atención presencial	3.031
Atención en liña	1.220
Atención telefónica	986
Atención Whatsapp	592
Total asesoramento	5.929

2. Servizo formativo

Alumnado de secundaria (Obradoiros de convivencia, convivencia nas redes sociais, Imaxe corporal, Sexualidade e Afectividade e Fenómeno do Botellón)	12.078
Redes familiares: nais e pais	325
Casas da xuventude, OMIX, e tecido asociativo xuvenil	561
Centros para persoas con diversidade funcional	797

6.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

Centro penitenciario de Teixeiro	60
Centros de menores en situación de exclusión ou con medidas xudiciais	175
Intervención con muller	111
Inclusión	66
Plan de formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	213
Total usuarios	14.376

3. Publicacións e colaboracións con medios de comunicación

- ▶ Dípticos/Tarxetas/Carteis e pegatinas informativas que dan a coñecer os servizos prestados polos centros Quérote+, así como algunhas publicacións específicas referentes a algún programa ou campaña concreto.

4. Participación en eventos, foros e saídas promocionais

- ▶ Actividades divulgativas en xornadas para a mocidade, nos campus universitarios e nas festividades:
 - Campaña Día Mundial de Loita contra o VIH: mesas informativas nos campus universitarios da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense e Santiago de Compostela
 - Campaña Día da Proba rápida do VIH
 - Campaña "Gústame porque es ti" sobre imaxe corporal (contribuíndo a mellorar a autoestima)
 - Campaña no Día da Internet Seguro
 - Campaña Día Mundial da Discapacidade
 - Campaña Día Europeo da Saúde Sexual
 - Campaña Día Mundial de Loita contra a Homofobia e a Transfobia
 - Xornadas de Educación para a Saúde (AECC)
 - Radio Tuenti, espazo adicado cada xoves á Xuventude con Quérote+ en Radio Allariz

- Clube de lectura Quérote+ na biblioteca Ágora na Coruña.

5. Realización de probas específicas (Proba rápida de detección do VIH. 774 probas realizadas)

6. Servizo de prácticas formativas e profesionais (O equipo técnico de Quérote+ tutoriza e recibe persoas que se atopan en período formativo na realización de prácticas profesionais. 12 estudantes)

7. Presencia nas redes sociais: 8.423 persoas seguidoras

8. Participación nos «plans integrais» da Xunta de Galicia.

6.1.9 Ordes de subvencións no ámbito da xuventude

6.1.9.1 Axudas a entidades xuvenís e grupos informais

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, convocou e tramitou axudas dirixidas a grupos informais de mozos e mozas, asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade e ás súas respectivas federacións. Estas axudas tratan de apoiar proxectos nos que a mocidade participe de forma activa e directa en actividades concibidas por ela e das cales ela sexa a súa principal axente.

Neste senso, foi publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde do 7 de abril de 2014, pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 73, do 15.05.2014).

O art. 4º establece, como un dos requisitos para poder acceder a estas axudas, a inscrición das asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións, no censo oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

No ano 2014 foron censadas un total de 20 asociacións novas, desagregándose do seguinte xeito: 17 asociacións foron censadas como “prestadoras de servizos á xuventude” e as 3 restantes como asociacións xuvenís.

Por outra banda, tamén se contempla a posibilidade de que poidan obter estas axudas os “grupos informais” de mozos e mozas que desexen realizar unha iniciativa xuvenil.

► **Orzamento e nº de axudas 2014:**

- O orzamento total para o financiamento destas axudas foi de 501.000 euros para a realización dos proxectos de iniciativas xuvenís.
- O número total de axudas concedidas a entidades (de ámbito autonómico e provincial) foi de 65,26 autonómicas e 39 provinciais. No relativo aos grupos informais foron 74 os proxectos concedidos.

Para este fin, publicouse a Orde do 28 de abril de 2014 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2014, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 85 do 06.05.2014).

► **Orzamento e número de axudas 2014.**

- O orzamento para o financiamento destas axudas foi de 533.000 euros.
- O número total de axudas concedidas ascendeu a 216.

6.1.9.2 Axudas a entidades locais

A Consellería de Traballo e Benestar entende que para lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual é fundamental promover actuacións e canles dirixidas a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada, dirixida á xuventude, prestando apoio ás accións que neste sentido emprendan os concellos dentro da súa competencia e ámbito territorial. Igualmente, considérase necesario apoiar proxectos que desenvolvan as entidades locais e que vaian dirixidos a facilitar a participación da xuventude en actividades de educación non formal tendo en conta as competencias e aptitudes que se derivan desta, sobre todo de cara a mellorar a empregabilidade das mozas e dos mozos galegas e galegos.

6.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

A actividade normativa en 2014 prodúcese como desenvolvemento da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, nas seguintes materias:

- ▶ Consello Galego de Acción Voluntaria, coa norma: Decreto 38/2014, do 20 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Acción voluntaria (DOG núm. 65, do 3.04.2014).
- ▶ Rexistro: Decreto 29/2014, do 6 de marzo, polo que se derroga o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia (DOG núm. 51, do 14 de marzo) e a Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia (DOG núm. 55, do 20 de marzo).

6.2.1 Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria


No momento actual son 833 as entidades de acción voluntaria (incluíndo ONG, entidades locais e de ámbito autonómico) inscritas no rexistro de entidades de acción voluntaria (EAV) da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Desde 2006 cabe destacar o incremento progresivo de entidades rexistradas que contan cun número estimado de 38.000 voluntarios colaboradores.

Total entidades de acción voluntaria (EAV)	
Asociacións ONL	579
Entidades locais	227
Autonómicas	27
Total	833

▶ Datos do Rexistro das Entidades de Acción Voluntaria (EAV)

O número de inscricións no rexistro EAV no ano 2014 foi de 16.

	Entidades	Voluntarios
A Coruña	336	20.579
Lugo	95	2.065
Ourense	186	5.714
Pontevedra	216	9.325
Total	833	37.683



6.2.2 Subvencións no ámbito do voluntariado (voluntariado xuvenil)

Orde do 26 de febreiro de 2014 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG núm. 47, do 10.03.2014).

Estas subvencións destináronse a entidades de acción voluntaria e a entidades locais que realizasen proxectos de voluntariado xuvenil. O obxectivo último foi o de fortalecer a todas as entidades de acción voluntaria e promover a participación social.

A inscrición das entidades no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia constituíu requisito indispensable para poder solicitar a subvención.


En calquera caso, e a grandes trazos, podemos facer a seguinte clasificación:

Áreas de actuación (131 entidades)	%
Colectivo en risco de exclusión (62)	47%
Camión de Santiago(21)	16%
Cultura, arte e tradicións populares (28)	21%
Xuventude (52)	40%
Medio (36)	27%
Igualdade de xénero (18)	14%

- O importe destinado foi de 270.000 euros para entidades de acción voluntaria e de 163.808 euros para concellos. A distribución provincial dos importes concedidos son os seguintes.


Orde voluntariado xuvenil: entidades de acción voluntaria

	Nº solicitudes	Concedidas	Importe concedido
A Coruña	38	35	108.682,00
Lugo	8	8	9.503,00
Ourense	9	9	25.272,00
Pontevedra	19	16	56.195,12
Total	74	68	199.652,12



Orde voluntariado xuvenil: entidades locais

	Nº solicitudes	Concedidas	Importe concedido
A Coruña	21	20	65.819,00
Lugo	8	8	13.486,00
Ourense	17	15	51.150,00
Pontevedra	11	11	31.541,48
Total	57	54	161.996,48



6.2.3 O Pasaporte solidario do voluntario

O Pasaporte solidario é un proxecto desenvolvido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que arrincou en marzo de 2011. O curso académico 2013-2014 foi, pois, a cuarta edición desa iniciativa nacida orixinariamente en Dinamarca. Está en vigor no 2014-2015 e ten vontade de seguir o vindeiro curso. O obxectivo do PS é promover entre o alumnado de Primaria e ESO o seu espírito voluntario e solidario, sen imponer límite de idade se ben cómpre que o estudante teña un bo nivel de lectura comprensiva. Para o anecdótico queda o feito de que algúns centros moi concretos solicitaron pasaportes para os pícaros, que plasmaron a súa concepción en sinxelos debuxos.

O PS é individual e propón xustamente varias actividades solidarias. Entrégase a cada neno -loxicamente titorizado-, que, se ben ten que plasmar a súa experiencia persoal, é posible vivir esta en grupo. En cada páxina había

6.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

dúas actividades solidarias que o alumno debe realizar con liberdade, unha liberdade que ten tamén o centro. En efecto, nalgúns casos este fixo as súas achegas propias e mesmo cambiou algunha actividade por debuxo ou outra propia, sobre todo aqueles centros que xa teñen definida unha liña de traballo solidario (cunha celebración en concreto, cunha ONG, por exemplo).

A entrega é gratuita, e así cada centro que o solicitou recibiu os exemplares cos que estaba disposto a traballar. A Dirección Xeral non regateou respaldo firme e constante a eses centros, facilitándolles un número de teléfono móvil para as dúbidas e un enderezo de correo electrónico. Asemade, unha persoa enviada pola Dirección Xeral acudiu aos centros que solicitaron respaldo e asesoramento.

Durante o curso 2013-2014 decidiuse non entregar premio ningún aos participantes por entenderen que iso é contrario o espírito solidario -premiar uns implica non premiar a outros-. Tamén se pretendeu non correr o risco de que algún centros e alumnos entendesen que cubrir o pasaporte era unha carreira.

Os colexios participantes foron o CEIP Abelendo, de Moaña (Pontevedra), CEIP Greaxal, de Cambre (A Coruña), IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa), CEIP Paradai, de Lugo, CPR Colexio Labor, de Vigo (Pontevedra). CEIP Os Casais, de Maniños-Fene (A Coruña), Colexio La Salle, do Ferrol (A Coruña), CEIP Santa María, da Fonsagrada (Lugo), Colexio La Salle, de Santiago de Compostela (A Coruña), CEIP Santa María do Castro, de Boiro (A Coruña), CPR Plurilingüe Montespino, da Coruña, CEIP de Palas de Rei (Lugo), IES Maximino Romero de Lema, de Baio-Zas (A Coruña), IES A Sardiñeira, da Coruña, IES Xoán Montes, de Lugo. En total, 1208 alumnos cubriron o seu Pasaporte solidario.

Ao final do curso, no mes de xuño, entregáronse diplomas individuais a todos e cada un dos alumnos participantes.

- ▶ No curso 2013-2014 solicitaron formar parte do Pasaporte solidario 17 centros e participaron cerca de 1.010 alumnos.

6.2.4 Portal do Voluntariado



O portal www.voluntariadoogalego.org permite un continuo fluxo de información e comunicación entre a Administración autonómica e as entidades de acción voluntaria para, deste xeito, lograr un contacto permanente entre ambas e poder dotar a estas últimas de ferramentas informativas actualizadas.

- ▶ No ano 2014 tivo un total de 442.204 visitas.

As entidades rexistradas actualizan a súa propia sección dentro da rede mediante a introdución das iniciativas que van desenvolver, os cambios producidos e as novas salientables. Deste xeito aqueles cidadáns que estean interesados en realizar acción de voluntariado, poden chegar a coñecer a existencia das entidades, o seu funcionamento e características principais, así como o xeito de contactar.

Os particulares, pola súa banda, poden acceder a través do portal a toda a información relativa á programación en cada momento da Dirección Xeral en materia de voluntariado.

A través da web e do Teléfono Solidario 900 400 800 inscribíronse os voluntarios e voluntarias nos distintos programas e cursos da subdirección desenvolvidos ao longo de 2014.

Así mesmo conta cunha sección que intenta ser un punto de encontro onde as entidades de acción voluntaria e os voluntarios/as poidan solicitar ou ofertar a súa colaboración. Pretende ser un lugar que canalice as demandas de voluntariado por parte das entidades para os seus programas e proxectos, e onde as persoas voluntarias que desexen colaborar poidan manifestar o seu interese e unirse aos ditos programas e proxectos.

Facebook Voluntariado galego

<https://www.facebook.com/pages/Voluntariado-Galego/211326048976970>



Así mesmo, ademais da nosa web dispoñemos dunha páxina en Facebook na que se informa diariamente de todo o relacionado coa Dirección Xeral e coas entidades de voluntariado que o solicitan.

Voluntariado galego é un punto de encontro para todo o movemento voluntario de Galicia que facilita a comunicación entre as entidades e os voluntarios.

Deste xeito, aqueles cidadáns que estean interesados en realizar accións de voluntariado, poden chegar a coñecer a existencia das entidades, o seu funcionamento e características principais, así como o xeito de contactar con elas.

- ▶ Contamos nestes momentos con 3.595 seguidores.

6.2.5 Caixón solidario

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, ante as numerosas consultas recibidas, propúxose servir de enlace entre as entidades de acción voluntaria e os cidadáns/cidadás e establecementos que dispoñan de obxectos e materiais que xa non precisan (roupa, alimentos, xoguetes, libros, electrónica, computadores, telefonía móbil).

Por iso fíxose un chamamento a todas as entidades do Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia que estivesen interesadas en ser receptoras dalgúns destes obxectos, que pasaron a formar parte dunha base de datos agrupada por categorías.

A finalidade desta iniciativa é que os cidadáns que queiran desprenderse dalgún obxecto que xa non usan poidan consultar na web que entidades son receptoras e de que produtos, e así poder facer a achega á entidade da súa escolla. Polo momento hai 49 entidades integradas no "caixón solidario", das cales 38 son entidades de acción voluntaria propiamente ditas, e 11 son entidades locais.

6.2.6 Programas de voluntariado 2014

6.2.6.1 Programas desenvolvidos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Programa Rede de centros escolares solidarios

O programa Rede de centros escolares solidarios é unha iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que pretende descubrir o voluntariado ao alumnado de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e de adultos de Galicia e animalos a comprometerse.

O principal obxectivo do programa é promover valores de solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa (pais, nais, profesorado e alumnado), e favorecer que os e as escolares

se comprometan como voluntarios e voluntarias, a través dunha metodoloxía activa e participativa que fomen- te o traballo en equipo e achegue o alumnado á realidade do voluntariado.

Cada centro escolar podía desenvolver con liberdade o seu proxecto solidario ou programa propio de voluntaria- do, na dobre modalidade:

- Proxecto único que repercute no mesmo centro ou no seu alumnado,...
- Proxecto realizado en colaboración cunha entidade inscrita no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

▶ Datos Xerais Curso 2013-2014

- Número de centros de ensino participantes na RCES (2013-14): 12
- Número total de alumnado participante: 1.375
- Número total de profesorado participante: 50
- Actividades desenvolvidas

- ▶ Visitas e asesoramento a centros participantes nas RCES (2013-14)

Obxectivos:

- Dar a coñecer as prioridades do programa
- Establecer indicadores de calidade na imple- mentación dos Proxectos
- Establecer fluxo comunicacional próximo para os efectos de facilitar a posterior impli- cación do profesorado nas diferentes fases do programa.
- Detectar fortalezas e debilidades na aplica- ción do programa nos diferentes centros

Número total: visitas a 7 centros de ensino.

- ▶ Xuntanza “construíndo redes”

Número de alumnado participantes: 17 alumnos/as, centros de ensino participantes: 8 centros.

- ▶ Voluntariado en acción

Obxectivo: O programa ofrece aos centros a posibilidade de realizar actividades no marco desta iniciativa promovida pola Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Isto permite fortalecer e enriquecer os proxectos solidarios que se realizan nos centros educativos, ou ben aprender metodoloxías para aplicarlos.

Número de centros participantes: 11.

- ▶ II Encontro da Rede de Centros Escolares Solidarios

Centros participantes: 6, alumnado 122 e profesorado: 12.

Plan de formación do voluntariado

O Plan de formación do voluntariado leva a cabo actuacións en materia de formación continua, destinada principalmente:

- ▶ ao persoal que traballa na Rede galega de informa- ción e documentación xuvenil
- ▶ a técnicos de tempo libre ofertando un catálogo de cursos dirixidos a persoas coa titulación de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre
- ▶ a persoal técnico e voluntariado das entidades inscri- tas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, e calquera mozo/a que queira for- mar parte do voluntariado galego.

Co Plan de formación do voluntariado pretendeuse cum- prir os obxectivos de mellorar, sistematizar e cualificar a formación do voluntariado; así como os de crear unha estrutura de información, formación e sensibilización do voluntariado, tal e como se establece no Plan galego de acción voluntaria 2011-2014.

Os cursos presenciais desenvolvéronse nas principais cidades e vilas de Galicia e outras pequenas localidades co obxecto de achegar a formación a todas as persoas interesadas nas distintas temáticas. Ao mesmo tempo, leváronse a cabo cursos en liña para facilitar a formación daquelas persoas con dificultades para desprazarse e poder participar na formación presencial por incompatibilidades cos seus horarios laborais e diferentes responsabilidades.

Igual que en anos anteriores, para planificar a formación presencial e en liña, contou-se coas contribucións e suxestións das Entidades de Acción Voluntaria (EAV) e cos concellos. Con este obxectivo, abriuse unha canle de participación a través do portal de voluntariado galego www.voluntariadogalego.org, no que podían dar suxestións sobre os cursos e contidos que consideraban interesantes.

No ano 2014 ofertáronse un total de 29 cursos, 8 presenciais e 21 en liña. Estes cursos tiveron como destinatarios preferentes o persoal técnico e voluntarios das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia.

As solicitudes e a súa tramitación realizáronse a través do portal www.voluntariadogalego.org, así como a través do Teléfono Solidario 900 400 800.

Cursos	Inscritos/as
Presenciais	734
En liña	11.319
Total	12.053

6.2.6.2 Programas con colaboración interadministrativa

Voluntariado ambiental para a prevención e defensa contra os incendios forestais 2014

Consistiu nun proxecto de educación ambiental posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

en colaboración coa Dirección Xeral de Montes da Consellería de Medio Rural.

O programa tivo por obxecto promover unha campaña de sensibilización e información no coidado dos nosos montes, colaborar na vixilancia dos montes de Galicia, reforzar a idea da necesidade de conservar os nosos recursos forestais, fomentar unha actitude de prevención de riscos nos nosos montes e promover mecanismos que incidisen en actitudes de persuasión fronte ao descoido ou a irresponsabilidade no monte.

O programa desenvolveuse en quendas de 5 días nas seguintes localizacións: Santiago Norte, Santiago Sur, Lalín, Curtis, Ribeira, As Corcerizas e Bóveda. Estivo concibido como un campo de traballo, no que grupos de 6 persoas voluntarias xunto cun monitor realizaron diferentes actividades de sensibilización e información sobre a necesidade de coidado e preservación da masa forestal.

O programa incluía aloxamento e pensión completa nun albergue, programa de actividades e seguro de accidentes e responsabilidade civil.

As actividades que realizaron os participantes no programa foron establecidas pola Dirección Xeral de Montes. Unha vez realizada a formación, as persoas voluntarias comezaron o seu labor, que incluía a realización das seguintes actividades: vixilancia ambiental, visitas ás poboacións próximas para facer unha campaña de sensibilización sobre a importancia da conservación da masa forestal, fixación de rutas de sendeirismo, control de especies invasoras, colaboración na restauración das áreas incendiadas, localización e control de vertedoiros incontrolados, limpeza de ríos e caracterización dun tramo de río, limpeza e desbroce de cortalumes e actividades culturais vinculadas cos montes en colaboración cos concellos de referencia.

Ao finalizar a súa participación neste programa de voluntariado ambiental, as persoas voluntarias obtiveron da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado

acreditativo da acción voluntaria desenvolvida, que será inscrito como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Zona	Quendas	Voluntarios
Santiago Norte	4	16
Santiago Sur	4	21
Lalín	2	8
Curtis	4	20
Ribeiraa	4	19
As Corcerizs	4	23
Bóveda	4	20
Total	26	127

Voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas (Ons)

Consistiu nun proxecto de educación ambiental posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O programa naceu co obxectivo principal de sensibilizar e infundir nos participantes criterios e coñecementos básicos sobre a concienciación medioambiental e a recuperación de ecosistemas no Parque nacional.

O programa desenvolveuse na illa de Ons, en 8 quendas de 5 días, de luns a venres dende o 31 de marzo ata o 30 de maio, no que grupos de 6 persoas voluntarias realizaron as seguintes actividades:

- Campaña de eliminación de alóctonas (Acacia melanoxilum, Rubina pseudoacacia e Eucaliptus globulos e Arctotheca caléndula)
- Apoio ás tarefas de guías e información
- Avistamentos de costeiros de aves e mamíferos mariños
- Seguimento plan de anfibios

- Apio as tarefas de mantemento
- Adecuación de camiños, construción de sinais indicativos
- Reforestación con especies autóctonas
- Limpeza de praias e sistemas dunares

O programa incluía desprazamento dende o punto de queda ata a illa, aloxamento e pensión completa, programa de actividades e seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Ao finalizar a súa participación neste programa de voluntariado ambiental, as persoas voluntarias obtiveron da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado de acreditativo da acción voluntaria desenvolvida, que será inscrito como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

- ▶ **En total colaboraron 43 voluntarios.**

Voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas (Sálvora e Cortegada)

Consistiu nun proxecto de educación ambiental posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Nesta ocasión o programa de voluntariado desenvolveuse nas Illas de Sálvora e Cortegada e naceu co obxectivo principal de sensibilizar e infundir nos participantes criterios e coñecementos básicos sobre a concienciación medioambiental e a recuperación de ecosistemas no Parque Nacional.

As actividades realizadas polos participantes no programa estiveron establecidas polos técnicos do propio Parque Nacional, e centraranse especialmente na limpeza de praias e na erradicación de plantas invasoras.

O programa desenvolveuse nunha única xornada en gru-

pos de 8 voluntarios do seguinte xeito: os martes de xullo, agosto e setembro: Cortegada, e os xoves de xullo, agosto e setembro: Sálvora, fixéronse a maiores 3 quendas especiais para a entidade AMICOS e unha quenda para a entidade FEAFES.

O programa incluíu desprazamento dende o punto de queda ata a illa, manutención, programa de actividades, seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Ao finalizar a súa participación neste programa de voluntariado ambiental, as persoas voluntarias obtiveron da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado acreditativo da acción voluntaria desenvolvida, que será inscrito como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

- ▶ En total participaron 115 voluntarios en Sálvora e 69 voluntarios en Cortegada.

Programa de voluntariado ambiental no parque nacional das illas Atlánticas-Cortegada

Proxecto ambiental pioneiro posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O programa de voluntariado desenvolveuse na Illa de Cortegada e naceu co obxectivo principal de sensibilizar e infundir nos participantes criterios e coñecementos básicos sobre a concienciación ambiental e a recuperación de ecosistemas no Parque Nacional.

O programa levouse a cabo os fins de semana do mes de marzo e abril, no que participaron un total de 6 voluntarios por quenda.

As actividades realizadas polos participantes no programa foron establecidas polos técnicos do propio Parque Nacional, e centráronse, entre outras, na colaboración na retirada dos restos que arrastran os temporais e a erradicación de especies alóctonas.

Os voluntarios/as deberán desprazarse por conta propia ata o punto de encontro desde onde serán recollidos en barco para o seu traslado ás illas. Ao finalizar a súa participación neste programa de voluntariado ambiental, as persoas voluntarias obtiveron da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado acreditativo da acción voluntaria desenvolvida, que será inscrito como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

- ▶ En total colaboraron 42 voluntarios.

Voluntariado dixital

O Programa de voluntariado dixital está impulsado pola AMTEGA e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado co obxectivo de estender a oferta pública de alfabetización dixital ás persoas de maior risco de exclusión dixital. Para cumprir este obxectivo búscase a colaboración activa entre as institucións, as empresas do sector TIC e as entidades de acción social que traballan apoiando as persoas con discapacidade, persoas maiores e en risco de exclusión social. A iniciativa suma tamén a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas e o aproveitamento das infraestruturas públicas.

A misión foi conquistar que todas as persoas teñan, por igual, a oportunidade de acceder, coñecer e utilizar a internet e as novas tecnoloxías, co fin de paliar a fenda dixital, eliminar fendas sociais existentes e fomentar a sociedade do coñecemento.

Obxectivos estratéxicos:

- ▶ Mellorar a alfabetización, habilidades e inclusión dixital
- ▶ Promoción da investigación e a innovación no ámbito da tecnoloxía social: Tecnoloxía para a mellora da autonomía persoal e o envellecement activo a través das TIC
- ▶ Fomentar o emprego nas novas profesións dixitais
- ▶ Promoción da innovación social: construción dunha

sociedade galega inclusiva, innovadora e reflexiva

► Resultados 2014

- Máis de 410 voluntarios/as dixitais, o que supón un incremento do 20% en relación co ano 2013 no número de persoas dispostas a compartir o seu tempo e os seus coñecementos.
- 103 entidades colaboradoras, cun incremento do 32% respecto ao período anterior, dos cales 14 son organismos colaboradores, 69 entidades de acción voluntaria e 20 mecenas dixitais
- 4.300 persoas pertencentes a 5 colectivos (maiores, persoas con discapacidade, poboación reclusa, persoas desempregadas e entidades do terceiro sector) así como o propio colectivo de persoas e entidades que colaboran co Programa de voluntariado dixital VOLDIX, beneficiáronse das distintas actividades realizadas.

Proxectos orientados ao colectivo de persoas maiores

Dinamización da aula de informática na parroquia dos Rosales (A Coruña): impartición de formación e organización de actividades de achegamento ás novas tecnoloxías por 3 voluntarios dixitais.

Proxecto "Falamos de...a informática fácil"

Na Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña: ciclo formativo no que, a través de 18 talleres eminentemente prácticos e de curta duración, se intrduce ás persoas maiores en aspectos das novas tecnoloxías, como redes sociais, organización de viaxes, correo electrónico, creación de blogs ou seguridade na internet, entre outros. Participaron 8 persoas voluntarias dixitais nestas actividades organizadas dende a Biblioteca.

Formación no ámbito do deseño gráfico na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela: formación de deseño gráfico, retoque de imaxes e fotografía dixital con ferramentas en software libre.

Proxectos orientados ao terceiro sector

Apoio virtual á ONG Miradas al Mundo: colaboracións puntuais para a actualización e mantemento de contidos web e dinamización dos perfís da entidade nas redes sociais.

Proxecto de capacitación en Down Galicia

Apoio dixital para capacitar os traballadores das distintas sedes de Federación Down Galicia no uso da folla de cálculo Excel. O apoio formativo tivo lugar na Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Sete persoas voluntarias dixitais e mecenas dixital 3.14 FinancialContents adheridos ao programa VOLDIX, acompañaron os máis de 50 profesionais de Down Galicia a través dos apoios dixitais solicitados.

Proxectos de dinamización de espazos públicos

Dinamización da aula CeMIT do Concello de Mos: impartición de formación e organización de actividades de achegamento das novas tecnoloxías á cidadanía do Concello de Mos.

Proxectos de colaboración coas entidades adheridas ao programa

Iniciativa "Tecnoloxía e software libre en centros penitenciarios galegos": obradoiros tecnolóxicos con ferramentas libres nos centros penitenciarios de Galicia, co obxectivo de achegar á poboación reclusa da nosa comunidade os conceptos básicos relacionados co software libre, e traballar con ferramentas libres, como LibreOffice, Gimp, VLC, oulnkscape para mellorar a súa futura empregabilidade.

Promoción da investigación e a innovación no ámbito da tecnoloxía social

- Participación no XXVI Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía, no que se desenvolveu o taller práctico “Estilo de vida 3.0: Analizando as claves dun envellecemento en positivo” para cuidadores familiares.
- Colaboración no desenvolvemento do Premio mellor proxecto tic con beneficios sociais 2014 do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, destinado a recoñecer os mellores proxectos no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación que contribúan e achen beneficios á sociedade.

Foros orientados ao fomento do ámbito dixital na cidadanía e entidades do terceiro sector

Foro “Inserción Laboral e Recrutamento 2.0”: xornada co obxectivo de mostrar ás persoas voluntarias como a irrupción da internet e as novas tecnoloxías na sociedade actual veñen a revolucionar os procesos de procura de emprego e selección de persoal.

Foro “Estratexias de Comunicación 2.0”: xornada na que se discutiron as claves para implantar unha estratexia dixital capaz de posicionar o noso pequeno negocio ou a nosa firma persoal ao lado das grandes marcas.

Foros orientados á promoción da innovación social dixital

- Foro “Boas prácticas na Innovación Social Dixital”: xornada na que, a través da exposición de casos de éxito e exemplos de boas prácticas, os asistentes puideron mergullarse na innovación social a través da internet e a tecnoloxía, como elemento transformador e cohesionador do territorio incidindo no seu labor cara a e-inclusión e aplicación das TIC en ideas innovadoras de participación cidadá.

- Xornada “Coaching para a transformación social”, na que se introduciu aos participantes no coaching como ferramenta para que as persoas acadan as súas metas e desenvolvan as súas habilidades para a transformación e a innovación social
- Xornada na USC “Participación social a través da rede”, onde se presentou o Programa de voluntariado dixital aos estudantes universitarios, co obxectivo de fomentar a súa participación no ámbito do voluntariado.
- Coordinación Seminario Peer Review da Comisión Europea “O uso das TIC para a acción social: Programa de voluntariado dixital”
- Seminario Peer Review “O uso das TIC para a acción social: O Programa de voluntariado dixital”. O Programa de voluntariado dixital da Xunta de Galicia, foi elixido como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC. Froito desta elección, organizouse un seminario Peer Review, no que expertos da Comisión Europea realizaron a avaliación e análise crítica do proxecto de voluntariado dixital como medio de acadar as opinións e experiencias dos seus homólogos europeos para a mellora do deseño e implementación das políticas neste ámbito.

Os seminarios Peer Review ou avaliacións por pares son unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea para difundir entre os países membros iniciativas e proxectos de interese en determinados ámbitos para fomentar a aprendizaxe e o intercambio de información a través da avaliación e a análise crítica por parte de expertos nesa materia. Este método supón que o Estado membro, cuxa iniciativa resultou elixida, organiza un seminario no seu territorio ao que convida a representantes doutros países.

Neste caso, enviouse un documento explicativo do programa VOLDIX e foi analizado pola experta Ellen J. Hels-

per, da London School of Economics and Political Science, a cal preparou un documento de discusión que foi analizado no seminario. LSE, pertencente á Universidade de Londres. Está recoñecida como unha das mellores universidades do mundo en ciencias sociais.

Trátase dunha iniciativa que ten como obxectivo fomentar a aprendizaxe mutua entre países a través da difusión de boas prácticas.

Durante a xornada presentáronse 5 experiencias de boas prácticas de inclusión dixital en Galicia desenvolvidas dentro do programa.

O seminario contou coa participación dunha representante da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea, Emanuela Tassa; de Clara Centeo, do Join Research Centre da Comisión Europea, quen falou do proxecto “Innovación Social mediante o uso das TIC para a implantación do Paquete de Inversión Social (SIP) da Comisión Europea; e de David Sinclair, da Plataforma Europe AGE (Plataforma Europea IDA-DE), que abordou a exclusión dixital e persoas maiores desde unha perspectiva europea comparada.

O evento contou coa participación de representantes de 10 entidades de 7 países europeos: Bélxica, República Checa, Polonia, Romanía, Suecia, Reino Unido e Portugal.

Programa de intercambio xuvenil internacional REAJ

Un programa de intercambios xuvenís impulsado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Rede española de albergues xuvenís e a Asociación de Inglaterra e Gales de albergues xuvenís. Mediante o desenvolvemento deste programa, quíxose dar aos mozo/as socio/as da Rede española de albergues xuvenís unha oportunidade única de experimentar, vivir e colaborar nos albergues doutro país co obxectivo de mellorar os seus coñecementos nun ambiente internacional.

O obxectivo principal do programa foi potenciar o desenvolvemento profesional dos mozos/as, facilitándolles así a súa formación nas distintas actividades que se realizaron nas instalacións dos albergues. Así mesmo, adquiriron un coñecemento intercultural durante a súa estancia no país de acoillida, impulsando a aprendizaxe de idiomas, o respecto por outras culturas e formas de vida, e a súa influencia nas distintas ramas profesionais. O programa foi dirixido a mozos e mozas de 18 a 30 anos, que reuniron as seguintes características:

- Ter inqedanzas profesionais, especialmente no mundo do alberguismo.
- Ser voluntario/a dalgunha entidade de acción voluntaria, ou ter colaborado con algunha nalgún momento anterior
- Posuír o carné de alberguista en vigor durante o desenvolvemento do programa.
- Ter un coñecemento fluído do idioma principal do país de destino (nivel mínimo esixido de inglés: B1).

Programa de Voluntariado nos espazos xove da Rede galega de centros xuvenís

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxo en marcha un programa de voluntariado nos Espazos xove da Rede galega de centros xuvenís para persoas de entre 18 e 35 anos. Con este programa preténdese fomentar a participación e solidariedade da poboación xuvenil entre iguais, adquirir unha formación non formal no ámbito das actividades formativas e lúdicas que se realizan nos Espazos Xove e servir de plataforma para o desenvolvemento dunha xuventude dinámica, participativa, solidaria e comprometida.

- ▶ **Anotáronse un total de 59 mozos nos distintos Espazo xoves.**

Programa de voluntariado para persoas con alzhéimer

No Ano Galego do Alzhéimer, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Secretaría Xeral de Política Social puxeron en marcha esta iniciativa co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas que padecen a enfermidade de alzhéimer e das súas familias e cuidadores.

Este programa xurdiu coa idea de fomentar que os cidadáns teñan un maior coñecemento e solidariedade cara as persoas que padecen esta demencia e contribúan a garantir unha vida digna a estes enfermos, na súa maioría persoas maiores.

O apoio de persoas voluntarias na atención dos enfermos de alzhéimer permítelles gozar da compañía doutras persoas e axúdalles a mellorar o seu estado de ánimo. Para as familias e persoas cuidadoras tamén é unha axuda de gran valor.

As persoas voluntarias realizan nestes centros fundamentalmente funcións de acompañamento e e están dirixidas por un profesional ou responsable do centro. Ademais, contribúen a que os usuarios participen nas diversas actividades que se desenvolven no centro, apoien os maiores na súa mobilidade, lles axuden a realizar as actividades da súa vida cotiá e a ocupar o seu tempo libre.

Os centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar onde prestan accións de voluntariado con este colectivo son os seguintes:

- Centros de día de Alzhéimer de A Coruña: A Coruña, Ferrol (AFAL), Ribeira (AGADEA), Santiago de Compostela (AGADEA) e Volta do Castro
- Centros de día de Alzhéimer de Lugo: Burela, Lugo (AFALU) e Celeiro (Viveiro)
- Centros de día de Alzhéimer de Pontevedra: Lalín (Geriatros), Moaña e Vigo
- Residencias de Maiores da Coruña: Laraxe (Cabanas),

Concepción Arenal, Torrente Ballester, Caranza (Ferrol), Oleiros, Ribeira, Volta do Castro (Santiago de Compostela) e Fundación José Otero-Carmela Martínez (Santiago de Compostela)

- Residencias de Maiores de Lugo: Castro Riberas do Lea (Castro de Rei), Centro Asimédica Virgen de la Luz (Monforte), Asimédica de Monforte, As Gándaras (Lugo) e Quiroga
- Residencias de Maiores de Ourense: Bande, Nosa Señora dos Miragres (Barbadás) e Larouco
- Residencias de Maiores de Pontevedra: Meixoeiro (Vigo) e Monte Arieiro (Vigo)
- Asociacións de familiares de enfermos de Alzhéimer: AFAOR (Ourense), AFAGA (Vigo), AFAL e AFAMO

▶ **En total, anotáronse ao programa 183 voluntarios.**

Voluntariado Cultural: voluntariado nas bibliotecas nodais de Galicia

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, puxeron en marcha esta iniciativa co obxectivo de responder a unha demanda social e incorporar voluntarios/as á rede de biblioteca nodais de Galicia.

A pretensión deste programa foi que as bibliotecas nodais puidesen prestar con máis eficacia a súa función de formar, de informar, e de permitir o acceso á cultura e ao lecer dos cidadáns, en igualdade de oportunidades e por medio de procesos áxiles e innovadores capaces de brindar servizos de calidade que se acomodasen ás necesidades dos usuarios e da comunidade a que serven.

Os voluntarios realizaron fundamentalmente as seguintes tarefas:

- Apoio á difusión e promoción das bibliotecas públicas
- Apoio na formación en competencias informacionais

- Apoio na posta en práctica de proxectos e animación lectora e sociocultural
 - Apoio na realización de actividades culturais ou artísticas
 - Apoio á aprendizaxe doutras linguas
- ▶ **Anotáronse ata o momento:**
- 81 voluntarios na Biblioteca Pública de Santiago Anxel Casal
 - 58 voluntarios na Biblioteca Nodal da Coruña
 - 43 voluntarios na Biblioteca Nodal de Lugo
 - 30 voluntarios na Biblioteca Nodal de Ourense
 - 34 voluntarios na Biblioteca Nodal de Pontevedra
 - 34 voluntarios na Biblioteca Nodal de Vigo.

Xuntos, e voluntarios no nadal

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado colaborou, por primeira vez, coa Secretaría Xeral de Política Social no programa “Xuntos polo Nadal” que organizou esta última.

O programa permitiu a todo aquel que así o desexase acudir ás residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño para realizar labores de voluntariado coas persoas maiores que ata alí se desprazaron para pasar as datas do Nadal.

Os voluntarios/as (7 en Panxón e 2 no Carballiño) proporcionaron apoio e acompañamento aos maiores e colaboración na organización das actividades lúdicas que tiveron lugar en ambas residencias do 23 de decembro de 2014 ao 2 de xaneiro de 2015.

Programa de Bibliotecas Escolares Solidarias

O 5 de decembro de 2014, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos inicia un novo programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, integrado no

PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As accións incluídas neste programa, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, van destinadas aos centros públicos, de nivel non universitario e de titularidade da consellería, para o curso 2014/2015. O Plan LÍA de Bibliotecas Escolares contempla entre os seus obxectivos o de “incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención da diversidade, e unha máis óptima atención á multiculturalidade, ás necesidades educativas específicas e ao plurilingüismo”, así como o de “estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa”. Unha das liñas estratéxicas deste plan é a de “acadar maiores cotas de implicación das familias na formación dos novos lectores”.

Por outra parte, unha das funcións da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo á disposición de todo o alumnado, independentemente da súa situación socioeconómica, todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información, competencias claves na actual sociedade da información.

Con este fin créase o programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS dentro do cal se engloban unha serie de iniciativas tales como:

1 Concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”

A finalidade desta iniciativa é a de recoñecer a bibliotecas nas que se traballa de forma salientable a compensación de desigualdades. Foméntase así o voluntariado cultural entre os integrantes da comunidade escolar.

As características específicas son:

- Convocatoria específica por curso escolar.

- Presentación de memorias por parte dos centros interesados.
- Concesión dos selos (15 por curso escolar).

2 Voluntariado na biblioteca Escolar

Neste caso a finalidade é o recoñecemento de horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de certificado ou diploma acreditativo do traballo realizado.

As características son:

- Destinado a alumnado de ESO, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial.
- As bibliotecas escolares deberán adherirse ao programa, no momento que se estipule e levar rexistro das actividades do alumnado.

Adheríronse a esta iniciativa 20 centros.

3.- Voluntariado de Lectura-A

A finalidade é estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura, entre o alumnado de 5º e 6º de primaria.

O total de centros inscritos é de 45, coa seguinte distribución: A Coruña 15, Lugo 6, Ourense 3 e Pontevedra 21 centros.

Tapóns para unha nova vida

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado colabora coa Fundación Seur no proxecto "Tapóns para unha nova vida". Para iso colocou en diversos lugares adscritos á propia Dirección Xeral puntos de recollida de tapóns de plástico.

O obxectivo do proxecto é axudar a nenos sen recursos a acceder a un tratamento médico ou a aparatos ortopédicos non regulados no sistema sanitario co fin de mellorar a súa calidade de vida e sensibilizar a toda a sociedade sobre a necesidade de comprometerse con causas so-

ciais e ambientais, mediante un sinxelo xesto como é a recollida de tapóns de plástico.

6.2.6.3 Programas en colaboración con outras entidades

Programa de voluntariado para o acompañamento hospitalario a menores

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, puxeron en marcha un novo programa de acompañamento hospitalario a menores baixo a garda ou tutela da Xunta de Galicia.

O obxecto deste programa foi o de acompañamento hospitalario a menores que estean baixo a garda ou tutela da Xunta de Galicia. Esta función non implica a asunción da responsabilidade da garda dos menores, que seguirá correspondendo á familia ou centro que a teña outorgada.

- ▶ [Anotáronse un total de 97 voluntarios.](#)

Voluntariado con nenos e nenas con diversidade funcional

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos puxeron en marcha un programa de voluntariado para apoio a todas as persoas con diversidade funcional que participan nas actividades da asociación.

- ▶ [Adheríronse a esta iniciativa 11 voluntarios.](#)

"Gran recollida de alimentos"

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado colaborou unha vez mais co Banco de Alimentos Rías Altas na "Gran recollida de alimentos" que tivo lugar os días 28 e 29 de novembro de 2014.

Nesta ocasión, a dirección xeral ocupouse novamente

de dar publicidade ao programa a través do portal www.voluntariadogalego.org colgando a información na páxina principal e enviándoa a través dun boletín a todas as entidades, concellos e voluntarios rexistrados no portal, creando un formulario de inscrición para que as persoas interesadas se puidesen anotar. Tamén asumiu o seguro de accidentes e de responsabilidade civil dos voluntarios.

Na “Gran Recollida de Alimentos”, organizada pola Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), participaron os 55 bancos de alimentos que a integran.

- ▶ [Anotáronse un total de 29 voluntarios.](#)

Colaboreuse na formación e xestión dos voluntarios nos programas de:

▶ **COGAMI**

Programas: “Mentorado”, “Acompáñote”, “Visibles”, “Medrando na rede”, “Voluntariado” e “Voluntariado senior”

▶ **EAPN GALICIA**

Programa de voluntariado en rede contra a pobreza e a exclusión social, III Foro na pobreza e exclusión social, terceiro sector e voluntariado e Programa e exclusión social e loita contra a pobreza dende o voluntariado

▶ **ALUCEM**

Programa de voluntariado de ALUCEM

▶ **AUXILIA LUGO**

Promoción do voluntariado nas redes

▶ **AFAMON**

Programa de estimulación cognitiva e psicomotriz

▶ **ALCER**

Programa de persoas con enfermidade renal crónica

▶ **ALUME**

Programa “Téndenos unha man”

▶ **ASPNAIS**

Programa “O rincón do voluntariado”

▶ **ASOCIACIÓN DOWN**

Programa “Voluntariado de acompañamento para persoas con síndrome de Down”

▶ **FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG)**

Programa “Acompañamento a persoas xordo-cegas”

Voluntariado dende dentro

A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración coa Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) e os centros penitenciarios de Galicia, puxeron en marcha un programa para crear unha bolsa de voluntarios formada por persoas que cumpren condena.

Esta iniciativa, que levou por nome “Voluntariado desde dentro”, enmárcase dentro dos obxectivos do Plan galego de acción voluntaria 2011-2014, que xurdiu do diálogo e o consenso con todas as entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria.

A finalidade última do programa foi conseguir unha bolsa de 40 persoas voluntarias e 20 entidades colaboradoras nas que estas persoas poidan colaborar.

Para levar a cabo este programa, APES encargouse de realizar o contacto cos centros penitenciarios e facer unha selección entre os reclusos interesados en colaborar como voluntarios.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ocupouse de promover o programa entre as entidades sen ánimo de lucro, e de formar os posibles candidatos, así como de asumir o seguro de accidentes

e de responsabilidade civil dos voluntarios. Tamén se encargou de xestionar as solicitudes das seis entidades que decidiron contar con algún destes participantes e de inscribir a estes últimos no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, para que as accións voluntarias que realicen poidan ser certificadas e incorporadas ao seu currículo.

Procedeuse á selección dos potenciais participantes e á súa formación en voluntariado, na que participaron, de xeito presencial, 90 reclusos nos 5 cursos que tiveron lugar nos centros penitenciarios de Teixeiro (A Coruña), Monterroso (Lugo) e Pereiro de Aguiar (Ourense), así como nos centros de inserción social (CIS) de Vigo e A Coruña.

Acto de celebración do Día Internacional do Voluntariado

Con motivo da conmemoración do Día Internacional do Voluntariado, o director xeral de Xuventude e Voluntariado mantivo un encontro a través de vídeo conferencia con estudantes e profesores dalgúns dos centros pertencentes á Rede de centros escolares solidarios participantes no deseño e execución das actividades de visibilización da acción voluntaria que se desenvolveron de forma simultánea en varias localidades galegas.

No encontro virtual os alumnos e alumnas participantes amosaron as pulseiras solidarias que se venderon con finalidade solidaria na Coruña, Santiago de Compostela, Viana do Bolo e Mugardos, dun total de catorce concellos galegos pertencentes a través dos seus respectivos centros de estudo na RCES. Falouse tamén dos espazos onde se vai levar a cabo a venda das pulseiras, que representan as cores da imaxe corporativa da Rede, e doutra acción complementaria que se vai levar a cabo na actualidade: as apertas solidarias.

6.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

galicia



XUNTA DE GALICIA